




PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA



HANSA CONSULTORÍA Y
FORMACIÓN, SL



Universidade de Vigo
Equipo G4plus de Análise, Diagnóstico e
Deseño Estratéxico



Febreiro 2011

EQUIPO TÉCNICO HANSA - UNIVERSIDADE DE VIGO

Dirección e coordinación

Pedro Figueroa Dorrego (Director)
Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais
Miguel González Loureiro (Coordinador)
Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais
Antonio Monteagudo Cabaleiro (Coordinación Técnica do proxecto)
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas

Equipo Técnico

Ana Otero Lima
Graduada en Dirección e Xestión Pública
Daniel Gallego Ortigueira
Graduado en Dirección e Xestión Pública
Jose Ángel Tellería Couñago
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas
Alba Valdés Rodríguez
Licenciada en Administración e Dirección de Empresas
Cristina Otero Alonso
Diplomatura en Ciencias Empresariais
Margarita Villaverde Lorenzo
Graduada en Dirección e Xestión Pública
Rocío Rodríguez Conchouso
Diplomada en Ciencias Empresariais

Asesor científico técnico

Jorge González Gurriarán
Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Ricardo García-Borregón Millán
Director Xeral de Conservación da Natureza
Rogelio Fernández Díaz
Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade

ÍNDICE

1.- CAPÍTULO 1.- OBXECTIVO, METODOLOXÍA E ESTRUCTURA DO PROXECTO.	9
1.1.- OBXECTIVOS E ALCANCE DO PROXECTO.	9
1.2.- MODELO CONCEPTUAL, METODOLOXÍA E FASES DO PROCESO.	13
1.3.- ENTREVISTAS, MESAS E PANEIS DE EXPERTOS.	17
1.4.- ESTRUCTURA E CONTIDOS DO INFORME FINAL.	29
2.- CAPÍTULO 2.- MARCO SOCIOECONÓMICO E NORMATIVO.	31
2.1.- ESPAZOS NATURAIS: EVOLUCIÓN, SITUACIÓN ACTUAL E TENDENCIAS.	33
2.2.- MARCO LEXISLATIVO: PERSPECTIVA DO DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO.	44
2.2.1.- <i>Principios inspiradores que fan referencia ós aproveitamentos socioeconómicos.</i>	45
2.2.2.- <i>Planificación legal dos Espazos Naturais Protexidos.</i>	48
2.2.3.- <i>Desenvolvemento socioeconómico. Limitacións de usos e relacións cos propietarios.</i>	52
2.3.- ALGUNHAS EXPERIENCIAS DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO SOSTIBLE NO CONTEXTO ESPAÑOL.	55
2.3.1.- <i>Agricultura e gandería sostible.</i>	56
2.3.2.- <i>Xacementos de emprego ecolóxico: Emprego Verde.</i>	58
2.3.3.- <i>Turismo Sostible.</i>	60
2.3.4.- <i>Algunhas experiencias de desenvolvemento sostible nas Comunidades Autónomas.</i>	63
2.3.5.- <i>Algunhas experiencias de desenvolvemento sostible en Galicia.</i>	69
2.4.- TENDENCIAS SOCIOCULTURAIS SOBRE O MEDIO NATURAL.	72
2.5.- TENDENCIAS SOCIOECONÓMICAS.	81
2.5.1.- <i>Territorio e Poboación.</i>	81
2.5.2.- <i>Renda e Gasto dos fogares galegos.</i>	86
2.5.3.- <i>Sistema Empresarial.</i>	87
2.5.4.- <i>Emprego.</i>	94
2.5.5.- <i>Servizos Públicos.</i>	97
3.- CAPÍTULO 3.- ANÁLISE DOS PARQUES DE GALICIA E AS SÚAS ÁREAS DE INFLUENCIA.	99
3.1.- PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS PARQUES DE GALICIA.	101
3.2.- PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.	113
3.2.1.- <i>Caracterización e análise do territorio e poboación das áreas de influencia dos Parques.</i>	113
3.2.2.- <i>Caracterización e análise do sistema empresarial das áreas de influencia.</i>	127
3.2.3.- <i>Caracterización e análise dos servizos públicos das áreas de influencia dos Parques.</i>	166
3.3.- PARQUES DE GALICIA E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO: VISIÓN DOS AXENTES RELACIONADOS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.	173
3.3.1.- <i>Ámbito público e infraestruturas.</i>	173
3.3.2.- <i>Ámbito social e económico-empresarial.</i>	176
3.3.3.- <i>Ámbito do Parque Natural e da súa vinculación coa Área de Influencia</i>	182
3.3.4.- <i>Aspectos do ámbito de investigación e desenvolvemento.</i>	186
3.4.- CAPACIDADE E GRAO DE ACTRATIVO DAS ACTIVIDADES PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NAS ÁREAS DE INFLUENCIA.	189
3.4.1.- <i>Atractivo e capacidade de desenvolvemento de actividades socioeconómicas.</i>	190
3.4.2.- <i>Importancia das actividades a desenvolver ou impulsar polos Parques.</i>	204
3.5.- ALGUNHAS IDEAS DE ACTUACIÓNS REALIZADAS POLOS AXENTES RELACIONADOS PROPOSTAS NAS ENTREVISTAS E AS MESAS DE EXPERTOS.	205
3.5.1.- <i>Ideas no ámbito público e infraestruturas.</i>	206
3.5.2.- <i>Ideas no ámbito económico – empresarial.</i>	207
3.5.3.- <i>Ideas no ámbito de I+D+i.</i>	210
3.5.4.- <i>Ideas no ámbito dos Parques de Galicia.</i>	211

4.- CAPÍTULO 4.- DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO E FACTORES CLAVE PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA.	215
4.1.- METODOLOXÍA E ESTRUCTURA DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO E DA IDENTIFICACIÓN DOS FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO ESTRATÉGICO.	215
4.2.- DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO.	219
4.2.1.- <i>Análise externa das áreas de influencia dos Parques de Galicia</i>	221
4.2.1.1.- Universo Público como entorno das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	221
4.2.1.2.- Entorno sociocultural das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	225
4.2.1.3.- Entorno económico – empresarial das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	227
4.2.2.- <i>Análise interna das áreas de influencia dos Parques de Galicia</i>	228
4.2.2.1.- Ámbito público, infraestruturas e outros equipamentos das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	228
4.2.2.2.- Ámbito sociocultural das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	230
4.2.2.3.- Ámbito empresarial das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	231
4.2.2.4.- Os Parques de Galicia como axentes de dinamización das áreas de influencia.	233
4.3.- FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO DO PLAN DIRECTOR DENDE UN ENFOQUE DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES DE GALICIA.	237
4.3.1.- <i>Universo público e legislativo con incidencia nas áreas de influencia</i>	239
4.3.2.- <i>Ámbito das infraestruturas e equipamentos das áreas de influencia</i>	240
4.3.3.- <i>Ámbito do desenvolvemento sociocultural das áreas de influencia</i>	241
4.3.4.- <i>Ámbito do desenvolvemento empresarial das áreas de influencia</i>	242
4.3.5.- <i>Ámbito dos parques como axentes de dinamización</i>	243
4.4.- PRIORIZACIÓN DOS FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO.	245
4.4.1.- <i>Valoración do grado de importancia dos Factores Clave para o Deseño</i>	246
4.4.2.- <i>Principais comentarios dos Factores Clave por áreas de influencia</i>	253
5.- CAPÍTULO 5.- DESEÑO ESTRATÉGICO: PROGRAMAS DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES DE GALICIA.	257
5.1.- METODOLOXÍA PARA O DESEÑO DE PROGRAMAS DE ACTUACIÓN.	259
5.2.- PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS DO PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA.	261
5.2.1.- <i>E.1. Valorización dos recursos naturais e culturais para a potenciación da identidade territorial</i>	265
P.1. Desenvolvemento da investigación e a sensibilización para un maior coñecemento sobre os recursos naturais e culturais do territorio.	266
P.2. Dinamización da participación e cooperación para a posta en valor do patrimonio natural e cultural.	268
5.2.2.- <i>E.2. Emprendemento e innovación empresarial para a xeración de emprego e un desenvolvemento sostible</i>	271
P.3. Impulso ó emprendemento e á formación para a diversificación competitiva das actividades empresariais e a xeración de emprego.	272
P.4. Innovación e modernización para o desenvolvemento das actividades empresariais de produción e transformación e a xeración de máis valor engadido no territorio.	274
P.5. Potenciación do turismo, o comercio e actividades relacionadas, para a valorización dos produtos e os recursos do territorio.	276
5.2.3.- <i>E.3. Gobernanza e apoio institucional para a coordinación e optimización dos recursos públicos</i>	279
P.6. Impulso da coordinación institucional para a integración das políticas sectoriais e a mellora do financiamento público con criterios de eficiencia e sostibilidade.	280

P.7.	Mellora na dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos públicos para potenciar o atractivo dos Parques e as súas áreas de influencia.	282
P.8.	Desenvolvemento coordinado e integrado da comunicación para unha maior dispoñibilidade e calidade da información sobre os recursos e capacidades dos Parques e as súas áreas de influencia.	284
6.-	ANEXOS.	287
6.1.-	RELACIÓN DE CONCELLOS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA CONSIDERADOS EN CADA PARQUE.	289
6.2.-	LISTADOS DE AXENTES CONSULTADOS A TRAVÉS DE ENTREVISTAS.	290
6.2.1.-	<i>Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.</i>	<i>290</i>
6.2.2.-	<i>Parque Natural Monte Aloia.</i>	<i>292</i>
6.2.3.-	<i>Parque Natural Fragas do Eume.</i>	<i>293</i>
6.2.4.-	<i>Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.</i>	<i>295</i>
6.2.5.-	<i>Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.</i>	<i>298</i>
6.2.6.-	<i>Parque Natural Invernadeiro.</i>	<i>298</i>
6.2.7.-	<i>Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés.</i>	<i>299</i>
6.3.-	LISTADO DE EXPERTOS PARTICIPANTES NAS MESAS E OS PANEIS DE EXPERTOS.	302
6.3.1.-	<i>Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.</i>	<i>302</i>
6.3.2.-	<i>Parque Natural Monte Aloia.</i>	<i>304</i>
6.3.3.-	<i>Parque Natural Fragas do Eume.</i>	<i>306</i>
6.3.4.-	<i>Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.</i>	<i>308</i>
6.3.5.-	<i>Parques Naturais Serra da Enciña da Lastra e Invernadeiro.</i>	<i>310</i>
6.3.6.-	<i>Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés.</i>	<i>312</i>
6.4.-	RELACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS SELECCIONADAS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.	314
6.5.-	ALGUNHAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS MÁIS RELEVANTES.	322
6.5.1.-	<i>Libros, revistas, monografías e outros.</i>	<i>322</i>
6.5.2.-	<i>Fontes de información electrónicas.</i>	<i>333</i>

**PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS
ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA**

**CAPÍTULO 1.
OBJECTIVO,
METODOLOXÍA E
ESTRUTURA DO
PROXECTO.**

ÍNDICE DE CONTIDO

1.1.-	OBJECTIVOS E ALCANCE DO PROXECTO.	9
1.2.-	MODELO CONCEPTUAL, METODOLOXÍA E FASES DO PROCESO.	13
1.3.-	ENTREVISTAS, MESAS E PANEL DE EXPERTOS.	17
1.4.-	ESTRUTURA E CONTIDOS DO INFORME FINAL.	29

1.- CAPÍTULO 1.- OBXECTIVO, METODOLOXÍA E ESTRUCTURA DO PROXECTO.

1.1.- OBXECTIVOS E ALCANCE DO PROXECTO.

Existen relevantes necesidades que xustifican a realización dun **Plan Estratéxico Director para a Optimización Socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia**. Entre elas, pódense destacar as seguintes cuestións:

- Os importantes **recursos naturais** en Galicia, vinculados ás diversas figuras de protección de Espazos Naturais previstos na lexislación (Parques Naturais/Nacionais, Monumentos Naturais, Humedais Protexidos, Paisaxes Protexidos, Zonas de Especial Protección de Valores Naturais, LIC, Zonas de Especial Protección de Aves, zonas Ramsar, Reservas da Biosfera,...).
- A existencia de **instrumentos de planificación** dos Espazos Naturais Protexidos na Lei de Conservación da Natureza (Lei 9/2001), con especial referencia aos Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX).
- A progresiva **conciencia e sensibilidade social** polo medio ambiente, en especial polos ecosistemas terrestres e mariños, e a súa incidencia na calidade de vida e no desenvolvemento sostible.
- A incidencia dos **acordos e normativa** medio ambiental a nivel internacional (Kioto) e das directivas da UE (92/43/CEE do Consello de 21 de Maio de 1992) e a súa repercusión a nivel estatal e autonómico.
- A necesidade de vincular e **implicar a sociedade e ó sistema empresarial**, en maior medida, no desenvolvemento territorial sostible e equilibrado, respondendo ós desafíos ecolóxicos e sociais que demandan un uso produtivo, compatible co uso social e ambiental.
- A necesidade de vincular, articular e coordinar a actuación das Administracións Públicas en temas ambientais, con especial atención a **algunhas actividades empresariais do territorio**, tales como agroalimentaria, turismo, transporte, sendeirismo, pesca, entre outras.

- O importante impacto da imaxe do medio ambiente de Galicia **sobre as actividades empresariais**, sendo valorada Galicia especialmente pola calidade dos seus recursos naturais.
- A constatación de que a **valoración socioeconómica dun espazo natural** está directamente relacionada co seu nivel de conservación, o cal está a súa vez directamente relacionado co uso económico, social e ambientalmente responsable de dito espazo (“os espazos mellor conservados son aqueles que ofrecen maiores posibilidades para un uso social ou económico”).
- A constatación de que os visitantes de espazos naturais teñen unha maior predisposición a pagar pola súa conservación canto mellor é a oferta de actividades relacionadas co espazo, incidindo positivamente na súa **valoración socioeconómica**.

Polo tanto, neste marco evidénciase a necesidade de desenvolver un proceso de carácter estratéxico que obteña un Plan de Actuacións para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia.

Os obxectivos do **Plan Estratéxico Director para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia** son os recollidos na Figura 1, A principal misión é a de **favorecer a xeración de valor e riqueza nas áreas de influencia dos Parques de Galicia**, mediante unha **combinación equilibrada e compatible dos usos sociais, ambientais e empresariais**. É dicir, converter estas áreas en espazos máis atractivos tanto para os residentes como para os potenciais visitantes, a partir da **posta en valor dos recursos naturais e culturais**, especialmente, dos ecosistemas dos Parques como recursos endógeno para o desenvolvemento das súas áreas de influencia.


Figura 1
Obxectivos do Proxecto.

- Dotar á Xunta de Galicia dun **marco estratéxico que, a través da coordinación das políticas e a optimización dos recursos públicos**, propicie a conservación da biodiversidade e a paisaxe e faciliten o desenvolvemento sostible das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia.
- Impulsar a **obtención** dun conxunto de **propostas estratéxicas** para converter estas áreas en espazos de **excelencia en desenvolvemento sostible**.
- Apoiar a **participación e implicación de todos os axentes públicos e privados**, a través dun **proceso estratéxico** para optimizar a posta en valor (social, económico e ambiental) das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia, favorecendo a **xeración de máis riqueza e emprego en ditas áreas**.

Fonte: Elaboración propia.

En referencia ó **alcance do proxecto**, os espazos contemplados na elaboración deste Plan Estratégico Director son os que se poden observar na Figura 2, abarcando o estudo ás áreas de influencia dos citados espazos. Neste senso, **entenderase como “área de influencia” o territorio delimitado polos concellos nos que se atopan os Parques Naturais.**

Figura 2
Alcance do Proxecto.




Fonte: Elaboración propia.

En consecuencia, este plan abrangue **18 concellos** dos 316 que conforman a Comunidade Autónoma de Galicia, **ocupando un territorio de máis de 1.700 km²**, o que supón o 3% da superficie total de Galicia e **nos que residen 430.789 persoas**, é dicir, o 15% da poboación Galega.

1.2.- MODELO CONCEPTUAL, METODOLOXÍA E FASES DO PROCESO.

O **modelo conceptual aplicado**, baséase na integración entre Parque e área de influencia, máis en concreto na valorización do Parque como recurso endógeno para o desenvolvemento socioeconómico da área de influencia (ver Figura 3).

Figura 3
Modelo Conceptual do Proxecto.



Fonte: Elaboración propia.

O **Sistema Público** recóllese a través de dúas vertentes. A primeira delas fai referencia ás diferentes consellerías que deben implicarse para acadar o desenvolvemento sostible das áreas de influencia dos Parques de Galicia e a segunda, reflexa os aspectos internos dos parques, para a xestión eficaz dos recursos destes espazos. Ambas vertentes, deben estar presentes e velar pola xestión e uso sostible dos recursos en aras de converter estes territorios en espazos de excelencia en desenvolvemento sostible.


Tamén se contempla o **Sistema Empresarial** pola súa capacidade de xerar riqueza e emprego, con especial atención a aquelas actividades presentes nas áreas de influencia dos Parques de Galicia con potencialidade para crecer ó abeiro do desenvolvemento sostible e da protección do medio, isto é, o uso responsable dos recursos naturais de forma continuada no tempo.

O **Sistema Social** contéplase no marco deste Plan Estratégico Director dada a importancia que para a sociedade actual representa o uso destes espazos como lugar de ocio ou para a realización de actividades lúdico formativas. Este uso social repercute directamente sobre a conservación dos ecosistemas, polo que debe supeditarse ó mantemento e conservación do medio natural.

Por último, en canto ó **sistema de I+D+i**, este contribúe a xeración e intercambio de coñecemento útil para o desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques de Galicia, baseado na sostibilidade e na innovación constante das técnicas e procesos empregados polos tres sistemas mencionados.

As **ferramentas metodolóxicas** que se empregaron no presente *Plan Estratégico Director para a Optimización Socioeconómica das áreas de Influencia dos Parques Naturais de Galicia*, tratan de potenciar a **dinamización, participación e implicación** dos distintos axentes, no proceso estratéxico de análise, diagnóstico e deseño, tal como se ilustra na Figura 4. Realizouse **unha análise documental** optimizando todos os traballos relacionados e en curso, e **135 entrevistas a expertos** e axentes socioeconómicos para analizar a situación actual e expectativas dos Parques Naturais e obter ideas de propostas de actuación.

Figura 4
Ferramentas metodolóxicas do proxecto.



Fonte: Elaboración propia.

Participaron **119 axentes** seleccionados na realización **das seis Mesas de Expertos para a Análise**, onde se detectaron e valoraron aspectos da análise estratéxica relevantes. Tras estas mesas elaborouse un diagnóstico, identificando 46 Factores Clave para o Deseño que foron priorizados por un **Panel de Expertos** (71,43% de taxa de resposta) conformado por todos os axentes que participaron nas mesas, co obxectivo de definir os Programas e as Actuacións Estratéxicas que conformaron o Plan Director aquí proposto.

Como ferramenta metodolóxica, no caso do Sistema Empresarial, aplicárase o concepto de **cadeas de actividades empresariais**, contemplando aquelas máis relacionadas, como poden ser, a cadea de medio ambiente e a cadea de turismo, entre outras. Os axentes dos distintos ámbitos relacionados que foron considerados para a súa participación en entrevistas, mesas e paneis son os representados na Figura 5.

Figura 5
Axentes/Expertos dos distintos ámbitos.

<u>Sistema Público</u>	<u>Sistema Empresarial</u>	<u>Sistema Social</u>	<u>Sistema de I+D+i</u>
• Consellería de Medio Rural. D.X. de Conservación da Natureza • Outras consellerías relacionadas • Directores de Parques Naturais • Xuntas consultivas dos Parques de Galicia • Concellos relacionados • Entidades de apoio: BIC Galicia, IGAPE... •	• Empresas que realizan as súas actividades nas áreas de influencia dos Parques de Galicia, ou nun entorno próximo, e que poden verse potenciadas ou afectadas pola presenza dos mesmos (hostalaría, actividades de ocio, sendeirismo, madeira e forestal, agromar – alimentario ou comercio entre outras) •	• Agrupacións de colectivos sociais presentes nas áreas de influencia dos Parques de Galicia (mulleres, veciños, xuvenís, comunidades de montes...) • Asociacións deportivas • Asociacións ambientalistas (ecoloxistas, naturalistas...) •	• Centros Tecnolóxicos relacionados: Laboratorios de Medio Ambiente de Galicia, CETMAR, Centro de control de calidade do medio mariño... • Institutos universitarios máis relacionados: xeoloxía, estudos mariños, medio ambiente, biodiversidade agraria e desenvolvemento rural • Centros e organismos de investigación aplicada: Centro Oceanográfico, Centro de Investigacións Agrarias ... • Centros de Empresa e Innovacións, servizos de apoio e outros: Axencias de Desenvolvemento Local, viveiros de empresas... •

Fonte: Elaboración propia.

O proceso estruturouse en catro grandes fases de desenvolvemento, seguindo un proceso de planificación estratéxica.

Na primeira fase de **Bases Conceptuais**, realizouse unha planificación xeral dos traballos que se ían realizar e aclarouse o detalle conceptual e metodolóxico que se empregou durante todo o proceso. Tamén neste primeiro momento elaborouse unha lista de axentes a consultar, ó mesmo tempo que se elaboraba unha bibliografía de referencia baseada nunha primeira busca de fontes documentais. Este contido foi resumido no **Documento de Bases Conceptuais**.

Na fase de **Organización Xeral das Mesas de Expertos**, levouse a cabo o deseño do cuestionario que se empregou nas posteriores entrevistas a axentes relacionados, así como, a organización tanto das seis Mesas de Expertos como dos Paneis realizados. Ademais solicitáronse informes específicos para a análise do sistema normativo, e a comparativa de actividades empresariais que se están a desenvolver noutras zonas xeográficas. Este proceso organizativo, concretouse no **Documento de Detalle de Organización Xeral das Mesas e Paneis de Expertos**.


Na fase de **Análise Estratéxica**, tras a revisión documental e as entrevistas a axentes socioeconómicos, elaboráronse uns **Informes Previos para as Mesas de Análise**, empregados como documento de traballo das mesmas. Posteriormente á celebración das mesas, elaboráronse seis **Informes Resumo das Mesas de Análise** (un por cada unha das Mesas de Expertos celebradas). Do mesmo xeito, as principais conclusións da realización das entrevistas e da celebración das Mesas de expertos, recolléronse no **documento de Conclusións da Análise Estratéxica: Entrevistas e Mesas de Expertos**.

Toda a información recompilada nas fases anteriores, empregouse para a realización da **Diagnose Estratéxica**, e a través do **cruce dos aspectos internos e externos** identificáronse os **Factores Clave para o Deseño**. Todo este proceso quedou recollido no **documento de Diagnóstico: Estratéxico: Determinación e Valoración dos Factores Clave para o Deseño**.

O proceso finalizou coa fase de **Deseño Estratéxico**, onde en base á priorización dos Factores Clave obtida do Panel de Expertos, elaboráronse os Eixes Estratéxicos e as propostas de actuacións estratéxicas que foron validadas por un Panel de Expertos desta fase. Isto, foi o que deu lugar ó **documento de Eixes Estratéxicos, Programas e Actuacións Estratéxicas**, que constitúen o Plan Estratéxico Director para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia.

Todas as fases aquí expostas, finalizan coa elaboración deste **Informe Final**, que recolle o traballo realizado en todo o proceso comentado (ver Figura 6).

Figura 6
Fases do Proceso.



Fonte. Elaboración propia.

1.3.- ENTREVISTAS, MESAS E PANEIS DE EXPERTOS.

As principais **ferramentas metodolóxicas** que se empregaron ó longo do proceso estratéxico de elaboración do plan director foron as seguintes:

- Entrevistas a axentes relacionados das áreas de influencia.
- Mesas de Expertos para á análise.
- Paneis de Expertos.

Ferramentas que se explican a continuación en detalle.

ENTREVISTAS A EXPERTOS

Para complementar a información obtida da análise documental, programáronse unhas **entrevistas ós axentes relacionados que formaban parte das áreas de influencia dos Parques de Galicia**, cuxo principal obxectivo era obter unha visión xeral da situación socioeconómica das devanditas áreas e incluso do propio Parque e ideas de actuacións. Para a realización destas entrevistas, previamente procedeuse a elaboración dun cuestionario que serviría de base. Estamos a falar polo tanto dunhas **entrevistas semi-estruturadas**, nas que se abordaban os seguintes aspectos

- I. Ámbito Público e Infraestruturas
- II. Ámbito Empresarial
- III. Ideas e Propostas de Actividades Socio-económicas
- IV. Situación Actual do Parque
- V. Aspectos Relativos á Vinculación entre a Zona e o Parque Natural

Deste xeito, realizáronse un total de **135** entrevistas ós axentes socioeconómicos dos distintos ámbitos (empresarial, público e social) que conforman as áreas de influencia dos Parques de Galicia, distribuídas como se detalla na Táboa 1 (ver relación de entrevistados no Anexo).

Estas entrevistas foron realizadas durante os meses de agosto e setembro do ano 2010, sendo previamente concertadas por vía telefónica, en base ós listados de axentes representativos das áreas de influencia solicitados ás Administracións dos Parques. A estes axentes engadíronse aqueles outros detectados a través da Base de datos SABI, que pola súa **actividade poderían presentar unha maior vinculación** cos Parques de Galicia.


O lugar escollido para a realización das entrevistas foron as propias sedes das empresas, entidades públicas e asociacións obxecto da entrevista, supoñendo polo tanto un desprazamento as localidades que conforman as áreas de influencia dos Parques.

Táboa 1
Número e data das entrevistas realizadas por Parque.

Parque Natural	Entrevistados	Data
Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	18	11 de Agosto de 2010
Monte Aloia	12	28 de Xullo e 03 de Setembro de 2010
Fragas do Eume	22	04,05 de Agosto de 2010
Illas Atlánticas de Galicia	33	12, 25, 26, 30 de Agosto e 03 de Setembro de 2010
Serra da Enciña da Lastra	10	16 de Agosto de 2010
Invernadeiro	5	16 de Agosto de 2010
Xurés	35	17, 18, 19 de Agosto de 2010
TOTAL	135	

Nas entrevistas identificáronse e valoráronse os aspectos positivos e negativos da análise estratéxica externa e interna así como se identificaron ideas ou propostas de actividades empresariais relacionadas cos Parques Naturais con potencial para seren desenvolvidas. Posteriormente, realizáronse **7 informes de síntese das entrevistas** (Figura 7), agrupados por tipoloxía de axente (público, empresarial, social) establecidos nas áreas de influencia de cada Parque.

Figura 7
Proceso de elaboración dos Informes de Síntese das entrevistas por cada Parque.



Fonte: Elaboración propia.

MESAS DE EXPERTOS PARA A ANÁLISE


Unha vez realizadas as entrevistas, realizouse unha **selección de expertos a convocar**, principalmente aqueles que tiveran participado nas entrevistas, se ben se engadiron outros axentes de relevancia cos que non se puido concertar unha entrevista previa. Así, convidáronse a axentes/expertos do **ámbito público** (representantes da Dirección Xeral da Natureza, Concellos, Grupos de Desenvolvemento Rural, Grupos de Acción Costeira e Autoridades Portuarias entre outros), **axentes do ámbito empresarial** (asociacións empresariais, cámaras de comercio, confrarías, fundacións, entidades e empresas de diversa índole entre outros); **do ámbito social** (comunidades de montes, asociacións de veciños, asociacións culturais, asociacións ambientais e asociacións de propietarios entre outros); **e do ámbito de I+D** (plataformas/centros tecnolóxicos, Centros de investigacións científicas, investigadores das Universidades galegas), tratando de incluír unha representación de todos aqueles **axentes que teñen unha vinculación directa ou indirecta cos Parques e as súas áreas de influencia**.

De forma posterior, estableceuse un contacto telefónico cos axentes seleccionados para contrastar os seus datos de contacto, así como a dispoñibilidade previa para a asistencia á mesa na data establecida.

Previamente á realización da mesa, fíxoseche chegar ós axentes convidados os **Informes Previos para as Mesas de Análise**. As sínteses das entrevistas, xunto coa revisión documental existente en cada área, deron lugar **a seis Informes Previos** (un por cada unha das mesas levadas a cabo) (ver Figura 8). Nestes informes, unha vez explicados os obxectivos, e a estrutura do proxecto e da mesa de traballo, tratábanse **aspectos e algunhas propostas de actuacións** a desenvolver nas áreas de influencia de cada un dos Parques. Por outro lado, recollen algúns **datos socioeconómicos** da área de influencia de cada un dos parques, así coma datos referidos ós propios Parques (coas súas respectivas características e servizos), e por último, recollíanse os **resultados dunha serie de consultas** realizadas ós visitantes dos Parques de Galicia,

proporcionados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza de xeito que permitisen dinamizar a participación dos distintos axentes nas mesas.

Figura 8
Informes Previos para cada mesa de expertos.



Fonte:Elaboración propia.

A continuación levouse a cabo un seguimento telefónico sobre a recepción da devandita documentación e ó mesmo tempo confirmouse a asistencia dos axentes á sesión (ver no Anexo 6.3 a relación de participantes nas diferentes mesas).

O obxectivo fundamental da realización da mesa foi o de **obter información complementaria** á xa recompilada de fontes secundarias, e contrastar as principais ideas e propostas derivadas das entrevistas efectuadas ós diversos axentes na área de influencia do Parque Natural.


As seis mesas de análise desenvoltas foron as que se detallan na Táboa 2.

Táboa 2
Mesas de Expertos.

MESA	DATA	LUGAR	Nº DE PARTICIPANTES
PARQUE NATURAL COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN	Martes 21 de Setembro.	CIELGA NA PRAIA DO VILAR (RIVEIRA)	17
PARQUE NATURAL MONTE ALOIA	Venres 24 de Setembro.	HOTEL ALFONSO I DE TUI	21
PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME	Martes 28 de Setembro.	CENTRO DE VISITANTES DE PONTEDEUME	20
PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA	Venres 1 de Outubro.	MUSEO DO MAR DE VIGO	22
PARQUE NATURAL SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA E PARQUE NATURAL INVERNADEIRO	Martes 5 de Outubro.	CASA DA CULTURA (VIANA DO BOLO)	15
PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA – SERRA DO XURÉS	Mércores 6 de Outubro.	BALNEARIO DE LOBIOS	24
TOTAL DE PARTICIPANTES			119

A estrutura da sesión, tivo a secuencia reflectida na Figura 9 tendo unha duración aproximada de 3 horas. Para dar comezo á sesión procedeuse á propia presentación da mesa, definindo cales ían a ser os obxectivos principais da mesma, así como á realización dunha pequena síntese dos traballos desenvolto ata o momento.

Figura 9
Estrutura da mesa de expertos.



Fonte: Elaboración propia

Tras esa breve introdución inicial, tivo lugar unha primeira rolda de intervencións sobre os **aspectos xerais para a análise** das áreas de influencia dos Parques, na que se trataron aqueles aspectos relativos ós diferentes ámbitos que a integran: ámbito público e infraestruturas, ámbito empresarial, ámbito do propio parque, facendo tamén unha breve referencia ós aspectos relativos á vinculación da zona co Parque.

Na segunda parte da sesión, procedeuse a un debate de **ideas e potencialidades** para o desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia do Parque, tal e como se amosa na Figura 10.

Figura 10
Principais aspectos a tratar na Mesa de Expertos.



Fonte: Elaboración propia

Acto seguido, os expertos valoraron mediante un **cuestionario** (ver Figura 11) o **grao de atractivo das actividades** e a **capacidade de desenvolvemento** (potencialidade) das áreas de influencia para levalas a cabo, da mesma forma que facían propostas de outras ideas non especificadas ou recollidas nese cuestionario e que eles consideraban interesantes. Así mesmo, tamén valoraron a importancia dalgunhas actuacións a desenvolver ou impulsar polo parque obxecto da mesa.

Figura 11
Cuestionario de Grao de Atractivo e Capacidade de
Desenvolvemento de Actuacións nos distintos ámbitos.

CUESTIONARIO

Ámbitos

o grao de atractivo que considere que teñan as seguintes actividades/actuacións socioeconómicas da área de influencia do Parque Natural, sendo 5 as actividades/actuacións máis atractivas e 1 as actividades de menos atractivo.

Capacidade de desenvolvemento: Valore as potencialidades ou capacidades da zona para levar a cabo actividades que se presentan a continuación, sendo 5 as actividades que presenten maior potencialidade e 1 as que menos.

PÚBLICO E INFRAESTRUTURAS	Grao de Atractivo					Capacidade de desenvolvemento				
	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5
1. Promover e difundir experiencias de desenvolvemento sostible na área de influencia do parque.										
2. Escolas de formación profesional en agricultura, medio ambiente (escolas da natureza, granxas escola,...).										
3.										
4.										

EMPRESARIAL	Grao de Atractivo					Capacidade de desenvolvemento				
	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5
Agricultura, Gandería e os seus Transformados. Agricultura e gandería ecolóxica										
1. Gandería extensiva.										
2. Tendas en rede de agricultura ecolóxica.										
3. Agrupación de agricultores que cultiven en terreos produtivos do parque										
4. Potenciación de certas actividades agropecuarias (mel, leguminosas e aves de corral) producidas no propio Parque, tendo como característica fundamental a calidade.										
5. Establecemento de producións ecolóxicas máis competitivas, nas fincas abandonadas da periferia										
6.										
7.										

ENGADIR ACTUACIÓNS
Engadir nestes apartados aquelas actuacións non recollidas ou identificadas anteriormente

Grao de Atractivo

Capacidade de desenvolvemento (potencialidade)

GRAO DE ATRACTIVO
Valorar de 1 (menos atractivo) a 5 (mais atractivo) as actividades/actuacións para o desenvolvemento socioeconómico

CAPACIDADE DE DESENVOLVEMENTO
Valorar de 1 (menos potencialidade) a 5 (máis potencialidade) de desenvolvemento socioeconómico

Fonte: Elaboración propia.

Tras a celebración das Mesas de Expertos, elaboráronse **seis Informes Resumo das Mesas de Análise** (un por cada unha das Mesas celebradas). Estes informes recollían os principais comentarios dos axentes asistentes ás Mesas de Expertos, así como os resultados sintéticos dos Cuestionarios; e que posteriormente foron enviados a través de Correo Postal ós diferentes asistentes ás Mesas de Expertos.


PANEL DE EXPERTOS PARA A VALIDACIÓN DO DIAGNÓSTICO E A PRIORIZACIÓN DOS FACTORES CLAVE

Tras as seis mesas de Expertos para a análise, e xa na fase de **Diagnóstico Estratéxico**, desenvolveuse un Panel de Expertos formado por todos os axentes que participaron previamente nas Mesas de Expertos que se desenvolveron no proxecto (119). Estes expertos representaron ós diferentes ámbitos contemplados no proxecto (público, empresarial, social e I+D+i).

O obxectivo deste Panel, foi a **validación do Diagnóstico e a valoración do grao de importancia dos 46 Factores Clave para o Deseño** para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia. Con esta finalidade, envióuselles ós **119 expertos**, ben a través do correo electrónico (101 axentes) ou ben a través de correo postal (18 axentes), o documento de **Diagnóstico Estratéxico: Determinación e Valoración dos Factores Clave**.

O Diagnóstico Estratéxico que se presentaba no citado documento estaba estruturado conforme ós ámbitos que podemos observar na Figura 12, e abarcaba un conxunto de **40 debilidades**, **33 ameazas**, **36 fortalezas** e **34 oportunidades**. Neste senso, pedíuselle ós expertos que conformaban o Panel que validasen estes aspectos.

Figura 12
Estructura do Diagnóstico Estratéxico



Fonte: Elaboración propia.

Do **cruce dos aspectos externos e internos**, resultaron os **46 Factores Clave para o Deseño**, que tamén aparecían reflectidos no documento de Diagnóstico Estratéxico enviado ós expertos. Estes Factores Clave aparecían distribuídos en diferentes ámbitos temáticos, tal e como se pode comprobar na Figura 13.

Figura 13
Distribución dos Factores Clave para o Deseño



Fonte: Elaboración propia.

Para o proceso de valoración do **grao de importancia dos 46 Factores Clave do Deseño** para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia, tamén se lles enviou ós expertos un Formulario. Así, neste caso, a **escala de valoración empregada foi de 5 (moi importante) a 1 (menos importante)**. Unha vez cumprimentado o formulario, os expertos podían remitilo a través do correo electrónico ou postal. Outra opción que se lles ofreceu era a de cumprimentar o formulario on-line, a través de Google Docs.

Hai que destacar o **elevado grao de participación** (85 axentes), tendo en conta que se tratou na súa maioría dunha valoración vía electrónica, cunha **taxa de resposta do 71,43%** (ver Táboa 81 e Táboa 82).


PANEL DE DISEÑO PARA A VALIDACIÓN DOS PROGRAMAS ESTRATÉXICOS

Durante a **fase de Deseño Estratéxico**, e unha vez obtidos os resultados da priorización dos 46 Factores Clave, elaborouse un **documento de traballo sobre o Plan Director** (documento de Eixes Estratéxicos, Programas e Actuacións Estratéxicas), coa finalidade de que este fose **validado** polos responsables da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

O documento de traballo para este panel, consistiu na presentación por parte do equipo técnico dunha **proposta que**, partindo dos Factores Clave priorizados, **contiña os 3 eixes estratéxicos e os 8 programas coas súas correspondentes actuacións estratéxicas** (84 en total).

Sobre o documento de traballo, e a consecuencia das aportacións obtidas durante a celebración deste Panel, redactouse o **Plan Director definitivo**, reflectido no capítulo 5, e que foi **validado posteriormente** pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza (ver Figura 14).

Figura 14
Validación do Plan Director.




Fonte. Elaboración propia

TRAZABILIDADE DO PROCESO

Durante todo o proceso estratéxico, explicado no epígrafe 1.2 (Modelo Conceptual, Metodoloxía e Fases do Proceso), empregouse un **sistema de codificación rigoroso**, de tal forma que nas fichas de cada Programa do Plan Director, indícanse os **códigos dos Factores Clave para o Deseño** que foron considerados (ver epígrafe 5.2). Á súa vez cada un dos Factores Clave mencionados no apartado 4.4, relaciónanse cos **códigos empregados no Diagnóstico Estratéxico** (ver.Figura 15).

Este **sistema de trazabilidade** asegura a **xustificación das actuacións propostas no Plan Director**, e ademais, permitirá que **ante calquera cambio futuro no Diagnóstico** (tanto nos aspectos internos como externos), a **actualización permanente** do citado Plan Director.

Figura 15
Trazabilidade do proceso estratéxico.



Fonte: Elaboración propia

1.4.- ESTRUCTURA E CONTIDOS DO INFORME FINAL.

Para a realización deste **Plan Estratéxico Director para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia**, seguiu-se unha estrutura composta de cinco capítulos e un anexo con información complementaria manexada. No presente **Capítulo 1** determínanse os **obxectivos, a metodoloxía e a estrutura do proxecto**, explicando sinteticamente as ferramentas empregadas para o desenvolvemento dos traballos.

O **Marco Socioeconómico e Normativo**, recóllese no **Capítulo 2**, onde se fai unha breve referencia a aqueles aspectos xerais da normativa nacional e autonómica sobre os Espazos Naturais Protexidos. Posteriormente, realízase unha análise dalgunhas experiencias de desenvolvemento socioeconómico sostible detectadas no contexto español e en Galicia. Finalmente, para rematar este capítulo preséntanse para o seu análise os datos relativos ás tendencias socioculturais sobre o medio natural e as tendencias socioeconómicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O **Capítulo 3** céntrase na **Análise dos Parques de Galicia e as súas áreas de influencia**, facendo referencia en primeiro lugar ós datos internos dos propios Parques de Galicia e seguidamente ás principais características socioeconómicas das áreas de influencia. Tamén neste capítulo se recollen a visión dos axentes socioeconómicos que participaron nas entrevistas e nas mesas de expertos e os resultados dos cuestionarios realizados durante as Mesas de expertos.

No **Capítulo 4** recóllese o **Diagnóstico Estratéxico e os Factores Clave para a optimización dos aproveitamentos socioeconómicos** nos Parques e nas súas áreas de influencia, analizando os aspectos do diagnóstico e identificando os factores clave para a súa priorización.

Os **Programas de Actuación para a optimización dos aproveitamentos socioeconómicos** nos Parques e na súa área de influencia, desenvólvense no **Capítulo 5**, onde se presentan cada un dos programas e as súas actuacións como resultado da proposta formulada polo equipo e o seu contraste e priorización a través dos Paneis.

Finalmente, inclúense neste informe unha serie de **Anexos** que conteñen elementos de **ampliación e clarificación** dos outros epígrafes. Deste xeito, nos Anexos podemos comprobar tanto as **listaxes de axentes** consultados como tamén aqueles outros que participaron das Mesas de Expertos e do Panel de Expertos para a priorización dos Factores Clave. Do mesmo xeito, en último lugar, expóñense as **referencias bibliográficas e as páxinas webs** consultadas ó longo de todo o proceso.

PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA

CAPÍTULO 2. MARCO SOCIOECONÓMICO E NORMATIVO.

ÍNDICE DE CONTIDO

2.1.- ESPAZOS NATURAIS: EVOLUCIÓN, SITUACIÓN ACTUAL E TENDENCIAS.....	33
2.2.- MARCO LEXISLATIVO: PERSPECTIVA DO DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO.	44
2.2.1.- <i>Principios inspiradores que fan referencia ós aproveitamentos socioeconómicos.</i>	45
2.2.2.- <i>Planificación legal dos Espazos Naturais Protexidos.</i>	48
2.2.3.- <i>Desenvolvemento socioeconómico. Limitacións de usos e relacións cos propietarios.</i>	52
2.3.- ALGUNHAS EXPERIENCIAS DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO SOSTIBLE NO CONTEXTO ESPAÑOL.....	55
2.3.1.- <i>Agricultura e gandería sostible.</i>	56
2.3.2.- <i>Xacementos de emprego ecolóxico: Emprego Verde.</i>	58
2.3.3.- <i>Turismo Sostible.</i>	60
2.3.4.- <i>Algunhas experiencias de desenvolvemento sostible nas Comunidades Autónomas.</i>	63
2.3.5.- <i>Algunhas experiencias de desenvolvemento sostible en Galicia.</i>	69
2.4.- TENDENCIAS SOCIOCULTURAIS SOBRE O MEDIO NATURAL	72
2.5.- TENDENCIAS SOCIOECONÓMICAS.....	81
2.5.1.- <i>Territorio e Poboación.</i>	81
2.5.2.- <i>Renda e Gasto dos fogares galegos.</i>	86
2.5.3.- <i>Sistema Empresarial.</i>	87
2.5.4.- <i>Emprego.</i>	94
2.5.5.- <i>Servizos Públicos.</i>	97

2.- CAPÍTULO 2.- MARCO SOCIOECONÓMICO E NORMATIVO.

2.1.- ESPAZOS NATURAIS: EVOLUCIÓN, SITUACIÓN ACTUAL E TENDENCIAS.

Son moitos os precedentes históricos de territorios protexidos ou reservados, pese ó cal pode considerarse o concepto moderno de espazo protexido como moi recente na historia, e comeza a entenderse como tal a finais do século XIX. Dende entón, os cambios sociais e as evolucións técnicas, xunto cos trocos na percepción política da conservación da natureza, fixeron cambiar o papel que desempeñan estes espazos (ver Táboa 3).

Coa celebración dos primeiros congresos sobre medio ambiente iníciase a primeira etapa que durará ata mediados do século XX. Esta época caracterizouse polo entender xeral de que conservación e desenvolvemento non podían camiñar da man e que eran incompatibles, deste xeito centraron as súas actuacións en legislar para protexer determinadas zonas.

Anos máis tarde, xurdiría o concepto de **desenvolvemento rural** grazas á revalorización dos valores transmitidos polo mundo rural que se tiñan esquecido, e tamén pola realidade do mesmo en Europa (descenso de poboación, de actividade, envellecemento,...). Este foi o motivo de que **os Parques se convertesen en Espazos Naturais Protexidos nos que xunto coas funcións prioritarias de conservación do medio, xorden novas funcións vinculadas ó uso público e desenvolvemento socioeconómico en aras de alcanzar a sostibilidade.**

Táboa 3
Principais cambios na concepción dos Espazos Naturais Protexidos.

TEMAS	ANTIGO PLANEAMENTO	NOVO PLANEAMENTO
OBXECTIVOS	Destinados á conservación da Natureza	Obxectivos de conservación compatibles con obxectivos sociais e económicos
	Establecidos para a protección da vida silvestre e belezas escénicas espectaculares.	Establecidos tamén por razóns científicas e culturais
	Conservación de áreas silvestres sen presenza humana	Conservación de áreas naturais e seminaturais, e valores culturais asociados
	Xestionados baixo o principio de non intervención	Xestionados activamente para a recuperación de especies ou restauración de ecosistemas
	Xestionados principalmente para visitantes e turistas	O turismo é un medio de contribuír a economía local
CONTEXTO	Designados de forma illada, xestionados como “illas”	Planificados como parte dos sistemas nacionais, rexionais e internacionais, desenvoltoos como “redes”
PERCEPCIÓNS	Considerados de interese nacional ou internacional	Considerados tamén de interese rexional e local
POBOACIÓN LOCAL	Planificados e xestionados sen considerar as opinións locais.	Xestionados con e para a poboación local e nalgúns casos pola mesma poboación local, para satisfacer as súas necesidades
GOBERNO	Administradas polo goberno central	Xestionados por moitos socios
TÉCNICAS DE XESTIÓN	Xestionados de forma reactiva dentro dunha escala de tempo limitada, de maneira tecnocrática.	Xestionados de maneira adaptativa, con sensibilidade social e política
CAPACIDADE DE XESTIÓN	Xestionados por científicos expertos en recursos naturais	Xestionados por persoas con capacidades múltiples, tomando en consideración os coñecementos locais
FINANZAS	Financiados polos gobernos	Financiados por recursos de moitas fontes

Fonte: Europarc – Anuario 2007

O crecente interese polo medio ambiente e a necesidade de conservar valores escasos do patrimonio natural, fai preciso establecer unha tipoloxía dos mesmos proporcionando unha linguaxe común relacionada cos obxectivos de xestión de cada área. Foi a **Unión Internacional para a Conservación da Natureza** (en diante UICN), a que propuxo a agrupación de todas as denominacións en **sete grandes “categorías de manexo”** para todos os espazos naturais protexidos do mundo (ver Táboa 4).

Táboa 4
Categorías de manexo dos espazos naturais segundo o UICN.

Cód.	Denominación e Obxectivo	Características principais
Ia	Reserva Natural Estrita: Área protexida manexada principalmente con fins científicos.	Área terrestre ou mariña que posúe algún ecosistema, características xeolóxicas ou fisiolóxicas e/ou especies destacadas ou representativas, destinada principalmente a actividades de investigación científica e/ou monitoreo ambiental.
Ib	Área Natural Silvestre: Área protexida manexada principalmente con fins de conservación da natureza.	Vasta superficie de terra e/ou mar non modificada ou lixeiramente modificada, que conserva o seu carácter e influencia natural, non está habitada de xeito permanente ou significativamente, e protéxese e manéxase para preservar a súa condición natural.
II	Parque Nacional: Área protexida manexada principalmente para a conservación dos ecosistemas con fins de recreación.	Área terrestre e /ou mariña natural, destinada a: a) Protexer a integridade ecolóxica dun ou máis ecosistemas para as xeracións actuais e futuras. b) Excluir os tipos de explotación u ocupación que sexan hostís ó propósito co cal foi designada a área. c) Proporcionar un marco para actividades espirituais, científicas, educativas, recreativas e turísticas, actividades que deben ser compatibles dende o punto de vista ecolóxico e cultural.
III	Monumento Natural: Área protexida manexada principalmente para a conservación de características naturais específicas.	Área que contén unha ou máis características naturais ou culturais específicas de valor destacado ou excepcional pola súa rareza implícita, as súas calidades representativas ou estéticas ou por importancia cultural.
IV	Área de Manexo de Hábitat/ Especies: Área protexida manexada principalmente para a conservación, con intervención a nivel de xestión.	Área terrestre e /ou mariña suxeita a intervención activa con fins de manexo, para garantir o mantemento dos hábitats e/ou satisfacer as necesidades de determinadas especies.
V	Paisaxe Terrestre e Mariño Protexido: Área protexida manexada principalmente para a conservación de paisaxes terrestres e mariños con fins recreativos.	Superficie de terra, con costas e mares, segundo o caso, na cal as interaccións do ser humano e a natureza ó longo dos anos produciu unha zona de carácter definido con importantes valores estéticos, ecolóxicos e /ou culturais, e que a miúdo alberga unha rica diversidade biolóxica. Salvagardar a integridade desta interacción tradicional é esencial para a protección, no mantemento e a evolución da área.
VI	Área Protexida con Recursos Manexados: Área protexida manexada principalmente para a utilización sostible dos ecosistemas naturais.	Área que contén predominantemente sistemas naturais non modificados, que é obxecto de actividades de manexo para garantir a protección e o mantemento da diversidade biolóxica a longo prazo, e proporcionar ó mesmo tempo un fluxo sostible de produtos naturais e servizos para satisfacer as necesidades da comunidade.

Fonte: Europarc – Anuario 2007

Paralelamente, outros organismos seguiron propoñendo novas fórmulas e figuras de protección, e así por exemplo a UNESCO, a principio dos anos 70, crea a través do programa MAB a figura de **Reservas da Biosfera**, cuxa finalidade principal é a protección de determinados ecosistemas terrestres e mariños, unindo a conservación da biodiversidade, o desenvolvemento sostible da zona e os seus habitantes e a investigación científica.

No contexto de protección internacional do medio, tamén se debe facer referencia ós **Sitios Ramsar**, que son humidais que cumpren algúns dos Criterios de Importancia Internacional que foron desenvolvidos polo Convenio Ramsar, instrumento que proporciona o marco para a acción nacional e a cooperación internacional en pro da conservación e o uso racional dos humidais e dos seus recursos. España ratificou este convenio en 1982 e dende entón son moitos os humidais españois que se incluíron na lista.

Europa, seguindo a tendencia á protección de espazos naturais, pon en marcha a **“Rede Natura 2000”** (Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de Maio de 1992), **principal instrumento para a conservación da natureza na Unión Europea**, cuxa finalidade é asegurar a supervivencia a longo prazo das especies e os hábitats máis ameazados de Europa, contribuíndo a deter a perda da diversidade ocasionada polo impacto adverso das actividades humanas. A “Rede Natura 2000”, contempla varias figuras de protección: (ver Táboa 5)

Táboa 5
Figuras de Protección da Rede Natura 2000.

Figura	Características
Lugar de Importancia Comunitaria (LIC)	Lugar que, na rexión ou rexións xeográficas ás que pertence, contribúa de forma apreciable a manter ou restablecer un tipo de hábitat natural ou unha especie, nun estado de conservación favorable e que poida desta forma contribuír dun xeito apreciable á coherencia de “Natura 2000”, e /ou contribúa de xeito apreciable ó mantemento da diversidade biolóxica na rexión ou rexións xeográficas das que se trate.
Zona de Especial Conservación dos Valores Naturais (ZECVN)	Lugar de Importancia Comunitaria designado polos estados membros, mediante un acto regulamentario, administrativo e /ou contractual, no cal se apliquen as medidas de conservación precisas para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e/ou das poboacións de especies para as cales se designara un lugar.
Zona de Especial Protección das Aves (ZEPA)	Superficie suficiente de hábitat para aquelas especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe no territorio europeo, tendo como obxectivo a protección, administración e a regulación de ditas especies, así como a súa explotación.

Fonte: Elaboración propia a partir da Directiva 92/43/CEE do Consello

Ademais destas figuras aquí mencionadas, os estados membros nos seus ordenamentos xurídicos contemplan outras, e no caso do estado español, as **Comunidades Autónomas** con competencia sobre a materia tamén están capacitadas para propoñer as figuras ambientais que van conformar o seu panorama de espazos naturais protexidos, empregándose no conxunto das Comunidades autónomas **48 figuras distintas de protección de espazos naturais**. É importante tamén ter en conta que sobre unha mesma superficie poden recaer varias figuras de protección o que converte a rede de espazos naturais en complexa e ás veces incluso difusa. **Así por exemplo en Galicia, segundo os datos que manexa EUROPARC, o solapamento da “Rede Natura 2000” con outras figuras de protección é do 97,8%.**

As **figuras de protección que aparecen recollidas na Lei 42/2007 de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade**, son as cinco que se amosan na Táboa 6.

Táboa 6
Figuras de protección Ambiental de España.


Figura	Características
Parques	Os Parques son áreas naturais, que, en razón á beleza dos seus paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa conservación merece unha atención preferente.
Reservas Naturais	As Reservas Naturais son espazos naturais, cuxa creación ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade merecen unha valoración especial.
Áreas Mariñas Protexidas	As Áreas Mariñas Protexidas son espazos naturais designados para a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, incluídas as áreas intermareais e submareais, que en razón da rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial.
Monumentos Naturais	Os Monumentos Naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial. Consideraranse tamén Monumentos Naturais as árbores singulares e monumentais, as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, os estratotipos e demais elementos da terra que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.
Paisaxes Protexidos	Paisaxes Protexidos son partes do territorio que as Administracións competentes, a través do planeamento aplicable, polos seus valores naturais, estéticos e culturais, e de acordo co Convenio da paisaxe do Consello de Europa, consideren merecedores dunha protección especial.

Fonte: Elaboración propia a partir da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e Biodiversidade

Se comparamos a **superficie protexida** polas **figuras mencionadas anteriormente** coa **superficie total de cada Comunidade Autónoma**, pódese observar como Galicia se sitúa en cifras moi similares á media en España, aínda que moi distante doutras autonomías con índices de superficie protexida sobre o total da súa superficie moito máis elevados.

Así, as autonomías que presentan maior **superficie protexida con respecto ó total** da súa superficie son as Illas Canarias, A Ríoxa e Cataluña cun 42,60%, 33,10% e 29,10% respectivamente. Pola contra, as comunidades que posúen os valores máis baixos son Aragón, Castela a Mancha e a Rexión de Murcia cun 3,20%, 3,90% e 6,10% da súa superficie total afectada por algunha protección ambiental (ver Figura 16).

Figura 16
Porcentaxe de superficie protexida por CCAA con respecto ó total de superficie.



Fonte: Elaboración propia a partir de Europarc – Anuario 2007

Pese ós datos anteriores, a superficie protexida que Galicia aporta ó total de España, sitúase en torno a unha porcentaxe do 5,9% (ver Táboa 7), sendo a cuarta autonomía que máis superficie protexida aporta ó estado español. As Comunidades Autónomas que máis contribúen ó **total de superficie protexida en España**, e que polo tanto posúen máis hectáreas do seu solo protexidas, son Andalucía cun 27,6% e Cataluña cun 16,4%. Pola contra as autonomíaas que menos superficie deste tipo posúen son a Rexión de Murcia e ás Illas Baleares, xa que tan só representan o 1,2% do total cada unha delas.

Táboa 7
Superficie protexida por CCAA con respecto
ó total da superficie protexida en España (%).

Comunidade Autónoma	Superficie protexida por CCAA con respecto ó total
Andalucía	27,6%
Cataluña	16,4%
Castela e León	11,5%
Galicia	5,9%
Extremadura	5,3%
Castela a Mancha	5,2%
Illas Canarias	5,2%
Asturias	3,8%
Com. Valenciana	3,7%
A Ríoxa	2,8%
Cantabria	2,6%
Aragón	2,5%
Com. de Madrid	1,9%
País Vasco	1,7%
Navarra	1,5%
Illas Baleares	1,2%
Murcia	1,2%
ESPAÑA	100%

Fonte: Europarc - Anuario 2007

Para obter o **conxunto de figuras de protección do medio que se poden atopar en Galicia**, só habería que engadirlle ás xa citadas para o conxunto de España as propias da Comunidade Autónoma, que se resumen na Táboa 8.


Táboa 8
Figuras de protección ambiental propias de Galicia.

Figura	Características
Humidal Protexido	Extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña en que a profundidade en marea baixa non exceda os seis metros, que sustenten poboacións de especies vexetais ou animais importantes para o mantemento da diversidade biolóxica, ou ben representen poboacións illadas ou no límite da súa área de distribución.
Espazos Naturais de Interese Local	Espazos integrados nun termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.
Espazos Privados de Interese Natural	Terreos pertencentes a institucións ou propietarios particulares, nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestre dos que se considere de interese a súa protección.

Fonte: Elaboración propia a partir da lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia.

Todas estas figuras de protección existentes en Galicia representan o 12% da superficie total Galega, e repártense do seguinte xeito (ver Figura 17).

Figura 17
Distribución dos espazos naturais protexidos e reparto por tipo de figura.



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE e EUROPARC.

Como vemos, a **maioría da superficie galega protexida pertence á “Rede Natura 2000”**, pois o **66%** da superficie protexida de Galicia é deste tipo. A seguinte figura con máis superficie na nosa Comunidade Autónoma son os **Parques Naturais** que representan o **22%** dos terreos protexidos. No outro extremo, atoparíanse os Monumentos Naturais que tan só representan o 1% da superficie protexida galega.

Nos vindeiros anos, segundo **EUROPARC**, as Administracións encargadas de xestionar os Espazos Naturais Protexidos, terán que facer fronte a **novos retos** cuxos principais obxectivos, expostos no **“Programa de Traballo para as Áreas Protexidas 2009 – 2013”**, son os que se observan na Figura 18.

Figura 18
Principais obxectivos dos Espazos Naturais.



Fonte: Programa de Traballo para as Áreas protexidas 2009 – 2013 editado por EUROPARC

O cumprimento destes obxectivos, depende de moitos factores, entre os que se destacan:

1. **Factores Internos** relativos á propia administración de Conservación da natureza.
2. **Factores Externos:** ligados a diferentes factores que inciden sobre o territorio, recursos dos que se dispoñen e os obxectivos ós que deben dar cumprimento.

Así, segundo o ***Programa de Traballo para as Áreas protexidas 2009 – 2013 publicado por EUROPARC*** as administracións encargadas da xestión dos Espazos Naturais deben seguir traballando en diferentes áreas buscando o cumprimento das súas funcións. Así deberían perfeccionar a súa capacidade para xestionar os complexos sistemas que acollen mediante, por exemplo:

1. **Gobernabilidade:** Apoio Político, lexislación e capacidade de goberno.
2. **Apoio Social:** Implicación e apoio da comunidade local, propietarios e de outros grupos sociais.
3. **Instrumentos de planificación:** Plans estratéxicos e plans executivos.
4. **Recursos:** Humanos, financeiros, infraestruturas e coñecemento, entre outros.

2.2.- MARCO LEGISLATIVO: PERSPECTIVA DO DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO.

A planificación legal actual dos Parques Naturais ven marcada pola vixente lei do estado 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade. Do mesmo xeito tamén se debe ter en conta a antiga lei estatal, xa derogada, 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, da que emanan moitas das leis autonómicas en vigor.

Así, a definición da figura de Parques que nos ofrece a nova lei 42/2007 non difire moito da anterior, de tal xeito que se consideran como Parques as *“áreas naturais, que en razón á beleza dos seus paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou da súa diversidade xeolóxica, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos e científicos cuxa consideración merece unha atención preferente”*. No mesmo precepto, a citada lei manifesta que *“nos Parques poderase limitar o aproveitamento dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificaran a súa creación”*. Esta manifestación ven a supor a primeira limitación efectiva ós usos e aproveitamentos dos recursos nos enclaves nos que se sitúan os Parques.

A definición aquí considerada é a que se repite na maioría do ordenamento autonómico español, e así o reproduce o artigo 12 da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia. Moi poucas son as Comunidades Autónomas que optan por engadir ou cambiar a redacción do artigo en cuestión. A nivel autonómico, unha das principais modificacións é a engadida pola Lei Foral 9/1996, de 17 de xuño, de Espazos Naturais de Navarra, que engade á definición da figura de Parque Natural as finalidades que se perseguen coa declaración dos mesmos. Dende a perspectiva da análise socioeconómica que se emprega neste epígrafe, cabería destacar os seguintes fins:

- a) Mantemento e potenciación da xestión dos bosques e montes de Navarra polas entidades tradicionais de administración dos bens comunais, primando en todo caso, o interese público ou social sobre o particular.
- b) Apoio á promoción socioeconómica dos núcleos de poboación incluídos ou próximos, compatibles coa conservación do Parque Natural.
- c) Control e ordenación das actividades turísticas e recreativas supeditando estas á protección e preservación dos elementos naturais e especies de fauna e flora silvestres.

Con respecto ás finalidades que persegue a declaración dun espazo como Parque Natural, algunhas autonomías aluden na súa lexislación ó desenvolvemento sostible compatible co medio ambiente, como é por exemplo o caso das Comunidades de Illas Baleares, País Vasco e Cataluña.

Finalmente, cabe sinalar o feito de que algunhas regulacións inclúen limitacións a determinadas actividades na propia definición de Parque Natural. Así ocorre por exemplo no caso de Illas Baleares onde *“non teñen cabida as construcións e edificacións de nova planta para usos residenciais ou outros alleos á finalidade do Parque Natural”*, ou tamén na lei extremeña que prohibe o exercicio da caza nos Parques Naturais, salvo autorización expresa.

2.2.1.- Principios inspiradores que fan referencia ós aproveitamentos socioeconómicos.

Os primeiros artigos das leis reguladoras desta materia, conteñen os principios inspiradores das mesmas, nos que nalgún caso se fai referencia ós posibles aproveitamentos socioeconómicos que puideran xurdir, así coma ó desenvolvemento sostible.

Nun primeiro momento, a **Lei 4/1989, de 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Fauna e Flora Silvestre** recollía tan só catro principios

claramente orientados á conservación da natureza e sen apenas referencias ó desenvolvemento sostible dos recursos. Estes principios eran os seguintes:

- a) Mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos.
- b) A preservación da diversidade xenética.
- c) Emprego ordenado dos recursos, garantindo o aproveitamento sostible das especies e dos ecosistemas, a súa restauración e mellora.
- d) A preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais e do paisaxe.

Tan só uns meses despois promulgouse a **Lei 2/1989, de 18 de xullo, pola que se aproba o Inventario de Espazos Naturais Protexidos de Andalucía e se establecen medidas para a súa protección**, onde entre as súas finalidades menciónase a do establecemento de medidas de xestión e desenvolvemento socioeconómico que garantan ó mesmo tempo a conservación do medio.

Destaca tamén a **Lei 12/1985, de 13 de xuño, de Espazos Naturais de Cataluña**, que sendo anterior á propia lei do estado proclama como fins *“protexer, conservar, xestionar e, no seu caso, restaurar e mellorar a diversidade xenética, a riqueza e produtividade dos espazos naturais de Cataluña, os cales deberán ser compatibles co desenvolvemento e utilización dos recursos naturais y ambientais, no marco da protección do medio e da ordenación racional e equilibrada do territorio”*.

A medida que van pasando os anos, a maioría das Comunidades Autónomas lexislan sobre protección ambiental e elaboran os seus propios ordenamentos inspirados en principios diversos. Así, cada vez é máis frecuente que se tente compatibilizar a conservación do medio co desenvolvemento socioeconómico das áreas que acollen os Espazos Naturais Protexidos.

Se tomamos como exemplo a **Lei Foral 9/1996, de 17 de xuño, de Espazos Protexidos de Navarra**, obsérvase como aínda que nun principio tan só recolle os mesmos principios que a lei estatal 4/1989, vai máis alá ó establecer no artigo 3 uns

obxectivos específicos para os Parques Naturais da comunidade, de tal xeito que considera que a declaración dun Parque terá como finalidade:

- a) A conservación e protección dos valores naturais específicos das área naturais.
- b) A ordenada e racional utilización dos recursos naturais nas súas distintas vertentes forestais, gandeiras, cinxéticas ou outras, garantindo a renovación destes recursos.
- c) Mantemento e potenciación da xestión dos bosques e montes de Navarra polas entidades tradicionais de administración dos bens comunais, primando, en todo caso, o interese público ou social sobre o particular.
- d) Fomento do coñecemento científico e educativo da natureza e da necesidade da súa preservación, así como das tradicións, costumes e valores que as xeracións precedentes e actuais promoveron e desenvolveron ó seu redor.
- e) Apoio á promoción socioeconómica dos núcleos de poboación incluídos ou próximos, compatible coa conservación do Parque Natural.
- f) Control e ordenación das actividades turísticas e recreativas, supeditando estas á protección e preservación dos elementos naturais e especies da fauna e flora silvestres.

Son as leis promulgadas na última década as que máis conceptos introducen a favor do desenvolvemento socioeconómico. Destácanse neste senso a **Lei 4/2006 de Cantabria**, a **Lei 5/2005 de Baleares** e a **propia Lei 9/2001 de 21 de Agosto de Conservación da Natureza de Galicia**. Nestas normas introdúcense elementos tan importantes como o fomento da participación pública a través da cooperación e colaboración activa dos sectores sociais e económicos implicados, asumindo unha responsabilidade compartida, ou o recoñecemento da importancia das relacións cos propietarios. Tamén é relevante o deber de *“colaboración e coordinación entre as diferentes Administracións Públicas competentes na elaboración e execución das*

políticas sectoriais con incidencia sobre a conservación do medio natural e os recursos naturais” que introduce a lei cántabra.

Neste senso, a nova **Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade**, tenta dar máis protagonismo cá súa antecesora ó desenvolvemento sostible e renova os seus principios inspiradores, e introduce principios tales como:


- a) O emprego ordenado dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural e, en particular, das especies e dos ecosistemas, así como a súa restauración e mellora.
- b) A integración dos requirimentos da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e a biodiversidade nas políticas sectoriais.
- c) A garantía da información e participación dos cidadáns no deseño execución das políticas públicas, incluída a elaboración de disposicións de carácter xeral, dirixidas á consecución dos obxectivos desta Lei.
- d) A contribución dos procesos de mellora na sostibilidade do desenvolvemento asociados a espazos naturais ou seminaturais.

2.2.2.- Planificación legal dos Espazos Naturais Protexidos.

Coa Lei 4/1989 de 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Fauna e Flora Salvaxe, nace un novo elemento de Planificación legal: O **Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN)**. Dado que, *“a lei ten a firme convicción de que só unha adecuada planificación dos recursos naturais permitirá alcanzar todos os obxectivos conservacionistas desexados”*. Ademais deste novo instrumento o texto de 1989 regula o **Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX)**, documento legal de xestión dos Espazos Naturais.

Polo tanto, o procedemento de **planificación legal dos Espazos Naturais Protexidos** poderíase resumir nas fases que se amosan na Figura 19.

Figura 19
Fases da planificación legal dos Espazos Naturais Protexidos.



Fonte: Elaboración propia.

En canto ós **obxectivos que debe cumprir o PORN** como “*instrumento específico para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da súa relación co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e dos recursos naturais dun determinado ámbito espacial*”, estes establécense na vixente lei 42/2007, no seu artigo 17, e son os que se expoñen a continuación:

- a) Identificar os espazos e os elementos significativos do Patrimonio Natural dun territorio e, en particular, os incluídos no Inventario do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, os valores que os caracterizan e a súa integración e relación co resto do territorio.
- b) Definir e sinalar o estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural, biodiversidade e dos procesos ecolóxicos e xeolóxicos no ámbito territorial de que se trate.
- c) Identificar a capacidade e intensidade do uso do patrimonio natural e a biodiversidade e determinar as alternativas de xestión e as limitacións que deben establecerse á vista do seu estado de conservación.

- d) Formular os criterios orientadores das políticas sectoriais e ordenadoras das actividades económicas e sociais, públicas e privadas, para que sexan compatibles coas esixencias contidas na mesma lei.
- e) Sinalar os réximes de protección que procedan para os diferentes espazos, ecosistemas e recursos naturais presentes no seu ámbito territorial de aplicación, ó obxecto de manter, mellorar ou restaurar os ecosistemas, a súa funcionalidade e conectividade.
- f) Prever e promover a aplicación de medidas de conservación e restauración dos recursos naturais e os compoñentes da biodiversidade que o precisen.
- g) Contribuír ó establecemento e consolidación de redes ecolóxicas compostas por espazos de alto valor natural, que permitan os movementos e a dispersión das poboacións de especies da flora e da fauna e o mantemento dos fluxos que garantan a funcionalidade dos ecosistemas.

En canto **ós PRUX, son os instrumentos empregados polos responsables das áreas protexidas para conseguilos obxectivos para os que estas foron creadas.** A súa estrutura e contidos mínimos fixados nas distintas leis de espazos naturais son similares e comprenden obxectivos a alcanzar no período de vixencia, actividades a realizar para alcanzalos, directrices de orientación da xestión e o desenvolvemento de programas de actuacións específicos. Tamén debe recoller a zonificación do espazo.

Como consecuencia do traspaso de competencias sobre a materia ás Comunidades Autónomas, estas desenvolveron o seu propio sistema de planificación de Espazos Naturais Protexidos de tal xeito que **as leis autonómicas crearon unha gama diversa de plans e programas máis específicos.**

A maioría das Comunidades Autónomas optaron por empregar os mesmos instrumentos de planificación que se mencionan na lei estatal, se ben con certas modificacións, e engadindo nalgúns casos novas ferramentas de planificación máis concretas (ver Táboa 9).

Táboa 9
Instrumentos de planificación específicos das CCAA.

Comunidade Autónoma	Instrumento	Finalidade
Andalucía	Plan de desenvolvemento Integral	Creado para os municipios que integran a zona de influencia e o Espazo Natural, ten como obxectivo a dinamización socioeconómica sostible, de conformidade co PRUX.
	Plan de Fomento	Creado polo Instituto de Fomento andaluz, está orientado a actualizar, priorizar e individualizar as liñas de desenvolvemento previstas no Plan Integral, materializando a execución dos proxectos empresariais a acometer.
Cataluña	Plan de Espazos de Interese Natural	Este plan terá como obxecto a delimitación e establecemento das determinacións necesarias para a protección básica dos espazos naturais, cuxa conservación se considere necesario asegurar, de acordo cos valores científicos, ecolóxicos, paisaxísticos, culturais, sociais, didácticos e recreativos que posúan.
Cantabria	Plan de Actividades, Actuacións e Inversións	Con carácter anual elaborárase e aprobarase pola Consellería competente, previa consulta co Padroado e de conformidade coas prescricións do PRUX. As actividades, actuacións e inversións terán carácter de operativas.
	Programa director de conservación da natureza.	Creado coa finalidade de dotar ós Espazos Naturais de directrices comúns sobre coordinación administrativa, regulación de usos e participación cidadá, infraestruturas, organización e imaxe.
Canarias	Planes Insulares de Ordenación	Instrumentos de ordenación dos recursos naturais, territorial e urbanística da illa e definen o modelo de organización e emprego do territorio para garantir o seu desenvolvemento sostible. Teñen carácter vinculante para os instrumentos de ordenación de Espazos Naturais e territorial de ámbito inferior ó insular e para os plans de ordenación urbanística.
Castela a Mancha	Plans Parciais	Creados para desenvolver aspectos sectoriais da regulación dos Espazos Naturais Protexidos.
Extremadura	Plans de Xestión para a Conservación e Ocio	Conterán as previsións necesarias para compatibilizar a conservación do Espazo Natural coa máxima difusión social dos seus valores ambientais e recreativos, para o cal adoptaranse medidas para potenciar as infraestruturas máis adecuadas e para implicar no seu mantemento ós habitantes das poboacións próximas.
País Vasco	Programas de desenvolvemento socioeconómico	Creados para as poboacións integradas no ámbito territorial do espazo protexido da súa zona periférica de protección coa finalidade prever as axudas económicas e incentivos para o desenvolvemento socioeconómico que fosen precisos.

Fonte: Elaboración propia a partir da lexislación autonómica vixente

En canto ós **PORN**, empréganse en todas as comunidades exceptuando **Cataluña**, e deben ser aprobados con carácter previo á declaración do Espazo Natural, sendo a súa vixencia indefinida e actualizándose cando sexa convinte. Destaca o caso do **Principado de Asturias**, onde existe un único PORN para toda a Comunidade Autónoma. Os **PRUX** tamén se deben elaborar en todas as autonomías españolas, e incluso nalgún caso (Valencia, Extremadura e Canarias) establécese ademais a necesidade de elaborar un apartado económico – financeiro onde se planifiquen e avalíen as inversións precisas para acadar os obxectivos e as actuacións básicas fixadas no propio Plan.

Finalmente, débese mencionar a existencia en case todas as Comunidades Autónomas de **Xuntas Reitoras ou consultivas** nos Parques Naturais, *“órganos colexiados de participación social adscritos á Consellería competente en materia de medio natural e coa finalidade de asegurar a participación social na xestión dos Parques”* (Lei 8/1998 , de 26 de xuño, de Conservación da Natureza e de Espazos Naturais de Extremadura). Tamén é importante a figura do **Conservador ou Director dos Parques**, que *“exercerá funcións xerais de dirección e supervisión das actividades que se desenvolvan no Espazo Natural Protexido así como de toma de decisións relativas á xestión do mesmo que non fosen expresamente reservadas a outros órganos”* (Lei da Rioxa 4/2003, de 26 de marzo, de Conservación de Espazos Naturais).

2.2.3.- Desenvolvemento socioeconómico. Limitacións de usos e relacións cos propietarios.

A **Lei derogada 4/1989** , de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre propoñía un **sistema de usos bastante restritivo** que unicamente permitía o emprego do solo con fins agrícolas e forestais sempre e cando estivesen orientados ó mantemento do potencial biolóxico. Ademais, na propia lei, manifestábase que as **accións das Administracións deberán orientarse fundamentalmente á conservación**.

Tamén se mencionaba nesta lei, a **posibilidade de crear zonas periféricas de protección e zonas de influencia socioeconómica**. A primeira delas nace coa finalidade de evitar impactos paisaxísticos e ecolóxicos no perímetro do Espazo Natural, mentres que a segunda está formada polas localidades que integran o Espazo e as beneficiarias das liñas de subvención que se crearían para o desenvolvemento das mesmas.

Fronte a esta perspectiva conservacionista da antiga lei, a nova norma 42/2007, de Patrimonio Natural e Biodiversidade presenta un capítulo enteiro dedicado ó uso sostible do patrimonio natural e da biodiversidade, con especial referencia á creación de Reservas da Biosfera, á comercialización internacional de aves silvestre e ós oficios tradicionais.

A través da **lexislación propia das Comunidades Autónomas**, cada unha delas creou o seu **propio sistema de protección ambiental con maior ou menor referencia ós aproveitamentos socioeconómicos e as relacións cos propietarios** dos terreos que dan lugar ós Espazos Naturais. A Táboa 10 amosa algúns dos aspectos máis relevantes.

Táboa 10
Aspectos propios introducidos pola lexislación autonómica.

Comunidade Autónoma	Aspectos propios introducidos pola lexislación autonómica
Andalucía	• Establecemento de axudas técnicas e financeiras, nos Parques Naturais e nas súas áreas de influencia, para: ○ Infraestruturas e niveis de servizos axeitados. ○ Mellora das actividades tradicionais e outras compatibles. ○ Integrar ós habitantes nas actividades xeradas polos Parques Naturais. ○ Rehabilitar a vivenda rural e o patrimonio arquitectónico. ○ Estimular as iniciativas culturais, científicas, pedagóxicas e recreativas autóctonas. • Son indemnizables as limitacións reais efectivas que causen prexuízos pola declaración. • Queda prohibido o emprego do nome dos Parques Naturais en produtos salvo solicitude de concesión e que se autorice.
Asturias	• Emprego do solo con fins agrícolas, forestais e gandeiros orientados ó mantemento
Navarra	• División dos usos en permitidos, autorizables e prohibidos en función da súa compatibilidade coa conservación. • A construción de novas infraestruturas someterase a estudos de avaliación ambiental. Se non houberse outra opción levaranse a cabo e estableceranse medidas compensatorias. • A xestión dos Parques Naturais pode recaer nas agrupacións tradicionais. • Solo se indemnizarán as limitacións singulares e efectivas que resulten incompatibles co exercicio de actividades e usos tradicionais consolidados e que viñeran realizándose de forma reiterada e notoria.
Cataluña	• Establece o deber de tomar medidas para fomentar os usos e actividades que favorezan o desenvolvemento das diferentes zonas e faciliten a contención do despoboamento rural.


Comunidade Autónoma	Aspectos propios introducidos pola lexislación autonómica
Galicia	• Concederáselle prioridade á poboación dos espazos naturais no desenvolvemento de actuacións de mellora das condicións socioeconómicas. • As limitacións poderán indemnizarse cando incidan sobre dereitos incorporados ó patrimonio, afecten a usos ou aproveitamentos ou supoñan lesións patrimoniais efectivas e cuantificables. • Nos proxectos de declaración contemplarase unha área de influencia socioeconómica onde: ○ Se propiciarán as actividades tradicionais e fomentaranse outras compatibles ○ Fomentarse a integración dos habitantes nas actividades do Espazo Natural ○ As producións artesanais da área de influencia poderán establecer o uso dunha etiqueta de calidade de produtos con referencia á denominación do Espazo Natural de que se trate.
Baleares	• Lexislación urbanística específica para as zonas de protección ambiental en onde non se permitirán novas edificacións salvo as de utilidade pública, vivenda unifamiliar, e explotacións agrarias sostibles. • Protección dos Espazos Naturais e a promoción do seu desenvolvemento sostible facendo compatible a conservación cos aproveitamentos tendo en conta os dereitos da cidadanía e o seu progreso socioeconómico para o cal: ○ Recoñécese a colaboración cos propietarios como unha ferramenta importante e conveniente. ○ Estimularase a máxima participación dos propietarios na xestión do Espazo Natural. • A declaración dun Espazo Natural non supón a obrigação para os propietarios de soportar o acceso público, nin a perda da xestión ordinaria das súas fincas, de tal xeito que a creación de itinerarios e de zonas de disfrute se fará de acordo con eles. • Impulso dunha liña de subvencións e medidas compensatorias para o establecemento do desenvolvemento sostible. • Sempre respectando a normativa sectorial, as producións dos Espazos Naturais e das súas áreas de influencia poderán empregar, previa autorización unha etiqueta de produto referenciada ó espazo.
Castela a Mancha	• En espazos naturais protexidos, e nas súas zonas periféricas de protección e en zonas sensibles, a Consellería competente poderá establecer programas de axuda ós titulares de explotacións agrícolas, gandeiras, forestais ou cinexéticas para fomentar a adopción de prácticas de aproveitamento e xestión compatibles coa protección dos seus valores naturais. • As empresas que pretendan ofertar los servizos de turismo de natureza en Espazos Naturais, deberán estar inscritas no rexistro establecido ó efecto pola Consellería.
Aragón	• Establecerase un réxime económico de axudas e medidas compensatorias a entidades locais, empresas e particulares integrados nas áreas de influencia socioeconómica e que se vexan afectados polas limitacións que do cumprimento desta Lei se deriven, co fin de promover o seu desenvolvemento sostible.
Cantabria	• Recoñecemento da importancia da colaboración cos propietarios . • As denominacións dos Espazos Naturais empregaranse unicamente para eles. • A caza e a pesca pódense exercer de forma ordenada sen que afecte a especies protexidas, previa autorización, e sen comercialización do produto.

Fonte: Elaboración propia a partir da lexislación autonómica vixente

2.3.- ALGUNHAS EXPERIENCIAS DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO SOSTIBLE NO CONTEXTO ESPAÑOL.

O concepto de **Desenvolvemento Sostible** tal e como se entende na actualidade xorde por primeira vez no “Informe Brundtland” en 1987, onde foi definido como *“o desenvolvemento que contenta as necesidades presentes sen comprometer ou pór en perigo a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades”*. Dende esta perspectiva, os aspectos que se consideren deberán respectar o medio ambiente, ser economicamente viables e socialmente equitativas (ver Figura 20).

Figura 20
Dimensións que integran o desenvolvemento sostible.



Fonte: Guía de Instrumentos Voluntarios para a protección ambiental. Xunta de Galicia.(2005)

As tres dimensións que integran o concepto de desenvolvemento sostible poden ser definidas do seguinte xeito:

1. A **sostibilidade ambiental** debe garantir que o desenvolvemento sexa compatible co mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, da diversidade biolóxica e dos recursos naturais.

2. A **sostibilidade social e cultural** debe garantir que o desenvolvemento sostible sexa compatible cos valores da comunidade e manteña e reforce a identidade das mesmas.
3. A **sostibilidade económica** debe garantir que este desenvolvemento sexa eficiente e beneficie a todos os membros da comunidade, ó mesmo tempo que se xestionan os recursos de xeito que conserven para as xeracións futuras.

Dende esta perspectiva, a continuación, analizaranse unha serie de experiencias ou iniciativas cuxo obxectivo é axudar a acadar o desenvolvemento sostible en Espazos Naturais Protexidos.

2.3.1.- Agricultura e gandería sostible.

Para darlle sentido ó termo de **Agricultura e Gandería Sostible** debemos ter presentes as tres dimensións reflectidas na Figura 20. Así, na sostibilidade da actividade agro – gandeira evitar a contaminación tórnase prioritario, aínda que sen esquecerse das novas tecnoloxías que amplíen a diversidade e valor dos produtos.

Poderíase dicir polo tanto, que a agricultura sostible é, segundo a Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible, unha *“forma equilibrada de produción de alimentos que mantén os aspectos positivos dos sistemas agrarios anteriores, e que se materializa a través dun sistema produtivo que xera alimentos e outros produtos de alta calidade mediante o uso equilibrado de recursos e mecanismos reguladores, evitando o emprego abusivo de contaminantes”*. Isto é o que se coñece como **“Producción Integrada”** ou **“Integrated Farming”**.

Seguindo estas tendencias cara a agricultura sostible, na nova Política Agraria Común (PAC), propóñense medidas a favor de:

1. Agricultura ou gandería extensiva e autóctona
2. Agricultura biolóxica ou ecolóxica
3. As boas prácticas agrícolas compatibles co medio natural

Establecese deste xeito, dende a Unión Europea a **evolución cara unha agricultura ecolóxica e sostible**, que cun emprego moderado e racional de recursos compatibles co ambiente, sexa capaz de manter a competitividade en materia de prezo e calidade. A agricultura ecolóxica diferénciase doutros sistemas de produción agrícola en varios aspectos:

1. Favorece o emprego de recursos renovables e a reciclaxe.
2. Respecta os propios mecanismos da natureza para o control de pragas e enfermidades nos cultivos e na cría de animais, evita o emprego de produtos químicos e a manipulación xenética.
3. Os produtores recorren a unha serie de técnicas que contribúen ó mantemento dos ecosistemas e a reducir a contaminación.

Tendo en conta o anterior, a agricultura ecolóxica atópase nunha posición de vantaxe con respecto á tradicional, ó cumprir os requirimentos que se esixen para a súa **implantación en Parques Naturais** (exceptuando as Zonas Especiais de Reserva), pois contribúen o mantemento da biodiversidade e á preservación dos ecosistemas agrarios de alto valor natural. Así segundo o “Plan de Desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica de Galicia 2008 – 2013”, esta modalidade de produción agraria *“posúe unha perfecta adaptabilidade á figura dos Parques Naturais”*. Ademais, os produtores ecolóxicos, entenden que a especial protección e promoción destas zonas outórgalles un beneficio diferencial que teñen posibilidades de aproveitar.

Finalmente, resáltase no citado plan, o feito de que as producións ecolóxicas baixo as denominacións de “pastos e forraxes” e “bosque e recolleita silvestre” que se desenvolven en zonas de baixa actividade agraria onde os empregos tradicionais diminuíron notablemente, a máis do beneficio económico directo, cumpren un **papel importante de ferramenta de loita contra os lumes**.

2.3.2.- Xacementos de emprego ecolóxico: Emprego Verde.

As relacións entre a economía e medio ambiente xeran unha serie de actividades específicas das que resultan, directa ou indirectamente, empregos. Así, **denomínanse empregos verdes a aqueles que reducen o impacto ambiental das empresas e os sectores económicos ata acadar niveis sostibles**. Estes empregos atópanse en moitos sectores da economía, e axudan a reducir o consumo de enerxía, materias primas, auga, as emisións de gases de efecto invernadoiro, a evitar todas as formas de contaminación e a protexer e manter os ecosistemas e a biodiversidade.

A proliferación normativa sobre a materia e a maior demanda de bens e servizos ambientais a favor da calidade de vida e da sostibilidade son os principais motores da aparición de actividades xeradoras de emprego verde. Na actualidade, as relacións ambientais e laborais refórzanse para facer fronte á crise económica, e orientan o cambio de modelo de desenvolvemento por sendas sostibles. Este recoñecemento reflectiuse na **“Estratexia UE 2020”**.

A **clasificación dos empregos verdes** máis empregada é a publicada en **1999 pola OCDE e o Eurostat**, e é a que se amosa a continuación:

1. Tratamento e depuración de augas residuais.
2. Xestión e tratamento de residuos.
3. Produción de enerxías renovables.
4. Xestión de Espazos Naturais Protexidos.
5. Xestión de zonas forestais.
6. Servizos ambientais a empresas e entidades.
7. Educación e formación ambiental.
8. Agricultura e gandería ecolóxica..


Como se pode observar, un dos subsectores do emprego verde é a xestión **de Espazos Naturais Protexidos**, que na actualidade ocupa a aproximadamente **11.000 persoas no conxunto do estado Español**. Pese a isto, a porcentaxe de espazos que conta con ferramentas de planificación é moi escasa o que impide a axeitada xestión dos recursos e equipamentos. Segundo o **“Informe Empleo Verde en una Economía**

Sostenible”(Fundación biodiversidade, 2010), o emprego directo asociado a este sector “*poderá crecer de forma moderada no corto e medio prazo na medida en que se consolide a xestión dos sistemas de áreas protexidas e se impulse a xestión de novos Espazos Naturais Protexidos*”. Estes empregos, serían os asociados a:

- Brigadas de mantemento nos Espazos Naturais.
- Control da erosión mediante a construción de diques.
- Estudo e control de fauna e de flora.
- Mellora dos hábitats.
- Restauración ambiental en extraccións mineiras.
- Sinalización nos espazos naturais.
- Realización de obras.

A **Figura 21** amosa unha **estimación do número de empregos** relacionados directamente coa **xestión dos Espazos Naturais Protexidos** e a súa distribución por Comunidade Autónoma. Así, pódese observar como Andalucía e a comunidade que maior número de empregos deste tipo posúe (3.609), triplicando á segunda autonomía que é Castela e León (1.181). **Galicia**, neste caso sitúase na cuarta posición **con 896 empregos directos na xestión dos Espazos Naturais**.

Figura 21
Estimación do número de empregos en
Espazos Naturais Protexidos por Comunidade Autónoma.



Fonte: “Informe Empleo Verde en una Economía Sostenible”

O citado informe “Empleo Verde en una Economía Sostenible”, prevé que nos vindeiros anos “*será relevante a creación de emprego indirecto e inducido asociado ós Espazos Naturais Protexidos. O desenvolvemento de servizos asociados á industria da saúde, o turismo rural sostible ou a explotación de produtos alimentarios de alto valor gastronómico*” son algúns exemplos de actividades verdes con elevado potencial para seren desenvoltas nestas áreas.

2.3.3.- Turismo Sostible.

A aplicación dos principios do desenvolvemento sostible ó turismo é o que se denomina como **Turismo Sostible**. Para poder acadar unha comprensión plena do significado e das implicacións deste concepto débese ter en conta as dimensións e características específicas do fenómeno turístico. Así, a principal característica deste sector é que non xestiona os produtos que vende, senón que transportan as persoas a un destino para que coñeza as peculiaridades do mesmo. Pódese, polo tanto, describir a industria turística como un sistema que se compón dos elementos que se observan na Figura 22.

Figura 22
Elementos do sistema turístico.



Fonte: Elaboración propia

A estrutura específica do sistema turístico e a estreita vinculación con outras actividades económicas como pode ser o comercio ou o transporte, provoca diversos impactos sobre a economía, a sociedade e o medio ambiente. Como consecuencia desta **interconexión con outros sectores**, da demanda turística pódense derivar *“outros problemas adicionais como poderían ser o aumento de prezos do solo, ou incluso o desprazamento das actividades económicas que se viñan desenvolvendo no destino e que non teñen a capacidade de competir co turismo”* (Guía de Instrumentos Voluntarios para a protección ambiental. Aplicación a un Turismo Sostible).

Este modelo de turismo tradicional repercutiu indiscutiblemente sobre o medio, o que levou a buscar alternativas a este tipo de turismo. Esta busca propiciou o xurdimento de novos destinos que en moitos casos posuían ecosistemas fráxiles con risco de rápida desaparición. Dado que indubidablemente **un entorno en bo estado é un elemento de valorización da actividade turística**, protexelo ás veces faise indispensable, polo que figuras como as dos Parques que teñen como finalidade a protección do medio axudan ó desenvolvemento turístico dunha zona e consecuentemente tamén ó seu desenvolvemento socioeconómico.

A posición da **Unión Europea** respecto ó **turismo sostible** fundaméntase na recomendación do **deseño dunha Axenda 21 europea para o turismo**, onde se establece unha serie de obxectivos e recomendacións para levalos a cabo. Cada recomendación é ilustrada con actuacións a desenvolver nos diferentes niveis de goberno.

A continuación expóñense dous dos proxectos levados a cabo dende a Unión sobre turismo sostible (ver Táboa 11).

Táboa 11
Proxectos Europeos sobre Turismo Sostible.

Proxecto e Logo	Obxectivos	Destinatarios
Etiquetaxe ecolóxica Europea 	1. Fomento de Produtos limpos 2. Valoración do impacto ambiental dos produtos durante o seu ciclo de vida 3. Informar ós consumidores sobre alternativas menos prexudiciais para o medio 4. Potenciar melloras na xestión de residuos 5. Fomentar a investigación sobre técnicas menos contaminantes.	Calquera operador de turismo (dende unha gran cadea hoteleira ata unha pequena granxa de agroturismo) se cumpren uns mínimos estándar con relación ó medio e á saúde durante as tres fases de vida do servizo: compra, prestación e residuo.
Carta Europea de Turismo Sostible 	1. Implicar a tódalas partes relacionadas co turismo nas Áreas Protexidas (AP), no desenvolvemento do territorio. 2. Preparar unha diagnose, elaborar e aplicar unha estratexia de turismo sostible e un plan de acción para a AP. 3. Protexer e promocionar o patrimonio natural e cultural da zona, evitando un desenvolvemento turístico excesivo que puidese poñer en perigo a súa conservación. 4. Ofrecer ós visitantes unha experiencia de alta calidade en tódolos aspectos. 5. Proporcionar información adecuada ós visitantes sobre os valores da zona. 6. Proporcionar produtos turísticos específicos que permitan descubrir, comprender e relacionarse co territorio. 7. Ampliar os coñecementos sobre a AP e os temas de sostibilidade entre os actores relacionados co turismo. 8. Mellorar a actividade turística sen reducir a calidade de vida da poboación. 9. Aumentar os beneficios do turismo para a economía local. 10. Controlar os fluxos de visitantes para reducir os impactos que poidan xerar.	Espazos Naturais Protexidos, empresas turísticas próximas a estes espazos e axencias de viaxes que programan viaxes ó Espazo Natural Protexido que se comprometan cos obxectivos do turismo sostible.

Fonte: Elaboración propia.

2.3.4.- Algunhas experiencias de desenvolvemento sostible nas Comunidades Autónomas.

Antes de comezar a expor as experiencias detectadas débense ter en conta unha serie de **consideracións previas** ó respecto:

1. As actividades que se desenvolven en Espazos Naturais Protexidos son moi similares e sempre están referenciadas ó concepto de desenvolvemento sostible.
2. Os Plans de Desenvolvemento Sostible (PDS) son importantes xa que *“son plans dirixidos á mellora dos aproveitamentos produtivos e ás actividades empresariais vinculadas co emprego sostible dos recursos dos Parques Naturais. Cada plan contempla as esixencias de infraestruturas de equipamento, formación de recursos humanos, investigación e desenvolvemento; requiridos no proceso de desenvolvemento local sostible”* (Consejería de Medio Ambiente – Junta de Andalucía).
3. Existen iniciativas mixtas (público – privadas) que axudan ó desenvolvemento económico das áreas de influencia dos Espazos Naturais Protexidos.

As actividades empresarias que se desenvolven nos Parques Naturais son as definidas como Usos Compatibles nos Parques Nacionais e as relacionados co turismo, produtos naturais e mellora de infraestruturas.

Unha vez expostas estas consideracións, a primeira Comunidade Autónoma que se toma como exemplo é **Andalucía**, posto que é a comunidade que máis Parques Naturais posúe e a que máis recursos, institucións e organismos dedica ó coidado, potenciación e desenvolvemento dos mesmos. O principal programa de desenvolvemento posto en marcha dende esta comunidade é o que desenvolve a **Fundación Andanatura** (ver Figura 23).

Figura 23
Fundación Andanatura.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Fundación Andanatura.

A Comunidade Autónoma de Andalucía, foi pioneira na implantación da **Marca Parque Natural**, como parte da Estratexia Andaluza de Desenvolvemento Sostible. Esta marca, concíbese como un selo de calidade qu ofrece un incentivo á produción, distribución e comercialización dos produtos orixinados nos Espazos Naturais Protexidos.

Segundo a Xunta de Andalucía, a súa intención **é propiciar e defender as formas de vida tradicionais e unhas formas de produción agrícola artesanal e turística que non afecten ó entorno**. A certificación da Marca Parque Natural de Andalucía vai **dirixida a tres producións**:

1. **Produtos Agroalimentarios ou Naturais**, como a madeira, as herbas, carne ou peixe entre outros.
2. **Produtos Artesanais**, procedentes da *“transformación de outros produtos, efectuados mediante procesos totalmente manuais que impliquen que as características do produto vanse a ver afectadas pola habilidade e experiencia do produtor”*, tal e como indica o dossier de Prensa da Marca Parque Natural de Andalucía.

3. **Produtos Turísticos**, como por exemplo aloxamentos, restaurantes ou empresas de ocio activo.


Para poder contar con esta certificación, as empresas que así o desexen deben **cumprir unha serie de requisitos**, que se estipulan na propia páxina web da marca e que son os seguintes:

- Deben ser produtos ou servizos elaborados ou prestados nos Parques Naturais ou nas súas áreas de influencia.
- Os produtos deben cumprir as especificacións normativas detalladas na orde que regula a marca.
- En caso de tratarse de producións agroalimentarias ou pesqueiras, a materia prima debe proceder de explotacións onde o sistema de produción esté certificado como integrado ou ecolóxico.
- Os aloxamentos deben levar asociados servizos de restauración e ocio, ou incluír información sobre eles. Tamén deben informar sobre o Parque Natural e realizar actividades de promoción dos produtos da marca.
- Os servizos de restauración deben ter no seu menú un apartado de gastronomía local e informar sobre o Parque Natural.
- As actividades de ocio e turismo activo deben estar ligadas ó coñecemento e disfrute da natureza.

Para a **promoción dos produtos vinculados** a esta marca, recórrese a diversos instrumentos entre os que destacan: unha páxina web propia (www.marcaparquenatural.com), folletos promocionais, asistencia a feiras, inclusión dos aloxamentos en guías específicas para sendeiristas ou xornadas de sensibilización e formación entre outras.

Outra das Comunidades Autónomas que puxo en marcha proxectos para o desenvolvemento sostible das áreas naturais foi **Aragón**. Neste caso, o proxecto que se destaca é o denominado como **Aramón**, cuxa misión, visión e valores se representan na Figura 24.

Figura 24
Proxecto Aramón.



Fonte: Elaboración propia

En **Castela e León**, optouse pola figura dunha Fundación, a **Fundación Patrimonio Natural de Castela e León**, para por en marcha o “**Programa Parques Naturales de Castilla y León**”. Esta mesma organización é a encargada da xestión da **Marca Natural**, distintivo de procedencia de produtos agroalimentarios, servizos turísticos e produtos artesanais para empresas situadas no Espazo Natural Protexido. Os requisitos para adquirir este distintivo son os que se amosan a continuación:

1. Ter acreditada a súa calidade mediante algunha figura de calidade da que sexa titular algunha administración ou entidade recoñecida.

2. Os produtos serán obtidos, elaborados ou transformados no ámbito territorial das zonas de influencia socioeconómica do Espazo Natural Protexido e no que a empresa debe ter o seu domicilio social.
3. Os produtos que sexan obtidos, elaborados ou transformados en instalacións que cumpran a lexislación medioambiental que lles resulte de aplicación. Os servizos turísticos deben cumprir a lexislación medioambiental aplicable.

Na **Comunidade Autónoma de Madrid**, pese a que non se trata dun Espazo Natural protexido, é importante a presenza de **Aracove**, Grupo de Acción Local, formado por 61 socios entre entidades locais, públicas e privadas, e cuxa finalidade é o desenvolvemento rural da Comarca de “Las Vegas”. As súas liñas de traballo son:

1. Apoio ó sector agrícola, propiciando a modernización e as inversións en infraestruturas, e adquisición de nova maquinaria.
2. Respaldo á pequena e mediana empresa.
3. Promoción do turismo na zona, coa creación de aloxamentos turísticos de nova factura, rehabilitación e mellora dos xa existentes.
4. Conservación do patrimonio histórico artístico.
5. Preservación do patrimonio natural.
6. Apoio á industria agroalimentaria, revalorizando os produtos locais.

Outro dos exemplos que se pode empregar como experiencia para acadar a sostibilidade, é o que está a levar a cabo a “**Fundación Privada Garrotxa Lider**” en **Cataluña**, no ámbito territorial do Parque Natural da Garrotxa e a súa área de influencia. Esta fundación, elaborou un **Código de Xestión Sostible** ó cal se poden adherir as empresas do devandito ámbito territorial. Na Figura 25 pódese observar a estrutura do código e os beneficios que este aporta ás empresas que o asumen.

Figura 25
Código de “Gestió Sostenible Garrotxa i Collsacabra”.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Código de “Gestió Sostenible Garrotxa i Collsacabra”

Finalmente, tamén é un exemplo de coordinación de diferentes políticas e plans “La estrategia de Desarrollo Sostenible de Urdaibai 2009 – 2015” en torno á Reserva da Biosfera de Urdaibai no **País Vasco**, que pretende aproveitar todas as sinerxías xeradas na comunidade coa posta en marcha da numerosa planificación sectorial e transversal, para avanzar cara o cumprimento dos obxectivos asumidos na “Estrategia Ambiental Vasca de Desarrollo Sostenible”.


2.3.5.- Algunhas experiencias de desenvolvemento sostible en Galicia.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, tamén se están a desenvolver proxectos de desenvolvemento sostible, de entre os que existen, destácase o **Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007 – 2013** (PDR) , que divide as súas actuacións en catro eixes estratéxicos (ver Figura 26). Así, este plan converteuse nun importante instrumento de financiamento centrado en tres ámbitos:

1. Economía agraria alimentaria
2. Medioambiente
3. A economía e a poboación rural

Figura 26

Eixes estratéxicos e obxectivos do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007 – 2013.



Fonte: Elaboración propia a partir do de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007 – 2013.

Do mesmo xeito, nos Parques de Galicia e nas súas áreas de influencia puxéronse en marcha experiencias encamiñadas a acadar o desenvolvemento sostible destas zonas. Así, buscando experiencias como as recollidas nos apartados anteriores, pódese destacar a labor que se está levando a cabo dende o **Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés** e a súa área de influencia. Na Táboa 12 pódense observar algunhas das múltiples experiencias que se están levando a cabo nesta área.

Táboa 12

Proxectos de desenvolvemento sostible no Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés.

Proxecto e Logo	Ámbito de Aplicación	Obxectivos
Emplea Verde 	Concello de Entrimo	1. Potenciar o desenvolvemento do sector forestal sostible, como base para a creación de emprego estable e desenvolvemento rural. 2. Apoio ós sectores económicos do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés en materia de xestión ambiental, en especial ós sectores forestal e turísticos motores económicos do concello. 3. Garantir que todos os traballadores da zona estean adecuadamente sensibilizados, formados e cualificados para que poidan obter novas oportunidades de emprego. 4. Formar ós traballadores da zona na diversificación da produción forestal con produtos e servizos alternativos . 5. Fomentar unha maior participación e compromiso de xestión dos montes por parte dos seus propietarios, mediante programas de formación, extensión e divulgación dunha cultura forestal para o medio rural do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés acorde coas expectativas de futuro.
Reserva Mundial da Biosfera Xurés - Gêres 	Os concellos nos que se sitúa o Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés e o Parque Nacional de Portugal Peneda Gêres.	1. Conservación das paisaxes, os ecosistemas, as especies e a diversidade xenética. 2. Desenvolvemento económico e humano sostible dende os puntos de vista sociocultural e ecolóxico. 3. Coñecemento científico e apoio loxístico, prestando apoio a proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o medio ambiente e de investigación e observación permanente en relación con cuestións locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sostible.
Carta Europea de Turismo Sostible	Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés e a súa área de influencia	* Ver Táboa 11 Proxectos Europeos sobre Turismo Sostible


Proxecto e Logo	Ámbito de Aplicación	Obxectivos
Q de Calidade Turística 	Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés	1. Ter un sistema de xestión baseado na mellora continua, tanto no sistema de xestión como na calidade dos servizos de uso público. 2. A implantación dun sistema de avaliación continua na xestión. 3. Obtención dun selo de calidade asociado á calidade nos servizos. 4. O compromiso co entorno de garantir unha oferta de calidade.

Fonte: Elaboración propia

Tamén dende ó **Parque Natural Monte Aloia**, existen experiencias deste tipo, tendo concedido o uso do Certificado do Programa de Recoñecemento de Sistemas de Certificación Forestal (PEFC) para a súa madeira. O PEFC é unha entidade non governamental, independente e sen ánimo de lucro de ámbito mundial que promove a xestión sostible dos bosques para acadar un equilibrio social, económico e medioambiental dos mesmos. Na Figura 27 explícanse os obxectivos e as vantaxes deste sistema de certificación.

Figura 27

Obxectivos e Vantaxes do sistema PEFC de certificación.



Fonte: Elaboración propia

Outra iniciativa que se está previsto que se desenvolva e que nalgúns Parques xa se está a levar a cabo é a elaboración de **Plans de Desenvolvemento Sostible**.

2.4.- TENDENCIAS SOCIOCULTURAIS SOBRE O MEDIO NATURAL.

Nas seguintes liñas trátase de facer un pequeno bosquexo da opinión dos cidadáns galegos sobre a procedencia ou non de levar a cabo certas **medidas de protección do medio, en función das características sociais e económicas dos mesmos**. Analizarase tamén o grao de coñecemento e a participación na protección do medio natural do conxunto da poboación galega. As variables empregadas para a realización desta análise son as extraídas da “Enquisa social 2008: fogares e medio ambiente”, realizada polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Do mesmo xeito tamén se tratará de dar a coñecer a **actitude das empresas galegas fronte o medio ambiente** para o cal empregaremos o indicador do gasto realizado nesta materia polas mesmas.

Na Táboa 13, obsérvase a porcentaxe das persoas maiores de 16 anos que están a favor dalgunha medida de protección do medio, esa porcentaxe é máis alta nas mulleres que nos homes e diminúe a medida que aumenta a idade, sendo as persoas menores de 45 anos as máis concienciadas. De todas formas, en todos os casos, se obteñen porcentaxes superiores ó 90%.

Respecto a actividade económica que desenvolven, compróbase que os desempregados e ocupados a tempo parcial son o maior número de persoas que declaran estar a favor dalgunha medida, fronte ás persoas dedicadas ás labores do fogar que representan a porcentaxe máis baixa (90,4%).

Táboa 13

Persoas de 16 ou máis anos de Galicia que están a favor de determinadas medidas para a protección do medio, segundo as características da persoa seleccionada, 2008.

CARACTERÍSTICAS		A favor dalgunha medida	En contra dalgunha medida
Sexo	Home	93,1%	6,9%
	Muller	94,1%	5,9%
Idade	Menos de 45 anos	94,8%	5,2%
	De 45 a 64 anos	93,7%	6,3%
	65 ou máis anos	91,3%	8,7%
Relación coa actividade económica	Ocupados	94,6%	5,4%
	Ocupados a tempo completo	94,4%	5,6%
	Ocupados a tempo parcial	96,9%	3,1%
	Desempregados	97,3%	2,7%
	Inactivos	92,2%	7,8%
	Xubilado, prexubilado, retirado do negocio ou incapacidade permanente	92,8%	7,2%
	Labores do fogar	90,4%	9,6%
	Alumno, estudante, experiencia laboral non remunerada e outros inactivos	92,7%	7,3%

Fonte: (IGE) Instituto Galego de Estatística

Como se pode observar na Táboa 14, a porcentaxe de persoas a favor das distintas medidas de protección, **varía minimamente segundo o sexo, e en maior medida, en función da idade da persoa consultada**. De maneira xeral, as medidas que obteñen máis apoios son as de reducir o ruído das vías de circulación e restrinxir o consumo abusivo de auga, pola contra, as de pagar máis polo uso de enerxías alternativas, establecer un imposto ecolóxico ó turismo e restrinxir o uso do transporte privado son as que presentan máis persoas en contra.

Así, a medida de obrigar á separación de residuos baixo multa, equipárase en ambos sexos cun 42% de apoio, respecto á idade, existe unha maior porcentaxe entre as persoas menores de 45 anos, cun 47%.

A restrición do consumo abusivo de auga é unha medida que ten maior respaldo por parte das mulleres e entre as persoas máis novas, cun 77%.

Son os menores de 45 anos os que ofrecen un maior respaldo á medida de establecer un imposto ós combustibles máis contaminantes cun 64%. Tamén as mulleres consultadas se amosaron claramente a favor desta medida (60%).

A limitación no uso do transporte privado ten un 37% de respaldo por parte das persoas comprendidas entre os 45 e 64 anos, así como un maior apoio das mulleres (36%) fronte ós homes (35%).

En canto á medida que establecería un imposto ecolóxico ó turismo, é defendida por só o 25% das mulleres e cun apoio do 29,4% das persoas cunha idade inferior ós 45 anos.

Respecto a idea da instalación dun parque de enerxía renovable, son os homes os que maior apoio dan cun 61,1% fronte o 57,6% das mulleres, en relación a idade, son os menores de 45 anos os que máis aproban a medida cun 66%

Pagar máis polo uso de enerxías alternativas é unha medida apoiada polo 14% dos homes, fronte ó 11% das mulleres, ademais en relación coa idade, son as persoas menores de 45 anos a que máis apoian cun porcentaxe dun 15%.

Por último, a medida de reducir o ruído nas vías de circulación é unha das medidas máis demandadas, xa que a apoian o 77% dos homes e un 76% das mulleres, e conta cun apoio que alcanza os 81,6% nas persoas menores de 45 anos, número que descende ata o 72% entre os xubilados.

Táboa 14

Persoas de 16 ou máis anos de Galicia que están a favor de determinadas medidas para a protección do medio, segundo o tipo de medida, 2008.

TIPO DE MEDIDA	Sexo		Idade		
	Home	Muller	Menos de 45anos	De 45 a 64 anos	65 ou máis anos
Obrigar, baixo multa, á separación de residuos	42,6%	42,7%	46,9%	40,5%	37,2%
Restrinxir o consumo abusivo de auga	72,4%	77,4%	77,3%	73,9%	71,9%
Establecer un imposto ós combustibles máis contaminantes	58,4%	60,5%	64,2%	55,8%	55,1%
Restrinxir o uso do transporte privado	35,7%	36,8%	36,1%	37,5%	35,2%
Establecer un imposto ecolóxico ó turismo	24%	25,2%	29,4%	23,3%	17,2%
Instalación dun parque de enerxía renovable	61,1%	57,6%	66,2%	56,4%	49,5%
Pagar máis polo uso de enerxías alternativas	14,2%	11,5%	15,5%	11,8%	8,8%
Reducir o ruído das vías de circulación	77,3%	76,4%	81,6%	73,3%	72%

Fonte: Instituto Galego de Estatística

En canto a **preocupación polo medio ambiente**, de maneira xeral, pódese dicir, que gran parte da poboación (93%) de 16 anos ou máis mostran preocupación polo mesmo.

Como se pode observar na Táboa 15, **por sexos**, é o feminino o que está máis preocupado polo medio (un 94,3% das mulleres fronte o 91,7% dos homes). Por outra banda, “tiveron máis coñecementos respecto á realización dalgunha campaña de protección”, e incluso “detectaron algún problema relacionado co medio”, un maior número de homes que de mulleres.

En relación coa idade, móstrase maior preocupación polo medio ambiente, na xente de menor idade, cun 96% nas persoas menores de 45 anos, dos cales un 76% di estar moi preocupado pola situación actual do medio ambiente. Tamén este mesmo grupo de idade é o que “tivo un maior coñecemento dalgunha campaña “(60,1%) e é o que “detecta máis problemas relacionados co medio” (43,4%).

Se temos en conta o **nivel de estudos rematados**, son aquelas persoas que “posúen estudos universitarios” as que están máis concienciadas respecto ó medio ambiente, cunha porcentaxe que alcanza o 100%. Pola contra, as persoas que menos se preocupan son as que “non posúen estudos ou os que non chegaron a rematalos”, cun 85,5%. Na mesma liña, son os que “cursaron estudos universitarios de segundo ciclo ou equivalentes”, os que coñecen máis campañas (77%) e detectan máis os problemas relacionados co medio (54,7%).

En canto á **relación coa actividade económica**, son os “ocupados a tempo parcial” os máis preocupados polo medio (97,2%), fronte ós “xubilados, prexubilados, retirados do negocio ou os que posúen unha incapacidade permanente” (87,8%).

Táboa 15


Persoas de 16 ou máis anos preocupadas polo medio (preocupación, coñecemento e detección dalgún problema) segundo características da persoa seleccionada. Ano 2008.

CARACTERÍSTICAS		Preocupadas polo medio	Moi preocupadas	Tiveron coñecement o dalgunha campaña	Detectaron algún problema relacionado co medio
Sexo	Total	93,1%	69%	50,6%	35,4%
	Home	91,7%	65,3%	51,7%	35,8%
	Muller	94,3%	72,4%	49,5%	35%
Idade	Menos de 45 anos	96%	76%	60,1%	43,4%
	De 45 a 64 anos	92,6%	69,7%	48,7%	34%
	65 ou máis anos	88,2%	54,9%	34,5%	21,6%
Nivel de estudos rematados	Sen estudos ou estudos primarios incompletos	85,5%	48,8%	30,2%	20,8%
	Estudos primarios ou equivalentes	93,2%	69,4%	38,2%	26,6%
	Ensino secundario de primeira etapa	93,5%	70%	51,8%	36,6%
	Estudos de bacharelato	95,9%	74,5%	65,6%	46,5%
	Ensinanzas profesionais de grao medio ou equivalentes	95,3%	76,4%	59,7%	42,4%
	Ensinanzas profesionais de grao superior ou equivalentes	96,1%	78,4%	64,8%	52,4%
	Estudos universitarios de primeiro ciclo ou equivalentes	96,5%	73,4%	68,8%	37,4%
	Estudos universitarios de segundo ou terceiro ciclo ou equivalentes	100%	93%	77%	54,7%
Relación coa actividade económica	Ocupados	96,1%	76,1%	59,5%	39,9%
	Ocupados a tempo completo	96%	77,4%	59,7%	40,3%
	Ocupados a tempo parcial	97,2%	63,1%	57,5%	35,5%
	Desempregados	91,9%	79,1%	50,5%	49,3%
	Inactivos	90,1%	60,6%	41,3%	29,1%
	Xubilado, prexubilado, retirado do negocio ou incapacidade permanente	87,8%	52,9%	35,1%	20,4%
	Labores do fogar	93,2%	75,3%	42,1%	37,5%
	Alumno, estudante, experiencia laboral non remunerada e outros inactivos	92,7%	63,2%	59%	43,7%

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Na **Figura 28**, observamos como **tan só o 18% das persoas de 16 ou máis anos participaron nalgunha ocasión en actividades relacionadas co medio, fronte o 81% que nunca participou.**

Figura 28
Persoas de 16 ou máis anos que participaron
en actividades relacionadas co medio, 2008.




Fonte: Instituto Galego de Estatística

Respecto as **actividades relacionadas co medio**, na Figura 29, observamos como o 13% das persoas de 16 ou máis anos colaboraron nalgunha ocasión firmando contra situacións que prexudican ó medio. Seguido dun 6,4% das persoas que se manifestaron contra situacións que prexudiciais para o medio. A porcentaxe de persoas que realizaron algunha denuncia persoalmente é dun 3,8%, así mesmo as persoas que colaboraron con algunha organización na defensa do medio e as persoas que participaron nalgún voluntariado ambiental diminúen sendo un 3,5% e un 2,7% respectivamente.

Figura 29

Persoas de 16 ou máis anos que participaron en actividades relacionadas co medio segundo o tipo de actividade, 2008.



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Na **Táboa 16**, obsérvanse os gastos que presentan as empresas galegas en **protección ambiental** nos últimos anos.

As empresas galegas aumentaron o gasto en materia de protección ambiental no ano 2007 respecto ó 2003, presentando 221,816 millóns € de investimento total.

Respecto ós equipos e instalación independentes, son as emisións ó aire con 34,781 millóns € as que teñen un maior gasto, pola contra sitúanse os ruídos e vibracións cun gasto bastante inferior de 430 mil €.

En canto ós equipo integrados, onde máis inversión se realiza e no relacionado coas instalacións para reducir as emisións de contaminantes atmosféricos (140,331 millóns €).

Por outra banda, onde menor gasto se realiza son nas instalacións para reducir o uso de materias primas contaminantes (640 mil €), así como instalación para reducir os ruídos e as vibracións (217 mil €).

Táboa 16
Gasto das empresas galegas en protección ambiental (€), 2003-2007.

CONCEPTOS	2003	2005	2007	Variación 2003- 2007
INVESTIMENTO TOTAL	43.659.500	97.217.281	221.816.507	408,06%
Equipos e instalacións independentes	29.695.323	33.394.585	67.651.903	127,82%
Emisións ó aire	8.488.014	10.168.952	34.781.960	309,78%
Augas residuais	10.171.200	13.608.051	10.503.795	3,27%
Residuos	2.008.472	1.555.244	4.593.418	128,70%
Solos e augas subterráneas	1.509.781	1.998.614	1.580.313	4,67%
Ruídos e vibracións	1.113.013	790.592	430.027	-61,36%
Natureza	5.845.962	4.981.766	13.337.808	128,15%
Outros ámbitos (radiacións, I+D, ...)	558.881	291.366	2.424.582	333,83%
Equipos integrados	13.964.177	63.822.696	154.164.604	1.004,00%
Instalacións para reducir as emisións de contaminantes atmosféricos	3.348.704	44.783.974	140.331.285	4.090,61%
Instalacións para o aforro e a reutilización da auga	1.423.113	2.837.154	3.098.093	117,70%
Instalacións que xeran menos residuos	2.184.592	3.545.851	2.840.778	30,04%
Instalacións para reducir o uso de materias primas contaminantes	2.270.641	1.435.914	640.108	-71,81%
Instalacións para reducir o consumo de materias primas e enerxía	1.509.090	6.925.016	4.696.830	211,24%
Instalacións para reducir os ruídos e as vibracións	122.096	733.692	217.565	78,19%
Instalacións para aplicar procesos de produccións máis caros e menos contaminantes	1.194.425	1.132.974	1.553.551	30,07%
Outras instalacións	1.911.516	2.428.121	786.394	-58,86%
GASTOS CORRENTES	72.070.830	81.804.270	89.147.663	23,69%


(O total do CNAE 1993 das letras c, d e e.)

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

A **Figura 30** amosa a evolución do número de organizacións galegas, tanto públicas como privadas, que de forma voluntaria se rexistraron no EMAS (**Eco-Management and Audit Scheme**, ou **Reglamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría**), e desexan avaliar e mellorar o seu rendemento medioambiental, acadando de tal modo, minimizar os impactos das actividades de calquera organización do sector público ou privado sobre o medio ambiente, permitindo ás mesmas avaliar e mellorar o seu comportamento ambiental e difundir a información oportuna ó público e outras partes interesadas.

A evolución do número de empresas rexistradas no EMAS pasou nos últimos anos da inexistencia a sobre pasar o centenar no ano 2007.

Figura 30
Número de empresas rexistradas no EMAS en Galicia, 1999-2007.



Fonte: Sistema de Información Ambiental de Galicia

2.5.- TENDENCIAS SOCIOECONÓMICAS.

Neste apartado levarase a cabo unha análise das principais tendencias sociais de Galicia, así como do sistema empresarial galego, como entorno xeral das actividades desenvoltas nas áreas de influencia dos Parques de Galicia.

2.5.1.- Territorio e Poboación.

A **superficie total da Comunidade Autónoma de Galicia** acada os 29.574 quilómetros cadrados e a **densidade de poboación**, no ano 2009, era de 94,5 persoas por quilómetro cadrado, como se observa na Táboa 17. Por provincias, Pontevedra, con 213,5 habitantes por quilómetro cadrado é a que presenta unha maior densidade de poboación. No outro extremo atópase Lugo, con 36 persoas por quilómetro cadrado.

Ademais cabe destacar que as 30.098 entidades singulares e as 3.778 colectivas de Galicia, supoñen o 48,9% das entidades singulares e o 76,7% das parroquias de España.


Táboa 17
Principais datos do territorio. Ano 2009.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Superficie (km2)	7.950	9.856	7.273	4.495	29.574
Densidade (hab./km2)	144,1	36	46,1	213,5	94,5
Concellos	94	67	92	62	315
Entidades colectivas	932	1.264	916	666	3.778
Entidades singulares	10.398	9.771	3.684	6.245	30.098
Núcleos	4.049	1.335	2.594	2.305	10.283
Diseminados	6.403	8.591	1.178	4.312	20.484

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

A **superficie forestal total acapara case o 70% dos usos do solo en Galicia** (ver Figura 31), sendo maioritario o uso forestal arborado respecto ó desarborado. Pola súa parte, o uso agrícola representa practicamente o 30% sobre o total, mentres que unha parte residual está destinada a usos improdutivos/urbanizado e a humidaís e auga.

Figura 31
Usos do solo en Galicia.




Fonte: "El Sector Forestal en Galicia: Problemática y alternativas de futuro" 2009.
Asociación Galega Monte Industria

O saldo vexetativo ou crecemento natural da poboación (ver Figura 32) calcúlase como a diferenza entre o número de nacementos producidos nun ano e o número de defuncións. Un saldo vexetativo negativo indica que nese ano morreron máis persoas das que naceron. O aumento do número de nacementos e a diminución das defuncións provocou **unha mellora do saldo vexetativo** que pasa de -8.407 en 2007 a -7.445 no ano 2009.

Figura 32

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia. 1975-2009.



Fonte: IGE-INE: Movemento natural da poboación

O día 1 de xaneiro de 2009 residían en Galicia 2.796.089 persoas, segundo as cifras oficiais de poboación facilitadas polo padrón municipal de habitantes (ver Táboa 18). No período consultado (2005 - 2009), o número de residentes en Galicia aumentou en 33.891 persoas, o que supón un incremento do 1,23%. Pese a este incremento, pódese falar de estancamento no crecemento da poboación, debido á diminución de poboación que sofren as provincias de Ourense e Lugo (-1,15% e -0,68% respectivamente), que compensan levemente as provincias de Pontevedra e A Coruña.

Táboa 18


Poboación segundo sexo. Galicia 2005-2009.

	Homes		Mulleres		Total		Variación 05-09		
	2005	2009	2005	2009	2005	2009	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	541.189	550.841	585.518	594.647	1.126.707	1.145.488	1,78%	1,56%	1,67%
Lugo	173.399	172.943	184.226	182.252	357.625	355.195	-0,26%	-1,07%	-0,68%
Ourense	163.012	161.454	176.543	174.188	339.555	335.642	-0,96%	-1,33%	-1,15%
Pontevedra	453.103	464.365	485.208	495.399	938.311	959.764	2,49%	2,10%	2,29%
Galicia	1.330.703	1.349.603	1.431.495	1.446.486	2.762.198	2.796.089	1,42%	1,05%	1,23%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


O **índice de envellecemento** (ver Figura 33), calculado como o cociente entre o grupo de poboación de “65 ou máis anos” entre os “mozos menores de 16”, mostra o grao de envellecemento que sofre a poboación. No ano 2009 en Galicia, este índice acadou o valor de 176,22, é dicir, por cada 100 mozos menores de 16 anos, residían en Galicia 176 maiores de 65 ou máis anos.

Figura 33
Índice de envellecemento. Galicia 2002 – 2010.



Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

**Figura 34 Pirámides de poboación
de Galicia, 1999-2009-2019.**



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


As pirámides amosan unha **clara tendencia ó envellecemento**. Apréciase unha alta esperanza de vida para ambos sexos, e unha diminución da poboación xoven, debido principalmente á baixa taxa de natalidade. En canto á proporción de poboación por sexo, esta mantense equilibrada en todos os rangos de idade, aínda que a partir dos 60-64 anos é maior a porcentaxe de poboación feminina, debido fundamentalmente á sobre mortalidade masculina e a maior esperanza de vida da muller con respecto ó home.

2.5.2.- Renda e Gasto dos fogares galegos.

Como se pode observar na Figura 35, a maior parte dos fogares galegos ingresaron de media entre 1.000 e 2.000 euros mensuais no ano 2008, sendo a media dos ingresos dos fogares galegos de 2.029 euros ó mes.

No relativo ós extremos, existe en torno a un 8% de fogares que ingresaron máis de 4.000 euros nos anos 2007 e 2008, e unha porcentaxe practicamente idéntica de fogares que ingresaron menos de 600 euros ó mes.

Figura 35
Fogares segundo o intervalo de ingresos mensuais. Galicia 2007-2008.



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Durante o ano 2009, como ilustra a Táboa 19, cada fogar galego dedicou de media 29.001 euros para os gastos de consumo, o que significa un total de máis de mil euros menos que no ano anterior. Por grupos de gasto, os fogares galegos destinaron o 25% do seu orzamento a gastos relacionados coa vivenda; o 17% a alimentos e bebidas non alcohólicas; e o 13% ó transporte; deixando para o ocio, espectáculos e cultura un 8%, ó igual ca nos 3 anos anteriores.

Táboa 19
Gasto medio por fogar por grupos de gasto. Galicia 2006-2009.


Grupos de gasto	2006	2007	2008	2009	Variación 06-09
Alimentos e bebidas non alcohólicas	4.519	5.003	5.330	5.044	11,61%
Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	550	609	580	575	4,58%
Artigos de vestir e calzado	2.314	2.333	2.066	1.962	-15,23%
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	6.216	6.563	6.888	7.375	18,66%
Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda	1.811	1.671	1.655	1.592	-12,10%
Saúde	839	879	973	983	17,15%
Transportes	4.512	4.338	4.674	3.807	-15,61%
Comunicacións	800	868	888	864	8,10%
Ocio, espectáculos e cultura	1.701	1.743	1.748	1.731	1,74%
Ensino	229	202	195	185	-19,17%
Hoteis, cafés e restaurantes	2.366	2.824	2.758	2.565	8,39%
Outros bens e servizos	2.353	2.244	2.395	2.319	-1,45%
Total	28.209	29.277	30.149	29.001	2,81%

Fonte: INE. Enquisa de orzamentos Familiares

2.5.3.- Sistema Empresarial.

Nas seguintes liñas, farase unha breve referencia sistema empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal empregárase unha **metodoloxía de cadeas empresariais** que permita analizar as interrelacións existentes entre as diferentes actividades empresariais e as empresas que conforman cada cadea, así como as interrelacións entre elas. Na Figura 36 descríbense os distintos eslabóns de actividades que conforman unha cadea empresarial e que a continuación se definen especificando as actividades que as comprenden.

Figura 36
Modelo de Cadea empresarial.



Fonte: Elaboración propia

Actividades principais: comprenden as actividades extractoras de materia prima, os transformadores intermedios, os creadores de produto e os comercializadores.

Actividades de suministros complementarios: abastecen de inputs complementarios as actividades principais.

Actividades de equipamento: maquinaria, equipos, instalacións e outros instrumentos necesarios para o desenvolvemento da actividade principal.

Actividades de apoio: servizos a empresas, formación de investigadores, transporte, entre outros, que favorecen o desenvolvemento eficiente das actividades empresariais.

Téñense en conta **21 cadeas empresariais** (ver Figura 37), incluíndo en cada unha delas as actividades principais e as actividades de suministros complementarios, de equipamento e de servizos de apoio máis especificamente relacionados. Tamén se teñen en conta en cada cadea, as actividades de comercialización específicas.

Figura 37
Cadeas empresariais para o estudo do sistema empresarial de Galicia.

- | | |
|--------------------------|---|
| ☐ | Pesca e Produtos Transformados do Mar |
| ☐ | Forestal e Produtos Transformados da Madeira |
| ☐ | Agricultura e Gandería e os seus Transformados |
| ☐ | Rochas Ornamentais e Produtos non Metálicos |
| ☐ | Automoción |
| ☐ | Construción e Reparación Naval |
| ☐ | Química-Farmacéutica |
| ☐ | Textil-Confección-Moda e Complementos |
| ☐ | Construción e Promoción Inmobiliaria |
| ☐ | Turismo, Ocio e Relacionados |
| ☐ | Información, Cultura e Audiovisual |
| ☐ | Comercio e Distribución non Específicos |
| ☐ | Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálicos |
| ☐ | Tecnoloxías da Información e a Comunicación |
| ☐ | Medioambiente |
| ☐ | Enerxía |
| ☐ | Loxística e Transporte |
| ☐ | Servizos Financeiros |
| ☐ | Servizos intanxibles a empresas e outras organizacións |
| ☐ | Educación e Saúde |
| ☐ | Outras Actividades en Xeral |


Fonte: Elaboración propia

En primeiro lugar analizarase o Valor Engadido Bruto (VEB), así, entre as **Cadeas empresariais específicas, por riba dos dous mil millóns de euros** de xeración de VEB, atópanse as Cadeas de Construción e Promoción Inmobiliaria; Turismo, Ocio e Relacionados; Agricultura e Gandería e os seus Transformados; Automoción; Pesca e Produtos Transformados do Mar, e moi cerca en cifras absolutas, a Cadea de Textil-Confección-Moda-Complementos. Por riba de mil millóns de euros atópanse a Cadea Forestal e Produtos Transformados da Madeira e a da Química- Farmacéutica.

Entre as **Cadeas horizontais con maior peso** están Servizos Financeiros; Educación e Saúde; Loxística e Transporte; Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálicos Específicos e Outras actividades.

En conclusión, pódese apreciar a importancia na xeración de riqueza de Galicia de actividades ligadas a cadeas de carácter transformador como son as de construción, agricultura e gandería, automoción e pesca xunto a outras actividades ligadas a cadeas de servizos como as financeiras, turismo, educación e loxística.

Figura 38
Estimación do peso relativo do VEB privado de
cada cadea sobre o total do VEB de Galicia. 2007.



Fonte: González Gurriarán, J; Figueroa Dorrego, P. "Visión estratéxica do sistema empresarial privado de Ourense e a súa área de influencia"

Debido ó maior crecemento da Construción nos últimos anos con respecto a outras cadeas, esta actividade ten un peso importante (18,17%) na produción global de Galicia. O resto de actividades principais está máis repartido, Automoción, 9,04%; Turismo, Ocio e relacionados, 8,22%; Agricultura e Gandería e os seus transformados, 7,01%; Pesca e os seus transformados, 6,94%; Textil-Confeción-Moda e complementos, 4,25%; Forestal e produtos transformados da Madeira, 3,90%; Química-Farmacéutica, 3,82%; Construción Naval, 2,78% e Rocas Ornamentais, 2,36%, se ben se observa unha certa orde na importancia de estas actividades, que intercambia lixeiramente o observado no VEB pola existencia de actividades con moita xeración de produto pero que relativamente obteñen un VEB inferior a outras.


Entre as **cadeas horizontais**, destaca a importancia de Bens de Equipo co 6,45%, a cadea de Enerxía (4,71%), TIC con 1,40% e con valores máis baixos,

Medioambiente có 0,59%. As cadeas relacionadas con servizos aportan máis do 20% da produción de Galicia.

Pese a estes valores débese ter en conta a situación actual de recesión da economía que fai que cadeas como a construción perdan peso no conxunto, e tamén que moitas outras actividades se vexan afectadas.

Figura 39

Distribución porcentual da produción estimada por cadeas do Sistema Empresarial Privado de Galicia (2007).



Fonte: González Gurriarán, J; Figueroa Dorrego, P. "Visión estratéxica do sistema empresarial privado de Ourense e a súa área de influencia"


No ano 2009, as exportacións galegas rexistraron un valor de máis de 13.750 millóns de euros, un 12,58% menos que no ano anterior (ver Táboa 20). En canto ás importacións, estas diminuíron un 16,57%, situándose en máis de 2.500 millóns de euros menos que no ano 2008. **A Unión Europea é o principal destino e orixe das mercancías galegas.** Como se observa na Figura 40, na distribución destas operacións destacan os países da Unión Europea dos 27 con porcentaxes sempre superiores o 50% e o 70% para as importacións e exportacións respectivamente.

Táboa 20
Comercio exterior e intracomunitario segundo
áreas e países. Miles de euros. Galicia 2005-2009.

		Total	UE27	América Latina	Resto
Exportacións	2005	12.162.714,9	8.876.288,0	544.033,7	2.742.393,2
	2006	14.619.997,6	10.326.177,3	574.721,9	3.719.098,4
	2007	16.670.018,6	12.368.043,7	663.780,4	3.638.194,5
	2008	15.740.086,8	11.990.244,2	596.730,0	3.153.112,6
	2009	13.759.676,9	10.579.959,5	468.946,0	2.710.771,4
Importacións	2005	13.757.202,5	7.158.492,5	1.451.766,9	4.747.286,7
	2006	15.643.561,8	8.373.336,5	1.851.423,3	5.474.448,4
	2007	16.152.042,1	9.456.615,0	1.795.776,9	5.080.640,4
	2008	15.498.547,8	8.413.357,7	1.614.786,7	6.158.835,8
	2009	12.929.784,3	7.609.087,4	926.354,3	5.320.696,9

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Figura 40
Comercio exterior e intracomunitario segundo áreas e
países en porcentaxe sobre o total. Galicia 2005-2009.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


En canto a tipoloxía de empresas en, Galicia o 51,28% das empresas non ten asalariados (ver Figura 41). Segundo o “Directorio Central de Empresas” o 1 de xaneiro de 2010 o número de empresas activas con sede social en Galicia é de 198.874, un 2,21% menos ca no ano 2008 (ver Táboa 21).

Táboa 21
Empresas por estrato de asalariados. Galicia 2008-2010.

	2008	2009	2010	Variación 08 -10
Total	203.374	201.263	198.874	-2,21%
Sen asalariados	100.126	101.074	101.988	1,86%
De 1 a 2 asalariados	61.904	59.892	58.779	-5,05%
De 3 a 5 asalariados	21.512	21.303	20.492	-4,74%
De 6 a 9 asalariados	9.213	8.982	8.622	-6,41%
De 10 a 19 asalariados	5.886	5.538	4.937	-16,12%
De 20 a 49 asalariados	3.317	3.118	2.788	-15,95%
De 50 a 99 asalariados	821	790	741	-9,74%
De 100 a 199 asalariados	340	331	300	-11,76%
De 200 a 499 asalariados	183	170	168	-8,20%
De 500 a 999 asalariados	34	31	25	-26,47%
De 1000 a 4999 asalariados	33	29	29	-12,12%
De 5000 ou máis asalariados	5	5	5	0,00%

Fonte: INE. DIRCE

Figura 41
Empresas activas por estrato de asalariados. Galicia. Ano 2010.



Fonte: INE. DIRCE

Nota: non se cobre a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración central, autonómica e local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico. Empresas con sede social en Galicia. Resultados referidos ó 1 de xaneiro de 2010.

2.5.4.- Emprego.

No 2009 a taxa de paro en Galicia subiu ata o 12,6%. No mesmo ano Galicia contaba con 1.317.400 activos, dos cales 1.151.400 estaban ocupados e 165.900 parados. Con respecto ó ano anterior produciuse unha caída do 4,06% no número de ocupados e un incremento do 44,64% no número de parados. Aumento máis significativo no caso dos homes, chegando a uns valores do 56%.

Táboa 22
Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación
coa actividade económica. Galicia. Ano 2009.

Datos en Miles de persoas				Variación
		2008	2009	08 - 09
Ambos sexos	Activos	1314,8	1317,4	0,20%
	Ocupados	1200,1	1151,4	-4,06%
	Parados	114,7	165,9	44,64%
	Inactivos	1072,8	1068,9	-0,36%
	Total	2387,6	2386,2	-0,06%
Homes	Activos	730,7	739,9	1,26%
	Ocupados	673	649,7	-3,46%
	Parados	57,7	90,2	56,33%
	Inactivos	404,7	422,4	4,37%
	Total	1135,4	1162,3	2,37%
Mulleres	Activos	584,1	577,4	-1,15%
	Ocupados	527	501,7	-4,80%
	Parados	57,1	75,7	32,57%
	Inactivos	668,1	646,5	-3,23%
	Total	1252,2	1223,9	-2,26%

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Dos 1.151.400 ocupados existentes en Galicia no ano 2009, o 20,75% eran traballadores por conta propia (empresario ou membro de cooperativa), o 78,06% asalariados (tanto do sector público como do sector privado) e o 1,2% restante atopábase noutra situación profesional (axuda familiar ou outra situación).


Táboa 23
Poboación ocupada segundo a situación
profesional e o sexo. Miles de Persoas. Galicia 2008-2009.

Datos en Miles de Persoas	Total		Homes		Mulleres		Variación		
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	Total	Homes	Mulleres
Total	1.200,1	1.151,4	672,7	628,7	527,4	522,7	-4,06%	-6,54%	-0,89%
Empresario ou membro de cooperativa	257,2	238,9	153,5	140,4	103,7	98,6	-7,12%	-8,53%	-4,92%
Axudas familiares	19,2	13,4	9,8	7,1	9,4	6,3	-30,21%	-27,55%	-32,98%
Asalariados	922,9	898,8	509,2	481	413,7	417,7	-2,61%	-5,54%	0,97%
Outra situación	0,8	0,4	0,2	0,2	0,6	0,1	-50,00%	0,00%	-83,33%

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

En canto á distribución por sexos do número de ocupados por sector económico, a maior diferenza atópase no número de ocupados no sector servizos, onde se atopan ó 82% das mulleres fronte o 52% dos homes. Similar é o caso da construción e a industria para os homes, onde se atopan ocupados o 17% e 22% respectivamente, fronte ó 2% e o 9% das mulleres.

Figura 42
Ocupados por sector económico e sexo. Galicia 2009.




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No ano 2009 o 73,26% dos asalariados galegos tiñan un contrato indefinido. No ano anterior esta porcentaxe era do 69,36%.

Figura 43

Poboación asalariada por xénero e tipo de contrato. Galicia 2008-2009.




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Metodoloxía EPA 2005

No ano 2009 o 89,09% dos ocupados galegos traballaron a xornada completa. Por sexos, o 4,55% dos homes tiña xornada parcial, mentres que a porcentaxe de mulleres con este tipo de xornada situábase moi por riba deste valor, cun 18,62%.

Figura 44

Ocupados por tipo de xornada, sexo e ocupación. Galicia 2009.



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

2.5.5.- Servizos Públicos.

En Galicia, a maior concentración de centros educativos atópase na provincia de A Coruña seguida de Pontevedra, e dicir, existe un maior número de centros educativos nas provincias costeiras de Galicia en detrimento das do interior.

Táboa 24
Centros educativos non Universitarios. Galicia curso 2010-2011.

	Centro de Educación Infantil e Primaria	Institutos de Educación Secundaria	Centros Privados
Coruña, (A)	250	104	104
Lugo	104	40	30
Ourense	93	30	37
Pontevedra	230	88	112
Galicia	677	262	283

Fonte: Consellería de educación e ordenación universitaria

No curso 2009-2010 incrementouse o número de alumnos matriculados en case un 0,9%, o que supón en termos absolutos, 3.183 alumnos máis que no curso 2008-2009 (ver Táboa 25). Os alumnos que máis contribuíron a este incremento foron os matriculados na educación primaria e nos ciclos formativos de adultos. Por provincias obsérvase como as da costa (A Coruña e Pontevedra) case cuadruplican en número de matriculados ás do interior (Lugo e Ourense) para o curso 2009-2010.

Táboa 25

Alumnos matriculados na educación non universitaria de réxime xeral. Cursos 08-09, 09-10.


	2009-2010					2008 - 2009	Variación
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	Galicia	
Educación infantil	27.466	6.383	6.120	25.190	65.159	64.339	1,27%
Educación primaria	52.586	13.271	12.531	49.973	128.361	126.436	1,52%
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	35.758	9.804	9.460	34.241	89.263	91.825	-2,79%
Bacharelato ordinario	13.295	3.817	3.504	11.564	32.180	32.258	-0,24%
Ciclos formativos	12.654	3.071	2.502	10.616	28.842	28.985	-0,49%
Programas de cualific. profesional inicial	1.010	214	274	1.035	2.533	2.177	16,35%
Bacharelato de adultos	3.932	687	472	1.370	6.461	6.019	7,34%
Ciclos formativos de adultos	1.892	622	336	1.952	4.802	3.573	34,40%
Ensinanzas básicas e ESO de adultos	3.290	807	975	3.349	8.421	7.226	16,54%
Educación especial	638	83	79	482	1.282	1.283	-0,08%
Total	152.521	38.759	36.253	139.772	367.304	364.121	0,87%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos provisionais

En canto á sanidade, no ano 2008 o gasto por habitante do SERGAS incrementouse nun 10% respecto ó ano anterior. Ademais na última década, o gasto por habitante incrementouse en máis do dobre, pasando de 645,12 euros en 1998 a 1.329,67 no ano 2008.

Figura 45

Evolución do gasto por habitante do Servizo Galego de Saúde. 1982-2008.



Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2008

PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA

CAPÍTULO 3. ANÁLISE DOS PARQUES DE GALICIA E AS SÚAS ÁREAS DE INFLUENCIA.

ÍNDICE DE CONTIDO

3.1.- PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS PARQUES DE GALICIA.....	101
3.2.- PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.	113
3.2.1.- <i>Caracterización e análise do territorio e poboación das áreas de influencia dos Parques.</i>	113
3.2.2.- <i>Caracterización e análise do sistema empresarial das áreas de influencia.</i>	127
3.2.3.- <i>Caracterización e análise dos servizos públicos das áreas de influencia dos Parques.</i>	166
3.3.- PARQUES DE GALICIA E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO: VISIÓN DOS AXENTES RELACIONADOS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.....	173
3.3.1.- <i>Ámbito público e infraestruturas.</i>	173
3.3.2.- <i>Ámbito social e económico-empresarial.</i>	176
3.3.3.- <i>Ámbito do Parque Natural e da súa vinculación coa Área de Influencia</i>	182
3.3.4.- <i>Aspectos do ámbito de investigación e desenvolvemento.</i>	186
3.4.- CAPACIDADE E GRAO DE ACTRATIVO DAS ACTIVIDADES PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NAS ÁREAS DE INFLUENCIA	189
3.4.1.- <i>Atractivo e capacidade de desenvolvemento de actividades socioeconómicas.</i>	190
3.4.2.- <i>Importancia das actividades a desenvolver ou impulsar polos Parques.</i>	204
3.5.- ALGUNHAS IDEAS DE ACTUACIÓNS REALIZADAS POLOS AXENTES RELACIONADOS PROPOSTAS NAS ENTREVISTAS E AS MESAS DE EXPERTOS.....	205
3.5.1.- <i>Ideas no ámbito público e infraestruturas.</i>	206
3.5.2.- <i>Ideas no ámbito económico – empresarial.</i>	207
3.5.3.- <i>Ideas no ámbito de I+D+i.</i>	210
3.5.4.- <i>Ideas no ámbito dos Parques de Galicia.</i>	211

3.- CAPÍTULO 3.- ANÁLISE DOS PARQUES DE GALICIA E AS SÚAS ÁREAS DE INFLUENCIA.

3.1.- PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS PARQUES DE GALICIA

Neste apartado farase unha **análise dos propios Parques de Galicia**, con referencia tanto ós seus instrumentos de planificación legal, como ós recursos humanos cos que conta, ou incluso un pequeno resumo dos seus principais equipamentos.

Na actualidade son **7 os Parques que se atopan na comunidade galega**, seis naturais e un nacional. (ver Táboa 26).

O primeiro Parque Natural declarado en Galicia foi o Parque Natural Monte Aloia no ano 1979, sendo o único dos actuais Parques Naturais de Galicia ata o ano 1992 cando o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán se protexeu baixo a mesma figura. Foi entón na década dos noventa e nos primeiros anos da seguinte cando os demais Parques foron declarados. O último espazo en unirse á lista dos Parques Naturais de Galicia foi o da Serra da Enciña da Lastra no ano 2002, ano no que tamén se declara o único Parque Nacional existente en Galicia: o Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e que ata ese momento conformaba o Parque Natural de Cíes.

Táboa 26
Parques de Galicia.

PARQUES	Provincia	Ano de declaración	Superficie total (ha)	Superficie terrestre (ha)	Superficie marítima (ha)
Monte Aloia	Pontevedra	1979	746,29	746,29	--
Corrubedo	A Coruña	1992	996,25	996,25	--
Baixa Limia Serra do Xurés	Ourense	1993	29.345	29.345	--
Fragas do Eume	A Coruña	1997	9.125,65	9125,65	--
Invernadeiro	Ourense	1997	5.722,00	5.722,00	--
Illas Atlánticas	Pontevedra	2002	8.480,00	1.194,80	7.285,20
Serra da Enciña da Lastra	Ourense	2002	3.151,67	3.151,37	--

Fonte: Europarc e Parques de Galicia

Tal e como se sinalou no capítulo anterior, os principais instrumentos de planificación dos Espazos Naturais Protexidos son os PORN e os PRUX. Polo que respecta ós Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), todos os Parques de Galicia contan con este instrumento (ver Táboa 27).

Táboa 27

Plans de Ordenacións dos Recursos Naturais vixentes nos Parques de Galicia.

PARQUES	DATA DA DISPOSICIÓN	NOME DA DISPOSICIÓN
Monte Aloia	27 de Setembro do 2001	Decreto 274/2001, do 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Monte Aloia.
Corrubedo	5 de Xuño de 1992	Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
Baixa Limia – Serra do Xurés	19 de Febreiro de 2009	Decreto 64/2009, do 19 de Febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés..
Fragas do Eume	2 de Maio de 1996	Decreto 211/1996, do 2 de Maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espazo Natural das Fragas do Eume.
Invernadeiro	27 de Maio de 1999	Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Invernadeiro.
Illas Atlánticas	21 de Outubro de 1999	Decreto 274/1999, do 21 de Outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas de Galicia.
Serra da Enciña da Lastra	28 de Febreiro de 2002	Decreto 77/2002 do 28 de Febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra da Enciña da Lastra.

Fonte: Elaboración propia

Polo que respecta ós **Plans Reitores de Uso e Xestión**, tan só dous dos sete Parques que existen na Comunidade Autónoma de Galicia, contan ou contaron, con este instrumento, e **unicamente o PRUX do Parque Natural Monte Aloia está vixente na actualidade** (ver Táboa 28).

Táboa 28
Plans Reitores de Uso e Xestión dos Parques de Galicia.

PARQUES	DATA DA DISPOSICIÓN	NOME DA DISPOSICIÓN	VIXENCIA
Monte Aloia	19 de Febreiro de 2009	Decreto 65/2009, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia.	Vixente
Baixa Limia – Serra do Xurés	28 de Maio de 1998	Decreto 155/1998, do 28 de maio, polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa – Limia Serra do Xurés.	Non Vixente

Fonte: Elaboración propia

Máis do **50% dos traballadores dos Parques de Galicia** atópanse concentrados nos Parques das Illas Atlánticas de Galicia e Baixa Limia – Serra do Xurés, con 33 e 32 traballadores respectivamente.

Por **régime laboral** o maior número de traballadores localízase naqueles que están contratados baixo a modalidade de laborais (63% do total).

Táboa 29
Traballadores nos Parques de Galicia por réxime laboral.

PARQUES	Funcionarios	Laborais	Externos	Total	Superficie total (ha)	Núm. Medio de persoas por superficie
Illas Atlánticas	17	15	1	33	8.332,8	0,004
Fragas do Eume	5	9	0	14	9.076,82	0,002
Corrubedo	1	11	2	14	996,25	0,014
Monte Aloia	2	7	3	12	746,29	0,016
Baixa Limia Serra do Xurés	5	25	2	32	29.345	0,001
Invernadeiro	2	7	0	9	5.722	0,002
Serra da Enciña da Lastra	1	0	2	3	3.151,67	0,001
GALICIA	33	74	10	117	57.370,83	0,002

Fonte: Europarc e Parques de Galicia

Por **áreas de xestión**, a maior parte dos traballadores atópanse asociados ás funcións de vixilancia e mantemento.

Destaca a **inexistencia de persoal vinculado ás tarefas de desenvolvemento económico e de investigación**.

Táboa 30
Distribución do persoal de Parques de Galicia por áreas de xestión.

PARQUES	Xestión (admón. e dirección)	Uso público	Conserva ción	Vixilancia	Investiga ción	Mantemen to	Desenvolve mento Económico
Illas Atlánticas	8	6 + 12*	9	12	0	4	0
Fragas do Eume	1	0	0	7	0	6	0
Corrubedo	1	2	1	5	0	5	
Monte Aloia	1	3	2	1	0	5	0
Baixa Limia Serra do Xurés	2	1	1	13	0	13	0
Invernadeiro	1	0	0	3	0	5	0
Serra da Enciña da Lastra	1	2	1		0	0	
GALICIA	15	26	14	41	0	38	0


*Dato correspondente a persoal eventual
Fonte: Europarc e Parques de Galicia

A **atención ós visitantes** é unha das áreas de xestión que máis esforzo supón á hora de compatibilizar o uso recreativo e social dos Parques coa súa finalidade de conservación e protección do medio. Neste senso, coñecer os datos sobre a afluencia de visitantes tornase imprescindible para poder planificar axeitadamente as actuacións.

No caso galego, a totalidade dos Parques Naturais rexistran o número de persoas que acoden ós seus centros de visitantes, namentres que o único Parque Nacional de Galicia ofrécenos o dato do total de visitantes que o visitaron.

A **suma total das visitas rexistradas** nos Parques Naturais de Galicia para o ano **2007 era de 64.475 persoas**. No ano **2008**, o número de persoas que visitou algún dos seis Parques Naturais de Galicia, aumentou considerablemente (**77.180 persoas**), para finalmente no ano **2009** tras outro lixeiro crecemento situarse nos **78.947 visitantes**.


Figura 46
Evolución do número de visitantes ós centros de
visitantes da rede de Parques Naturais de Galicia (2007,2009).



Fonte: Parques Naturais de Galicia e Anuario Europarc 2009
*Nota: Non se inclúe O Parque Nacional das Illas Atlánticas

En canto á **distribución das visitas** (Figura 47), podemos falar de que existen grandes diferenzas na afluencia de persoas segundo o Parque Natural do que esteamos a falar, así atopámonos con que a case a metade das visitas se rexistran no centro de visitantes do Parque Natural Fragas do Eume (45%), e preto dun 25% no Parque Natural Monte Aloia , correspondéndolle un 19% das visitas ó Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Así, segundo estes datos **os Parques Naturais da provincia de Ourense, tan só representan en conxunto un 13% das visitas.**


Figura 47 Porcentaxe de visitas recibidas no centro de visitantes de cada Parque Natural con respecto ó total de visitantes ós centros de visitantes da rede de Parques de Galicia.



Fonte: Parques Naturais de Galicia e Anuario Europarc 2009

Finalmente, con respecto ó numero de persoas que visitan o único **Parque Nacional de Galicia**, como podemos observar na Figura 48, este está en aumento. Pasando de ser de **213.817 persoas no ano 2005 a 274.719 persoas para o ano 2009**.

Figura 48 Evolución do número de visitantes ó Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.



Fonte: Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Entre os diferentes **equipamentos** para o uso e disfrute da cidadanía nos Parques de Galicia podemos distinguir 4 grupos:

- A. Equipamentos de acollida e información
- B. Equipamentos de apoio
- C. Equipamentos educativos
- D. Equipamentos recreativos

A. Equipamentos de acollida e información:

Estes equipamentos convertéronse en importantes ferramentas de xestión, ó concentrar neles boa parte das funcións de uso público relacionadas coa visita ós espazos protexidos.

Segundo EUROPARC-España no ano 2005, de entre toda a variedade de equipamentos nos espazos protexidos, o **Centro de Visitantes** (coas súas diferentes denominacións: centros de interpretación, casas do parque, centros de información e interpretación, etcétera) aparece como a **principal infraestrutura** utilizada para desenvolver os aspectos relacionados co uso público e onde parecen destinarse os maiores esforzos orzamentarios. Defínese como *“Equipamento que é punto de referencia de toda a oferta de uso público e está destinado a cumprir os servizos de recepción, información e interpretación relacionados co espazo natural protexido, os seus valores naturais e culturais, e a súa xestión, así como de orientación para a visita mediante información da oferta de uso público, e de promoción e desenvolvemento de programas de actividades e servizos vinculados ó uso público e á educación ambiental. A información e interpretación realízase tanto con atención personalizada como con exposicións interpretativas”*.

Táboa 31
Equipamentos de acollida e información.

PARQUES	Centro de documentación	Centro de investigación	Punto de información	Oficina de xestión de espazos protexidos	Centro de visitantes*
Illas Atlánticas	1	0	2	1	1
Fragas do Eume	0	0	0	1	2
Corrubedo	0	0	1	1	2
Monte Aloia	0	0	2	1	1
Baixa Limia Serra do Xurés	0	0	1	1	1
Invernadeiro	0	0	1	0	0
Serra da Enciña da Lastra	0	0	1	1	1

* Centro de visitantes (Casa do parque, Centro de información, Centro de interpretación, Ecomuseo, Centro temático)

Fonte: Europarc e Parques de Galicia

B. Equipamentos de apoio:

Trátase daqueles que serven de apoio a diversas actividades, sendo ás de **aloxamento** unha das principais. Soen ir dirixidas ó usuario interesado no coñecemento do entorno.

Táboa 32
Equipamentos de apoio.

PARQUES	Albergue	Refuxio	Aparcamentos	Área de acampada
Illas Atlánticas	0	0	0	1
Fragas do Eume	0	2	4	0
Corrubedo	0	0	2	0
Monte Aloia	0	1	7	0
Baixa Limia Serra do Xurés	0	0	1	0
Invernadeiro	0	2	2	0
Serra da Enciña da Lastra	0	0	4	0

Fonte: Europarc e Parques de Galicia

C. Equipamentos educativos:

Todos os Parques Naturais deben cumprir unha **función de educación e formación ambiental** e por elo contar con equipamento para a realización destas actividades.

Táboa 33
Equipamentos educativos.

PARQUES	Aula de natureza	Escola de natureza	Casa de colonias	Aula do mar	Aula taller
Illas Atlánticas	1	0	0	0	2
Fragas do Eume	0	0	0	0	0
Corrubedo	0	0	0	0	0
Monte Aloia	1	0	0	0	0
Baixa Limia Serra do Xurés	0	0	0	0	0
Invernadeiro	1	0	0	0	0
Serra da Enciña da Lastra	0	0	0	0	0

Fonte: Europarc e Parques de Galicia

D. Equipamentos recreativos:

Entendese como **equipo recreativo** aqueles que funcionan para dar cabida ás actividades de esparexemento e recreativas (ver Táboa 34).

Habítuan a ser un espazo ó aire libre e a súa utilidade dentro do uso turístico tamén é a de ordenar e reconducir o fluxo de visitantes, segundo sexan as súas expectativas e intereses polos Parques.

Táboa 34
Equipamentos recreativos.

PARQUES	Área recreativa	Merendeiro	Observatorio	Miradoiro	Sendeiros	Vía ciclista (Carril de cicloturismo)
Illas Atlánticas	0	2	2	Si, todo o PN	Si, todo o PN	0
Fragas do Eume	2	2	0	2	6	0
Corrubedo	1	1	1	1	5	0
Monte Aloia	5	4	0	5	7	2
Baixa Limia Serra do Xurés	1	30	0	5	14	0
Invernadeiro	2	2	1	3	6	0
Serra da Enciña da Lastra	17	0	0	9	10	0

Fonte: Europarc e Parques de Galicia

Máis do **90% dos postos de traballo** dos profesionais ó fronte dalgún tipo de equipamento están ocupados por **informadores e guías**, a porcentaxe restante é a relativa ós **educadores ambientais**, unicamente presentes no Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (1), e no Parque Natural Monte Aloia (2); **non existindo en ningún Parque a figura dos intérpretes** (ver Táboa 35).

Táboa 35

Postos de traballo dos profesionais que están ó fronte dalgún tipo de equipamento.

PARQUES	Informadores	Guías	Intérpretes	Educadores ambientais
Illas Atlánticas	12	6	0	0
Fragas do Eume	2	0	0	0
Corrubedo	0	2	0	1
Monte Aloia	1	0	0	2
Baixa Limia Serra do Xurés	2	0	0	0
Invernadeiro	0	2	0	0
Serra da Enciña da Lastra	2	2	0	0
Total	19	12	0	3

Fonte: Europarc e Parques de Galicia

Polo xeral os Parques de Galicia están provistos de todo tipo de **servizos** como se observa na Táboa 36. Unicamente non dispoñen en ningún deles de Produtos artesanís ou alimenticios da área protexida.

Táboa 36

Tipo de servizos que se ofrecen nalgún dos equipamentos.

PARQUES	Sendeiros	Exposicións	Audiovisuais	Guía	Folletos	Produto artesanís ou alimenticio da área protexida
Illas Atlánticas	Si, todo o Parque Nacional	Si, Cíes e Ons	Si, Cíes	Si, en todo o P.N.	Si, todo o P.N.	Non
Fragas do Eume	Si	Si	Si	Si	Si	Non
Corrubedo	Si (Guiados por monitores e autoguiados)	Si (Exposición Ecosistema Litoral)	Si	Si, varias.	Si, varios	Non
Monte Aloia	Si	Si	Si	Si	Si	Non
Baixa Limia Serra do Xurés	Si	Si	Si	Si	Si	Non
Invernadeiro	Si	Si	Si	Si	Si	Non
Serra da Enciña da Lastra	Si	Si	Si	Si	Si	Non

Fonte: Europarc e Parques de Galicia


Finalmente, compre destacar que cada dous anos dende a Consellería do Medio Rural promúlgase unha orde que regula as bases para a **concesión de axudas** en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións da poboación

local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como Parques Naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como podemos comprobar na Figura 49, **ata o ano 2010** o importe **das axudas** procedía integramente dos **fondos propios** e, salvo excepcións puntuais, as cantidades situábanse en torno ós 600.000€. A partir deste ano, o importe das axudas aumentou considerablemente ata estar preto dos 2.000.000 de Euros, grazas as aportacións con cargo ós **Fondos do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR)**, reducíndose a case a metade a cantidade que provén dos fondos propios.

En canto á tendencia futura destas axudas ó desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques, espérase que o seu importe se reduza nos próximos anos. Así, a cantidade destinada a este fin para o **ano 2011 é de 1.290.000€, o que supón unha redución de aproximadamente 600.000€.**

Figura 49
Importe das axudas da Consellería do Medio Rural.



Fonte: Elaboración propia a partir das ordes de axudas publicadas no DOG.

En canto ás actividades que son obxecto das axudas reguladas nestas ordes, son as seguintes:

Grupo I. Mellora da paisaxe agraria e desenvolvemento de usos recreativos:

- I.1. Limpeza e restauración de camiños
- I.2. Sinalización de camiños.
- I.3. Creación e mellora de infraestruturas de uso público e de acollida ó visitante, tales como rutas, áreas recreativas, zonas de espaxamento e outras de similar natureza.

Grupo II. Recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional:

- II.1. Protección e restauración de elementos de valor patrimonial nas explotacións: hórreos, milladoiros, cabanas, muros e fontes.

Grupo III. Preservación de hábitats ou ecosistemas

- III.1. Sistemas de condución e drenaxes próximos ás zonas de acceso.
- III.2. Investimentos destinados á preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes
- III.3. Mantemento de sebes nos bordos das zonas comúns,
- III.4. Conservación das poboacións de especies protexidas, defensa, restauración e melloras de hábitats. Recuperación de soutos, fragas e outras masas autóctonas arborizadas

Grupo IV. Loita contra a erosión:

- IV.1. Establecemento e mantemento de vexetación en zonas de alta pendente, en áreas agrícolas degradadas ou incendiadas.

Grupo V. Accións, actuacións, actividades ou medidas de educación ambiental e edición de material pedagóxico, promovendo a formación e o fomento da sensibilización ambiental, nos parques naturais ou nas súas respectivas áreas de influencia socioeconómica.

3.2.- PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.

O presente epígrafe recolle unha análise do sistema social, empresarial e público para as zonas de influencia dos Parques galegos.

3.2.1.- Caracterización e análise do territorio e poboación das áreas de influencia dos Parques.

Na Táboa 37 e na Táboa 38 apreciase como tanto a **poboación** como a súa **densidade** é moi superior nas áreas de influencia dos Parques Naturais da franxa costeira, fronte á dos parques denominados de interior.

O **número de parados** por área de influencia aumentou considerablemente entre os anos 2008 e 2010 con valores superiores ó 40% na maioría das áreas de influencia coa excepción da Serra da Enciña da Lastra (24,19%) e Baixa Limia – Serra do Xurés (12,78%).

Táboa 37
Visión xeral da caracterización e análise do Territorio
e Poboación das áreas de influencia dos Parques.

		Illas 2	Illas 1	Fragas do Eume	Corrubedo	Monte Aloia	Baixa Limia Serra do Xurés	Inverna- deiro	Serra da Enciña da Lastra
Poboación, 2010		77.798	297.124	26.719	27.504	17.306	9.584	675	1.583
Densidade de poboación, 2009 (persoas/km2)		549,77	2.725,30	50,00	398,80	252,70	15,58	3,50	15,70
Parados por Área de Influencia, 2010.		7.300	29.000	1.999	2.098	1.856	600	56	77
Movementos migratorios, 2009.	Saldo Interno	-15	-695	-94	-74	-43	-83	-10	19
	Saldo Externo	501	746	60	183	71	119	-2	10

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa
Fonte: Elaboración propia

Táboa 38

Visión xeral das tendencias da caracterización e análise do
Territorio e Poboación das áreas de influencia dos Parques.

		Illas 2	Illas 1	Fragas do Eume	Corrubedo	Monte Aloia	Baixa Limia Serra do Xurés	Inverna-deiro	Serra da Enciña da Lastra
Variación da poboación, 2006-2010		2,22%	1,73%	-3,05%	1,67%	2,25%	-6,20%	-7,15%	-3,36%
Evolución da densidade de poboación, 2006-2009 (persoas/km2)		1,47%	1,39%	-2,34%	1,71%	1,98%	-5,40%	-2,78%	-3,68%
Evolución dos parados por Área de Influencia, 2008-2010.		53,72%	48,90%	41,97%	64,81%	41,68%	12,78%	43,59%	24,19%
Evolución dos movementos migratorios das áreas de influencia dos Parques de Galicia, 2005-2009.	Saldo Interno	-111,72%	-48,93%	-44,05%	428,57%	-133,33%	-37,59%	400,00%	-311,11%
	Saldo Externo	-14,51%	-69,53%	-53,85%	3,98%	-59,66%	112,50%	-133,33%	233,33%

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia

Na Táboa 39 recollese a distribución por municipios e provincias dos Parques contemplados no proxecto.

Existen **sete Parques distribuídos en tres das catro provincias galegas**. Só a provincia de Lugo non conta cun espazo deste tipo. Ademais existe un municipio no que hai máis dun Parque Natural. Este municipio é o de Riveira no que se atopa unha parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas (Illa de Sálvora) e no que tamén se ubica o Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

Táboa 39
Distribución dos Parques de Galicia por municipios e provincias.

PARQUES	MUNICIPIOS	PROVINCIA
Illas Atlánticas	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
	Bueu	Pontevedra
	Vigo	Pontevedra
	Riveira	A Coruña
Fragas do Eume	Monfero	A Coruña
	As Pontes	A Coruña
	A Capela	A Coruña
	As Cabanas	A Coruña
	Pontedeume	A Coruña
Corrubedo	Riveira	A Coruña
Monte Aloia	Tui	Pontevedra
Baixa Limia Serra do Xurés	Lobios	Ourense
	Entrimo	Ourense
	Muíños	Ourense
	Lobeira	Ourense
	Bande	Ourense
	Calvos de Randín	Ourense
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense
Serra da Enciña da Lastra	Rubiá	Ourense

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Como se observa na Táboa 40, as **áreas de influencia** dos Parques de Galicia conforman, no seu conxunto, un territorio de máis de **1.700 quilómetros cadrados**.

Contrastan as grandes diferenzas existentes entre algunhas áreas de influencia dos Parques, coma as do Xurés e Fragas do Eume xa que se estenden en 6 e 5 concellos respectivamente, fronte ós Parques Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e o do Monte Aloia, que se estenden aproximadamente nunha superficie duns 69 km² cada un, e se atopan nun concello só.

Táboa 40
Superficie das áreas de influencia dos Parques (km²).

Área de Influencia	Superficie
Illas Atlánticas	253,1
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>144</i>
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>109,1</i>
Fragas do Eume	538,7
Corrubedo	69
Monte Aloia	68,3
Baixa Limia Serra do Xurés	543,7
Invernadeiro	200,2
Serra da Enciña da Lastra	100,7
Total*	1.704,7

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

A **evolución da poboación** nos últimos anos no conxunto das áreas contempladas (ver Táboa 41), presenta un leve ascenso pasando de 425.236 habitantes no 2006 a 430.789 no 2010.

As áreas de influencia dos Parques que mostran **un maior número de poboación** son as das Illas Atlánticas con 374.922 habitantes no 2010, seguido do Complexo Dunar de Corrubedo e das Fragas do Eume con 27.504 e 26.719 habitantes respectivamente, debido a que os concellos nos que se atopan son zonas costeiras do arco atlántico que presentan uns niveis de asentamento da poboación elevados.

Pola contra, a zona que presenta unha **menor poboación** é o Parque Natural do Invernadeiro, debido principalmente as súas características (alta montaña) e ó feito de atoparse no interior da provincia de Ourense de marcado carácter rural.

De maneira global existe unha pequena **variación positiva do 1%** no período 2006-2010 existindo dúas zonas diferenciadas. Por unha banda atopámonos con **crecementos positivos nas zonas costeiras e por outro lado observamos un elevado decrecemento a medida que nos adentramos nas zonas do interior e nas zonas rurais.**

As áreas de influencia que presentan unha variación positiva son as relativas ó Monte Aloia (2,25%), ó Complexo Dunar de Corrubedo (1,67%) e ás Illas Atlánticas (1,83%).

Táboa 41
Variación da poboación, 2006-2010.

Área de Influencia	2006	2008	2010	Variación 06/10
Illas Atlánticas	368.168	372.837	374.922	1,83%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	76.109	77.134	77.798	2,22%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	292.059	295.103	297.124	1,73%
Fragas do Eume	27.560	27.024	26.719	-3,05%
Corrubedo	27.053	27.430	27.504	1,67%
Monte Aloia	16.925	16.972	17.306	2,25%
Baixa Limia Serra do Xurés	10.218	9.864	9.584	-6,20%
Invernadeiro	727	710	675	-7,15%
Serra da Enciña da Lastra	1.638	1.590	1.583	-3,36%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	133.177	133.294	133.665	0,37%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	376.180	378.693	380.495	1,15%
Total*	425.236	428.997	430.789	1,31%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

A **densidade de poboación** (ver Táboa 42), que existe no conxunto dos concellos nos que se ubican os Parques, está entorno ós **329,17 habitantes por quilómetro cadrado no ano 2009**.

Os concellos que presentan unha **maior densidade de poboación** son, con diferenza, os do Parque Nacional das Illas Atlánticas con 1.637,53 persoas/km² (principalmente polos niveis de poboación da cidade de Vigo), os do Complexo Dunar de Corrubedo con 398,80 persoas/km² e o Monte Aloia con 252,70 persoas/km².

O **resto dos Parques** mostran uns valores moi por debaixo dos valores existentes nos espazos comentados no parágrafo anterior, non superando na maior parte dos casos os **16 habitantes por quilómetro cadrado**. Cabe sinalar que o espazo que presenta os niveis máis altos de despoboamento é o concello no que se ubica o **Parque Natural do Invernadeiro**, xa que ten unha densidade de poboación no 2009 de

3,5 habitantes por km². Esta tendencia débese principalmente a que este espazo está situado nunha zona predominantemente rural, do interior e de montaña.

En canto á evolución experimentada nos últimos anos, obsérvase como de maneira xeral **aumentou nun 1,27% a densidade de poboación**. Así, cabe destacar o crecemento da densidade de poboación nas áreas de influencia do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e do Parque Natural Monte Aloia, con incrementos inferiores ó 2%. Pola contra, o resto de áreas de influencia presentan valores negativos.

Táboa 42
Densidade de poboación, 2006-2009 (persoas/km²).

Área de Influencia	2006	2008	2009	Variación 06-09
Illas Atlánticas	1.614,90	1.629,17	1.637,53	1,40%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>541,80</i>	<i>547,93</i>	<i>549,77</i>	<i>1,47%</i>
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>2.688,00</i>	<i>2.710,40</i>	<i>2.725,30</i>	<i>1,39%</i>
Fragas do Eume	51,20	50,20	50,00	-2,34%
Corrubedo	392,10	397,50	398,80	1,71%
Monte Aloia	247,80	248,50	252,70	1,98%
Baixa Limia Serra do Xurés	16,47	15,91	15,58	-5,40%
Invernadeiro	3,60	3,50	3,50	-2,78%
Serra da Enciña da Lastra	16,30	15,80	15,70	-3,68%
<i>Promedio* - Illas Atlánticas (2)</i>	<i>146,20</i>	<i>146,97</i>	<i>174,31</i>	<i>19,23%</i>
<i>Promedio* - Illas Atlánticas (1)</i>	<i>487,92</i>	<i>491,69</i>	<i>574,31</i>	<i>17,71%</i>
Promedio*	325,05	327,18	329,17	1,27%

*O promedio corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Respecto ó **número de edificios e vivendas** recollidos na Táboa 43, construíronse 221 vivendas no ano 2009 no conxunto de municipios nos que se atopan os parques contemplados no proxecto, así mesmo tamén se rehabilitaron 74 edificios e 77 vivendas.

As **zonas onde máis obras se realizaron**, corresponde coa franxa costeira de Galicia, concretamente ós Parques das Illas Atlánticas, o de Corrubedo, o de Monte Aloia e o das Fragas do Eume.

No resto de espazos o nivel de edificación e rehabilitación é moi baixo, e incluso nulo nalgúns casos, coma por exemplo para as zonas de influencia dos Parques Naturais Invernadeiro e no da Serra da Enciña da Lastra.

En canto a **evolución** experimentada no período **2005-2009**, observase como a tendencia xeral é a non construír nin rehabilitar vivendas ou edificios, pois todas elas amosan unha evolución negativa que no caso da **rehabilitación de vivendas acada o 80% de retroceso**.

Táboa 43

Número de edificios e vivendas segundo o tipo de obra, 2005-2009 (metros cadrados).

Área de Influencia	2005			2007			2009			Variación 05/09		
	Edificios nova planta	Edificios rehabilitación	Vivendas rehabilitación	Edificios nova planta	Edificios rehabilitación	Vivendas rehabilitación	Edificios nova planta	Edificios rehabilitación	Vivendas rehabilitación	Edificios nova planta	Edificios rehabilitación	Vivendas rehabilitación
Illas Atlánticas	391	78	199	468	77	100	164	41	68	-58,06%	-47,44%	-65,83%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	236	38	58	368	43	42	71	15	38	-69,92%	-60,53%	-34,48%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	155	40	141	100	34	58	93	26	30	-40,00%	-35,00%	-78,72%
Fragas do Eume	18	7	3	28	3	1	23	11	1	27,78%	57,14%	-66,67%
Corrubedo	78	17	13	222	20	21	15,0	2,0	2	-80,77%	-88,24%	-84,62%
Monte Aloia	40	3	4	62	10	7	28	7	2	-30,00%	133,33%	-50,00%
Baixa Limia Serra do Xurés	5	3	1	2	6	4	5	11	6	0,00%	266,67%	500,00%
Invernadeiro	1	0	0	0	0	0	0	2	0	0,00%	-	-
Serra da Enciña da Lastra	0	0	0	0	0	0	1	2	0	-	-	-
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	300	51	66	460	62	54	128	48	47	-57,33%	-5,88%	-28,79%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	297	70	162	414	73	91	165	61	41	-44,44%	-12,86%	-74,69%
Total*	455	91	207	560	96	112	221	74	77	-51,43%	-18,68%	-62,80%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Na Táboa 44 observase como entre a **tipoloxía de vehículos** que existen nos concellos nos que se sitúan os espazos naturais, predominan os turismos cun total de 215.596 unidades, seguido das furgonetas e camións con 30.832 unidades.

Por áreas de influencia destacan as da franxa costeira en canto ós turismos, presentando o maior número deste tipo de transporte, as Illas Atlánticas, as Fragas do Eume, o Complexo Dunar de Corrubedo, e o Monte Aloia.

Por outra banda, respecto ás furgonetas e camións, o maior número concéntrase nos concellos dos parques das Illas Atlánticas e Fragas do Eume.

Táboa 44
Parque de vehículos por tipoloxías, 2009.

Área de Influencia	Turismos	Motos	Furgonetas e camións	Autobuses	Tractores industriais	Outros
Illas Atlánticas	183.470	22.672	25.045	371	1.163	4.772
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>34.303</i>	<i>3.020</i>	<i>5.540</i>	<i>93</i>	<i>166</i>	<i>1.151</i>
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>149.167</i>	<i>19.652</i>	<i>19.505</i>	<i>278</i>	<i>997</i>	<i>3.621</i>
Fragas do Eume	15.961	1.156	2.453	31	280	911
Corrubedo	10.828	794	1.649	38	34	307
Monte Aloia	10.062	817	1.810	50	118	519
Baixa Limia Serra do Xurés	5.023	333	987	14	10	139
Invernadeiro	356	34	79	0	0	15
Serra da Enciña da Lastra	724	54	265	0	4	21
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	<i>66.429</i>	<i>5.414</i>	<i>11.134</i>	<i>188</i>	<i>578</i>	<i>2.756</i>
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	<i>192.121</i>	<i>22.840</i>	<i>26.748</i>	<i>411</i>	<i>1.443</i>	<i>5.533</i>
Total*	215.596	25.066	30.639	466	1.575	6.377

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

En canto ó número de **contratos iniciais** nas áreas de influencia dos Parques como se pode observar na Táboa 45, experimentouse nos últimos anos un descenso, pasando de 171.657 contratos no 2005 a 134.383 no ano 2009.

Os concellos onde existe un maior número de contratos iniciais son os ubicados na franxa atlántica do litoral galego, como son as do Parque Nacional das Illas Atlánticas (125.100 contratos), o Complexo Dunar de Corrubedo (5.652), as Fragas do Eume (5.213) e o Monte Aloia (3.201). Pola contra son os espazos naturais da Baixa

Limia - Serra do Xurés e do Invernadeiro os que mostran un número de contratos moi baixo, con 702 e 47.

Respecto a súa **variación nos últimos anos**, obsérvase como en xeral existe un **descenso no número de contratos dun 21,71%**. Tan só o Parque Natural Serra da Enciña da Lastra rexistra unha variación positiva (34,23%).

Táboa 45

Variación do número de contratos iniciais nas áreas de influencia dos Parques, 2005-2009.

Área de Influencia	2005	2007	2009	Variación 05-09
Illas Atlánticas	159.569	174.971	125.100	-21,60%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>29.144</i>	<i>29.173</i>	<i>16.187</i>	<i>-44,46%</i>
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>130.425</i>	<i>145.798</i>	<i>108.913</i>	<i>-16,49%</i>
Fragas do Eume	7.634	7.709	5.213	-31,71%
Corrubedo	10.694	9.495	5.652	-47,15%
Monte Aloia	3.430	6.847	3.201	-6,68%
Baixa Limia - Serra do Xurés	813	693	626	-23,00%
Invernadeiro	62	47	43	-30,65%
Serra da Enciña da Lastra	149	134	200	34,23%
<i>Total - Illas Atlánticas (2)*</i>	<i>41.232</i>	<i>44.603</i>	<i>25.470</i>	<i>-38,23%</i>
<i>Total - Illas Atlánticas (1)*</i>	<i>153.207</i>	<i>170.723</i>	<i>123.848</i>	<i>-19,16%</i>
Total*	171.657	190.401	134.383	-21,71%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Como se pode observa na Táboa 46, o **número de parados** no conxunto das áreas de influencia dos Parques de Galicia experimentou nos últimos anos un salientable aumento, alcanzando os **40.888 parados no 2010**, representando dita cifra un aumento do 48% respecto ó ano 2008. Situación derivada da actual crise económica que se está a sufrir.

Por áreas de influencia, tan só dúas tiveron unha variación inferior ó 40%, estas son as áreas dos Parques Naturais Serra da Enciña da Lastra (24,19%) e Baixa Limia – Serra do Xurés (12,78%). Na outra banda atópase o Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán cun aumento do número de parados próximo ó 65%.

Táboa 46
Número de parados por área de influencia, 2008-2010.

Áreas de Influencia	2008	2010	Variación
Illas Atlánticas	24.225	36.300	49,85%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>4.749</i>	<i>7.300</i>	<i>53,72%</i>
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>19.476</i>	<i>29.000</i>	<i>48,90%</i>
Fragas do Eume	1.408	1.999	41,97%
Corrubedo	1.273	2.098	64,81%
Monte Aloia	1.310	1.856	41,68%
Baixa Limia-Serra do Xurés	532	600	12,78%
Invernadeiro	39	56	43,59%
Serra da Enciña da Lastra	62	77	24,19%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	<i>8.100</i>	<i>11.888</i>	<i>46,77%</i>
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	<i>24.100</i>	<i>35.686</i>	<i>48,07%</i>
Total	27.576	40.888	48,27%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo, (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Non é posible elaborar unha taxa de paro municipal referida á poboación activa porque a Enquisa de Poboación Activa (INE), ó ser unha enquisa mostral, non se estende a todos os municipios de España. Polo que se elaborou un indicador do nivel de paro rexistrado do Servizo Público de Emprego Estatal e a poboación residente, entendendo que é un bo indicador comparativo do nivel de paro entre concellos.

Con posterioridade á data destas cifras (2009) produciuse un deterioro xeralizado destes indicadores debido a situación de crise.

A Táboa 47, mostra como a **porcentaxe de parados sobre a poboación residente nas áreas de influencia dos Parques de Galicia no ano 2009**, supera, en xeral, en ambos sexos o 5%, sendo as mulleres as que representan unha maior

porcentaxe de parados en case todos os espazos protexidos, chegando a alcanzar ó 10,40% no Parque Natural do Monte Aloia.

Tamén se recolle a **porcentaxe de parados sobre a poboación residente** das áreas de influencia dos Parques **segundo os grandes grupos de idade**. Así mostrase como, de maneira global, é no **rango de idade que comprende dende os 25 ata os 49 anos onde se presentan as porcentaxes de paro máis elevadas**.

Por áreas, cómpre destacar as porcentaxes que presenta o Monte Aloia xa que ten os niveis máis altos de parados en calquera rango de idade a tratar (12,00% entre os 16 e 24 anos; un 15,60% de parados entre os 25 e 49 anos, e un 6,60% para os maiores de 50 anos). En xeral o grupo de idade que comprende os maiores de 50 anos presenta un nivel de parados baixo, posto que son na súa maioría, rangos de idade onde as persoas xa teñen un emprego. Pola contra se nos fixamos nos niveis comprendidos entre 16 e 24 anos, existen porcentaxes relativamente altas de parados, debido principalmente a que é o rango de idade no que se atopan as persoas que aínda non se inseriron no mundo laboral.

Táboa 47

Porcentaxe de parados segundo sexo e grupos de idade da poboación residente nas áreas de influencia dos Parques de Galicia no ano 2009.

Área de Influencia	Sexo		Idade		
	Homes	Mulleres	16 a 24 anos	25 a 49 anos	50 e máis anos
Illas Atlánticas	7,28%	8,65%	7,33%	13,03%	5,50%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	7,10%	8,50%	7,30%	13,00%	5,07%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	7,80%	9,10%	7,40%	13,10%	6,80%
Fragas do Eume	5,92%	6,24%	7,34%	10,74%	3,28%
Corrubedo	6,10%	7,00%	6,80%	11,20%	3,70%
Monte Aloia	9,00%	10,40%	12,00%	15,60%	6,60%
Baixa Limia Serra do Xurés	5,58%	5,20%	5,48%	9,15%	4,13%
Invernadeiro	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.
Serra da Enciña da Lastra	2,70%	4,20%	3,70%	6,80%	2,30%
<i>Promedio* - Illas Atlánticas (2)</i>	6,06%	6,91%	7,16%	11,06%	4,28%
<i>Promedio* - Illas Atlánticas (1)</i>	6,18%	7,02%	7,12%	11,10%	4,47%
Promedio*	6,10%	6,94%	7,17%	11,06%	4,36%

*O promedio corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

**(n.d: non hai datos).

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Anuario socioeconómico de “La Caixa” 2010.

A Táboa 48 pódese analizar en dúas partes, unha con referencia ó **saldo migratorio interno** e a outra analizando o **saldo migratorio externo**.

En canto ó **saldo migratorio interno**, este fai referencia á diferenza entre a inmigración interna e a emigración interna. Así, para cada concello aparecen dous valores, o resultado do saldo migratorio provincial (movementos dentro da propia provincia) e o saldo co resto de Galicia. Neste caso podemos falar de que entre os anos **2005 e 2009 existe unha tendencia a que este saldo tradicionalmente negativo, diminúa**, pasando dunhas cifras de -1.416 no 2005 a -921 en 2009, correspondendo a maior taxa ós **movementos intraprovinciais**.

Por áreas de influencia, observamos como todas presentan saldos internos negativos para o ano 2009, a excepción da área de influencia do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra, cun saldo positivo de 19. No outro extremo atópase a área de influencia do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia cun saldo interno negativo de 710.

Por outra banda, na segunda parte da táboa pódese comprobar como o **saldo migratorio externo** mantén unha tendencia contraria ó interno, pois da diferenza entre inmigración e emigración externa obtéñense cifras positivas, pasando de presentar no ano 2005 un resultado de 3.405 a no ano 2009 obter un saldo de 1.505, dos cales a maior parte correspóndense con poboación procedente doutros países.

Táboa 48
Saldos migratorios das áreas de influencia, 2005-2009.

ÁREAS DE INFLUENCIA	SALDO INTERNO								
	Intraprovincial			Co resto de Galicia			TOTAL		
	2005	2007	2009	2005	2007	2009	2005	2007	2009
Illas Atlánticas	-1.514	-1.285	-789	281	155	79	-1.233	-1.130	-710
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	66	110	-5	62	63	-10	128	173	-15
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	-1.580	-1.395	-784	219	92	89	-1.361	-1.303	-695
Fragas do Eume	-147	-200	-84	-21	-37	-10	-168	-237	-94
Corrubedo	-40	-3	-60	26	30	-14	-14	27	-74
Monte Aloia	106	-31	-25	23	12	-18	129	-19	-43
Baixa Limia Serra do Xurés	-89	-92	-71	-44	-29	-12	-133	-121	-83
Invernadeiro	-3	-2	-6	1	-8	-4	-2	-10	-10
Serra da Enciña da Lastra	-1	6	21	-8	-6	-2	-9	0	19
Total* - Illas Atlánticas (2)	-68	-209	-170	13	-5	-56	-55	-214	-226
Total* - Illas Atlánticas (1)	-1.754	-1.717	-1.009	196	54	29	-1.558	-1.663	-980
Total	-1.648	-1.604	-954	232	87	33	-1.416	-1.517	-921
ÁREAS DE INFLUENCIA	SALDO EXTERNO								
	Co resto de España			Co estranxeiro			TOTAL		
	2005	2007	2009	2005	2007	2009	2005	2007	2009
Illas Atlánticas	-150	-716	412	3.184	3.283	835	3.034	2.567	1.247
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	65	-51	224	521	543	277	586	492	501
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	-215	-665	188	2.663	2.740	558	2.448	2.075	746
Fragas do Eume	35	-24	16	95	120	44	130	96	60
Corrubedo	-26	-39	70	202	211	113	176	172	183
Monte Aloia	18	-36	25	158	153	46	176	117	71
Baixa Limia Serra do Xurés	-24	-12	36	80	36	83	56	24	119
Invernadeiro	3	-1	-4	3	2	2	6	1	-2
Serra da Enciña da Lastra	1	-11	8	2	2	2	3	-9	10
Total* - Illas Atlánticas (2)	98	-135	305	859	856	454	957	721	759
Total* - Illas Atlánticas (1)	-208	-788	339	3.203	3.264	848	2.995	2.476	1.187
Total	-117	-800	493	3.522	3.596	1.012	3.405	2.796	1.505

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo, (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

3.2.2.- Caracterización e análise do sistema empresarial das áreas de influencia.

O actual epígrafe divídese en:

- A. Empresas, forma xurídica e demografía empresarial
- B. Aspectos Xerais das actividades máis relacionadas
- C. Información por cadeas de valor do Sistema Empresarial das Áreas de Influencia

En xeral, deste análise do sistema económico empresarial das áreas de influencia dos parques de Galicia podemos extraer unha serie de conclusións:

1. O número de empresas creceu en todas as áreas de influencia, a excepción do Parque Natural Invernadeiro.
2. Diminúe a actividade cooperativista en todas as áreas de influencia.
3. O sector gandeiro está a ter moi pouco crecemento nas áreas de influencia, á excepción do Parque Natural Monte Aloia.
4. As actividades comerciais polo miúdo experimentan cifras moi diversas segundo a área de influencia, aínda que tan só se incrementa nas áreas de influencia dos Parques Naturais de Corrubedo e Monte Aloia.
5. As actividades vinculados ó sector da construción sofren un notable descenso, sobre todo naquelas áreas máis desenvoltas economicamente, mentras que nas áreas de influencia do rural manteñen e incluso incrementan a súa actividade.
6. A actividade empresarial vinculada ó turismo estase a incrementar en todas as áreas de influencia, exceptuando o caso do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.

Táboa 49

Visión xeral da caracterización e análise do sistema empresarial das áreas de influencia.

		Illas 2	Illas 1	Fragas do Eume	Corrubedo	Monte Aloia	Baixa Limia Serra do Xurés	Inverna-deiro	Serra da Enciña da Lastra
Total de empresas nas áreas de influencia dos parques naturais, 2009		4.968	24.549	1.602	1.670	1.504	429	15	81
Forma Xurídica das empresas das áreas de influencia dos parques naturais en 2009.	Persoas físicas	2.742	12.303	1.018	883	772	312	11	51
	Soc. Anónimas	75	755	32	38	17	1	0	0
	Soc. Limitada	1.695	9.775	387	597	609	96	3	23
	Soc. cooperativas	5	95	19	2	3	0	0	2
	Outros	451	1.621	146	150	103	20	1	5
Superficies forestais dos concellos que contan con Parques Naturais Galicia (Ha.) 2008	Superficie Forestal	3.863,73	8.804,82	36.381,14	4.330,88	3.953,19	48.008,45	16.088,47	7.322,26
	Superficie declarada en man común	1.479,54	2.750,80	90,31	1.277,89	1.931,44	39.546,25	10.981,00	5.119,52
	Porcentaxe de monte en man común sobre o total	38,29%	31,24%	0,25%	29,51%	48,86%	82,37%	68,25%	69,92%
Número de lumes forestais, 2006		108	48	55	77	25	166	30	12
Número de explotacións e número de bovinos nas áreas de influencia dos parques naturais, 2009	Explotacións	262	240	827	111	182	192	42	4
	Bovinos	997	331	14.514	819	440	3.276	557	5
Actividades comerciais polo miúdo nas áreas de influencia dos parques naturais. (2009)		1.884	5.784	572	660	559	112	n.d.	18
Empresas con sede social en Galicia segundo actividade principal, 2009	Industria, incluída a enerxía	334	1.460	124	124	136	30	2	17
	Construcción	791	3.223	254	283	363	133	1	28
	Servicios	3.843	19.866	1.224	1.263	1.005	266	12	36
Pesca fresca na zona de influencia dos parques naturais, (Kg) 2009.		39.096.184	39.332.955	16.346	38.203.594	..	..	..	..
Demografía empresarial, 2009	Alta	466	2.246	122	165	148	47	0	6
	Permanencia	4.502	22.303	139	1.505	1.356	382	15	75
	Baixa	480	2.226	143	135	158	43	3	3
Explotacións Agro-Gandeiras Ecolóxicas e Comercializadores nas áreas de influencia dos parques naturais, 2010.	Nº Explotacións Totais	3	2	4	1	3	5	2	1
	Explotacións Gandeiras	0	1	0	0	0	4	2	0
	Explotacións Agrarias	3	1	4	1	3	1	0	1
	Comercializadores	0	3	0	0	1	0	0	0
Número de licenzas segundo o tipo de obra, 2009.	Total	94	119	33	20	37	20	2	3
	Nova planta	66	89	23	15	28	6	0	1
	Rehabilitación	23	25	9	4	9	14	2	2
Número de prazas turísticas nas áreas de influencia dos parques naturais, 2009.	Hoteis	683	4.158	563	190	434	28	0	0
	Turismo rural	44	0	116	6	35	74	0	0
	Campamentos de turismo	1.481	657	527	1.185	0	354	0	0
Usos do solo nas áreas de influencia dos parques naturais, (Ha.) 2008.	Superficie de Cultivo e Prado	2.052	1.353	8.935	653	1.539	5.292	1.221	1.844
	Pasteiro, Arbustivo e Mato	2.789	391	9.686	2.166	313	30.214	13.914	3.125
	Forestal Arborizado	6.016	3.473	26.695	2.164	3.640	17.794	2.174	4.197
	Outras Superficies	3.544	5.773	8.617	1.918	1.339	9.518	2.713	901

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

*("n.d": non hai datos; - "..": non aplicable).

Fonte: Elaboración propia

Táboa 50 Visión xeral das tendencias da caracterización e
análise do sistema empresarial das áreas de influencia.

		Illas 2	Illas 1	Fragas do Eume	Corrubedo	Monte Aloia	Baixa Limia Serra do Xurés	Inverna-deiro	Serra da Enciña da Lastra
Evolución das empresas nas áreas de influencia dos parques naturais, 2005-2009		10,28%	12,50%	5,12%	17,19%	20,32%	5,41%	-28,57%	9,46%
Forma Xurídica das empresas das áreas de influencia dos parques naturais en 2007-2009.	Persoas físicas	-1,33%	-0,67%	-0,39%	1,26%	-2,03%	4,70%	-21,43%	8,51%
	Soc. Anónimas	-7,41%	-2,58%	0,00%	0,00%	-5,56%	0,00%	..	..
	Soc. Limitada	3,35%	7,73%	8,71%	7,37%	10,33%	2,13%	0,00%	21,05%
	Soc. cooperativas	0,00%	-7,77%	0,00%	0,00%	-40,00%	..	..	-33,33%
	Outros	13,32%	9,08%	0,69%	11,11%	11,96%	17,65%	0,00%	25,00%
Evolución das Superficies forestais dos concellos que contan con Parques Naturais en Galicia (Ha.) 2007-2008	Superficie Forestal	-0,46%	-0,71%	-0,14%	-0,93%	-3,92%	0,21%	0,07%	0,02%
	Superficie declarada en man común	2,94%	0,08%	0,00%	0,00%	0,00%	5,56%	0,00%	-1,06%
Evolución da porcentaxe de monte en man común sobre o total	Superficie Forestal	3,41%	0,80%	0,14%	0,93%	4,08%	5,34%	-0,07%	-1,08%
	Superficie declarada en man común	3,41%	0,80%	0,14%	0,93%	4,08%	5,34%	-0,07%	-1,08%
Evolución do número de lumes forestais, 2001-2006		-49,06%	-33,33%	57,14%	-46,53%	-26,47%	-71,62%	-43,40%	-47,83%
Evolución do número de explotacións e do número de bovinos nas áreas de influencia dos parques naturais. 2007-2009	Explotacións	-9,03%	-16,08%	-7,49%	-4,31%	1,68%	-19,33%	-6,67%	-33,33%
	Bovinos	-20,37%	-17,66%	-0,75%	-18,59%	-1,79%	10,45%	-0,36%	-37,50%
Evolución das actividades comerciais polo miúdo nas áreas de influencia dos parques naturais. (2003-2009)		-7,92%	-4,85%	-10,90%	14,98%	25,62%	-25,33%	n.d.	0,00%
Evolución das empresas con sede social en Galicia segundo actividade principal, 2008-2009	Industria, incluída a enerxía	0,91%	-0,68%	-5,34%	1,64%	0,00%	-11,76%	0,00%	6,25%
	Construción	-1,49%	-1,07%	-1,55%	2,17%	-0,55%	1,53%	0,00%	7,69%
	Servicios	-0,05%	0,26%	0,49%	1,77%	-0,69%	1,92%	-20,00%	0,00%
Evolución da pesca fresca na zona de influencia dos parques naturais,(Kg) 2005-2009.		29,83%	18,00%	-41,01%	29,73%	..	..	..	..
Evolución da demografía empresarial, 2005-2009	Alta	-1,89%	9,56%	-23,27%	9,27%	-1,99%	67,86%	-100,00%	200,00%
	Permanencia	11,71%	12,81%	-14,20%	18,13%	23,38%	0,79%	-25,00%	4,17%
	Baixa	26,32%	29,12%	8,33%	28,57%	51,92%	38,71%	-25,00%	0,00%
Evolución das explotacións Agro-Gandeiras Ecolóxicas e Comercializadores nas áreas de influencia dos parques naturais, 2007-2010.	Nº Explotacións Totais	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.
	Explotacións Gandeiras	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.
	Explotacións Agrarias	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.
	Comercializadores	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.
Evolución do número de licenzas segundo o tipo de obra, 2004-2009.	Total	-54,15%	-65,90%	-25,00%	-78,26%	-11,90%	122,22%	..	-25,00%
	Nova planta	-55,70%	-62,61%	-17,86%	-76,56%	-20,00%	0,00%	..	-50,00%
	Rehabilitación	-52,08%	-73,68%	-40,00%	-84,00%	28,57%	366,67%	..	0,00%
Evolución do número de prazas turísticas nas áreas de influencia dos parques naturais, 2005-2009.	Hoteis	9,63%	9,62%	13,28%	14,46%	0,70%	-90,44%	..	..
	Turismo rural	0,00%	..	22,11%	0,00%	25,00%	68,18%	..	..
	Campamentos de turismo	0,00%	3,96%	-3,30%	0,00%	..	-4,84%	..	..
Evolución dos usos do solo nas áreas de influencia dos parques naturais, 2006- 2008.	Superficie de Cultivo e Prado	-7,22%	-10,62%	2,50%	0,28%	-2,16%	1,41%	-14,39%	-17,11%
	Pasteiro, Arbustivo e Mato	13,18%	-1,08%	-20,77%	15,12%	-4,77%	-0,58%	9,89%	4,00%
	Forestal Arborizado	-0,97%	8,70%	11,65%	-10,75%	2,01%	-1,67%	-27,98%	10,19%
	Outras Superficies	-2,92%	-1,94%	-5,12%	-1,34%	-1,61%	4,44%	-6,96%	-12,45%

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa
*("n.d": non hai datos; - "...": non aplicable).

Fonte: Elaboración propia

A. Empresas, forma xurídica e demografía empresarial.

Destacar a baixa actividade empresarial nas áreas de influencia dos Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra, e pola contra salientar a alta actividade das áreas de influencia dos Parques da Franxa Atlántica.

O número de empresas foi crescendo nestes últimos anos (ver Táboa 51), alcanzando no ano 2009 un total de 33.148 empresas no conxunto das áreas de influencia dos Parques de Galicia, respecto ás 29.602 empresas do ano 2005.

A área de influencia que máis empresas presenta é a do Parque Nacional das Illas Atlánticas, cun total de 29.517, debido principalmente as súas dimensións, seguida polas dos Parques Naturais das Fragas do Eume, Corrubedo e Monte Aloia, con 1.602, 1.670 e 1.504 empresas respectivamente, por atoparse nas zonas costeiras do arco atlántico onde existe unha maior actividade económica, en comparación coas zonas do interior.

Por outra banda, os que presentan un menor número de empresas son a Serra da Enciña da Lastra (81) e o Invernadeiro (15), debido ás características propias destas zonas (zonas rurais e de montaña) do interior de Galicia.

En xeral, **o conxunto de espazos aumentou nun 11,98% o número de empresas no período 2005-2009.**

As áreas que experimentaron un maior crecemento no número de empresas foron ás do Monte Aloia, aumentando nun 20,32% e o Complexo Dunar de Corrubedo, cun crecemento dun 17,19%. Pola contra tan só na área do Parque Natural do Invernadeiro experimentouse unha caída no seu número de empresas dun 28,57% nos últimos anos.

Táboa 51

Total de empresas nas áreas de influencia dos Parques, 2005-2009.

Área de Influencia	2005	2007	2009	Variación 05-09
Illas Atlánticas	26.326	28.727	29.517	12,12%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	4.505	4.903	4.968	10,28%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	21.821	23.824	24.549	12,50%
Fragas do Eume	1.524	1.574	1.602	5,12%
Corrubedo	1.425	1.603	1.670	17,19%
Monte Aloia	1.250	1.455	1.504	20,32%
Baixa Limia Serra do Xurés	407	410	429	5,41%
Invernadeiro	21	18	15	-28,57%
Serra da Enciña da Lastra	74	73	81	9,46%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	7.781	8.433	8.599	10,51%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	26.522	28.957	29.850	12,55%
Total	29.602	32.257	33.148	11,98%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo, (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

En xeral nas áreas de influencia dos Parques de Galicia (como se observa na Táboa 52), predominan as empresas con actividades empresariais vinculadas ó sector Servizos.

Táboa 52

Empresas con sede social en Galicia segundo actividade principal. (2009)

Área de Influencia	Industria, incluída a enerxía	Construción	Servizos	Total
Illas Atlánticas	1.794	4.014	23.709	29.517
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	334	791	3.843	4.968
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	1.460	3.223	19.866	24.549
Fragas do Eume	124	254	1.224	1.602
Corrubedo	124	283	1.263	1.670
Monte Aloia	136	363	1.005	1.504
Baixa Limia-Serra do Xurés	30	133	266	429
Invernadeiro	2	1	12	15
Serra da Enciña da Lastra	17	28	36	81
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	643	1.570	6.386	8.599
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	1.893	4.285	23.672	29.850
Total*	2.227	5.076	27.515	34.818

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo, (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Como se pode ver na Táboa 53 priman nas áreas de influencia dos Parques a figura dos **autónomos**, existindo un total de 18.092 persoas físicas no conxunto dos municipios onde se ubican os Parques de Galicia. Seguido das **Sociedades Limitadas**

con 13.185 entidades, isto supón máis do 90% das tipoloxías de empresas existentes na zona.

Por concellos destacan, polo elevado número de empresas aqueles nos que se sitúa o Parque Nacional das Illas Atlánticas, así como, as Fragas do Eume, Corrubedo e o Monte Aloia (29.517, 1.602, 1.670, 1.504 respectivamente), xa que son zonas costeiras onde existe un maior movemento de cara a desenvolver actividades económicas. Pola contra son as zonas do interior rural de Galicia (alta montaña) as que presentan un número inferior de empresas, tendo na Serra da Enciña da Lastra 81 empresas en total, é no Invernadeiro 15.

Táboa 53
Forma Xurídica das empresas das áreas de influencia dos Parques en 2009.

Área de Influencia	Persoas físicas	Soc. Anónimas	Soc. Limitada	Soc. cooperativas	Outros	Total
Illas Atlánticas	15.045	830	11.470	100	2.072	29.517
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	2.742	75	1.695	5	451	4.968
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	12.303	755	9.775	95	1.621	24.549
Fragas do Eume	1.018	32	387	19	146	1.602
Corrubedo	883	38	597	2	150	1.670
Monte Aloia	772	17	609	3	103	1.504
Baixa Limia Serra do Xurés	312	1	96	0	20	429
Invernadeiro	11	0	3	0	1	15
Serra da Enciña da Lastra	51	0	23	2	5	81
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	4906	125	2813	29	726	8599
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	15.350	843	11.490	121	2.046	29.850
Total*	18.092	918	13.185	126	2.497	34.818

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

En canto á **evolución da demografía empresarial** (ver Táboa 54), existen 3.045 empresas que se deron de alta no ano 2009, fronte as 2.728 do ano 2005. Contra estas cifras positivas, hai que ter en conta que **o número de empresas que se deron de baixa no ano 2009 é maior que o número de empresas que se deron de alta, polo que a situación actual é de desaparición de empresas.**

Respecto a variación experimentada nos últimos anos, obsérvase como de maneira xeral crece case un 6% no número de empresas que se dan de alta, así como tamén aumenta o número de empresas que permanecen no tecido empresarial da zona e o número de entidades que se dan de baixa.

As áreas de influencia nas que existe unha maior permanencia das empresas, son as pertencentes as zonas costeiras, por outra banda, presentan un considerable aumento do número de altas as áreas de influencia dos Parques Naturais Baixa Limia – Serra do Xurés e Serra da Enciña da Lastra.

Nos seguintes apartados analizaranse aquelas actividades empresariais con maior importancia dentro das áreas de influencia dos parques.

Táboa 54

Evolución da demografía empresarial, 2005-2009.

Área de Influencia	2005			2007			2009			Variación 05-09		
	Alta	Permanencia	Baixa	Alta	Permanencia	Baixa	Alta	Permanencia	Baixa	Alta	Permanencia	Baixa
Illas Atlánticas	2.525	23.801	2.104	3.503	25.224	2.269	2.712	26.805	2.706	7,41%	12,62%	28,61%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	475	4.030	380	596	4.307	403	466	4.502	480	-1,89%	11,71%	26,32%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	2.050	19.771	1.724	2.907	20.917	1.866	2.246	22.303	2.226	9,56%	12,81%	29,12%
Fragas do Eume	159	162	132	1.365	1.412	1.470	122	139	143	-23,27%	-14,20%	8,33%
Corrubedo	151	1.274	105	192	1.411	116	165	1.505	135	9,27%	18,13%	28,57%
Monte Aloia	151	1.099	104	209	1.246	120	148	1.356	158	-1,99%	23,38%	51,92%
Baixa Limia Serra do Xurés	28	379	31	53	357	45	47	382	43	67,86%	0,79%	38,71%
Invernadeiro	1	20	4	0	18	0	0	15	3	-100,00%	-25,00%	-0,25
Serra da Enciña da Lastra	2	72	3	4	69	2	6	75	3	200,00%	4,17%	0,00%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	816	5.762	654	2.227	7.409	2.040	789	6.469	830	-3,31%	12,27%	26,91%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	2.542	22.777	2.103	4.730	25.430	3.619	2.734	25.775	2.711	7,55%	13,16%	28,91%
Total*	2.866	25.533	2.378	5.134	28.326	3.906	3.035	28.772	3.056	5,90%	12,69%	28,51%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

B. Aspectos Xerais das actividades máis relacionadas.

B.1. Explotación de Agricultura, Gandería e os seus Transformados.

Unha das técnicas de produción que se está a expandir pola nosa comunidade é a **agricultura ecolóxica**. Este tipo de explotacións proporcionan alimentos da máxima calidade sendo respectuosos co medio natural, dado que prescinde do uso das sustancias químicas co obxectivo de obter **alimentos saudables e naturais**. Na Táboa 55 pódese ver o número de explotacións que se dedican a este tipo de produción nas zonas de influencia dos Parques de Galicia, así como os establecementos comercializadores en exclusiva destes produtos nas mesmas áreas.

Como se comproba, o maior número de explotacións ecolóxicas atópanse no entorno do Parque Natural Baixa Limia- Serra do Xurés e na zona de influencia do Parque Nacional das Illas Atlánticas, con cinco establecementos cada unha. Aínda que posúen o mesmo número de explotacións totais existe unha clara diferenza, e é que na primeira zona estamos a falar de unha produción eminentemente gandeira, mentres que na segunda son as explotacións agrarias as que posúen un maior peso específico. Este feito, confirma as tendencias que se mencionan na Táboa 59 de usos do solo.

En canto ó **número de empresas comercializadoras**, este é claramente inferior, existindo tan só catro establecementos deste tipo nas áreas de influencia dos Parques galegos. **Tres destes establecementos ademais sitúanse na mesma zona, a cidade de Vigo**; ubicándose o último nunha zona bastante próxima a esta cidade galega, a localidade de **Tui** pertencente a zona de influencia do Parque Natural do Monte Aloia, o que fai que o resto das áreas non dispoñan deste tipo de establecementos.

Táboa 55
Explotacións Agro-Gandeiras Ecolóxicas e
Comercializadores nas áreas de influencia dos Parques, 2010.

Área de Influencia	Nº Explotacións Totais	Explotacións Gandeiras	Explotacións Agrarias	Comercializadores
Illas Atlánticas	5	1	4	3
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	3	0	3	0
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	2	1	1	3
Fragas do Eume	4	0	4	0
Corrubedo	1	0	1	0
Monte Aloia	3	0	3	1
Baixa Limia-Serra do Xurés	5	4	1	0
Invernadeiro	2	2	0	0
Serra da Enciña da Lastra	1	0	1	0
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	18	6	12	1
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	18	7	11	4
Total*	20	7	13	4

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir do directorio do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia

Unha das actividades gandeiras de máis tradición en Galicia é a **gandaría bovina**, aínda que co paso dos anos o número de explotacións que se dedican a esta labor estase a ver diminuída. Nas áreas de influencia dos Parques galegos, como se pode ver na Táboa 56, tamén se está a producir este fenómeno, pois **o número de explotacións de gando bovino diminuíu nun 9,66% en apenas dous anos.**

Por zonas, as áreas de influencia onde máis decreceron as explotacións bovinas foron no Parque Natural Serra da Enciña da Lastra e as pertencentes ó Parque da Baixa Limia-Serra do Xurés cun 33,33% e un 19,33% respectivamente. A situación contraria unicamente se pode observar na zona do Parque Natural Monte Aloia, onde apareceron 3 novas explotacións que supoñen un aumento do 1,68%. Destaca tamén aquí o gran número de explotacións que atopamos no Parque Natural das Fragas do Eume, fronte a Serra da Enciña da Lastra no que tan só existen catro explotacións.

O número de explotacións contrasta claramente coa **media de bovinos existentes por cada explotación**. Así por exemplo destacan os números da área de influencia do Parque Nacional das Illas Atlánticas ou os do Parque Natural do Monte Aloia cunhas medias de 2,88 e 2,50 respectivamente. O número medio máis alto atópase na zona das Fragas do Eume, cunha media de 16,36 bovinos por explotación,

se ben esta media é claramente máis alta cás anteriores, non se pode falar de grandes explotacións gandeiras nas áreas de influencia dos Parques, o que indica que nestas zonas predominan as pequenas explotacións de tipo familiar.

Polo que respecta á variación da media de bovinos por explotación, aumentou un 9,93% no período 2007 – 2009, e sendo positiva en case todas as áreas analizadas. Este indicador permite deducir que as pequenas explotacións das que se falaba antes poden estar desaparecendo, quedando só en activo aquelas explotacións especializadas na produción bovina.

Táboa 56
Evolución do número de explotacións e do número de bovinos
nas áreas de influencia dos Parques. 2007-2009.

Área de Influencia	Número de Explotacións		Número de Bovinos		Media de Bovinos por Explotación		Variación 07-09		
	2007	2009	2007	2009	2007	2009	Explotacións	Bovinos	Media
Illas Atlánticas	574	502	1.654	1328	2,88	2,65	-12,54%	-19,71%	-8,19%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	288	262	1.252	997	4,35	3,81	-9,03%	-20,37%	-12,46%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	286	240	402	331	1,41	1,38	-16,08%	-17,66%	-1,88%
Fragas do Eume	894	827	14.624	14.514	16,36	17,55	-7,49%	-0,75%	7,29%
Corrubedo	116	111	1006	819	8,67	7,38	-4,31%	-18,59%	-14,92%
Monte Aloia	179	182	448	440	2,50	2,42	1,68%	-1,79%	-3,40%
Baixa Limia-Serra do Xurés	238	192	2.966	3.276	12,46	17,06	-19,33%	10,45%	36,91%
Invernadeiro	45	42	559	557	12,42	13,26	-6,67%	-0,36%	6,76%
Serra da Enciña da Lastra	6	4	8	5	1,33	1,25	-33,33%	-37,50%	-6,25%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	1.650	1.509	19.857	19.789	12,03	13,11	-8,55%	-0,34%	8,97%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	1.764	1.598	20.013	19.942	11,35	12,48	-9,41%	-0,35%	10,00%
Total*	1.936	1.749	20.259	20.120	10,46	11,50	-9,66%	-0,69%	9,93%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

B.2. Pesca e Produtos Transformados do Mar.

Como podemos ver na Táboa 57 o maior volume de capturas atópase nas lonxas da área de influencia do Parque Nacional - Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, debido en gran medida a existencia nesa área do porto de Vigo que supón case a metade das capturas desta área de influencia. O caso contrario atópase na área onde se sitúa o Parque Natural das Fragas do Eume que ten o menor número de capturas, xa que só un dos municipios que o conforman, Pontedeume, conta con lonxa.

Polo que respecta á variación sufrida entre os anos 2005 e 2009 , en xeral tanto o volume de capturas como o seu importe seguen unha tendencia positiva, exceptuando o caso das Fragas do Eume onde esta variación sofre un descenso de máis do 40% no caso do volume e de case un 60% no seu importe.

Táboa 57
Evolución da pesca fresca na área de influencia dos Parques, 2005-2009.

Área de Influencia	2005		2009		Variación 05-09	
	Kg	€	Kg	€	Kg	€
Illas Atlánticas	63.444.876	125.278.953	78.429.139	146.768.727	23,62%	17,15%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>30.112.703</i>	<i>34.076.958</i>	<i>39.096.184</i>	<i>41.121.387</i>	<i>29,83%</i>	<i>20,67%</i>
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>33.332.173</i>	<i>91.201.995</i>	<i>39.332.955</i>	<i>105.647.340</i>	<i>18,00%</i>	<i>15,84%</i>
Corrubedo	29.449.157	30.893.255	38.203.594	38.214.774	29,73%	23,70%
Fragas do Eume	27.709	338.757	16.346	141.990	-41,01%	-58,08%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	<i>30.140.412</i>	<i>34.415.715</i>	<i>39.112.530</i>	<i>41.263.377</i>	<i>29,77%</i>	<i>19,90%</i>
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	<i>62.809.039</i>	<i>122.434.007</i>	<i>77.552.895</i>	<i>144.004.104</i>	<i>23,47%</i>	<i>17,62%</i>
Total*	63.472.585	125.617.710	78.445.485	146.910.717	23,59%	16,95%


*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir de Pesca de Galicia

Na Figura 50, pódese ver a **contribución das lonxas** situadas nas áreas de influencia dos Parques ó conxunto de lonxas galegas. Con respecto ó total de quilogramos recollidos, obsérvase que **o 40% pertencen a estas lonxas. Este valor diminúe para o importe das capturas, que tan só supón o 25% con respecto ó total.**

Figura 50
Contribución das lonxas das áreas de influencia ó total de lonxas galegas. (2009)



Fonte: Elaboración propia a partir de Pesca de Galicia

B.3. Superficies Forestais e Usos do Solo.

Na Táboa 58 detállase a **superficie forestal en man común que posúen as zonas de influencia dos Parques de Galicia.**

Por termo medio, un **44% da superficie forestal é de propiedade comunal**, aínda que coa lectura da táboa quedan patentes as grandes diferenzas existentes entre as zonas. Así por exemplo, nun extremo da balanza atoparíanse as localidades que conforman o Parque Natural das Fragas do Eume, onde tan só un 0,25% dos montes son veciñais; e noutro os que integran o Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, onde a porcentaxe de monte en man común acada un 82%, sendo tamén esta a zona de influencia onde maior número de hectáreas en man común existen en valores absolutos.

Con respecto ás outras áreas analizadas, destacan tamén os casos dos Parques Naturais da Serra da Enciña da Lastra e Invernadeiro, onde as porcentaxes de monte en man común nas áreas de influencia achéganse ó 70%.

Dos datos despréndese que **son as localidades do interior galego as que maior propiedade comunal albergan** fronte ás costeiras onde se ve moi reducido este tipo de propiedade.

Táboa 58
Superficies forestais dos concellos que contan con Parques en Galicia (Ha.) 2008.

Área de Influencia	Superficie Forestal	Superficie declarada en man común	Porcentaxe de monte en man común sobre o total
Illas Atlánticas	12.668,55	4.230,34	33,39%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>8.804,82</i>	<i>2.750,80</i>	<i>31,24%</i>
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>3.863,73</i>	<i>1.479,54</i>	<i>38,29%</i>
Fragas do Eume	36.381,14	90,31	0,25%
Corrubedo	4.330,88	1.277,89	29,51%
Monte Aloia	3.953,19	1931,44	48,86%
Baixa Limia-Serra do Xurés	48.008,45	39.546,25	82,37%
Invernadeiro	16.088,47	10.981,00	68,25%
Serra da Enciña da Lastra	7.322,26	5.119,52	69,92%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	<i>120.558,33</i>	<i>60.419,32</i>	<i>50,12%</i>
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	<i>119.948,12</i>	<i>60.425,95</i>	<i>50,38%</i>
Total*	141.421,49	63.176,75	44,67%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Anuario de Estatística Agraria da Consellería de Medio Rural.

En canto á **distribución do solo** nas localidades que conforman as áreas de influencia dos Parques da comunidade galega, a Táboa 59 amosa os datos máis relevantes.

Un 35,57% da superficie está dedicada a forestal arborizado, a pasteiro arbustivo e mato un 33,66%; sumando entre estes dous tipos de superficies case un **70% das hectáreas totais**. No outro extremo atópase aquela parte do solo que está dedicada a superficies de cultivo ou prado cun 12,31%.

Realizando unha **análise por áreas de influencia dos Parques**, aqueles que se afastan da tendencia xeral son:

- As Illas Atlánticas, dado que as denominadas como outras superficies acaparan unha boa parte do seu solo, reducíndose o uso de pasteiro, arbustivo e mato. Este fenómeno ten o seu fundamento en que esta é unha zona na que predomina o solo urbano, por situarse nel dúas cidades como son Vigo e Vilagarcía de Arousa, ademais de Bueu e Riveira.

- A localidade na que se sitúa o Monte Aloia, no caso das hectáreas dedicadas a superficie de cultivo e prado, (xa que practicamente dobra a porcentaxe media) novamente en detrimento do solo pertencente ó uso de pasteiro, arbustivo e mato.
- Invernadeiro e Baixa Limia-Serra do Xurés, xa que nestas dúas áreas de influencia a superficie de uso pasteiro, arbustivo e mato é claramente superior ó resto das zonas analizadas, cuns porcentaxes que no caso da zona do Invernadeiro, que practicamente dobran ós xerais, situándose preto do 70%. A abundancia deste tipo de terreo ten a súa orixe probablemente na forte presenza de gandería na zona.

Táboa 59
Usos do solo nas áreas de influencia dos Parques, 2008.

Área de Influencia	Superficie de Cultivo e Prado	Pasteiro, Arbustivo e Mato	Forestal Arborizado	Outras Superficies
Illas Atlánticas	13,41%	12,52%	37,37%	36,69%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	14,25%	19,36%	41,77%	24,61%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	12,31%	3,56%	31,60%	52,53%
Fragas do Eume	16,57%	17,96%	49,50%	15,98%
Corrubedo	9,46%	31,39%	31,36%	27,79%
Monte Aloia	22,53%	4,59%	53,28%	19,60%
Baixa Limia-Serra do Xurés	8,42%	48,10%	28,33%	15,15%
Invernadeiro	6,10%	69,49%	10,86%	13,55%
Serra da Enciña da Lastra	18,31%	31,05%	41,69%	8,95%
<i>Promedio* - Illas Atlánticas (2)</i>	14,36%	31,76%	37,57%	16,31%
<i>Promedio* - Illas Atlánticas (1)</i>	13,39%	29,45%	35,23%	21,94%
Promedio*	12,31%	33,66%	35,57%	18,46%

*O promedio corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Anuario de Estatística Agraria da Consellería de Medio Rural.

A evolución do **número de lumes forestais** no conxunto dos espazos contemplados (ver Táboa 60), presenta unha gran diminución pasando de 1.014 no ano 2001 a 444 en 2006.

Os concellos dos Parques que mostran un maior número de incendios forestais son os da Baixa Limia - Serra do Xurés e das Illas Atlánticas, con 166 e 156 lumes respectivamente.

Pola contra, as zonas que presentan un menor número de incendios son as correspondentes ó Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra con 12 lumes, seguido das do Monte Aloia e Invernadeiro.

De maneira global existe unha evolución á baixa moi significativa do 56% do total de lumes nas áreas de influencia dos parques de Galicia, potenciado principalmente polas cifras da Baixa Limia (-71%), Serra da Enciña da Lastra (-47%) e Corrubedo (-46%).

Unicamente aumenta o número de lumes forestais na área de influencia do Parque Natural Fragas do Eume.

Táboa 60
Evolución do número de lumes forestais, 2001-2006.

Área de Influencia	2001	2002	2003	2004	2005	2006	Variación 01-06
Illas Atlánticas	284	168	169	259	259	156	-45,07%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	212	116	108	185	158	108	-49,06%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	72	52	61	74	101	48	-33,33%
Fragas do Eume	35	48	58	47	50	55	57,14%
Corrubedo	144	67	65	138	120	77	-46,53%
Monte Aloia	34	25	29	20	55	25	-26,47%
Baixa Limia Serra do Xurés	585	452	259	486	440	166	-71,62%
Invernadeiro	53	55	78	54	52	30	-43,40%
Serra da Enciña da Lastra	23	36	17	12	21	12	-47,83%
Total* - Illas Atlánticas (2)	942	732	549	804	776	396	-57,96%
Total* - Illas Atlánticas (1)	946	735	567	831	839	413	-56,34%
Total*	1.014	784	610	878	877	444	-56,21%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

B.4. Construción e promoción inmobiliaria.

Na Táboa 61 pódese observar como ó contrario que acontecía no caso xeral galego, nesta ocasión a forma xurídica predominante é a das sociedades de responsabilidade limitada seguida das persoas físicas.

Cabe destacar a escasa incidencia das sociedades cooperativas e anónimas neste sector.

Táboa 61
Número de empresas do sector da construción segundo a súa forma xurídica. (2009)

Área de Influencia	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
Illas Atlánticas	2.859	1.193	47	1.398	7	214
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	605	270	2	293	0	40
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	2.254	923	45	1.105	7	174
Fragas do Eume	228	135	5	60	0	28
Corrubedo	204	90	1	102	0	11
Monte Aloia	316	106	3	176	1	30
Baixa Limia-Serra do Xurés	124	94	1	26	0	3
O Invernadeiro	1	0	0	0	0	1
Serra da Enciña da Lastra	27	16	0	9	0	2
Total* - Illas Atlánticas (2)	1.301	621	11	564	1	104
Total* - Illas Atlánticas (1)	3.154	1.364	55	1.478	8	249
Total*	3.555	1.544	56	1.669	8	278

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Como recolle a Táboa 62, tanto o número de licencias concedidas para nova planta como para rehabilitación están a sufrir un gran descenso.

Por área de influencia, é a das Illas Atlánticas, especialmente na zona de Vigo, onde se están concedendo o maior número de licencias cun gran marxe de diferenza respecto ás demais áreas de influencia do resto de parques naturais.

Táboa 62
Número de licencias segundo o tipo de obra, 2004 - 2009.

Área de Influencia	2004			2006			2009		
	Total	Nova planta	Rehabilitación	Total	Nova planta	Rehabilitación	Total	Nova planta	Rehabilitación
Illas Atlánticas	554	387	143	306	241	59	213	155	48
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	205	149	48	197	166	26	94	66	23
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	349	238	95	109	75	33	119	89	25
Fragas do Eume	44	28	15	31	18	13	33	23	9
Corrubedo	92	64	25	102	88	13	20	15	4
Monte Aloia	42	35	7	24	19	5	37	28	9
Baixa Limia-Serra do Xurés	9	6	3	4	2	2	20	6	14
O Invernadeiro	0	0	0	0	0	0	2	0	2
Serra da Enciña da Lastra	4	2	2	1	0	1	3	1	2
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	304	220	75	257	205	47	189	124	59
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	540	373	147	271	202	67	234	162	65
Total*	653	458	170	366	280	80	308	213	84

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

B.5. Prazas Turísticas.

O número de **prazas turísticas** no ano 2009 (ver Táboa 63) son, para o conxunto de espazos onde se atopan os Parques, de 5.866 prazas en hoteis, 269 en establecementos de turismo rural e 3.019 en campamentos de turismo.

As **zonas onde existe un maior número de prazas**, son as relativas as Illas Atlánticas respecto ós hoteis con 4.841 prazas dispoñibles, así como nos campamentos turísticos con 2.138 seguido do Complexo Dunar de Corrubedo con 1.185 prazas nos campamentos.

En xeral, **no período 2004 - 2009 experimentouse unha evolución conxunta positiva**, aumentando o número de prazas para os hoteis nun 4,06%, para os establecementos de turismo rural nun 27,49%, mentres que o número de campamentos descendeu lixeiramente (-0,36%). Todas as áreas de influencia aumentaron o número de prazas en establecementos turísticos, agás a Baixa Limia - Serra do Xurés, no que diminuíron as prazas dos hoteis e dos campamentos de turismo, e nos Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra, onde non se ubica ningún tipo de establecemento destas características.

Táboa 63

Evolución do número de prazas turísticas nas áreas de influencia dos Parques, 2005-2009.

Área de Influencia	2005			2007			2009			Variación 04-09		
	Hoteis	Turismo rural	Campamentos e turismo	Hoteis	Turismo rural	Campamentos de turismo	Hoteis	Turismo rural	Campamentos de turismo	Hoteis	Turismo rural	Campamentos de turismo
Illas Atlánticas	4.416	44	2.113	4.694	44	2.138	4.841	44	2.138	9,62%	0,00%	1,18%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	623	44	1.481	677	44	1.481	683	44	1.481	9,63%	0,00%	0,00%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	3.793	0	632	4.017	0	657	4.158	0	657	9,62%	..	3,96%
Fragas do Eume	497	95	545	497	105	527	563	116	527	13,28%	22,11%	-3,30%
Corrubedo	166	6	1.185	190	6	1.185	190	6	1.185	14,46%	0,00%	0,00%
Monte Aloia	431	28	0	434	28	0	434	35	0	0,70%	25,00%	
Baixa Limia Serra do Xurés	293	44	372	218	82	354	28	74	354	-90,44%	68,18%	-4,84%
Invernadeiro	0	0	0	0	0	0	0	0	0	..	..	..
Serra da Enciña da Lastra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	..	..	..
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	1.844	211	2.398	1.826	259	2.362	1.708	269	2.362	-7,38%	27,49%	-1,50%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	5.180	173	2.734	5.356	221	2.723	5.373	231	2.723	3,73%	33,53%	-0,40%
Total*	5.637	211	3.030	5.843	259	3.019	5.866	269	3.019	4,06%	27,49%	-0,36%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

(..) Non aplicable.

Fonte: Instituto Galego de Estatística

B.6. Comercio e Artesanía.

Na Táboa 64, pódese comprobar como **as actividades comerciais polo miúdo evolucionaron negativamente nos últimos anos**, pasando de 9.380 empresas no 2003 a 8.929 no 2009.

Por áreas de influencia destacan no número de actividades comerciais polo miúdo aqueles Parques que se ubican en zonas costeiras. Pola contra, nas zonas do interior de Galicia, de alta montaña e rurais, os valores son inferiores.

En xeral, experimentábase unha evolución negativa no conxunto das áreas de influencia (- 4,81%), debido, principalmente ó descenso do número de actividades comerciais polo miúdo nas áreas de influencia dos Parques Baixa Limia - Serra do Xurés (-25,33%) e Illas Atlánticas de Galicia (-5,62%).

Táboa 64

Evolución das actividades comerciais polo miúdo nas áreas de influencia dos Parques. (2003- 2009)

Área de Influencia	2003	2005	2007	2009	Variación 03-09
Illas Atlánticas	8.125	8.115	7.726	7.668	-5,62%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	2.046	2.037	1.873	1.884	-7,92%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	6.079	6.078	5.853	5.784	-4,85%
Fragas do Eume	642	646	636	572	-10,90%
Corrubedo	574	628	697	660	14,98%
Monte Aloia	445	506	581	559	25,62%
Baixa Limia Serra do Xurés	150	151	142	112	-25,33%
Invernadeiro	..	..	..	..	..
Serra da Enciña da Lastra	18	20	28	18	0,00%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	3.301	3.360	3.260	3.145	-4,73%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	7.908	8.029	7.937	7.705	-2,57%
Total*	9.380	9.438	9.113	8.929	-4,81%


*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Anuario Socioeconómico "La Caixa" 2010

Como se amosa na Figura 51 a maior porcentaxe de establecementos comerciais polo miúdo dedicados ó comercio tradicional, atópase na área de influencia do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés seguido da Serra da Enciña da Lastra e o Invernadeiro. Polo que respecta ó resto das zonas é maior o peso do comercio minorista de non alimentación con porcentaxes en torno ó 60%.

Figura 51
Porcentaxe do número de establecementos comerciais (2009).



Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa
Fonte: Atlas Socio-Económico de "Caixanova"

No relativo ó **tamaño medio** que posúen as instalacións de comercio minorista nas áreas de influencia dos parques galegos (ver Táboa 65), queda claro que a maior superficie media correspóndelle ós supermercados, os cales ostentan unha media de 230 metros cadrados, superando cun amplo marxe a media xeral que é de 85 metros cadrados. Na outra banda atopariámonos con aqueles establecementos pertencentes á categoría de comercio tradicional, con 29,17 metros cadrados de media.

Táboa 65
Tamaño medio dos establecementos comerciais (Metros cadrados) (2009).

Área de Influencia	Comercio Tradicional	Supermercados	Non Alimentación	Total Actividades Comerciais
Illas Atlánticas	33,13	357,97	117,58	99,28
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	34,77	424,94	144,88	107,26
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	32,56	332,58	110,23	96,62
Fragas do Eume	20,63	457,44	264,15	128,96
Corrubedo	32,03	390,66	213,50	101,04
Monte Aloia	30,16	347,85	139,87	102,62
Baixa Limia-Serra do Xurés	28,90	49,60	129,89	76,31
Invernadeiro	4,00	51,00	33,00	25,00
Serra da Enciña da Lastra	58,20	116,67	91,00	83,09
Promedio*	29,17	230,09	129,25	85,88

*O promedio corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa
Fonte: Atlas Socio-Económico de "Caixanova"

C. Información por cadeas de valor do Sistema Empresarial das Áreas de Influencia.

Os datos recollidos nas táboas seguintes, foron obtidos da Base de Datos SABI (Sistema de Análises de Balances Ibéricos). Esta base de datos recolle todas aquelas empresas que presentasen, en prazo, as súas contas anuais nos rexistros mercantís españois, facendo a asignación das empresas a cada un dos concellos en base a sede fiscal de cada unha delas. Deste xeito, poden existir empresas que teñan un centro ou centros de traballo nun concello, pero a súa sede fiscal se localice noutro concello, entón será nese concello (onde se localiza a sede fiscal) onde se contabiliza a súa facturación, traballadores, etc.


En referencia ó anterior, pódese dar a circunstancia de que empresas con certa relevancia na actividade empresarial dun concello, non sexan contempladas na análise do mesmo, xa que a súa sede fiscal está localizada noutro concello.

Para a elaboración da información por cadeas de valor do Sistema Empresarial das Áreas de Influencia dos Parques de Galicia, **seleccionáronse aquelas empresas que desenvolven actividades máis relacionadas cos Parques** e as súas áreas de influencia.

Na Figura 52 recóllese dun xeito gráfico e esquemático a metodoloxía seguida para a selección das actividades empresariais máis relacionadas.

Figura 52

Metodoloxía para a selección das actividades empresariais relacionadas.



Fonte:Elaboración propia.

Nota: ver no apartado 6.4 do Anexo a relación de actividades empresariais seleccionadas das áreas de influencia organizadas por cadeas empresariais e CNAE.

Táboa 66

Porcentaxe de empresas segundo actividades empresariais existentes na área de influencia de cada Parque. (2008)

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	7,92%	5,37%	18,32%		33,21%	0,60%	2,12%		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	5,55%	5,37%	6,29%	7,32%	5,11%	15,06%	7,41%		15,38%
Agric. e Gandería e os seus Transf.	7,15%	7,05%	7,55%	14,63%	3,65%	8,43%	5,29%	100%	38,46%
Rochas Ornam. e Prod. non Metálicos	0,44%	0,55%		2,44%		0,60%	0,53%		7,69%
Comercio e reparación de vehículos	0,50%	0,55%	0,28%	2,44%		0,60%			
Construción e Reparación Naval	0,47%	0,41%	0,70%		0,36%		0,53%		
Química-Farmacéutica	0,97%	1,00%	0,84%		0,36%	1,20%	1,06%		
Téxtil-Confeción-Moda e Complementos	7,79%	8,36%	5,45%	7,32%	3,28%	0,60%	3,17%		
Construción e Promoción Inmobiliaria	20,96%	21,02%	20,70%	24,39%	13,50%	23,49%	33,33%		23,08%
Turismo, Ocio e Relacionados	18,30%	18,54%	17,34%	21,95%	16,42%	21,69%	19,05%		7,69%
Información, Cultura e Audiovisual	1,46%	1,41%	1,68%		1,82%		0,53%		
Comercio e Distribuc. non Específicos	15,35%	15,69%	13,99%	9,76%	14,60%	13,86%	16,40%		7,69%
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	1,57%	1,75%	0,84%		0,73%	3,01%	1,59%		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	0,44%	0,52%	0,14%				0,53%		
Medio Ambiente	0,30%	0,34%	0,14%		0,36%				
Enerxía	6,21%	6,95%	3,22%	9,76%	4,01%	7,83%	5,29%		
Loxística e Transporte	0,47%	0,52%	0,28%			0,60%			
Servizos Financeiros	0,08%	0,10%				0,60%	0,53%		
Educación e Saúde	0,88%	0,89%	0,84%		0,73%	1,20%	0,53%		
Outras Actividades en Xeral	3,18%	3,61%	1,40%		1,82%	0,60%	2,12%		
Total de empresas consideradas	3.622	2.907	715	41	274	166	189	1	13

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

En xeral, nas áreas de influencia dos Parques de Galicia, **as actividades empresariais que máis representatividade teñen** (ver Táboa 66) son a Construción e Promoción Inmobiliaria e Turismo, Ocio e Relacionados seguidos de preto por Comercio e Distribución non Específicos e Agricultura e Gandería e os seus Transformados.

Cabe destacar algunhas porcentaxes pola súa importancia, coma son as do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán en canto a pesca e os produtos transformados do mar, ou as Fragas do Eume e a Serra da Enciña da Lastra no relativo a materia forestal e produtos transformados da madeira.

Outros datos que non poden pasar sen ser comentados, son os relativos á actividade de Agricultura e Gandería e os seus Transformados na Baixa Limia-Serra do Xurés e na Serra da Enciña da Lastra. Na outra banda atópanse polos seus baixos valores, as actividades empresariais de Turismo, Ocio e Relacionados e Comercio e Distribución non Específicos na área de influencia do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, ou a non existencia de empresas no relacionado coa Construción e Promoción Inmobiliaria e o Turismo, Ocio e Relacionados na área de influencia do Parque Natural de O Invernadeiro, emprazamento este onde tan só hai unha empresa dedicada á Agricultura e Gandería e os seus Transformados.

De forma global, obsérvase unha gran diverxencia entre o desenvolvemento empresarial existente nas áreas de influencia pertencentes ós Parques da franxa atlántica fronte os Parques do interior de Galicia.

Táboa 67

Porcentaxe da suma do total do activo segundo as actividades empresariais máis relacionadas cos Parques, existentes en cada área de influencia. (2008)

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	35,36%	29,09%	65,57%		82,32%	0,12%	3,18%		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	7,50%	8,40%	3,18%	7,13%	1,25%	34,26%	7,36%		24,18%
Agric. e Gandería e os seus Transf.	5,13%	5,06%	5,49%	11,91%	0,31%	2,21%	3,55%	100%	31,67%
Rochas Ornám. e Prod. non Metálicos	3,86%	4,66%		2,09%		0,54%	2,53%		13,95%
Comercio e reparación de vehículos	0,30%	0,35%	0,10%	4,40%		0,09%			
Construción e Reparación Naval	0,62%	0,69%	0,29%		0,08%		0,08%		
Química-Farmacéutica	0,73%	0,73%	0,77%		0,60%	0,70%	1,83%		
Téxtil-Confección-Moda e Complementos	3,89%	4,40%	1,40%	0,56%	0,44%	0,03%	1,12%		
Construción e Promoción Inmobiliaria	11,80%	12,54%	8,26%	24,61%	4,32%	22,49%	22,56%		28,17%
Turismo, Ocio e Relacionados	8,08%	8,54%	5,90%	34,60%	2,38%	3,78%	15,62%		0,97%
Información, Cultura e Audiovisual	3,54%	4,23%	0,21%		0,16%		0,00%		
Comercio e Distribuc. non Específicos	6,29%	6,59%	4,85%	5,55%	3,92%	17,68%	17,13%		1,06%
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	3,73%	4,41%	0,44%		0,26%	10,87%	3,08%		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	0,12%	0,14%	0,03%				0,11%		
Medio Ambiente	0,37%	0,44%	0,01%		0,01%				
Enerxía	5,35%	5,81%	3,12%	9,15%	3,88%	4,09%	17,54%		
Loxística e Transporte	0,98%	1,17%	0,02%			2,74%			
Servizos Financeiros	0,00%	0,01%				0,04%	1,27%		
Educación e Saúde	0,30%	0,32%	0,16%		0,04%	0,26%	0,11%		
Outras Actividades en Xeral	2,04%	2,42%	0,20%		0,12%	0,09%	2,92%		
Total do activo en miles de euros	4.150.919,11	3.437.602,85	713.316,26	6.354,74	410.710,81	278.502,33	97.605,63	163,617	4.170,40

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

En canto á **porcentaxe da suma do total do activo segundo as actividades empresariais** máis relacionadas cos Parques e as súas áreas de influencia, as máis importantes son a Pesca e Produtos Transformados do Mar, Agricultura e Gandería e os seus Transformados e a Construción e Promoción Inmobiliaria, a primeira das cales presenta uns elevados porcentaxes na área Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (82,32%) e nas Illas Atlánticas de Galicia (35,36%), sobre todo dentro desta última na área de Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa (65,57%).

Por áreas de influencia, destaca o caso do Parque Natural Monte Aloia, onde as actividades empresariais vinculadas á Enerxía, supoñen a segunda porcentaxe máis relevante dentro da área de influencia de dito Parque, tan só por detrás das actividades empresariais vinculadas á Construción e Promoción Inmobiliaria.

Outros datos relevantes no relativo ás áreas de influencia dos Parques, serían por exemplo as altas porcentaxes que presenta Fragas do Eume e Monte Aloia con respecto as actividades de Comercio e Distribución non Específicos, ou os baixos datos que ten dentro desta mesma actividade a Serra da Enciña da Lastra.

Táboa 68

Promedio do total do activo segundo as actividades empresarias máis relacionadas cos Parques en cada área de influencia (miles de €) (2008).

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	5.114	6.410	3.570		3.715	250	777		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	1.549	1.851	505	151	366	259	513		504
Agric. e Gandería e os seus Transf.	823	848	725	126	125	293	346	164	264
Rochas Ornam. e Prod. non Metálicos	10.020	10.020		133		86	2.471		582
Comercio e reparación de vehículos	703	745	367	280		439			
Construción e Reparación Naval	1.512	1.973	407		341		78		
Química-Farmacéutica	871	861	917		2.461	1.606	894		
Téxtil-Confeción-Moda e Complementos	572	623	255	12	200	327	182		
Construción e Promoción Inmobiliaria	645	705	398	156	470	362	350		392
Turismo, Ocio e Relacionados	506	545	339	244	217	6.055	424		40
Información, Cultura e Audiovisual	2.771	3.546	125		129		0		
Comercio e Distribuc. non Específicos	470	497	346	88	402	104	539		44
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	2.716	2.974	522		544	7.638	1.002		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	316	324	190				108		
Medio Ambiente	1.390	1.523	52		52				
Enerxía	987	989	969	145	1.449	876	1.712		
Loxística e Transporte	2.385	2.692	79			2.140			
Servizos Financeiros	57	57				3.817	1.236		
Educación e Saúde	384	429	187		85	980	111		
Outras Actividades en Xeral	735	791	144		97	1.514	713		

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

Se se observa a Táboa 68 referente ó **promedio do total de activo das actividades empresariais** máis relacionadas cos Parques, conclúese que as empresas que posúen un maior activo son as que se dedican á Pesca e Produtos Transformados do Mar, Rochas Ornamentais e Produtos non Metálicos e Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálicos. Esta última representa a maior parte do activo no Parque Natural Fragas do Eume (7.638 miles de euros) mentres que as actividades de Rochas Ornamentais e Produtos non Metálicos está ten unha maior importancia no Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas, en concreto pola zona relativa a Vigo (10.020 miles de euros).

Algúns outros datos importantes relativos a este promedio nas zonas de influencia dos Parques son entre outros, como se ve na Táboa 68, os de Fragas do Eume no relativo as actividades empresariais de Turismo, Ocio e Relacionados, e Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálicos ou en Monte Aloia respecto ás de Enerxía e Rochas Ornamentais e Produtos non Metálicos.

Táboa 69

Porcentaxe da suma dos últimos ingresos de explotación segundo as actividades empresariais máis relacionadas cos Parques de cada área de influencia. (2008)

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	37,94%	31,22%	61,81%		84,51%	0,16%	2,79%		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	6,56%	7,68%	2,57%	9,00%	0,97%	0,16%	5,27%		33,65%
Agric. e Gandería e os seus Transf.	8,43%	7,44%	11,93%	15,30%	0,40%	3,01%	3,21%	100%	12,80%
Rochas Ornam. e Prod. non Metálicos	1,53%	1,96%		1,39%		0,16%	2,26%		11,98%
Comercio e reparación de vehículos	0,36%	0,44%	0,09%	1,74%		1,36%			
Construción e Reparación Naval	0,51%	0,57%	0,27%		0,06%		0,02%		
Química-Farmacéutica	1,26%	1,34%	0,98%		0,70%	25,17%	0,68%		
Téxtil-Confeción-Moda e Complementos	4,74%	5,70%	1,35%	0,93%	0,44%	0,16%	1,67%		
Construción e Promoción Inmobiliaria	14,60%	16,54%	7,74%	27,11%	3,50%	0,48%	33,24%		35,41%
Turismo, Ocio e Relacionados	5,76%	6,44%	3,35%	19,26%	1,79%	6,12%	8,24%		1,50%
Información, Cultura e Audiovisual	0,51%	0,57%	0,28%		0,17%		0,00%		
Comercio e Distribuc. non Específicos	9,93%	11,09%	5,81%	8,74%	4,43%	0,01%	18,11%		4,67%
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	1,89%	2,27%	0,56%		0,12%	2,65%	5,22%		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	0,14%	0,17%	0,04%				0,12%		
Medio Ambiente	0,17%	0,21%	0,01%		0,02%				
Enerxía	2,17%	2,01%	2,75%	16,53%	2,65%	9,86%	15,82%		
Loxística e Transporte	0,73%	0,92%	0,04%			39,42%			
Servizos Financeiros	0,01%	0,01%				10,42%	0,17%		
Educación e Saúde	0,42%	0,48%	0,20%		0,05%	0,97%	0,16%		
Outras Actividades en Xeral	2,34%	2,93%	0,22%		0,20%	0,00%	3,01%		
Total dos últimos ingresos (miles de euros)	3.824.755,50	2.984.408,48	840.347,02	6.756,06	497.798,05	310.188,27	121.584,11	224,86	5.296,17

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

En base á **porcentaxe da suma dos últimos ingresos de explotación**, segundo as actividades empresariais máis relacionadas cos Parques existentes en cada área de influencia, pódese asegurar que o groso destas, atópanse nas actividades vinculadas á Pesca e Produtos Transformados do Mar e á Construción e Promoción Inmobiliaria. A primeira destas actividades, concentra a maior parte das súas porcentaxes nas Illas Atlánticas e na zona do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, mentres que a segunda das actividades empresariais representa a maior parte dos ingresos de explotación nos Parques Naturais Serra da Enciña da Lastra, o Monte Aloia e Baixa Limia-Serra do Xurés.

Tamén son salientables a porcentaxe de ingresos tanto en Fragas do Eume, con case un 40% centrado na Loxística e Transporte e un 25% en Química-Farmacéutica, coma o 15% do Monte Aloia na actividade de Enerxía.

Táboa 70

Promedio dos últimos ingresos de explotación segundo as actividades empresarias máis relacionadas cos Parques en cada área de influencia (miles de euros). (2008)

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	5.736	6.802	4.478		5.194	482	848		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	1.335	1.593	492	203	343	489	534		890
Agric. e Gandería e os seus Transf.	1.305	1116	2.088	172	248	283	434	225	169
Rochas Ornam. e Prod. non Metálicos	3.650	3.650		94		178	2.749		634
Comercio e reparación de vehículos	773	825	358	118		301			
Construción e Reparación Naval	1.145	1.430	460		316		22		
Química-Farmacéutica	1.414	1.423	1.373		3.460	2.110	412		
Téxtil-Confección-Moda e Complementos	684	746	307	63	242	492	407		
Construción e Promoción Inmobiliaria	779	854	468	183	513	752	652		624
Turismo, Ocio e Relacionados	363	386	256	145	218	4.747	295		79
Información, Cultura e Audiovisual	379	436	193		169		0		
Comercio e Distribuc. non Específicos	716	761	514	148	580	31	786		247
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	1.269	1.326	784		307	8.215	2.115		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	334	335	320				145		
Medio Ambiente	713	791	89		89				
Enerxía	516	420	1.285	279	1.463	2.549	2.405		
Loxística e Transporte	1.745	1.971	163			5.316			
Servizos Financeiros	161	161				1.293	209		
Educación e Saúde	516	573	278		133	1.503	200		
Outras Actividades en Xeral	813	867	206		253	0	1.221		

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

Segundo o **promedio dos últimos ingresos de explotación das actividades empresarias** máis relacionadas cos Parques en cada área de influencia hai que destacar os grandes ingresos de Fragas do Eume na actividade empresarial de Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálicos (8.215 miles de euros), así como nas Illas Atlánticas e o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán na actividade empresarial da Pesca e Produtos Transformados do Mar.

Outros datos de interese que cabe destacar son, para a actividade enerxética, o promedio de ingresos no Monte Aloia e nas Fragas do Eume, do mesmo xeito que para este último emprazamento tamén hai que salientar os seus ingresos en Turismo, Ocio e Relacionados.

Táboa 71

Porcentaxe da suma do valor engadido segundo as actividades empresarias máis relacionadas cos Parques en cada área de influencia. (2008)

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	29,75%	23,00%	56,83%		80,61%	0,10%	0,82%		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	7,38%	8,49%	2,95%	4,95%	1,03%	0,61%	5,18%		20,59%
Agric. e Gandería e os seus Transf.	7,70%	6,93%	10,80%	12,77%	0,61%	4,28%	2,82%	100%	28,71%
Rochas Ornam. e Prod. non Metálicos	1,83%	2,29%		2,50%		0,07%	2,68%		14,30%
Comercio e reparación de vehículos	0,48%	0,59%	0,04%	3,04%		2,23%			
Construción e Reparación Naval	0,85%	0,97%	0,36%		0,04%		0%		
Química-Farmacéutica	1,06%	1,13%	0,80%		0,77%	34,08%	0,83%		
Téxtil-Confeción-Moda e Complementos	5,21%	6,19%	1,25%	2,71%	0,54%	0,11%	1,59%		
Construción e Promoción Inmobiliaria	20,62%	22,54%	12,89%	32,45%	5,88%	0,98%	38,43%		33,38%
Turismo, Ocio e Relacionados	4,16%	3,92%	5,11%	26,94%	2,83%	6,16%	11,27%		1,58%
Información, Cultura e Audiovisual	0,52%	0,57%	0,35%		0,23%		0%		
Comercio e Distribuc. non Específicos	8,07%	8,74%	5,38%	5,00%	4,23%	0,00%	11,27%		1,43%
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	2,62%	3,13%	0,53%		0,34%	4,88%	1,76%		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	0,24%	0,29%	0,03%				0,02%		
Medio Ambiente	0,23%	0,28%	0,02%		0,03%				
Energía	1,82%	1,85%	1,68%	9,64%	1,95%	4,26%	12,98%		
Loxística e Transporte	0,86%	1,06%	0,04%			31,18%			
Servizos Financeiros	0,02%	0,02%				10,19%	1,09%		
Educación e Saúde	0,44%	0,48%	0,26%		0,10%	0,87%	0,20%		
Outras Actividades en Xeral	6,14%	7,50%	0,69%		0,81%	0,00%	9,09%		
Total do valor engadido (miles de euros)	924.597,86	740.317,83	184.280,02	2.093,90	96.645,95	73.226,05	34.331,72	40,40	1.505,16

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

Da Táboa 71 podemos extraer que as actividades empresariais que contan cunha **maior porcentaxe da suma do valor engadido na área de influencia** de cada parque, son a Pesca e Produtos Transformados do Mar, cun 80'61% no Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, e máis dun 55% nas Illas Atlánticas de Galicia na zona de Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa así coma a Construción e Promoción Inmobiliaria, con porcentaxes superiores o 30% tanto na Baixa Limia-Serra do Xurés coma no Monte Aloia.

Por último son de salientar os datos recollidos para o Turismo, Ocio e Relacionados na Baixa Limia-Serra do Xurés e a actividade empresarial Química-Farmacéutica nas Fragas do Eume.

Táboa 72

Promedio do valor engadido segundo as actividades empresarias máis relacionadas cos Parques en cada área de influencia (miles de euros). (2008)

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	986	1.135	812		856	71	71		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	354	425	121	35	71	448	148		155
Agric. e Gandería e os seus Transf.	283	257	383	45	66	92	97	40	108
Rochas Ornam. e Prod. non Metálicos	1.060	1.060		52		53	921		215
Comercio e reparación de vehículos	248	275	37	64		117			
Construción e Reparación Naval	461	599	132		38		-12		
Química-Farmacéutica	281	289	246		742	674	143		
Téxtil-Confeción-Moda e Complementos	175	193	61	28	58	83	109		
Construción e Promoción Inmobiliaria	259	282	166	68	158	360	213		167
Turismo, Ocio e Relacionados	61	56	83	63	65	903	114		24
Información, Cultura e Audiovisual	93	105	53		44		-2		
Comercio e Distribuc. non Específicos	138	146	101	26	105	0	133		22
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	424	455	164		164	3574	201		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	139	144	61				7		
Medio Ambiente	194	210	31		31				
Enerxía	77	70	140	50	171	240	446		
Loxística e Transporte	467	525	33			993	374		
Servizos Financeiros	75	75				298			
Educación e Saúde	131	143	81		48	317	70		
Outras Actividades en Xeral	507	539	140		196	0	1.040		

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

Para o **promedio do valor engadido** nas áreas de influencia de cada parque as actividades empresariais que máis destacan son a Pesca e Produtos Transformados do Mar cuns datos salientables tanto nas Illas Atlánticas coma no Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, e para actividades de Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálica onde a área de influencia do Parque Natural Fragas do Eume presenta o maior promedio de activo de todas as actividades.

Neste punto non podemos pasar sen comentar os promedios negativos do valor engadido existentes no Monte Aloia para a Construción e Reparación Naval e a Información, Cultura e Audiovisual.

Táboa 73

Porcentaxe do último nº de empregados segundo as actividades empresarias máis relacionadas cos Parques en cada área de influencia. (2008)

	Illas Atlánticas de Galicia	Illas Atlánticas de Galicia ⁽¹⁾	Illas Atlánticas de Galicia ⁽²⁾	Baixa Limia-Serra do Xurés	Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	Fragas do Eume	Monte Aloia	O Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Pesca e Prod. Transf. do Mar	19,91%	13,54%	46,94%		75,26%	0,14%	1,36%		
Forestal e Prod. Transf. da Madeira	5,32%	5,67%	3,84%	2,41%	1,74%	0,87%	6,26%		25,00%
Agric. e Gandería e os seus Transf.	8,81%	7,92%	12,56%	20,48%	1,29%	7,35%	3,09%	100%	15,00%
Rochas Ornam. e Prod. non Metálicos	0,94%	1,16%		1,20%		0,09%	2,04%		12,50%
Comercio e reparación de vehículos	0,57%	0,68%	0,07%	2,41%		1,65%			
Construción e Reparación Naval	0,41%	0,39%	0,50%		0,17%		0,00%		
Química-Farmacéutica	1,20%	1,25%	0,98%		0,49%	27,23%	0,75%		
Téxtil-Confeción-Moda e Complementos	6,49%	7,55%	2,02%	0,00%	0,87%	0,18%	1,81%		
Construción e Promoción Inmobiliaria	19,76%	21,06%	14,27%	24,10%	6,52%	0,78%	38,76%		42,50%
Turismo, Ocio e Relacionados	10,40%	11,11%	7,39%	34,94%	4,18%	6,01%	12,82%		2,50%
Información, Cultura e Audiovisual	0,68%	0,71%	0,55%		0,45%		0,00%		
Comercio e Distribuc. non Específicos	8,72%	9,05%	7,29%	6,02%	5,40%	0,05%	10,11%		2,50%
Bens de Eq., Ind. Aux. e Prod. Metálicos	2,29%	2,68%	0,62%		0,35%	4,13%	1,21%		
Tecnoloxías da Inf. e da Comunicación	0,23%	0,26%	0,10%				0,00%		
Medio Ambiente	0,23%	0,28%	0,03%		0,07%				
Enerxía	1,11%	1,10%	1,15%	8,43%	1,15%	3,81%	4,00%		
Loxística e Transporte	0,72%	0,88%	0,07%			34,02%			
Servizos Financeiros	0,02%	0,03%				13,27%	0,15%		
Educación e Saúde	0,49%	0,52%	0,34%		1,14%	0,37%	0,23%		
Outras Actividades en Xeral	11,69%	14,15%	1,26%		1,92%	0,05%	17,42%		
Total de empregados	30.425	24.622	5.803	83	2.870	2.178	1.326	3	40

Nota: Empresas con sede fiscal nos concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de Datos SABI

Nesta táboa obsérvase como os **maiores porcentaxes de empregados nas zonas** de influencia dos Parques de Galicia atópanse nas actividades da Pesca e Produtos Transformados do Mar. Así, este sector de actividade convértese no máximo xerador de emprego no Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán e no Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

No caso das áreas de influencia dos Parques Naturais Monte Aloia e Serra de Enciña da Lastra o 40% dos empregados están vinculados á actividade da Construcción e Promoción Inmobiliaria.

Outros porcentaxes a destacar son o 34'94% de empregados dedicados ó Turismo, Ocio e Relacionados na zona en que se sitúa o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés acumulando de tal xeito o maior porcentaxe de traballadores do mesmo, igual situación atopamos có 34,02% de empregados na area de influencia do parque das Fragas do Eume localizados na actividade vinculada á Loxística e Transporte.

3.2.3.- Caracterización e análise dos servizos públicos das áreas de influencia dos Parques.

Como se extrae da Táboa 74 e da Táboa 75 o **número de centros educativos** nalgunhas das áreas de influencia dos Parques de Galicia e limitado, especialmente destacable é o caso dos parques do interior de Galicia.

O mesmo sucede co número de **alumnos matriculados** nos centros educativos destas áreas de influencia, salvo no caso do Monte Aloia cun aumento xeral do 7,41% Distintos son os caso das áreas de influencia dos Parques Naturais de Invernadeiro e Baixa Limia - Serra do Xurés, que presentan os maiores descenso de matriculacións femininas e masculinas.

Táboa 74
Visión xeral da caracterización e análise dos
servizos públicos da área de influencia dos Parques.

		Illas 2	Illas 1	Fragas do Eume	Corrubedo	Monte Aloia	Baixa Limia Serra do Xurés	Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra
Numero total de recursos humanos en atención primaria, 2008		221	691	85	69	56	31	2	4
Número de centros educativos nas áreas de influencia dos parques naturais, 2010		45	141	19	18	13	6	1	1
Alumnado matriculado en centros educativos segundo o parque natural, 2010		12.234	46.780	3.167	4.559	2.987	370	25	43
Alumnado matriculado en centros educativos segundo sexo, 2010	Homes	6.367	24.273	1.603	2.462	1.503	177	14	23
	Mulleres	5.867	22.507	1.564	2.097	1.484	193	11	20

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia

Táboa 75

Visión xeral das tendencias da caracterización e análise
dos servizos públicos da área de influencia dos Parques.

		Illas 2	Illas 1	Fragas do Eume	Corrubedo	Monte Aloia	Baixa Limia Serra do Xurés	Inverna-deiro	Serra da Enciña da Lastra
Evolución do Numero de recursos humanos en atención primaria, 2004-2008		32,34%	1,47%	44,07%	13,11%	64,71%	47,62%	0,00%	0,00%
Evolución do número de centros educativos nas áreas de influencia dos parques naturais, 2004-2010		-11,76%	-1,40%	-17,39%	0,00%	-7,14%	-14,29%	0,00%	0,00%
Evolución do alumnado matriculado en centros educativos segundo o parque natural, 2004-2010		-5,22%	-2,65%	-13,96%	-4,94%	7,41%	-27,45%	-19,35%	-4,44%
Evolución do alumnado matriculado en centros educativos segundo sexo, 2004-2010	Homes	-5,49%	-1,41%	-15,23%	-4,39%	7,36%	-26,56%	-12,50%	-4,17%
	Mulleres	-4,93%	-3,95%	-12,63%	-5,58%	7,46%	-29,30%	-26,67%	-4,76%

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia

Outro punto de interese para os **visitantes**, e sobre todo os residentes nas áreas de influencia dos Parques, son os servizos que se prestan ó seu redor, ademais das propias instalacións internas do parque.

Como se observa na Táboa 76, o **número de hospitais** que existen nas áreas de influencia diminuíron, presentando no ano 2010 un centro menos respecto dos existentes no 2006. Se ben, ademais varias das áreas de influencia non contan con ningún hospital.

As zonas onde se localizan estes centros hospitalarios son nas áreas de influencia dos Parques das Illas Atlánticas e do Complexo Dunar de Corrubedo.

Respecto, ó número de **camas dispoñibles** estas aumentaron entorno a un 1,59% alcanzando no 2010 as 2.494 prazas.

Táboa 76

Variación do número de hospitais e camas, 2006-2010.

Área de Influencia	Nº DE HOSPITAIS				Nº DE CAMAS			
	2006	2008	2010	Variación 06-10	2006	2008	2010	Variación 06-10
Illas Atlánticas	13	13	12	-7,69%	2.455	2.539	2.494	1,59%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	2	2	2	0,00%	169	171	167	-1,18%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	11	11	10	-9,09%	2.286	2.368	2.327	1,79%
Fragas do Eume	0	0	0	0,00%	0	0	0	0,00%
Corrubedo	1	1	1	0,00%	84	84	80	-4,76%
Monte Aloia	0	0	0	0,00%	0	0	0	0,00%
Baixa Limia Serra do Xurés	0	0	0	0,00%	0	0	0	0,00%
Invernadeiro	0	0	0	0,00%	0	0	0	0,00%
Serra da Enciña da Lastra	0	0	0	0,00%	0	0	0	0,00%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	2	2	2	0,00%	169	171	167	-1,18%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	12	12	11	-8,33%	2.370	2.452	2.407	1,56%
Total*	13	13	12	-7,69%	2.455	2.539	2.494	1,59%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

A evolución dos **recursos humanos en atención primaria** nos últimos anos no conxunto dos espazos contemplados (ver Táboa 77), presenta un aumento, **pasando de 968 no ano 2004 a 1.090 no 2008**.

As áreas de influencia que mostran un maior número de recursos neste campo son as relativas ás Illas Atlánticas con 912 persoas no 2008, seguido das Fragas do Eume con 85, e do Complexo Dunar de Corrubedo con 69 persoas.

Pola contra as zonas que presentan un menor número de recursos humanos en atención primaria son as correspondentes ós concellos dos Parques Naturais da Serra da Enciña da Lastra (4 persoas) e o Invernadeiro (2 persoas).

De maneira global, todas as áreas dos Parques presentan unha evolución estática ou positiva, destacando o importante incremento do Monte Aloia (64,71%).

Táboa 77

Numero total de recursos humanos en atención primaria, 2004-2008.

Área de Influencia	2004	2006	2008	Variación 2004-2008
Illas Atlánticas	848	831	912	7,54%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	167	185	221	32,34%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	681	646	691	1,47%
Fragas do Eume	59	78	85	44,07%
Corrubedo	61	68	69	13,11%
Monte Aloia	34	50	56	64,71%
Baixa Limia Serra do Xurés	21	23	31	47,62%
Invernadeiro	2	2	2	0,00%
Serra da Enciña da Lastra	4	4	4	0,00%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	287	342	399	39,02%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	862	871	938	8,82%
Total*	968	988	1.090	12,60%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Na Táboa 78, obsérvase como, en xeral, experimentouse unha **diminución no alumnado matriculado** nos centros educativos das áreas de influencia dos Parques, alcanzando no curso 2009-2010 un total de 65.606 alumnos.

Por áreas, son as localizadas no arco atlántico as que presentan un maior número de alumnos; as Illas Atlánticas con 59.014, Corrubedo con 4.559, as Fragas do Eume con 3.167 e o Monte Aloia con 2.987.

Pola contra, as zonas situadas nas zonas do interior rural de Galicia presentan uns niveis moi diferenciados, tendo o Parque Natural do Invernadeiro 25 alumnos, 43 no caso da Serra da Enciña da Lastra e 370 na Baixa Limia - Serra do Xurés.

De maneira global, obsérvase unha variación negativa dun -3,53%. Cabe sinalar a evolución experimentada na área de influencia do Parque Natural Monte Aloia, xa que é o único no que aumentan o número de alumnos nun 7,41%, alcanzando os 2.987 estudantes no curso 2009-2010.

Táboa 78

Evolución do alumnado matriculado en centros educativos segundo a área de influencia, 2004-2010

Área de Influencia	Curso 04-05	Curso 06-07	Curso 08-09	Curso 09-10	Variación 04-05/09-10
Illas Atlánticas	60.962	59.224	58.258	59.014	-3,20%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	<i>12.908</i>	<i>12.468</i>	<i>12.117</i>	<i>12.234</i>	-5,22%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	<i>48.054</i>	<i>46.756</i>	<i>46.141</i>	<i>46.780</i>	-2,65%
Fragas do Eume	3.681	3.293	3.117	3.167	-13,96%
Corrubedo	4.796	4.724	4.554	4.559	-4,94%
Monte Aloia	2.781	2.926	2.911	2.987	7,41%
Baixa Limia Serra do Xurés	510	429	395	370	-27,45%
Invernadeiro	31	29	28	25	-19,35%
Serra da Enciña da Lastra	45	48	42	43	-4,44%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	<i>19.956</i>	<i>19.193</i>	<i>18.610</i>	<i>18.826</i>	-5,66%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	<i>59.898</i>	<i>58.205</i>	<i>57.188</i>	<i>57.931</i>	-3,28%
Total*	68.010	65.949	64.751	65.606	-3,53%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Respecto á **evolución sufrida nos alumnos matriculados** no curso 2009-2010 (ver Táboa 79) por sexos, observamos que en valores absolutos estudan un maior número de homes (33.906) que de mulleres (31.646).

En canto a evolución experimentada nos últimos cursos, obsérvase como a maior porcentaxe de abandonos atópase en áreas do interior, como na da Serra da Enciña da Lastra, Baixa Limia - Serra do Xurés ou O Invernadeiro.

Táboa 79

Evolución do alumnado matriculado en centros educativos segundo sexo, 2004-2010

ÁREA DE INFLUENCIA		Illas Atlánticas	Illas Atlánticas (2)	Illas Atlánticas (1)	Fragas do Eume	Corrubedo	Monte Aloia	Baixa Limia Serra do Xurés	Invernadeiro	Serra da Enciña da Lastra	Total* - Illas Atlánticas (2)	Total* - Illas Atlánticas (1)	Total*
Curso 04-05	Homes	31.358	6.737	24.621	1.891	2.575	1.400	241	16	24	10.309	30.768	34.930
	Mulleres	29.604	6.171	23.433	1.790	2.221	1.381	273	15	21	9.651	29.134	33.084
Curso 06-07	Homes	27.419	6.470	24.053	1.658	2.486	1.460	197	16	23	9.824	29.893	30.773
	Mulleres	28.701	5.998	22.703	1.635	2.238	1.466	232	13	25	9.369	28.312	30.072
Curso 08-09	Homes	30.083	6.318	23.765	1.554	2.466	1.453	178	17	24	9.544	29.457	33.309
	Mulleres	28.175	5.799	22.376	1.563	2.088	1.458	217	11	18	9.066	27.731	31.442
Curso 09-10	Homes	30.640	6.367	24.273	1.603	2.462	1.503	177	14	23	9.687	30.055	33.960
	Mulleres	28.374	5.867	22.507	1.564	2.097	1.484	193	11	20	9.139	27.876	31.646
Variación 04-05/09-10	Homes	-2,29%	-5,49%	-1,41%	-15,23%	-4,39%	7,36%	-26,56%	-12,50%	-4,17%	-6,03%	-2,32%	-2,78%
	Mulleres	-4,15%	-4,93%	-3,95%	-12,63%	-5,58%	7,46%	-29,30%	-26,67%	-4,76%	-5,31%	-4,32%	-4,35%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1) Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

A **evolución do número de centros educativos** nos últimos cursos académicos nos espazos contemplados (ver Táboa 80), presenta unha leve diminución pasando de 240 no curso 2004-2005 a 226 no curso 2009-2010.

As zonas onde se experimenta unha diminución no número de centros son nas áreas de influencia dos Parques das Illas Atlánticas cerrando 8 centros, Fragas do Eume con 4 centros menos e Monte Aloia cun menos.

De maneira xeral, existe unha variación negativa do -5,83% non existindo ningún área de influencia que aumente o seu número de centros educativos.

Táboa 80

Evolución do número de centros educativos nas áreas de influencia dos Parques, 2004-2010

Área de Influencia	Curso 04-05	Curso 06-07	Curso 08-09	Curso 09-10	Variación 04-05/09-10
Illas Atlánticas	194	187	185	186	-4,12%
<i>Illas Atlánticas (2)</i>	51	47	45	45	-11,76%
<i>Illas Atlánticas (1)</i>	143	140	140	141	-1,40%
Fragas do Eume	23	22	21	19	-17,39%
Corrubedo	18	17	18	18	0,00%
Monte Aloia	14	13	13	13	-7,14%
Baixa Limia Serra do Xurés	7	7	6	6	-14,29%
Invernadeiro	1	1	1	1	0,00%
Serra da Enciña da Lastra	1	1	1	1	0,00%
<i>Total* - Illas Atlánticas (2)</i>	97	91	87	85	-12,37%
<i>Total* - Illas Atlánticas (1)</i>	207	201	200	199	-3,86%
Total*	240	231	227	226	-5,83%

*O total corresponde coa suma do total de concellos que contan con Parques en Galicia.

Nota: (1)Vigo (2) Bueu, Riveira e Vilagarcía de Arousa

Fonte: Instituto Galego de Estatística

3.3.- PARQUES DE GALICIA E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO: VISIÓN DOS AXENTES RELACIONADOS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.

Neste apartado reflíctense os comentarios relativos ós ámbitos público e infraestruturas, social e económico, investigación e sobre o parque e a súa vinculación coa área de influencia, recollidos durante a realización das entrevistas e a celebración das Mesas de Expertos.

3.3.1.- Ámbito público e infraestruturas.

Durante a realización das entrevistas e a celebración das seis Mesas de Expertos, sinaláronse unha serie de **características comúns das áreas de influencia dos Parques de Galicia** a ter en conta á hora de tratar os aspectos pertencentes a este ámbito. Falamos de aspectos tales como as **infraestruturas** (viarias, de saneamento ou de distribución de augas), as **conexións a Internet** e a presenza de **servizos públicos** (transporte colectivo, escolas, centros sanitarios...). Do mesmo xeito tamén se reflicte neste apartado aquelas cuestións referentes ó **ámbito público vinculado a estas áreas**, así como a **cooperación e coordinación** entre as entidades que conforman dito ámbito. Finalmente, recóllense as vantaxes competitivas destas áreas por atoparse situados nun **enclave xeográfico** determinado e por posuír un extenso **patrimonio histórico e cultural**.

Un dos primeiros aspectos a ter en conta á hora de planificar o desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques de Galicia, son os **accesos** ás mesmas **a través de vías de alta capacidade**. Segundo os axentes consultados, no caso das áreas de influencia dos Parques Naturais Invernadeiro e Baixa Limia – Serra do Xurés, a inexistencia dunha infraestrutura de acceso deste tipo impide un desenvolvemento maior destas zonas. Tamén se sinalou o caso da área de influencia do Parque Natural Fragas do Eume que segundo o comentado, precisaría de máis saídas da AP-9 coa finalidade de evitar as conxestións do tráfico que se dan en épocas estivais.

Outra das carencias detectadas neste ámbito é o **estado das estradas rurais de comunicación interna** dos concellos, así como os accesos ós propios concellos, cando estamos a falar das áreas de influencia dos Parques Naturais do interior de Galicia. Neste senso, as principais demandas producíronse en materia de construción de beirarrúas e sinalización viaria. Polo que respecta a aqueles parques cuxa área de influencia está situada nun entorno urbano, sinalouse a falta de **aparcadoiros públicos** que faciliten tanto as visitas a estas zonas, como a actividade empresarial.

Tamén referente ó ámbito das infraestruturas, na maioría das mesas de expertos resaltouse a presenza de **accesos ós propios Parques** que precisaban dunha mellora, principalmente no relativo á sinalización e ó seu estado de conservación. Especialmente significativo é o caso dos accesos ó Parque Natural Invernadeiro, que non conta con entrada dende o concello no que se sitúa, Vilariño de Conso, erixíndose esta infraestrutura como a principal demanda dos axentes pertencentes á súa área de influencia.

En canto ó sistema de **depuración e saneamento de augas**, cualificouse, polo xeral, as infraestruturas de depuración existentes como insuficientes. Polo que respecta ás zonas rurais do interior de Galicia destacouse a inexistencia deste sistema e a dependencia de fosas sépticas. Moi en liña con este aspecto, atópase a **recollida de lixo** que se ben no caso do servizo de recollida a particulares funciona correctamente, non ocorre así cando estamos a falar de recollida selectiva de residuos xerados pola actividade empresarial.

Un dos servizos máis demandados polos axentes pertencentes ás áreas de influencia dos Parques de Galicia, son as **conexións a Internet** que, exceptuando as zonas máis urbanas destas áreas, se atopan nun estado pouco desenvolto e onde son caracterizadas pola súa lentitude e incluso pola súa inexistencia nas zonas máis afastadas dos núcleos urbanos. Esta característica, supón un factor decisivo á hora de que as empresas, e incluso os particulares, decidan buscar outras zonas nas que este servizo funcione correctamente para a súa ubicación.

A avaliación da presenza dos servizos públicos por parte dos axentes que conforman a área de influencia dos Parques coincide no referente ó **servizo de**

transporte colectivo, destacando que a frecuencia das liñas non é a que debera á hora de conectar os diferentes puntos destas áreas, e ademais a ausencia deste servizo como conexión cos propios Parques, servizo que se considerou fundamental principalmente nas épocas de máxima afluencia de visitantes. Así segundo o recollido, considérase que as infraestruturas e os servizos destas áreas están demasiado enfocados cara o transporte privado.

Seguindo cos **servizos públicos**, estes foron considerados como de **gran importancia para fixar a poboación** nas zonas que están a sufrir perdas de habitantes, como poden ser as áreas de influencia dos Parques Naturais Serra da Enciña da Lastra, Invernadeiro, Baixa Limia – Serra do Xurés, e incluso algúns concellos do Parque Natural Fragas do Eume. Así considérase preciso contar con escolas e gardarías infantís e tamén con centros sanitarios de atención primaria, tentando deste xeito evitar que a xente nova abandone o rural a favor do urbano.

Por outra banda e centrándose no **universo público** que se integra nas áreas de influencia dos Parques de Galicia, salientouse a presenza de determinadas **entidades que actúan en pro da dinamización destes territorios**. Son por exemplo, os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), Grupos de Acción Costeira (GAC), Mancomunidades e Asociacións; das que se destaca a importante labor que están a levar a cabo ó mesmo tempo que tamén se lles demanda maior cooperación e coordinación entre eles, e en xeral con todos aqueles axentes interesados nun mesmo obxectivo: o **desenvolvemento socioeconómico** destas áreas.

Sen embargo, non só se **demanda cooperación e coordinación** a estas entidades, senón que este tamén é un aspecto demandado ás Administracións Locais, así como ós propios Parques, xa que a falta de coordinación e información existente entre ambos na actualidade supón unha traba para a promoción e desenvolvemento de actividades de forma conxunta e, como consecuencia, para o citado obxectivo de desenvolvemento socioeconómico.

Un dos aspectos que foi valorado como positivo en todas as áreas de influencia dos Parques de Galicia foi a presenza de importantes recursos no eido do **patrimonio histórico e cultural susceptibles de aproveitamento**. Deste xeito, os axentes urxían a

posta en valor destes elementos e a súa promoción en conxunto cos propios Parques, xa que segundo o recollido, constitúen o complemento perfecto ó mesmo. Na mesma liña xira a demanda dos axentes da recuperación e promoción de recursos naturais que existen na contorna dos Parques e que non están integrados nel.

Tendo en conta o anterior, destacouse neste ámbito a potencialidade que podería representar a declaración dos Parques en conxunto coas súas áreas de influencia como **Reserva da Biosfera**, dado que este programa delimita unhas zonas núcleo, buscando o desenvolvemento das áreas limítrofes a través do desenvolvementos sostible, con marcas vinculadas á natureza. Cabe mencionar aquí, o caso do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés, que xa conta con este distintivo en conxunto cos concellos portugueses que albergan o Parque Nacional Peneda – Gêres.

Por último, fíxose mención á **situación xeográfica** na que se atopan as áreas de influencia dos Parques de Galicia, que na maioría dos casos foi definida como **estratéxica**, ben por atoparse en zonas próximas a Portugal, (como é o caso dos Parques Naturais Monte Aloia e Baixa Limia – Serra do Xurés), ben por atoparse próximos a áreas de gran dinamismo e actividade empresarial, (Parques Illas Atlánticas , Complexo Dunar de Corrubedo e Fragas do Eume) e incluso pola súa proximidade a Castela León (Parques Naturais Serra da Enciña da Lastra e O Invernadeiro). Esta vantaxe, segundo o afirmado, debería ser aproveitada para a xeración de sinerxías e polo tanto para o desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia ás que pertencen estes Parques.

3.3.2.- Ámbito social e económico-empresarial.

O segundo dos ámbitos ós que se fixo referencia durante a celebración das entrevistas e das seis mesas de expertos, trata sobre as **características do sistema social e económico – empresarial das áreas de influencia dos Parques de Galicia**. Á hora de analizar este ámbito, débese ter en conta, as enormes diverxencias que separan unhas áreas de outras, así, por exemplo, mentres que as áreas de influencia

pertencentes ó interior galego se caracterizan pola tendencia á diminución da actividade empresarial, as áreas máis costeiras presentan maior dinamismo e actividade.

Do mesmo xeito, tampouco o **aspecto poboacional** é semellante nestas áreas, dado que as zonas costeiras presentan incrementos de poboación habituais e a súa poboación é das máis novas de Galicia, fronte ó caso das áreas de influencia dos Parques Naturais das zonas interiores nas que a tendencia xeral é o envellecemento e consecuentemente a perda constante de poboación.

Dende esta perspectiva, a continuación amosaranse tanto as principais similitudes da actividade económica nas áreas de influencia dos Parques de Galicia, así como as principais diverxencias que as separan.

Por sectores de actividade, o primeiro ó que se fai referencia é **“Agricultura, Gandería e os seus Transformados”**, sendo o factor común a todas as áreas de influencia o feito de que a actividade vinculada a **actividade agrícola** está a descender, como causa das malas condicións de traballo e polo escaso marxe de beneficios que reporta, abandonando pouco a pouco estas tarefas a favor doutras que proporcionan uns maiores beneficios, quedando como consecuencia, moitas fincas en desuso. Sen embargo, os axentes consultados durante as entrevistas e as Mesas de Expertos, coincidiron en sinalar que estas áreas teñen unha gran potencialidade para desenvolver este tipo de actividades, destacando neste aspectos o Parque Natural Fragas do Eume pola súa tradición froiteira e de produtos de horta.

Polo que respecta a **actividade gandeira**, as explotacións existentes nas áreas de influencias dos Parques de Galicia, caracterízanse polo seu pequeno tamaño e polo seu escaso nivel de diversificación da produción. Durante a realización das entrevistas e a celebración das mesas de expertos, destacáronse tamén as importantes deficiencias que existen no mercado comercializador da carne, o que dificulta enormemente o proceso de venda. Ademais disto, cabería mencionar que nas áreas do interior o gran problema destas explotacións, é o relevo xeracional, posto que son moitas as que pechan por non existir na familia quen continúe con esa actividade.

Pese ata o aquí comentado, a actividade vinculada a este sector segue a ser a fundamental nas áreas de influencia de determinados Parques Naturais, como pode ser o caso dos Parques Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra, Baixa Limia – Serra do Xurés ou algúns concellos pertencentes á área do Parque Natural Fragas do Eume. Nestas zonas mencionadas, segundo os axentes consultados, existe forte dependencia desta actividade e sen embargo moi poucas empresas son as que se dedican á transformación destes produtos pola escasa inversión nestas zonas para a instalación de empresas dedicadas a esta tarefa.

Destaca tamén a presenza, nalgúñas áreas de influencia, de **produtos vitivinícolas**. Así ocorre no caso do Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e no Parque Natural Monte Aloia, ambas áreas amparadas pola Denominación de Orixe Rías Baixas. Tamén ocorre do mesmo xeito na área de influencia do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra, onde o seu produto esta asociado á Denominación de Orixe Valdeorras. A pertenza as Denominacións de Orixe, supón unha importante vantaxe para estes produtos á hora de competir no mercado nacional e internacional.

A **agricultura e gandería ecolóxica**, foi considerada polos axentes consultados como unha alternativa á tradicional, posto que é unha das poucas actividades agrarias que está a crecer. Engadiuse ademais que se solucionaría un dos grandes problemas da agricultura e gandería en Galicia, o minifundismo, xa que este tipo de actividade non precisa de grandes extensións de terreo para o seu desenvolvemento. Sen embargo, tamén se coincidiu en sinalar que sacar adiante unha produción deste tipo conleva moitas dificultades polos custos de produción tan altos ós que teñen que facer fronte. Así, para os axentes consultados sería interesante poder contar con cooperativas que axudasen a comercialización do produto, ó mesmo tempo que afirmaron que para o progreso e crecemento da agricultura e gandería ecolóxica debe existir unha maior promoción da mesma que permita o mantemento destas explotacións.

Con respecto á **elaboración de produtos culinarios**, manifestouse a súa relevancia nas áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia, con especial referencia ós produtos elaborados na Comarca do Eume e na Baixa Limia. Estes produtos típicos e únicos destas zonas, posúen un gran poder de atracción sobre os

visitantes, o que permitiría elaborar unha gastronomía propia diferenciada. Neste senso, unha gran contradición reiterada en numerosas ocasións polos axentes consultados, é o feito de que na carta dos restaurantes locais seguen sen aparecer este tipo de produtos. Ademais, estes produtores contan coa dificultade engadida de non posuír unha marca ou selo de calidade que certifique a procedencia dos seus produtos e que polo tanto lles facilite acudir a feiras e exposicións.

Pola contra, a **actividade pesqueira e marisqueira** cobra gran importancia nas áreas de influencia dos Parques das Illas Atlánticas, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, e incluso no Parque Fragas do Eume naqueles concellos máis achegados á costa. Especificamente, os axentes mencionaron a fortaleza que supón a pesca conxelada nos Concellos de Vigo e Riveira, a pesca de baixura tamén en Riveira e o marisqueo no Concello de Pontedeume.

Outro dos sectores de actividade analizados foi o de **“Forestal, e Transformados da Madeira”**, do cal se comentou que o xa citado abandono do agro, orixina unha gran masa forestal que propicia a potenciación das actividades de aproveitamento forestal, pero a falta dunha política forestal clara na maioría das áreas de influencia, provoca deficiencias na ordenación do monte que impide a conxugación adecuada dos aspectos medio ambientais cos aproveitamentos silvícolas. Entre os recursos non madeirables susceptibles de aproveitamento, mencionáronse as castañas, os micolóxicos e, incluso as plantas medicinais que existen nalgúns áreas.

A actividade que foi considerada por todos como a clave para o desenvolvemento futuro das áreas de influencia dos Parques de Galicia é a do sector do **“Turismo, Ocio e Relacionados”**. Pero, actualmente un dos grandes problemas que presenta este sector, para os axentes entrevistados e participantes das mesas de expertos, é a alta estacionalidade da demanda que se concentra nunha determinada época do ano, así como a curta duración das visitas a estas zonas. O motivo principal deste feito, segundo os propios axentes, derivaríase das poucas alternativas para a realización de **actividades de ocio e tempo libre**, e da insuficiente promoción das que xa existen. Isto, é considerado como motivo de preocupación xa que o modelo de turismo está a cambiar e a xente demanda máis este tipo de actividades.

Na mesma liña atoparíase a sensación dos axentes consultados, de que non se están a aproveitar todo o ben que deberan os recursos naturais presentes nas áreas de influencia, para a realización deste tipo de actividades. O exemplo máis comentado para a maioría das áreas é o abandono das rutas de sendeirismo e dos camiños tradicionais non pertencentes ós Parques, e que virían a complementar a oferta dos mesmos.

En canto o tipoloxía de **aloxamentos turísticos** presentes nestas áreas, segundo o expresado durante a realización das entrevistas e a celebración das mesas de expertos, esta non é todo o diversa que debera, xa que por exemplo non se está a aproveitar suficientemente a actividade campista e na maioría das zonas non existen albergues que permitan o aloxamento de persoas con baixo poder adquisitivo, do mesmo xeito, tampouco existe unha ampla oferta de establecementos de alta calidade. Neste senso, é destacable o caso da área de influencia do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés, onde unha das actividades que máis importancia está a cobrar e que pode ser a chave para o desenvolvemento futuro da comarca é o turismo da saúde baseado no termalismo, dado que xa existe un balneario (Concello de Lobios) e existe a posibilidade de aumentar esta actividade co aproveitamento de termas que xa existen no Concello de Bande.

Continuando coa análise deste sector, resaltouse a ausencia de **coordinación para por en marcha iniciativas comúns**, que impide a elaboración de guías de aloxamentos e actividades conxuntas, ou incluso o poder ofertar paquetes turísticos que inclúan o aloxamento e actividades a realizar. Na mesma liña xira a demanda de máis información sobre o Parque Natural e as actividades que se poden realizar nel, nos establecementos e oficinas de turismo existentes nas áreas de influencia.

Todo o hasta aquí dito, ocasiona que a actividade turística non consiga ter unha incidencia significativa na economía destas zonas. Se ben esta afirmación require certos matices, pois non é así en todas elas, dado que por exemplo os concellos pertencentes a área de influencia do Parque Natural Marítimo- Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e ó Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, e incluso os máis costeiros do Parque Natural Fragas do Eume (Concellos de Cabanas e Pontedeume) si contan cunha importante tradición e fortaleza neste tipo de

actividade. Deste xeito, sería moi interesante para as zonas das que estamos a falar contar cunha concepción de **produto turístico diferenciado e vinculado á natureza e ó turismo verde**, que agora non posúen.

O último sector ó que se fixo referencia foi o do **comercio e artesanía**, presente nas áreas de influencia de forma desigual, así unhas zonas caracterízanse pola práctica ausencia do sector comercial (Parques Naturais de Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra, e Baixa Limia – Serra do Xurés), mentres que noutros a súa actividade representa un volume importante dos ingresos (Parques das Illas Atlánticas, Monte Aloia, Complexo Dunar de Corrubedo e Fragas do Eume). Este feito non implica que en xeral predominen as empresas de pequeno tamaño familiares, con especiais deficiencias derivadas da súa antigüidade e da falta de organización común. Neste senso, as múltiples asociacións comerciais e empresarias que existen na práctica totalidade das áreas de influencia sinaladas, tentan paliar esta falta de organización común en pro dunha maior coordinación.

Polo que respecta á actividade artesanal que se ven realizando nas áreas de influencia dos Parques de Galicia, en xeral é bastante reducida, se ben é de mención o caso da área de influencia do Parque Natural Fragas do Eume onde esta actividade si chega a ter relevancia, existindo unha asociación de artesáns que os agrupa e que tenta desenvolver esta actividade baseándose na sostibilidade.

Como consecuencia de todo o aquí exposto, tal e como se suxeriu durante a realización das entrevistas e a celebración das mesas de expertos, é preciso aumentar a **colaboración e cooperación de todos os axentes implicados no desenvolvemento económico da área de influencia**: empresas, poboación e asociacións deben traballar da man e xuntar esforzos en aras do xa citado desenvolvemento social e económico, aproveitando a existencia dos Parques e converténdoo nunha **ferramenta dinamizadora**, pero sen esquecerse de que é un recurso máis dos moitos que existen nestas áreas.

3.3.3.- Ámbito do Parque Natural e da súa vinculación coa Área de Influencia

Neste apartado, recóllense as principais **características comúns detectadas con relación ós propios Parques de Galicia**, se ben, ó igual que acontecía no apartado anterior as diverxencias derivadas das súas especificidades e carácter único existentes entre todos eles son moitas.

Segundo o recollido, as **funcións dos Parques** deben pivotar sobre uns eixos claros, que non se deben esquecer, e que serven de fondo para o que aquí se vai amosar. Estes eixos, son tres:

1. A conservación da biodiversidade existente nos Parques.
2. Uso público e educación ambiental.
3. Garantir o aproveitamento sostible dos recursos para que sirvan de base ó desenvolvemento da poboación da área de influencia.

Tendo en conta isto, queda claro para os axentes consultados, que o actual modelo dos Parques como **foco de atracción turística directa** ten limitacións obvias en canto a capacidade, e o que é máis importante, na súa función de conservación da biodiversidade. Este é o motivo de que se subliñase que os Parques deberían actuar máis como **catalizadores do turismo** cara a súa área de influencia. Esta sería unha posibilidade para tratar de evitar a masificación de determinados Parques como son o Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia ou o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

Son precisamente estes dous Parques mencionados no parágrafo anterior, os que reciben un maior **número de visitantes**, fronte os Parques menos visitados que son o Parque Natural Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra. A diferenza existente, fai pensar ós axentes consultados que quizais as **campañas de promoción** dos Parques que teñen unha menor afluencia de visitantes, precisarían dun novo enfoque. Do mesmo xeito, o auxe das novas tecnoloxías fai preciso a mellora da promoción a través de Internet, creando as súas propias páxinas web.

A segunda das funcións á que se fixo referencia ó comezo do apartado, consistía no seu **uso público e en exercer unha función de educador ambiental**. Pois ben, este uso público, non é máis que unha denominación xenérica dun conxunto de funcións que teñen que ver coa recepción de visitantes reais e potenciais dun Parque Natural, é dicir, a xestión do uso que dan ó Parque os seus visitantes. Tendo en conta este concepto, e segundo o sinalado polos axentes consultados é recomendable que os Parques de Galicia coiden e manteñan adecuadamente as súas instalacións, ó mesmo tempo que ofertan ós seus visitantes posibilidades para a realización de actividades de ocio e tempo libre nas condicións idóneas e sen que a súa práctica poña en perigo o ecosistema do Parque.

Consecuentemente, para dar cumprimento á devandita función considerouse que os Parques de Galicia debían manter en bo estado as **sendas internas** que transcorren por eles, de xeito que facilitasen as actividades de sendeirismo polas mesmas. Neste senso, na maioría dos Parques destacouse a necesidade dun maior mantemento e limpeza destas rutas. Para os axentes entrevistados e participantes das Mesas de Expertos, o Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia si conseguía manter en bo estado as súas sendas internas.

Moi en liña con esta apreciación, os axentes consideraron como mellorable a **senalización** que na actualidade existe dos Parques, tanto dentro como fora do mesmo. Así, as principais carencias xorden nos Parques Naturais Fragas do Eume e Baixa Limia - Serra do Xurés, onde todos os concellos que forman parte das respectivas áreas de influencia demandan portais de entrada ós Parques así como sinalización repartida dun xeito uniforme por toda a área. Tamén este aspecto require dunha certa intervención nos Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra, sinalizando máis nas súas áreas de influencia onde, segundo o manifestado, apenas existen indicacións deste tipo.

Con respecto á posibilidade de realización de **actividades de ocio e tempo libre ofertadas dende os Parques de Galicia**, como complemento a aquelas ofrecidas por empresas de ocio activo, para os axentes é pouco diversa, sendo preciso, para eles, ofrecer outras alternativas diferentes ás xa existentes, tentando que a xente que acuda

ó Parque Natural alongue as súas estadías na zona, e o que é máis importante regrese noutras ocasións.

Este último aspecto comentado, está moi relacionado coa terceira das funcións ás que debe dar cumprimento o Parque Natural, a función de **axudar o desenvolvemento sostible da área**. Con esta finalidade leváronse a cabo traballos para o deseño dun posible Plan de Desenvolvemento Sostible do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés, ca finalidade de que o Parque Natural se converta nunha ferramenta dinamizadora do mundo rural. Así xurdiron **actividades empresariais, vinculadas á presenza do Parque Natural** e que asocian o seu produto á imaxe do mesmo. Estas iniciativas están directamente relacionadas coa produción e transformación alimenticia de forma artesanal e ecolóxica, resaltando a elaboración de queixos, embutidos e produtos apícolas. Pese a isto, e segundo o recollido, a gran dificultade que se lles presenta á estes produtores é o non contar cunha marca ou selo de calidade do Parque Natural que lles permita concorrer a feiras e exposicións.

En relación con aquelas **empresas externas que veñen realizando a súa actividade dentro dos propios Parques**, polo xeral, son poucas as empresas que realizan actividades vinculadas ó uso dos mesmos. Neste senso é importante tamén sinalar ó Parque Nacional das Illas Atlánticas polo motivo de que son moitas as empresas situadas na súa área de influencia as que se benefician directamente do uso do Parque, falamos principalmente de empresas de turismo náutico e de transporte marítimo. Tamén destacan os casos do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés e Fragas do Eume, xa que son varias as empresas de ocio activo que actualmente desenvolven a súa labor nestes Parques.

Unha importante traba para dar cumprimento a estas tres funcións é que, exceptuando o Parque Natural Monte Aloia, ningún Parque Natural de Galicia conta con **Plan de Regulación de Uso e Xestión (PRUX)**, e así o fixeron constar os axentes consultados. Esta ausencia, provoca que os límites dos usos do Parque sexan percibidos como moi difusos por parte dos que tradicionalmente viñan realizando ás súas actividades nel. Neste senso púxose de relevo que aínda que non se conte con PRUX, os Parques de Galicia si contan cun **Plan de Ordenación dos Recursos Naturais**

(PORN) que articulan unha serie de normas claras e outorgan unha serie de pautas para traballar.

Durante a realización das entrevistas e a celebración das Mesas de Expertos, destacou a existencia dunha liña de **subvencións específicas dos Parques de Galicia** encamiñadas a este obxectivo de desenvolvemento sostible da área. Novamente aquí cabe resaltar o caso do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés, onde o Parque se converteu nun elemento dinamizador da área de influencia e cumpre unha importante función de informador e de tramitador destas axudas. Noutros Parques os axentes consultados consideran que a canle de comunicación empregada para publicitar as subvencións non é a idónea, de tal xeito que se deberan empregar outros medios complementarios ó DOG que permitisen á xente estar informada da súa existencia e dos requisitos precisos para a súa concesión.

En canto ó sistema de propiedade, tan só o Parque Natural Invernadeiro é integramente de **propiedade** pública, os demais Parques presentan diferentes formas de propiedade. Destacan polas súas elevadas taxas de propiedade privada non pertencente a Comunidades Veciñais de Montes en Man Común (CMVMC), os Parques Naturais Fragas do Eume e Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. A relación dos propietarios dos terreos nestes dous Parques Naturais, segundo o recollido, non é tan boa como sería desexable, dado o alto grao de tensión e o choque de intereses entre ambas partes. Esta situación de descontento xeral, derivado fundamentalmente da desconfianza e a falta de información mutua, moitas veces frea iniciativas e actividades comúns que se puideran levar a cabo de forma conxunta. Por outra banda, son varios os Parques Naturais nos que os axentes pertencentes á área de influencia, non ven con malos ollos a ampliación dos lindes do mesmo, concretamente falamos do caso dos Parques Naturais Invernadeiro e Monte Aloia.

A falta de **información existente sobre as tarefas que levan a cabo os Parques**, púxose de manifesto ó longo desta fase de análise estratéxico, propiciando que moitas veces a poboación deixe de sentirse como beneficiada polo Parque e se considere afectada polas limitacións existentes.

Por último, púxose de relevo a escasa **coordinación existente entre as actividades empresariais cos Parques de Galicia**, que segundo se comentou, queda patente no feito de que algunhas empresas, situadas nas propias áreas de influencia, consideren negativo para a súa actividade a existencia do Parque, actitude que pode chegar a supor un freo o crecemento sostible da área. Do mesmo xeito, conclúíuse que é preciso aumentar a **colaboración e comunicación entre os propios Parques de Galicia**, dado que actualmente dende un Parque Natural hai dificultades para ofrecer información ós visitantes dos demais Parques.

3.3.4.- Aspectos do ámbito de investigación e desenvolvemento.

Neste último ámbito aparecen reflectidas as principais aportacións recollidas referentes á **Investigación, Desenvolvemento e Innovación no conxunto dos Parques de Galicia e nas súas áreas de influencia**. Neste senso, os axentes consultados consideran que a presenza dun Parque Natural nunha área determinada pode supoñer para a mesma, unha importante **potencialidade no mundo da investigación**, sendo moitos os recursos e a riqueza que esta actividade pode xerar na zona. Consecuentemente, débese empregar os Parques como zonas nas que obter información que permita avanzar ó conxunto da sociedade.

Pese a esta clara potencialidade, esta actividade non está a ser o suficientemente desenvoltoa na maioría dos Parques de Galicia. Débese abrir neste punto, un pequeno paréntese para mencionar o caso concreto do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e a súa área de influencia, dada a importancia desta actividade na zona e a existencia na mesma de **organizacións dinamizadoras da transferencia de coñecemento e tecnoloxía**, que actúan como elementos dinamizadoras da área, como pode ser o caso da Universidade de Vigo, o CETMAR ou o Instituto oceanográfico, sen esquecer os das inversións realizadas na creación do Campus do Mar. Tamén destaca a importancia da **liña de axudas** que recibe este Parque para o fomento da investigación en Parques Nacionais.

Con respecto ós demais Parques de Galicia, considerouse que **hábitats tan específicos** como os que existen nos mesmos, supoñen un foco de atracción importante para os grupos de investigación tanto nacionais coma de países do estranxeiro interesados en estudalos. Resaltouse así, a importancia da **investigación específica** naqueles campos de coñecemento que se baseen no carácter diferenciador de cada un dos Parques de Galicia, constituíndo así unha fonte de promoción que permitiría resaltar o carácter único destas zonas.

Sobre esta materia mencionada no parágrafo anterior, resaltouse a inexistencia dunha rede de seminarios, cursos formativos ou monográficos específicos, que permitisen **informar sobre a actividade da investigación** nos Parques. Para realizar esta labor, é moi importante contar co apoio das entidades locais que para os axentes consultados, deben ser os encargados da **diversificación e dinamización socioeconómica**, para acadar o xa consabido obxectivo de **desenvolvemento socioeconómico sostible das áreas de influencia dos Parques de Galicia**.

3.4.- CAPACIDADE E GRAO DE ATRACTIVO DAS ACTIVIDADES PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NAS ÁREAS DE INFLUENCIA

Neste apartado móstranse os resultados dos cuestionarios realizados polos axentes, nos que como xa se comentou, valoraron o **grao de atractivo** de diversas actuacións/actividades e a **capacidade de desenvolvemento** en base os recursos e capacidades existentes nas áreas de influencia para levalas a cabo, ó mesmo tempo que propoñían outras ideas non especificadas.

Estes cuestionarios atopábanse estruturados segundo o ámbito ou sector de actividade o que pertencían as actividades propostas. Así, definíronse catro ámbitos temáticos:


- Ámbito público e infraestruturas.
- Actividades do ámbito empresarial.
- Actividades relacionadas co ámbito social.
- Actividades relacionadas coa investigación e a formación.

O segundo ámbito do cuestionario (ámbito empresarial), dividíase o mesmo tempo en:

- Agricultura, Gandaría e os seus Transformados
- Forestal e Transformados da Madeira
- Pesca e Produtos Transformados do Mar
- Enerxía e Medio Ambiente
- Turismo, Ocio e Relacionados
- Comercio e Artesanía

3.4.1.- Atractivo e capacidade de desenvolvemento de actividades socioeconómicas.


Figura 53 Valoración do grao de atractivo das actividades do ámbito público e das infraestruturas.



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

Un primeiro bloque de actividades correspóndese co **ámbito público e as infraestruturas**. Os resultados amosan unha valoración positiva do seu grao de atractivo para as actividades propostas, tendo unha maior aceptación “promover e difundir experiencias de desenvolvemento sostible” nas áreas de influencia dos Parques.

Precisamente para esta actividade as valoracións recibidas son en todos os casos superiores ó 4 sobre 5 salvo para a área de influencia do Parque Natural Fragas do Eume.


Figura 54 Valoración da capacidade da área para o desenvolvemento das actividades do ámbito público e das infraestruturas.

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

Agora ben, o grao de atractivo destas actividades hai que poñelo en relación coa capacidade e recursos das áreas de influencia para o seu desenvolvemento (ver Figura 54). Deste modo os participantes na mesa consideraron que as áreas teñen capacidade e recursos para desenvolver as actividades propostas, pero que sen embargo presentan certas limitacións á hora de levar a cabo as actuacións propostas.

Cabe destacar, tanto os valores superiores á media da área de influencia do Parque Natural Monte Aloia, sobre todo para “promover e difundir experiencias de desenvolvemento sostible”, como os valores por debaixo da media na área do Parque Natural Fragas do Eume para as dúas actividades propostas.


Figura 55 Valoración do grao de atractivo das actividades do ámbito empresarial.



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

Para o sector da **“Agricultura, Gandería e os seus Transformados”** (ver Figura 55), polo xeral os participantes das mesas valoraron as posibles actividades con puntuacións en torno ó 3,50 - 4 (sobre 5), salvo no caso da **“Gandería extensiva”**, a cal non acadou o valor intermedio do cuestionario (3 sobre 5).


Predominan, por un lado, as valoracións moi superiores á media do grao de atractivo para as áreas de influencia dos tres Parques Naturais da provincia de Ourense, (Baixa Limia – Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña de Lastra). Polo outro lado atópase a área de influencia do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con puntuacións moi por debaixo da media.

Figura 56 Valoración da capacidade da área para o desenvolvemento das actividades do ámbito empresarial.

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

Con relación á capacidade e recursos das áreas para o desenvolvemento destas actividades (ver Figura 56) as valoracións que reciben son en xeral bastante similares entre si, con valores en torno ó 3 sobre 5 o que significaría que existen certas limitacións á hora de levar a cabo ditas actividades. Aínda así, como se aprecia, de novo as puntuacións para a área de influencia dos Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra son bastante superiores ás da media para todas as actividades. Tamén destacan o Parque Natural Monte Aloia pola capacidade da súa área de influencia á hora de levar a cabo o “establecemento de producións ecolóxicas máis competitivas”, e a do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés para implantar a “gandería extensiva”. Todo o contrario que o Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.


Figura 57 Valoración do grao de atractivo das actividades do ámbito empresarial.



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

As actividades propostas en canto á **Pesca, Forestal e Enerxía e medio ambiente** (ver Figura 57) non destacaron polo seu grao de atractivo para os participantes das mesas, sendo a valoración media máis elevada a que recibiu o “aproveitamento da riqueza forestal para a Biomasa” cun 3,92 sobre 5, afastándose unicamente desta media a área de influencia do Parque Nacional.

Hai que sinalar que a actividade de “Pesca, Marisqueo e Acuicultura” subdividiuse adecuadamente para as diferentes áreas de influencia como se aprecia nos Informes Resumo axuntados no apéndice.


Figura 58 Valoración da capacidade da área para o desenvolvemento das actividades do ámbito empresarial.

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

A capacidade e recursos das áreas para o desenvolvemento destas actividades, segundo sinalaron os participantes das mesas, presentarían unha serie de limitacións para a súa posta en marcha.


Destacan a capacidade das áreas de influencia dos Parques Naturais de Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra para a práctica do “aproveitamento da riqueza forestal para a Biomasa”, así como tamén o fai a área de influencia do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para desenvolver a “Pesca, Marisqueo e Acuicultura”.

Figura 59 Valoración do grao de atractivo das actividades do ámbito empresarial.



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

Aquelas actividades propostas vinculadas ó **“Turismo, Ocio e Relacionados”** propostas (ver Figura 59), recibiron unhas valoracións para o seu grao de atractivo, polo xeral, superiores ó 4 (sobre 5), salientando a creación de “paquetes turísticos nos que se conte con establecementos da área facendo visitas ó Parque” cunha media de 4,49 sobre 5-. É digna de mención a valoración de 5 sobre 5 que acadou o grao de atractivo desta actividade na área de influencia do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés. Dito Parque sitúase, para case todas as actividades propostas, por riba da media salvo na “potenciación do turismo invernál” e “atraer ó turismo infantil ou campamentos de verán”, onde destacan as áreas de influencia dos Parques Naturais Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra e o Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.


Figura 60 Valoración da capacidade da área para o desenvolvemento das actividades do ámbito empresarial.

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

A capacidade das áreas para o desenvolvemento destas actividades (ver Figura 60), aínda que se valora como adecuada, non chega en ningunha ocasión ó 4 sobre 5, polo que ditas áreas poderían presentar certas limitacións á hora de levalas a cabo.

Cabe destacar a capacidade e recursos das áreas de influencia dos Parques Naturais Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra e Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, polo xeral superiores á media, como así o consideraron os participantes ás mesas.


Figura 61 Valoración do grao de atractivo das actividades do ámbito empresarial.



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

En xeral pódese dicir que todas as actividades propostas en relación ó **“Comercio e Artesanía”** contaron cunha boa aceptación entre os participantes das mesas. Salienta a “venta artesanal de produtos tradicionais, tanto alimenticios coma non” cun 4,16 sobre 5.

Tamén se observa o alto índice de atractivo que presentan os tres Parques Naturais da provincia de Ourense para as actividades propostas. No lado oposto encontramos o Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, o cal tan só supera a media de valoracións para as actividades propostas neste ámbito, no “montaxe de comercios típicos preto das zonas de maior afluencia”.


Figura 62 Valoración da capacidade da área para o desenvolvemento das actividades do ámbito empresarial.

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

Respecto á avaliación dos recursos e capacidades destas áreas, esta é positiva, se ben se manifestan certas limitacións. Acadando a maior valoración por parte dos participantes da mesa a “venta artesanal de produtos tradicionais, tanto alimenticios como non.

Segundo se observa, pese o alto grao de atractivo acadado polas actividades propostas nas áreas de influencia dos parques da provincia de Ourense á hora de desenvolve-las as áreas presentan certas trabas para a súa implantación. Pola contra a área de influencia do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán é a que máis recursos e capacidades posúe para o desenvolvemento das actividades vinculadas o comercio e artesanía.

Figura 63 Valoración do grao de atractivo das actividades do ámbito social.




Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

En liñas xerais o grao de atractivo das actividades relacionadas co **ámbito social**, contan cunha elevada valoración para o seu desenvolvemento nas áreas de influencia dos Parques de Galicia, como se observa na Figura 63.

Destaca a posibilidade de “rehabilitar o patrimonio histórico e cultural das áreas de influencia” que ademais de ter a media máis alta das valoracións (4,65 sobre 5) das mesas de expertos, obtén unhas puntuacións de 5 sobre 5 nas áreas de influencia dos Parques Naturais Baixa Limia – Serra do Xurés, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

Por outra banda, o menor grao de atractivo para as actividades propostas atópase no Parque Natural Fragas do Eume para a “prestación de servizos polas asociacións en conxunto co Parque”.

Figura 64 Valoración da capacidade da área para o desenvolvemento das actividades do ámbito social.




Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

En canto a capacidade das áreas para o desenvolvemento destas actividades (ver Figura 64), “rehabilitar o patrimonio histórico e cultural nas áreas de influencia” continúa a ser a que conta cunha maior valoración por parte dos participantes da mesa, principalmente nas áreas de influencia dos Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

Tamén salienta o caso da área de influencia do Parque Natural Monte Aloia, o cal presenta unhas valoracións da capacidade e recursos o desenvolvemento das actividades propostas por riba dos 4 puntos sobre 5, para todos os casos. Por outra banda os valores máis baixos atópanse na área de influencia do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, onde as actividades presentarían máis limitacións a hora de levalas a cabo.

Figura 65 Valoración do grao de atractivo das actividades do ámbito de investigación e formación.




Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados

Polo xeral as actividades relativas ó **ámbito de investigación e formación** (ver Figura 65) posúen uns altos graos de atractivo para seren desenvoltas nas áreas de influencia dos Parques de Galicia, como así o mostran as valoracións recibidas por parte dos participantes ás mesas de expertos, cunha media de valores por riba do 4,20 sobre 5 posibles.

As valoracións dos participantes da Mesa de Expertos tamén mostran como, para as dúas actividades propostas, o maior grao de atractivo é o correspondente ó Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés, con valoracións próximas ó 5 sobre 5, seguido do Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e os Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra, todos con valoracións superiores o 4 sobre 5.

Figura 66 Valoración da capacidade da área para o desenvolvemento das actividades do ámbito de investigación e formación.



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados


A capacidade e recursos das áreas de influencia para o desenvolvemento das actividades propostas neste ámbito considéranse adecuadas, como así o reflicten as valoracións, de novo moi semellantes entre elas. A maior capacidade das áreas para o desenvolvemento de actividades de investigación atópase na “Creación de aulas escola da natureza”.

Respecto ás áreas de influencia, son as relativas ós Parques Naturais de Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra as que presentan maiores capacidades e recursos para o desenvolvemento destas actividades, cunhas valoracións superiores ó 4 sobre 5 para as dúas actividades propostas.

3.4.2.- Importancia das actividades a desenvolver ou impulsar polos Parques.

Figura 67

Valoración da importancia das actividades a desenvolver ou impulsar polos Parques.



Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizado

3.5.- ALGUNHAS IDEAS DE ACTUACIÓN REALIZADAS POLOS AXENTES RELACIONADOS PROPOSTAS NAS ENTREVISTAS E AS MESAS DE EXPERTOS.

No presente epígrafe reflíctense as principais ideas e propostas recollidas ó longo da fase de análise estratéxica. Nun primeiro momento estas ideas xurdiron das entrevistas realizadas ós axentes consultados. Xa no seguinte paso da fase, durante a celebración das Mesas de Expertos, os convidados procederon a debater sobre as potencialidades, propostas e ideas para desenvolver socioeconomicamente as **áreas de influencia dos Parques de Galicia**. Finalmente, os axentes procederon a completar os cuestionarios con aquelas ideas ou propostas non especificadas ou recollidas nos mesmos e que eles consideraban interesantes.

Todas elas aparecen recollidas a continuación, resaltando en cada caso o Parque ou Parques de Galicia nas que foron propostas de acordo coas lendas recollidas na seguinte táboa:

Lenda:	
P.N.C.	Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
P.M.A.	Parque Natural Monte Aloia
P.F.E.	Parque Natural Fragas do Eume
P.N.I.	Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
P.I.L.	Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra
P.B.X.	Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés

3.5.1.- Ideas no ámbito público e infraestruturas.

PÚBLICO E INFRAESTRUTURAS						
Actividade / Parque	P.N.C.	P.M.A.	P.F.E.	P.N.I.	P.I.L.	P.B.X.
Albergues públicos e infraestruturas de aloxamento para xente cun poder adquisitivo medio-baixo.				X	X	X
Coordinación entre os Parques de Galicia e os concellos das súas áreas de influencia, para o desenvolvemento de actividades conxuntas.	X	X	X	X	X	X
Creación de novas áreas de aparcadoiro.	X		X	X		
Creación de paseos fluviais ou marítimos.	X	X		X		
Creación de vías de alta capacidade de acceso as áreas de influencia.					X	X
Mantemento dos servizos públicos mínimos nas zonas rurais.					X	X
Mellora da sinalización e accesos os lugares de interese.		X	X		X	X
Mellora das instalacións e servizos das praias da área de influencia.	X			X		
Mellorar as medidas de prevención de incendios.	X					X
Melloras nas posibilidades de acceso e transporte público.	X	X	X		X	X
Recuperación da arquitectura tradicional.			X		X	X
Recuperar e potenciar os mercados tradicionais e feiras.			X		X	
Revitalizar a rede cultural e histórica existente nas áreas de influencia.	X	X		X		X
Visitas guiadas por parte dos concellos a turistas e visitantes.	X	X				

3.5.2.- Ideas no ámbito económico – empresarial.

ECONÓMICO - EMPRESARIAL						
Actividade / Parque	P.N.C.	P.M.A.	P.F.E.	P.N.I.	P.I.L.	P.B.X.
Agricultura, Gandería e os seus Transformados. Agricultura e gandería ecolóxica						
Actividades terapéuticas en invernadoiros para estimular deficiencias nos sentidos.	X		X			
Aumentar as explotacións de tipo froiteiras.			X			
Concesión de axudas para o establecemento de producións ecolóxicas máis competitivas.	X	X	X			X
Impulsar que explotacións agrogandeira se convertan en transformadoras do seu produto.			X		X	X
Introdución de gando caprino en áreas óptimas.		X	X			
Introdución de marcas ou selos que garantan a calidade dos produtos cultivados de modo tradicional.				X	X	X
Potenciación da actividade vitivinícola ecolóxica na zona.	X	X		X	X	
Potenciación dos usos apícolas.	X		X		X	X
Forestal e Transformados da Madeira						
Aproveitamento dos recursos forestais a través da súa segunda transformación.				X	X	X
Emprego da madeira para usos artesanais.			X			X
Favorecer a rexeneración ou repoboación con especies autóctonas.					X	
Potenciación das cortas e produción micolóxica.	X		X	X	X	X
Promoción da xestión forestal sostible.	X					
Venda e transformación de castañas.			X		X	

ECONÓMICO - EMPRESARIAL						
Actividade / Parque	P.N.C.	P.M.A.	P.F.E.	P.N.I.	P.I.L.	P.B.X.
Pesca e Produtos Transformados do Mar						
Apoio a empresas de transformación artesan .	X			X		
Comercialización de especies pesqueiras infravaloradas.				X		
Creación de rutas de turismo mariñeiro.	X			X		
Explotacións marisqueiras e pesqueiras sostibles.	X		X	X		
Feira de produtos do Mar.				X		
Pesca deportiva en embalses.					X	X
Energía e Medio Ambiente						
Aproveitamento dos residuos forestais para a produción de abono e compós.		X				
Cambio das fontes de abastecemento enerxético dos edificios públicos por fontes de enerxía renovables.		X	X			
Fomento da enerxía mareomotriz.			X			
Turismo, Ocio e Relacionados						
Coordinación dos empresarios da restauración coas empresas elaboradoras de produtos alimentarios.			X			X
Creación de guías de aloxamentos e actividades que faciliten a promoción turística.	X	X		X		X
Creación de rutas ecuestres.	X	X	X		X	X
Creación dun produto turístico asociado as áreas de influencia.				X	X	X

ECONÓMICO - EMPRESARIAL						
Actividade / Parque	P.N.C.	P.M.A.	P.F.E.	P.N.I.	P.I.L.	P.B.X.
Difundir entre os barcos en tránsito os valores e recursos dos Parques.	X			X		
Fomento da espeleoloxía organizada.					X	X
Fomento das actividades acuáticas de ocio.	X	X	X			X
Fomento do turismo fotográfico, cultural e histórico.				X	X	X
Impulsar o turismo gastronómico.			X	X	X	X
Mayor variedade de roteiros e sendeiros.	X	X	X	X	X	X
Mellorar o sistema de promoción conxunta a través de internet.		X	X	X	X	X
Promoción del submarinismo deportivo.				X		
Proporcionar máis información os negocios do sector sobre os Parques Naturais.	X	X	X	X	X	X
Realización de talleres e excursións de astronomía.				X	X	X
Recuperación dos oficios tradicionais.		X		X		X
Rutas guiadas en embarcacións.	X		X	X		X
Comercio e Artesanía						
Artesanía centrada en elementos etnolóxicos, talleres de madeira e pedra.						X
Fomento do cooperativismo e venda directa os consumidores.			X			

3.5.3.- Ideas no ámbito de I+D+i.

INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO						
Actividade / Parque	P.N.C.	P.M.A.	P.F.E.	P.N.I.	P.I.L.	P.B.X.
Actividades de educación ambiental que axuden a por en valor o patrimonio cultural e natural.		X	X			X
Creación dun departamento de investigación para novos estudos.	X	X	X	X	X	X
Crear centros de interpretación, información ou acollida.		X			X	X
Dispor de infraestruturas axeitadas para o desenvolvemento de actividades científicas.		X	X	X		
Fomentar e apoiar a investigación relacionada co desenvolvemento da área de influencia dos Parques.	X			X		X
Sinatura de convenios de colaboración entre os Parques de Galicia e as Universidades.		X		X		X

3.5.4.- Ideas no ámbito dos Parques de Galicia.

PARQUES DE GALICIA						
Actividade / Parque	P.N.C.	P.M.A.	P.F.E.	P.N.I.	P.I.L.	P.B.X.
Colocación de paneis informativos sobre as investigacións realizadas nos Parques Naturais.		X				
Creación de observatorios de aves nas zonas de especial protección.					X	X
Creación e mellora das páxinas web propias dos Parques de Galicia.	X	X	X	X	X	X
Eventos culturais no Parque.	X	X				X
Fomento das excursións baseadas na ornitología.	X			X	X	X
Maior coordinación e colaboración entre os Parques de Galicia.	X	X	X	X	X	X
Mellora da sinalización do Parque.		X	X		X	X
Mellora do estado de conservación dos elementos históricos presentes no Parque.		X				X
Potenciar o uso e as actividades nas zonas de espaxamento externas ó Parque.	X			X		
Venda de produtos elaborados na zona, dentro das instalacións dos Parques de Galicia.			X			X

PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA

CAPÍTULO 4. DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO E FACTORES CLAVE PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA.


ÍNDICE DE CONTIDO

4.1.- METODOLOXÍA E ESTRUCTURA DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO E DA IDENTIFICACIÓN DOS FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO ESTRATÉGICO.....	215
4.2.- DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO.....	219
4.2.1.- <i>Análise externa das áreas de influencia dos Parques de Galicia.</i>	221
4.2.1.1.- Universo Público como entorno das áreas de influencia dos Parques de Galicia.....	221
4.2.1.2.- Entorno sociocultural das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	225
4.2.1.3.- Entorno económico – empresarial das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	227
4.2.2.- <i>Análise interna das áreas de influencia dos Parques de Galicia.</i>	228
4.2.2.1.- Ámbito público, infraestruturas e outros equipamentos das áreas de influencia dos Parques de Galicia.....	228
4.2.2.2.- Ámbito sociocultural das áreas de influencia dos Parques de Galicia.....	230
4.2.2.3.- Ámbito empresarial das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	231
4.2.2.4.- Os Parques de Galicia como axentes de dinamización das áreas de influencia.....	233
4.3.- FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO DO PLAN DIRECTOR DENDE UN ENFOQUE DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES DE GALICIA.	237
4.3.1.- <i>Universo público e legislativo con incidencia nas áreas de influencia.</i>	239
4.3.2.- <i>Ámbito das infraestruturas e equipamentos das áreas de influencia.</i>	240
4.3.3.- <i>Ámbito do desenvolvemento sociocultural das áreas de influencia.</i>	241
4.3.4.- <i>Ámbito do desenvolvemento empresarial das áreas de influencia.</i>	242
4.3.5.- <i>Ámbito dos parques como axentes de dinamización.</i>	243
4.4.- PRIORIZACIÓN DOS FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO.	245
4.4.1.- <i>Valoración do grado de importancia dos Factores Clave para o Deseño.</i>	246
4.4.2.- <i>Principais comentarios dos Factores Clave por áreas de influencia.</i>	253

4.- CAPÍTULO 4.- DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO E FACTORES CLAVE PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA.

4.1.- METODOLOXÍA E ESTRUCTURA DO DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO E DA IDENTIFICACIÓN DOS FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO ESTRATÉGICO.

O proceso de elaboración do Diagnóstico Estratégico nótrese principalmente da análise estratéxica. Nesta fase de análise recolleuse información de diversas fontes: os informes de expertos, a análise das fontes de información secundaria (análise documental), as entrevistas a axentes das áreas de influencia e ás mesas de expertos. Na Figura 68 represéntase un esquema sintético de todo o proceso.



Fonte: Elaboración propia

O Diagnóstico Estratéxico recolle as oportunidades e ameazas do entorno e as fortalezas e debilidades das propias áreas de influencia dos Parques en Galicia. En concreto, identificáronse **34 oportunidades, 33 ameazas, 36 fortalezas e 40 debilidades**.


A análise de **oportunidades e ameazas** engloba aspectos do universo público como entorno das áreas de influencia dos Parques de Galicia, aspectos do entorno sociocultural e aspectos do entorno económico-empresarial.

A análise das **fortalezas e debilidades** comprende aspectos do ámbito público, infraestruturas e outros equipamentos; do ámbito sociocultural; do ámbito empresarial e dos Parques como recurso de dinamización socioeconómica das áreas de influencia.

Na Figura 69 ilústrase a estrutura do Diagnóstico Estratéxico, no que se inclúen as oportunidades e ameazas do entorno (análise externa) e as fortalezas e debilidades das áreas de influencia dos Parques (análise interna).

Figura 69

Estrutura do Diagnóstico Estratéxico das áreas de influencia dos Parques de Galicia



Fonte: Elaboración propia


Unha vez concluído o Diagnóstico Estratéxico das áreas de influencia dos Parques de Galicia, identificáronse os **Factores Clave para o Deseño** que se obtiveron a partir do cruce dos aspectos externos e internos. A Figura 70 recolle as **cinco agrupacións temáticas dos 46 Factores Clave para o Deseño**.

Figura 70
Ámbitos temáticos dos Factores Clave para o Deseño



Fonte: Elaboración propia

4.2.- DIAGNÓSTICO ESTRATÉGICO.



4.2.1.- Análise externa das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

4.2.1.1.- Universo Público como entorno das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

AMEAZAS (-)	OPORTUNIDADES (+)
A.1. Diminución das axudas europeas a partir do 2013, o que repercutirá negativamente na inversión en infraestruturas e o desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Se ben, se destinarán fondos prioritariamente a actividades relacionadas co medioambiente e espazos naturais, ó desenvolvemento rural e ó I+D+i. A.2. Multiplidade e complexidade da normativa que afecta á ordenación do territorio (Lei de Costas, Lei do Solo, Plans Urbanísticos, entre outros) con incidencia nos valores naturais, ambientais e á paisaxe das áreas de influencia. A.3. Escaso nivel de desenvolvemento a nivel autonómico dos instrumentos e mecanismos que permitan desenvolver políticas públicas sectoriais integradas que se apliquen as áreas de influencia dos Parques, e que actúen de forma coordinada coa finalidade de optimizar os recursos necesarios para un desenvolvemento sostible destas áreas. A.4. Escasas referencias ó desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia na lexislación referente a espazos naturais. A.5. Non existencia na Comunidade Autónoma de programas de I+D+i específicos para os Parques Naturais de Galicia, que facilite o investimento en investigacións e realización de actividades relacionadas, semellantes a existentes a nivel estatal para os Parques Nacionais.	O.1. Relevancia das políticas e estratexias de Desenvolvemento Sostible da Unión Europea, afectando ó desenvolvemento normativo dos estados membros, baixo os criterios de economía sostible coa integración dos tres piares fundamentais do mesmo: económico, ambiental e social. O.2. Existencia de diversas directivas europeas relacionadas co medio ambiente, espazos naturais, contaminación atmosférica, conservación da fauna e da flora ou xestión de residuos, por exemplo, que inciden na necesidade de manter o equilibrio medioambiental e a conservación da biodiversidade e dos recursos naturais. O.3. Cambios na concepción dos Espazos Naturais Protexidos, incorporando novos aspectos vinculados ó desenvolvemento socioeconómico e introducindo novas técnicas de xestión máis adaptativas xestionadas por persoas con capacidades múltiples (conservación e dinamización). O.4. Existencia de Programas europeos (FEDER, LEADER, INTERREG, LIFE), como instrumentos para o apoio e o financiamento de proxectos de conservación ambientais e o desenvolvemento rural entre outros. O.5. Implantación de iniciativas orientadas ó desenvolvemento sostible a nivel estatal, europeo e mundial (por exemplo, a Axenda 21 ou as Reservas da Biosfera).

AMEAZAS (-)	OPORTUNIDADES (+)
A.6. Redución dos fondos orzamentarias de 2011 con respecto a 2010 derivados das restricións orzamentarias xeralizadas para o desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia, se ben ditos fondos practicamente duplican os existentes para os anos 2003-2009. A.7. Desequilibrio no aproveitamento das axudas da Consellería do Medio Rural, ó desenvolvemento socioeconómico entre as áreas de influencia dos diferentes Parques. Problemática de información, divulgación, así como da súa elaboración e tramitación por parte da poboación e axentes das propias áreas. A.8. Deficiencias existentes en canto á sinalización viaria, especialmente nas autoestradas e outras vías de alta capacidade, que informe e oriente ós potenciais visitantes da existencia de Espazos Naturais Protexidos, e en particular dos Parques, na proximidade das áreas de influencia. A.9. Déficit en Galicia de infraestruturas de tratamento, control de vertidos e dificultade no manexo de residuos industriais, especialmente no ámbito rural, se ben nos últimos anos foi un aspecto mellorado sensiblemente. A.10. Existencia de Plans urbanísticos nalgúns concellos das áreas de influencia dos Parques de Galicia non adaptados a nova normativa, con insuficientes criterios medioambientais e de protección dos recursos naturais e da paisaxe.	O.6. Orientación da nova Política Agraria Común (PAC), baseada nunha agricultura máis sostible e competitiva, establecéndose como obxetivos xerais da mesma, a produción viable de alimentos, a xestión sostible dos recursos naturais e o mantemento do equilibrio territorial e da diversidade nas zonas rurais. O.7. Establecemento dentro dos Plans de Desenvolvemento Rural europeos, da prioridade do mantemento dos sistemas agrarios de alto valor natural. O.8. Existencia da Carta Europea de Turismo Sostible en Espazos Naturais Protexidos (CETS), iniciativa da Federación EUROPARC que ten como obxectivo promover o desenvolvemento do turismo en clave de sostibilidade. O.9. Existencia da Rede Natura 2000, rede ecolóxica europea de áreas de conservación da biodiversidade. O.10. Existencia da Federación Europea de Parques (Europarc), organización creada en 1973 na que participan as institucións implicadas na planificación e xestión dos espazos protexidos de máis de 36 países. O.11. Existencia de axudas por parte do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para a realización de proxectos de investigación científica na Rede de Parques Nacionais Españois, que afecta no caso de Galicia ó Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. O.12. Existencia noutras Comunidades Autónomas de iniciativas de colaboración entre as Administracións Públicas con competencias nos Espazos Naturais e outras administracións sectoriais e sociais, mediante os Plans de Desenvolvemento Sostible en Andalucía, por exemplo, ou os proxectos promovidos polos Grupos de Desenvolvemento Rural no marco da Rede Española de Desenvolvemento Rural, que poderían servir de referencia.

AMEAZAS (-)	OPORTUNIDADES (+)
A.11. Deficiencias existentes en Galicia relativas ás infraestruturas de acceso a internet ou á televisión dixital terrestre, especialmente nas áreas máis rurais do territorio. A.12. Reducións ou restricións orzamentarias derivadas da situación de crise xeralizada e da redución do déficit que afecta á capacidade de inversión nas áreas de influencia dos Parques, por parte das Administracións Públicas. A.13. Escaso aproveitamento da existencia de entidades de apoio (IGAPE, Cámaras de Comercio, Grupos de Desenvolvemento Rural, asociacións de empresarios, entre outros) e dos recursos que as mesmas ofrecen. A.14. Excesiva complexidade na tramitación de iniciativas por parte dos axentes das áreas de influencia dos Parques derivada nalgúns casos da superposición e solapamento das figuras de protección ambiental dos Espazos Naturais Protexidos. A.15. Insuficiente aproveitamento do potencial existente nas tres universidades galegas e nos centros de investigación tecnolóxicos por parte das empresas galegas. A.16. Escasa articulación do sistema de transporte en Galicia (estradas, ferrocarril, portos ou plataformas loxísticas), con atrasos importantes na execución da alta velocidade en Galicia.	O.13. Competencias e capacidade xurídica da Comunidade de Galicia para desenvolver políticas públicas integradas de protección de Espazos Naturais e de desenvolvemento socioeconómico. O.14. Existencia da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, que establece as normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e á mellora dos recursos naturais e súa adecuada xestión. O.15. Posibilidade de desenvolver o uso dunha etiqueta de calidade con referencia ós Espazos Naturais Protexidos para as producións artesanais das áreas de influencia dos Parques de Galicia, amparándose no artigo 30.4 da Lei 9/2001. O.16. Inclusión no Plan Estratégico de Galicia 2010-2014 de eixos sobre dinamización económica e crecemento, sostibilidade ambiental e equilibrio territorial, entre outros, con asignacións orzamentarias que poden ser aproveitadas para o desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques de Galicia. O.17. Existencia dun Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), cun dos seus catro eixes orientado á mellora do ambiente e do contorno natural (eixe 2), que supón unha fonte de recursos para o desenvolvemento do espazo rural en xeral e das áreas de influencia dos Parques en particular. O.18. Existencia de importantes programas de axuda a I+D+i a nivel europeo (Programa Marco), nacional (Plan Nacional de I+D+i 2008-2011) e galego (Plan Incite 2006-2011) que poden ser utilizados para potenciar a investigación nos Parques e nas súas áreas de influencia.

AMEAZAS (-)	OPORTUNIDADES (+)
A.17. Desigualdade infraestrutural entre as zonas costeiras de Galicia fronte ó interior, con especial referencia ás deficiencias de comunicación a través de vías de alta capacidade coa meseta por Valdeorras e con Portugal na zona do sur de Ourense.	O.19. Proximidade a Portugal o que facilita a difusión e o intercambio internacional de iniciativas (programas transfronterizos) e a promoción dun turismo diferenciado, como por exemplo a candidatura conxunta á reserva da Biosfera de Tui coa cidade de Valença do Miño. O.20. Presenza de importantes infraestruturas preto das áreas de influencia dos Parques situados na Costa Atlántica (vías de alta capacidade, aeroportos e portos deportivos e cruceristas entre outros), que supoñen un fluxo constante de visitantes e turistas procedentes doutras zonas xeográficas e que pode ser aproveitado polas devanditas áreas.

4.2.1.2.- Entorno sociocultural das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

AMEAZAS (-)	OPORTUNIDADES (+)
A.18. Negativa evolución dos principais indicadores demográficos de Galicia: natalidade, envellecemento, idade media e saldos migratorios. A.19. Concentración da poboación na costa Atlántica e nos principais núcleos de poboación do interior, cunha dispersión xeralizada no rural, e cun asentamento no territorio moi fragmentado, o que supón un aumento na complexidade e nos custos á hora da prestación dalgúns servizos básicos. A.20. Excesiva concentración de usos na franxa costeira (residencial, industrial, turístico, entre outros) cunha presión importante sobre os recursos naturais e a paisaxe, e cun aumento dos problemas ambientais derivados. A.21. Progresiva despoboación no entorno do rural galego (1.338 enclaves deshabitados, 32% do conxunto de España), con especial incidencia na vulnerabilidade a sufrir incendios forestais e outros riscos asociados. A.22. Perda de atractivo para a xuventude, dos traballos vinculados ó ámbito rural e ás actividades tradicionais (falla de prestixio profesional, limitacións de servizos básicos e actividades de ocio no territorio, entre outros), o que dificulta o desenvolvemento empresarial e o emprendemento, especialmente na Galicia interior. Se ben, existen experiencias de éxito de novo emprendemento, en moitos dos casos desenvolto por persoas procedentes de zonas urbanas ou incluso do estranxeiro.	O.21. Favorable imaxe de Galicia tanto no resto de España como no exterior, ligada a produtos de calidade, riqueza natural, tradicións e cultura. Evolución positiva da marca “Galicia Calidade”. O.22. Progresivo incremento da concienciación ecolóxica e o desenvolvemento sostible por parte do conxunto da sociedade en xeral, favorecendo unha maior demanda de produtos/servizos respectuosos coa contorna. Se ben aínda non se alcanzou un suficiente grao de sensibilización e educación ambiental en Galicia. O.23. Positiva percepción e preocupación social sobre a necesidade da protección da contorna natural en xeral, fundamentalmente daqueles espazos especialmente sensibles. O.24. Existencia de numerosas asociacións e colectivos sociais en Galicia, orientados a impulsar a sensibilización co desenvolvemento sostible e á protección do medio ambiente. O.25. Evolución positiva de actuacións e actividades de educación ambiental en Galicia, sobre todo entre a poboación escolar, a fin de que coñezan e preserven os valores naturais do seu medio ambiente e descubran as posibilidades de desenvolvemento económico e cultural que supoñen. O.26. En xeral, tendencia crecente do presuposto destinado a ocio e vacacións dos países da UE-27, e do uso de internet e redes sociais para busca de alternativas. Incremento especialmente relevante no caso de España.

AMEAZAS (-)	OPORTUNIDADES (+)
A.23. Risco de perda de cultura e traballos tradicionais (agricultura, pesca, gastronomía, artesanía, entre outros) que reduce o atractivo de Galicia para un desenvolvemento socioeconómico sostible (turismo e ocio, produción e elaboración de produtos naturais, entre outros). A.24. Insuficiente cultura emprendedora en Galicia (creatividade, asunción de riscos, entre outros) que permita un maior desenvolvemento socioeconómico, xeración de riqueza e emprego no territorio, situación que se ve agravada polas esixencias burocráticas e as dificultades no acceso ó financiamento. A.25. Tendencia negativa da taxa de paros nos últimos anos, o que carrega unha diminución do poder adquisitivo e un cambio de hábitos da sociedade en xeral.	O.27. Tendencia á fragmentación dos períodos de vacacións, incremento da tendencia urbana a pasar o seu tempo de ocio no espazo natural e posibilidade de incremento do turismo familiar, de fin de semana e da terceira idade que facilita a desestacionalización do turismo. O.28. Demanda crecente de produtos e servizos que posúan como valor engadido o respecto ó medio natural, ser beneficiosos para a saúde ou a mellora da calidade de vida, con especial referencia ás producións ecolóxicas. O.29. Previsión, do incremento na creación de emprego indirecto e inducido asociado ós Espazos Naturais Protexidos en concreto, e en xeral, a todas aquelas actividades xeradoras de Emprego Verde, nos vindeiros anos

4.2.1.3.- Entorno económico – empresarial das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

AMEAZAS (-)	OPORTUNIDADES (+)
A.26. Incidencia da situación de crise xeneralizada, que afecta negativamente ás inversións empresariais e polo tanto á capacidade de xeración de riqueza e emprego en Galicia. A.27. Insuficiente cultura empresarial de visión estratéxica e de longo prazo, especialmente na pequena empresa, que limita o emprendemento e a innovación de produtos/servizos e procesos de maior valor engadido. A.28. Excesiva atomización nas actividades empresariais en Galicia, cun importante número de empresas de pequena dimensión, en moitos casos cun marcado carácter familiar, con limitacións de recursos e capacidades para impulsar a súa competitividade. A.29. Desequilibrios na estrutura do sistema empresarial no ámbito rural, cunha menor diversificación de actividades que supón unha maior incidencia económica nos períodos recesivos. A.30. Minifundismo, dispersión e particularidades da propiedade agraria e forestal de Galicia, que supoñen un maior esforzo no deseño de estratexias diferenciadas, e rendibilidade das explotacións. A.31. Perda da actividade agrogandeiras e artesanal debido a diversos factores (falta de relevo xeracional, incapacidade de adaptación competitiva, canles de comercialización, prestixio profesional,...). A.32. Insuficiente implicación do sistema financeiro galego no apoio a proxectos innovadores e o emprendemento, con especial incidencia no desenvolvemento socioeconómico das áreas rurais, e en consecuencia nas áreas de influencia dos Parques.	O.30. Progresiva diversificación e internacionalización das actividades empresariais en Galicia, excesivamente concentrada ata o de agora nas actividades vinculadas á construción e a industrias con mercados maduros, con peso crecente de actividades relacionadas cos recursos endóxeos (turismo, agrogandeiría, pesca, forestal-madeira, fundamentalmente), que poden ser de referencia para a atracción de inversións nas áreas de influencia dos Parques de Galicia. O.31. Tendencia ó incremento do número de empresas galegas que posúen o certificado EMAS de calidade ambiental (<i>Eco Management and Audit Scheme</i>), e incipiente realización de proxectos vinculados á Responsabilidade Social Corporativa por parte dos grupos empresariais e empresas de maior dimensión en Galicia, que poden orientarse ó desenvolvemento das áreas de influencia dos Parques. O.32. Tendencia crecente na participación das empresas de Galicia no investimento total en I+D+i, o que supón un aspecto positivo na mellora organizativa, tecnolóxica e comercial así como un impulso dos emprendementos. O.33. Positiva orientación á implantación de estruturas de cooperación (clúster empresariais, agrupacións empresariais innovadoras, plataformas tecnolóxicas) que poden ser un factor de dinamismo e de desenvolvemento, a través da colaboración entre empresas, administracións e universidades. O.34. Existencia de experiencias e boas prácticas de desenvolvemento sostible noutras Comunidades Autónomas, (Andanatura, Aramón ou a Garrotxa Líder) e que poden servir de referencia para Galicia

4.2.2.- Análise interna das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

4.2.2.1.- Ámbito público, infraestruturas e outros equipamentos das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.1. Insuficiente cooperación e coordinación entre os distintos niveis da administración (autonómica e local especialmente) con competencias nas áreas de influencia para o desenvolvemento de actuacións conxuntas e a busca de sinerxías para optimizar os seus recursos. D.2. Limitada colaboración e coordinación entre as distintas Administracións Locais (Concellos) que forman parte das áreas de influencia dos Parques para articular estratexias conxuntas coa finalidade de aproveitar a existencia dos Parques como un recurso para o seu desenvolvemento. D.3. Ausencia de vías de alta capacidade para facilitar o acceso ás áreas de influencia dos Parques Naturais do interior (Invernadeiro, Enciña da Lastra e Baixa Limia-Serra do Xurés). D.4. Mellorable mantemento e articulación das estradas intracomarcais e secundarias de acceso ós Parques de Galicia. D.5. Insuficiente sinalética nas áreas de influencia dos Parques que faciliten o acceso ós mesmos, e a información sobre o patrimonio histórico cultural existente. D.6. Insuficiente desenvolvemento de infraestruturas de saneamento, subministración de auga e electricidade ou tratamento de residuos, en consonancia cos niveis esixibles nunhas áreas cuxo potencial de desenvolvemento está fundamentalmente relacionado co medioambiente e a sostiabilidade. D.7. Dificultade ó acceso ós servizos básicos por parte da poboación e as empresas (sanidade, educación, transporte público,...) nas áreas de influencia dos Parques Naturais do interior (Invernadeiro, Enciña da Lastra e Baixa Limia-Serra do Xurés).	F.1. Recoñecemento polos concellos das áreas de influencia do relevante potencial que representan os Parques como un recurso endógeno dos mesmos, e interese polo seu aproveitamento. F.2. Existencia nas áreas de influencias de recursos e entidades públicas ou semipúblicas (axencias de desenvolvemento, fundacións, axentes de emprego, entre outros) que permitirían, en coordinación cos Parques, un maior impulso e dinamización do desenvolvemento sostible desas áreas. F.3. Situación estratéxica dalgunhas das áreas de influencia dos Parques como nexo de unión entre Galicia e outras áreas como son o Norte de Portugal e Castela e León. F.4. Boa localización dos Parques situados na Galicia costeira, con comunicacións próximas a vías de alta capacidade peninsulares e a aeroportos. F.5. Existencia de edificacións en desuso nas áreas de influencia susceptibles de aproveitamento para a realización de actividades relacionadas cos Parques, que impulsen a imaxe dos mesmos (albergues, museos, aulas escola, centros de interpretación....) F.6. Extenso patrimonio (civil, relixioso e natural) nas áreas de influencia dos Parques con potencial para incrementar o seu aproveitamento turístico en conxunción co atractivo dos respectivos Parques (turismo histórico, turismo relixioso, turismo etnográfico, ecoturismo, entre outros).

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.8. Inexistencia ou deficiencias no transporte colectivo para a conexión entre os núcleos principais das áreas de influencia e os Parques de Galicia. D.9. Limitada existencia de áreas industriais nos concellos do rural das áreas de influencia dos Parques de Galicia, onde se poidan impulsar, apoiar e concentrar as iniciativas empresariais que puidesen xurdir nas áreas de influencia dos Parques e ordenar o territorio con criterios de sostibilidade. D.10. Limitada cobertura da rede de internet nas zonas máis rurais dos diferentes Parques, con velocidade lenta ou inexistente na transmisión de datos, o que limita o atractivo da área para particulares e empresas. D.11. Risco de perda de atractivo das áreas polo posible impacto negativo no seu medio natural derivado da construción de novas infraestruturas, edificacións e actividades enerxéticas (eólica e hidráulica especialmente) entre outras. Así como pola sobreexplotación dos recursos, ou polos efectos dos incendios forestais.	F.7. Existencia nas áreas de influencia de infraestruturas e equipamentos culturais, deportivos e de ocio, entre outros, que constitúen un importante recurso para o desenvolvemento de actividades relacionadas cos Parques. F.8. Existencia nas áreas de influencia de camiños e sendas tradicionais que poden ser obxecto de potenciación ou recuperación para a realización de actividades de sendeirismo. Especial referencia á necesidade da súa homologación pola Federación de montañismo de Galicia.

4.2.2.2.- Ámbito sociocultural das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.12. Elevado grao de envellecemento e perda da poboación máis nova e preparada nas áreas de influencia dos Parques, especialmente nos situados no interior de Galicia, que limita a capacidade e o atractivo das áreas para o desenvolvemento de iniciativas socioeconómicas. Se ben existen desequilibrios relevantes entre as zonas costeiras e as de interior. D.13. Perda progresiva da cultura tradicional (oficios, artesanía, gastronomía, entre outros) nas áreas de influencia, o que supón unha perda do seu atractivo e nas súas posibilidades de diferenciación como destino turístico D.14. Insuficiente coñecemento por parte das poboacións locais do valor e a importancia dos recursos naturais, culturais e etnográficos do seu territorio, e en particular dos Parques existentes na súa área. D.15. Insuficiente visión entre a poboación e os distintos axentes do territorio do potencial dos Parques como recurso endógeno para o desenvolvemento socioeconómico e sostible da área.	F.9. Existencia dun importante número de asociación socioculturais e medio ambientais nas áreas de influencia que desenvolven iniciativas de recuperación da cultura tradicional e etnográfica, así como da valorización e defensa dos recursos naturais. F.10. Interese por parte dos axentes máis dinámicos das áreas de influencia dos Parques en que estes se convertan nun ente colaborador e identificador das mesmas. F.11. Existencia de iniciativas de desenvolvemento orientadas á valorización dos Parques por parte de diferentes axentes con presenza nalgúns das áreas de influencia, (visitas guiadas por exemplo), que poden ser de referencia para a súa extensión a outras áreas. F.12. Potencialidade das áreas de influencia para a diversificación de actividades culturais relacionadas cos usos e oficios tradicionais. F.13. Tradición na elaboración de produtos alimenticios, que permiten confeccionar unha gastronomía propia e diferenciada nas áreas de influencia, para potenciar a celebración de feiras ou xornadas gastronómicas baseadas nestes produtos.

4.2.2.3.- Ámbito empresarial das áreas de influencia dos Parques de Galicia.

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.16. Insuficiente dinámica e actividade empresarial nas áreas de influencia e en moitos dos casos en declive, excepto as correspondentes ó Parque Nacional das Illas Atlánticas e algún concello do Parque das Fragas do Eume (Pontedeume, Cabanas e As Pontes). D.17. Limitación nos recursos e capacidades do tecido empresarial das áreas de influencia, que pola súa composición en xeral de micro e pequenas empresas requiren de apoios financeiros para a súa modernización e desenvolvemento. Especial referencia á dificultade de información e tramitación das axudas existentes para estas tipoloxía de empresas. D.18. Insuficiente cultura emprendedora e de innovación nas áreas de influencia (excepto no caso de Vigo) que limita o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais, que ademais de existir se condicionan ou orientan, en moitos dos casos, á captación de axudas públicas. D.19. Progresivo abandono, en xeral, das actividades de producións agrarias e gandeiras tradicionais, que constituíron a base económica da maior parte das áreas de influencia, especialmente dos concellos non situados na costa. D.20. Escaso nivel de transformación das producións agrogandeiras existentes nas áreas de influencia, cunha escasa oferta de produtos con máis valor engadido e máis atractivos para o mercado.	F.14. Existencia dun elevado potencial para o desenvolvemento de actividades empresariais nas áreas de influencia relacionadas cos usos tradicionais, ca agrogandeiría (en particular de carácter ecolóxico) co aproveitamento do monte (madeira, biomasa, castañas, setas,..) o marisqueo e a pesca (marítima e fluvial), o turismo e ocio, comercio e artesanía, entre outros. F.15. Presenza de industrias extractivas e transformadoras nalgunhas das áreas de influencia, con potencial para xerar máis riqueza e emprego, se ben estas empresas posúen mellorables criterios de xestión medioambiental. F.16. Existencia de iniciativas empresariais de éxito dinamizadoras do sistema empresarial que poden ser de referencia para outras áreas de influencia. Por exemplo, no ámbito turístico (agroturismo, ocio activo, termalismo) ou produtos transformados da agricultura tradicional (vitivinicultura, horta, queixos, mel,...) ou ecolóxica, entre outros. F.17. Presenza de Denominacións de Orixe e de Indicacións Xeográficas Protexidas que son un factor de desenvolvemento nas áreas de influencia dos Parques de Galicia. F.18. Condições adecuadas para o desenvolvemento de enerxías renovables nas áreas de influencia (biomasa, eólica, hidráulica e mareomotriz). Se ben, nalgúns casos con riscos de impacto negativos nos recursos naturais e a paisaxe da área e do propio parque. Presenza dun movemento asociativo empresarial, na maior parte das áreas de influencia, con potencial para aflorar sinerxías entre actividades e impulsar iniciativas conxuntas de proxecto de desenvolvemento. Se ben, cun limitado nivel de recursos e capacidades.

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.21. Insuficiente oferta de actividades empresariais orientadas ó aproveitamento dos distintos recursos (naturais, históricos, culturais, gastronómicos, agrogandeiros, pesca e marisqueo, entre outros) existentes nas áreas de influencia, e en particular as actividades relacionadas co ocio activo, o que está a condicionar a demanda das áreas como destino turístico. D.22. Dificultade dos empresarios das áreas de influencia para comercializar os seus produtos, fundamentalmente derivado de ausencia de marcas vinculadas ós territorios e que incentiven a compra por parte dos consumidores.	F.19. Interese por parte das asociacións empresarias e das empresas das áreas de influencia de desenvolver actividades conxuntas cos Parques, especialmente aquelas relacionadas co turismo e ocio, elaborados agrogandeiros, transformados do mar, comercio e artesanía. F.20. Presenza de entidades de desenvolvemento comarcal (Grupos de Desenvolvemento Rural ou Grupos de Acción Costeira), con información e plans de actuación que poden actuar de apoio ó emprendemento e á modernización do tecido empresarial, especialmente naquelas áreas de influencia onde existe unha forte presenza de pequenas empresas de carácter familiar, con limitación de recursos e financiamentos, e capacidades para a modernización e a innovación.

4.2.2.4.- Os Parques de Galicia como axentes de dinamización das áreas de influencia.

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.23. Inexistencia dun instrumento coordinación entre todos os departamentos da Xunta de Galicia con competencia no desenvolvemento dos Parques e as súas áreas de influencia, que permita a coordinación das políticas públicas e a optimización dos recursos. D.24. Falta de desenvolvemento e aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX) dos Parques de Galicia, ca excepción do Parque Natural Monte Aloia, que supón un importante instrumento para orientar o seu aproveitamento e un incentivo para o xurdimento de novas iniciativas polos axentes relacionados nas áreas de influencia. D.25. Tensións e conflitos pola presenza de propiedade privada nalgúns dos Parques, que obriga a un maior esforzo de concertación para a implicación activa dos propietarios no desenvolvemento dos Parques. D.26. Insuficiente desenvolvemento na estrutura interna dos Parques de Galicia da función de dinamización socioeconómica das áreas de influencia. D.27. Insuficiente coordinación e comunicación cos distintos axentes (propietarios, habitantes, empresas, asociacións,...) das áreas de influencia dos Parques por parte dos órganos xestores dos mesmos, para o aproveitamento de todo o potencial de desenvolvemento socioeconómico existente nestas áreas.	F.21. Creación no ano 2007 do Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia que podería articular a estrutura de cooperación de todos os axentes implicados e coordinar las políticas de desenvolvemento das áreas de influencia. Se ben, a complexidade da súa composición pode dificultar a súa implantación e especialmente articular un funcionamento eficaz e eficiente con operatividade real. F.22. Existencia do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) en tódolos Parques, que actúan como instrumentos de planificación e ordenación nos espazos protexidos. Se ben, no caso do Parque da Baixa Limia-Serra do Xurés require a súa actualización pola súa recente ampliación. F.23. Existencia das Xuntas Consultivas conformada por representantes dos diferentes axentes públicos e privados relacionados co Parque e área de influencia. Se ben, a dinámica do seu funcionamento en xeral, non está incidindo proactivamente na coordinación e dinamización das relacións Parque-área de influencia. F.24. Esforzo inversor nos derradeiros anos, sendo Galicia a cuarta comunidade autónoma que máis emprego directo xera relacionado coa xestión dos Espazos Naturais Protexidos. Existencia de axudas específicas da Consellería de Medio Rural, en materia de conservación dos recursos naturais e de fomento de accións de desenvolvemento sustentable dirixidas á poboación das áreas de influencia dos Parques (mellora da paisaxe agraria e usos recreativos, recuperación de elementos patrimoniais e culturais, preservación de hábitats ou ecosistemas, loita contra a erosión e educación ambiental).

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.28. Insuficiente coñecemento e capacidade por parte dos axentes das áreas de influencia para articular proxectos entorno ás políticas públicas de apoio ó desenvolvemento sostible, principalmente debido a deficiencias no acceso á información e complexidade na elaboración e tramitación. D.29. Deficiencias no acceso por estrada ós Parques dende algúns Concellos (Rubiá, Monfero, entre outros) que resta potencial para o seu desenvolvemento. Especial referencia ó Parque Natural do Invernadeiro ó non dispor de acceso por estrada dende o concello de Vilariño de Couso. D.30. Necesidade de melloras na sinalización e mantemento dalgúns camiños e sendas internas dos Parques (rutas sen marcar, sendeiros pechados, ausencia de sinalización ou insuficiente de limpeza, entre outros). D.31. Insuficientes desenvolvemento de actividades de investigación nos Parques que melloren o coñecemento e mantemento da biodiversidade existente nos mesmos, así como dos recursos naturais da súa área de influencia. D.32. Deficiencias na utilización de ferramentas de comunicación e promoción, na información subministrada ós axentes e habitantes da área de influencia e, fundamentalmente, ós visitantes potenciais. D.33. Limitada utilización de Internet como ferramenta de difusión, facilitando o acceso á información completa e actualizada dos Parques, con enlaces á información da área e ós seus recursos, especialmente o acceso directo ós establecementos e empresas de interese. D.34. Insuficiente visión integrada dos Parques de Galicia, que posibilite unha promoción conxunta dos mesmos e a transmisión dunha oferta conxunta dos seus servizos e recursos.	F.25. Existencia, nalgúns casos, de asociacións de propietarios, o que pode facilitar e favorecer as relacións dos mesmos cos entes xestores dos Parques, reducindo as tensións existentes e establecendo acordos de cooperación. F.26. Importante riqueza e variedade paisaxística e natural existente nos Parques de Galicia (extensible o seu entorno territorial), cun alto potencial polo seu carácter único e diferenciado, para o desenvolvemento de actividades socioeconómicas nas áreas de influencia, a través de actuación de cooperación (por exemplo paquetes turísticos conxuntos Parques e áreas de influencia). F.27. Presenza de importantes infraestruturas nos Parques de Galicia (centros de educación ambiental, centros de interpretación e centros de recepción de visitantes,...), que constitúen un factor de atracción de visitantes á área. Se ben, e necesario un maior dinamismo para o seu aproveitamento. F.28. Positiva valoración das actuacións de carácter formativo levadas a cabo nos diferentes Parques orientadas fundamentalmente á educación ambiental e á divulgación dos valores naturais existentes nos mesmos. F.29. Positivo efecto nalgúns áreas de influencia sobre a conservación e o mantemento das infraestruturas existentes (pistas, corta lumes, control de puntos de vertido incontrolado,...) grazas á existencia dos Parques. F.30. Existencia dalgúns proxectos de investigación nos Parques, para o estudo dos seus recursos, se ben é unha área de actuación cun elevado potencial de desenvolvemento o través de convenios de cooperación ca universidade e centros de investigación e cunha potencial repercusión positiva na área de influencia o través dun maior coñecemento do medio e da realización de seminarios, xornadas, congresos científicos, entre outros.

DEBILIDADES (-)	FORTALEZAS (+)
D.35. Ausencia dunha identidade común recoñecible (uniformidade nos símbolos, logotipo común, e en xeral todo o relativo ó <i>merchandising</i>) por parte dos potenciais usuarios ou visitantes dos Parques de Galicia, que limita a súa promoción e a capacidade de incidir no desenvolvemento das áreas de influencia a través de marcas de procedencia para os produtos da zona. D.36. Insuficiente coñecemento entre os habitantes e os axentes das áreas de influencia sobre os recursos existentes nos Parques e o potencial da posta en valor dos mesmos para os novos emprendementos e o desenvolvemento sostible non só baseado no turismo. D.37. Limitado coñecemento dos galegos da existencia dos diferentes Parques de Galicia, cunha gran disparidade entre os máis coñecidos (Illas Atlánticas e Fragas do Eume) e os menos coñecidos (Invernadeiro, e Serra da Enciña da Lastra). D.38. Insuficiente aproveitamento do potencial dos Parques no desenvolvemento socioeconómico das súas áreas de influencia, en particular das actividades turísticas, debido fundamentalmente a unha alta estacionalidade e á curta duración das visitas que se realizan ós mesmos, así como á ausencia de Plans de Desenvolvemento Sostible propios de cada área de influencia. D.39. Dependencia dos fondos públicos para o financiamento das actuacións dos Parques de Galicia, o que limita á capacidade para levar a cabo actuacións de mellora dos mesmos relacionadas coas áreas de influencia, sobre todo nun contexto de crise económica e redución orzamentaria como o actual que require a búsqueda doutras fontes de financiamento. D.40. Concentración das visitas e das actividades nos Parques de Galicia na época estival, o que causa deterioros ós ecosistemas debido á presión que sopor tan nesa época, con especial referencia ás Illas Atlánticas e a Corrubedo.	F.31. Incremento anual constante do número de visitantes á rede de Parques de Galicia, se ben existen importantes diferenzas no número de visitas que reciben os Parques Naturais do interior fronte ós situados na costa. F.32. Existencia dun alto potencial nos propios Parques de Galicia en relación ó desenvolvemento de actuacións encamiñadas a captar visitantes relacionados co turismo ornitolóxico e de observación da natureza, turismo deportivo, ou turismo fotográfico entre outros, a través da creación de paquetes turísticos específicos. F.33. Importante potencial de promoción dos Parques, especialmente nas rexións limítrofes de Asturias, Castela e León e Portugal, que ademais, incidiría positivamente no número de visitantes e duración da estancia na área de influencia. F.34. Posibilidade da inclusión das áreas de influencia dos Parques na Rede Mundial de Reservas da Biosfera, que incrementaría o seu atractivos e facilitaría a promoción socioeconómica das mesmas.

4.3.- FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO DO PLAN DIRECTOR DENDE UN ENFOQUE DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES DE GALICIA.



4.3.1.- Universo público e legislativo con incidencia nas áreas de influencia.

CÓDIGO	FACTOR CLAVE	ASPECTOS DO DIAGNÓSTICO RELACIONADOS
FCP1	Coordinación institucional para unha maior transversalidade e integración das políticas públicas sectoriais (actuacións conxuntas, busca de sinerxías, optimización de recursos) orientadas ó desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques, precisándose unha harmonización das leis sectoriais coas leis de conservación.	A.2. – A.3. - O.1. – O.2. - D.1. – D.2. - F.2.
FCP2	Inclusión dos territorios con Parques como áreas estratéxicas de actuación e como criterio para a priorización no actual e futuro Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia.	O.7. – O.17. - D.1. - F.2. – F.11.
FCP3	Consideración da especificidade das áreas de influencia dos Parques na lexislación e normativa que afecta á ordenación do territorio (Plans urbanísticos, do litoral, do solo ou da mobilidade, entre outros).	A.14. - O.13. – O.14. - D.11. - F.1.
FCP4	Relevancia da consideración de criterios ambientais rigorosos no desenvolvemento das leis e normativas enerxéticas de Galicia que garantan a protección dos recursos e da paisaxe nas áreas de influencia.	A.2. - A.3. - O.1. – O.2. - D.11. - F.18.
FCP5	Impulso de Plans de Actuación Integrados de desenvolvemento turístico nas áreas de influencia dos Parques de Galicia de acordo coa Carta Europea de Turismo Sostible en Espazos Naturais Protexidos (CETS).	A.4. - A.10 - O.8. – O.19 - F.16
FCP6	Deseño de liñas de apoio específicas de I+D+i orientadas ós Parques de Galicia e as súas áreas de influencia (similares ás existentes a nivel estatal para os Parques Nacionais), orientadas á investigación, seguimento e avaliación destes espazos.	A.1. – A.5. – A.15. - O.11.- O.18.
FCP7	Revisión e simplificación das medidas dos diferentes réximes de axudas existentes con incidencia no desenvolvemento das áreas (equidade, eficacia, eficiencia e indicadores de resultados), mellorando a súa divulgación e o asesoramento ós posibles beneficiarios.	A.6. – A.7. - O.11.- O.18
FCP8	Procura de instrumentos innovadores de financiamento para proxectos de desenvolvemento nas áreas de influencia ou nos propios Parques con maior implicación do sector privado ante a redución dos fondos públicos (por exemplo, a través das inversións en RSC das empresas, Obra Sociocultural das Caixas de Aforro, ou a realización de proxectos específicos liderados por Fundacións Privadas sen ánimo de lucro).	A.1. – A.6. – A.12. – A.14. - O.4. – O.5. – O.6. – O.12 - F.1. – F.2.

4.3.2.- Ámbito das infraestruturas e equipamentos das áreas de influencia.

CÓDIGO	FACTOR CLAVE	ASPECTOS DO DIAGNÓSTICO RELACIONADOS
FCI1	Impulso das inversións na creación ou mellora dos equipamentos dos servizos de educación, saúde e benestar nas áreas de influencia, que melloren a calidade de vida dos seus habitantes e sexan un factor de atracción para nova poboación.	A.17. – A.18. – A.22 – D.7.
FCI2	Impulso e planificación integrada das infraestruturas e equipamentos relacionados co saneamento nas áreas de influencia dos Parques de Galicia que lles permitan acadar un nivel de excelencia medioambiental en coherencia cos valores que proxectan estes espazos.	A.9 – A.17. – O.2. – D.6.
FCI3	Desenvolvemento de accións orientadas a maximizar a eficiencia enerxética e á xeneralización do uso de enerxías renovables nas áreas de influencia dos Parques (edificios públicos, empresas ou vivendas entre outras).	D.11. – O.29. – F.18.
FCI4	Desenvolvemento e dotación de solo industrial para a implantación de actividades empresariais sostibles ou para o apoio de emprendementos nas áreas de influencia dos Parques de Galicia.	A.24. – A.32. – O.32. – D.9. – F.21.
FCI5	Desenvolvemento de estradas de alta capacidade que faciliten o acceso ás áreas de influencia dos Parques Naturais do interior , dende a cornixa cantábrica, a meseta e Portugal, fundamentalmente. Así como mellora na rede de estradas das áreas de influencia para facilitar o acceso ós Parques (trazado, ancho de vía, gabias...)	A.16. – A.17. – O.20 – D.3. – D.4. – F.4.
FCI6	Mellora da sinalización nas autoestradas e no resto da rede viaria para facilitar o acceso ós Parques e informar dos valores patrimoniais existentes nas súas áreas de influencia.	A.8. – D.5. – D.30.
FCI7	Desenvolvemento de aparcadoiros nas proximidades dos Parques que faciliten o acceso a visitantes e minoren a presión sobre os recursos naturais existentes nos mesmos, especialmente nos casos dos Parques de Corrubedo, Eume e Monte Aloia.	D.5. – D.8. – O.20. – F.29. – F.33.
FCI8	Melloras nas infraestruturas de Televisión Dixital Terrestre (TDT) e Internet que faciliten o acceso das áreas de influencia ás novas tecnoloxías, impulsando o desenvolvemento socioeconómico das mesmas.	A.11. – O.26. – D.10.
FCI9	Aproveitamento do equipamento deportivo e cultural, así como das edificacións en desuso , existentes nas áreas de influencia, para a realización de actividades conxuntas cos Parques ou para a instalación de servizos relacionados cos mesmos.	O.20. – D.21. – F.5. – F.6. – F.7. – F.8.

4.3.3.- Ámbito do desenvolvemento sociocultural das áreas de influencia.

CÓDIGO	FACTOR CLAVE	ASPECTOS DO DIAGNÓSTICO RELACIONADOS
FCS1	Potenciar ou implantar estruturas de coordinación e cooperación entre os Concellos das áreas de influencia dos Parques , para a realización de proxectos integrados de desenvolvemento sostible, optimizando os recursos e incrementando a eficacia e eficiencia na tramitación e no acceso ó financiamento público.	A.13. - D.1. - D.2. - F.1. - F.2.
FCS2	Recuperación e posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial (edificacións, historia, oficios tradicionais, folclore, gastronomía, natureza, entre outros).	A.22. - A.23. - O.28. - D.13 - D.14. -D.15. - F.6. -F.12.-F.13.
FCS3	Impulso da creación, coordinación e participación de asociacións culturais e ambientais das áreas de influencia , coa finalidade da recuperación e posta en valor do patrimonio cultural e da sensibilización e divulgación dos valores medio ambientais.	O.22. - O.24. - O.25 - D.14. - D.15. - F.9.- F.11.- F.12.
FCS4	Realización de actividades de concienciación da poboación local sobre os valores e a importancia do patrimonio cultural e dos recursos naturais (especialmente os Parques) existentes no territorio, para o desenvolvemento sostible das áreas de influencia.	O.22. - O.23 - D.14. - D.15. - F.9. - F.11.
FCS5	Realización de actividades de formación orientadas a incrementar os recursos e capacidades das áreas de influencia en Emprego Verde (agricultura e gandería ecolóxica, tratamento e depuración de augas ou produción e instalación de enerxías renovables entre outros) e o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.	A.22. - A.23. - A.24.- A.25. - O.22. - O.28. - O.29. - D.12. - D.13 - F.10. - F.12.
FCS6	Integración de actividades de información e promoción das áreas de influencia para optimizar custos e incrementar os impactos, a través da edición conxunta de folletos e o desenvolvemento compartido de páxinas web con información integrada de todos os recursos existentes.	O.21. - O.26. - O.27.- O.28. - F.11.
FCS7	Impulsar nas áreas de influencia dos Parques a creación de redes de apoio conxuntas para información, asesoramento e tramitación de proxectos de desenvolvemento socioeconómico , en cooperación entre todos os axentes (Concello, Parque, asociacións culturais ou empresariais, Grupos de Desenvolvemento Rural, Grupos de Acción Costeira, entre outros).	A.13. - A.22. - A.32. - O.4. - D.1. - F.2. - F.10. - F.21.

4.3.4.- Ámbito do desenvolvemento empresarial das áreas de influencia.

CÓDIGO	FACTOR CLAVE	ASPECTOS DO DIAGNÓSTICO RELACIONADOS
FCE1	Potenciar o asociacionismo e a cooperación empresarial para desenvolver actividades e proxectos para a mellora da competitividade das empresas da área de influencia	O.33. - D.16. - F.19. – F.20. – F.21.
FCE2	Impulsar a prestación de servizos de apoio ás empresas existentes e ó novo emprendemento , en cooperación cos axentes de desenvolvemento e as entidades financeiras presentes no territorio.	A.32. - F.19. – F.21.
FCE3	Desenvolver actividades de formación e divulgación relacionadas coa dirección e xestión empresarial, a internacionalización, a innovación, o uso das novas tecnoloxías; e a potenciar as iniciativas emprendedoras.	A.27. – A.32. - D.16. – D.18 - F.19. – F.21.
FCE4	Identificar novas oportunidades de negocio, dende a perspectiva do desenvolvemento sostible , para potenciar a través do novo emprendemento a diversificación de actividades empresariais e xerar máis riqueza e emprego nas áreas de influencia.	A.27. – A.28. - O.34. - D.16. – D.21 - F.14. – F.16. – F.17. – F.20.
FCE5	Impulsar a modernización e o desenvolvemento de actividades empresariais baseadas nos recursos existentes nas áreas de influencia (agrarias, gandeiras, forestais – madeira, pesqueiras, acuícolas e marisqueiras entre outras), potenciando a produción con criterios ecolóxicos e a innovación de produtos con maior valor engadido.	A.30. – A.31. - D.19. – D.20. – D.21. - F.14. – F.16.- F.17.
FCE6	Impulsar a modernización e o desenvolvemento de actividades de turismo e ocio sostible , especialmente as relacionadas cos recursos naturais (en particular cos Parques), gastronómicos e patrimoniais existentes na área, a través da innovación de produto e da prestación de servizos de calidade.	A.24. - O.32. - D.18. – D.21. - F.14. – F.16. – F.20.
FCE7	Desenvolvemento e impulso do emprendemento relacionado coa artesanía que se basee fundamentalmente nos recursos existentes na área de influencia (madeira ou pedra entre outros), e ó mesmo tempo potenciar a recuperación de oficios tradicionais da zona.	A.27. - O.32. - D.18. - D.21 - F.14.- F.20.
FCE8	Modernización e desenvolvemento das actividades de comercio polo miúdo en rede nas áreas de influencia dos Parques , vinculándoas especialmente a produtos de calidade e con valores relacionados coa natureza, a ecoloxía, a saúde e o benestar.	A.27. - O.32. - D.2. – D.18. - F.14.- F.20.
FCE9	Desenvolvemento de empresas relacionadas co equipamento e mantemento, cos suministros e coa prestación de servizos de apoio ás actividades empresariais das áreas de influencia.	A.13. - A.27. - O.4. - D.18.
FCE10	Apoio ás empresas da área para a consecución de selos de calidade de prestixio que potencien o valor dos produtos e servizos e faciliten a súa comercialización (Galicia Calidade, produto ecolóxico ou Turismo Sostible entre outros).	O.15. – O.31. - D.16. – D.22. - F.14. – F.16. – F.17.

4.3.5.- Ámbito dos parques como axentes de dinamización.

CÓDIGO	FACTOR CLAVE	ASPECTOS DO DIAGNÓSTICO RELACIONADOS
FCD1	Adaptación e desenvolvemento do Consello da Rede de Parques de Galicia como instrumento de cooperación e dinamismo , de tal xeito que permita a coordinación das políticas públicas, a interacción entre os diferentes Parques de Galicia e o intercambio de experiencias entre os mesmos.	D.23.- D.35. - F.22.
FCD2	Dinamización das Xuntas Consultivas ou Reitoras, de cara a convertelas nun instrumento de cooperación entre o Parque e a súa área de influencia , que consiga implicar a todos os propietarios e axentes relacionados mediante a detección das principais necesidades e o desenvolvemento de proxectos para afrontalas.	D.23. – D.25.- D.26. - F.24.
FCD3	Desenvolvemento dunha estrutura de dirección e xestión dos Parques que facilite a súa función de dinamizadores socioeconómicos.	D.26. – D.27 - F.24.
FCD4	Impulso da cooperación cos axentes socioeconómicos da área , para incrementar a súa implicación no desenvolvemento dos Parques (Concellos, asociacións culturais e empresariais, entre outros)	D.24. – D.25.- D.27. - F.23.- F.27.
FCD5	Potenciación da implicación activa dos propietarios dos terreos nos que se sitúan os Parques , a través dunha maior cooperación cos mesmos.	D.25. – D.27. - F.24. – F.27.
FCD6	Optimización dos recursos e infraestruturas dos Parques para incrementar o seu potencial como reclamo de desenvolvemento das súas áreas de influencia (áreas recreativas, puntos de información, aulas escola, mantemento de sendas, entre outros).	D.30.- D.31. - F.28. – F.29.- F.31.
FCD7	Desenvolvemento das actividades de investigación dos Parques e sobre os recursos e impactos socioeconómicos das áreas de influencia . Fomento da cooperación con universidades e entidades de I+D+i .	A.5. - O.11. – O.18. - D.31. - F.32.
FCD8	Desenvolvemento e aprobación dos PRUX, e elaboración de Plans de Desenvolvemento Sostible , coa finalidade da consecución do desenvolvemento socioeconómico sostible das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	D.24. – D.36. – D.38. – D.39.
FCD9	Potenciación das campañas de formación e divulgación entre a poboación e os axentes relacionados pertencentes ás áreas de influencia dos Parques de Galicia , que incidan na potencialidade que presentan os Parques para o desenvolvemento de actividades empresarias sostibles nas súas áreas de influencia.	D.27. – D.36. – D.37. - F.30.

CÓDIGO	FACTOR CLAVE	ASPECTOS DO DIAGNÓSTICO RELACIONADOS
FCD10	Melloras na comunicación e promoción dos Parques de Galicia, con especial referencia á promoción a través de Internet (creación e mellora de páxinas web ou o emprego das redes sociais entre outras).	D.33. – D.34. – D.35. – D.37. – D.40 - F.34. – F.35
FCD11	Creación dunha imaxe común dos Parques de Galicia e realización de estudos da viabilidade da implantación dunha marca que facilite a comercialización dos produtos elaborados nas súas áreas de influencia.	D.22. – D.35. -. D.38. - F.13.- F.14
FCD12	Reorientación das axudas da Consellería de Medio Rural cara ó desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques de Galicia , así como, a súa mellora na información proporcionada ós posibles beneficiarios, co obxectivo de facilitar a elaboración dos proxectos e a tramitación.	A.7. - O.15. - D.27. – D.39. - F.26.

4.4.- PRIORIZACIÓN DOS FACTORES CLAVE PARA O DESEÑO.

A valoración do **grao de importancia dos 46 Factores Clave do Deseño** para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia levouse a cabo por medio dun formulario, realizado a través dun Panel de Expertos constituído polos 119 participantes das 6 mesas de expertos celebradas anteriormente. A **escala de valoración** empregada foi de **5 (moi importante) a 1 (menos importante)**.

Hai que destacar o **elevado grao de participación** (85 axentes), tendo en conta que se tratou na súa maioría dunha valoración vía electrónica, cunha **taxa de resposta do 71,43%** (ver Táboa 81 e Táboa 82). A Táboa 83 contén as siglas empregadas para comentar a priorización dos Factores Clave para o Deseño.

Táboa 81

Datos básicos do Panel de Expertos para a priorización dos Factores Clave.

Axentes Consultados	119
Taxa de resposta	71,43% (85 axentes)
Período para a valoración	26 días
Número de variables do formulario	46

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 82

Información da porcentaxe de resposta obtida por tipoloxía de axente e Parque Natural.

PARQUE				TIPO DE AXENTE			
ÁREA DE INFLUENCIA	ENVIADOS	RECIBIDOS	% RESPUESTA	ÁMBITO	TOTAL	RECIBIDOS	% RESPUESTA
P.N.C.	18	15	83,33%	EMPRESARIAL	52	35	67,31%
P.M.A.	21	12	57,14%	PÚBLICO	40	33	82,50%
P.F.E.	20	12	60,00%	SOCIAL	19	10	52,63%
P.N.I.	22	20	90,91%	I+D	8	7	87,50%
P.I.L.	14	9	64,29%	TOTAL	119	85	71,43%
P.B.X.	24	17	70,83%				
TOTAL	119	85	71,43%				

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 83

Siglas empregadas para comentar a priorización dos Factores Clave para o Deseño.

Lenda:	
Parques	
P.N.C.	Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
P.M.A.	Parque Natural Monte Aloia
P.F.E.	Parque Natural Fragas do Eume
P.N.I.	Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
P.I.L.	Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra
P.B.X.	Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés
Factores Clave	
FCP	Universo público e legislativo con incidencia nas áreas de influencia.
FCI	Ámbito das infraestruturas e equipamentos das áreas de influencia.
FCS	Ámbito do desenvolvemento sociocultural das áreas de influencia.
FCE	Ámbito do desenvolvemento empresarial das áreas de influencia.
FCD	Ámbito dos parques como axentes de dinamización.

Fonte: Elaboración propia.

4.4.1.- Valoración do grado de importancia dos Factores Clave para o Deseño.

Na Táboa 84 obsérvase que o **intervalo de valoración** do grao de importancia vai dende o **4,51 (valor máis alto) ata o 3,07 (valor máis baixo)**, o que supón un intervalo reducido tendo a **media global** un valor igual a **4,05**. Con respecto á media (4,05), hai 26 Factores Clave que os expertos valoraron por enriba da mesma e 20 por debaixo. **Estas valoracións validan a relevancia do conxunto dos 46 Factores Clave propostos polo equipo técnico do proxecto, a partir do diagnóstico realizado.**

Na Táboa 84 recóllese o listado dos **46 Factores Clave priorizados**, ordenados por nivel de importancia de maior a menor, indicándose ámbito temático ó que pertencen de acordo coas lendas recollidas na Táboa 83.

Táboa 84
Factores Clave priorizados.

Código	Factor Clave	Valor
FCE6	Impulsar a modernización e o desenvolvemento de actividades de turismo e ocio sostible , especialmente as relacionadas cos recursos naturais (en particular cos Parques), gastronómicos e patrimoniais existentes na área, a través da innovación de produto e da prestación de servizos de calidade.	4,51
FCI2	Impulso e planificación integrada das infraestruturas e equipamentos relacionados co saneamento nas áreas de influencia dos Parques de Galicia que lles permitan acadar un nivel de excelencia medioambiental en coherencia cos valores que proxectan estes espazos.	4,48
FCS2	Recuperación e posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial (edificacións, historia, oficios tradicionais, folclore, gastronomía, natureza, entre outros).	4,43
FCP1	Coordinación institucional para unha maior transversalidade e integración das políticas públicas sectoriais (actuacións conxuntas, busca de sinerxías, optimización de recursos) orientadas ó desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques, precisándose unha harmonización das leis sectoriais coas leis de conservación.	4,37
FCE10	Apoio ás empresas da área para a consecución de selos de calidade de prestixio que potencien o valor dos produtos e servizos e faciliten a súa comercialización (Galicia Calidade, produto ecolóxico ou Turismo Sostible entre outros).	4,34
FCD8	Desenvolvemento e aprobación dos PRUX, e elaboración de Plans de Desenvolvemento Sostible , coa finalidade da consecución do desenvolvemento socioeconómico sostible das áreas de influencia dos Parques de Galicia.	4,31
FCP5	Impulso de Plans de Actuación Integrados de desenvolvemento turístico nas áreas de influencia dos Parques de Galicia de acordo coa Carta Europea de Turismo Sostible en Espazos Naturais Protexidos (CETS).	4,30
FCS4	Realización de actividades de concienciación da poboación local sobre os valores e a importancia do patrimonio cultural e dos recursos naturais (especialmente os Parques) existentes no territorio, para o desenvolvemento sostible das áreas de influencia.	4,27
FCD6	Optimización dos recursos e infraestruturas dos Parques para incrementar o seu potencial como reclamo de desenvolvemento das súas áreas de influencia (áreas recreativas, puntos de información, aulas escola, mantemento de sendas, entre outros).	4,27
FCP4	Relevancia da consideración de criterios ambientais rigorosos no desenvolvemento das leis e normativas enerxéticas de Galicia que garantan a protección dos recursos e da paisaxe nas áreas de influencia.	4,24
FCP2	Inclusión dos territorios con Parques como áreas estratéxicas de actuación e como criterio para a priorización no actual e futuro Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia.	4,23
FCP3	Consideración da especificidade das áreas de influencia dos Parques na lexislación e normativa que afecta á ordenación do territorio (Plans urbanísticos, do litoral, do solo ou da mobilidade, entre outros).	4,22
FCD12	Reorientación das axudas da Consellería de Medio Rural cara ó desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia dos Parques de Galicia , así como, a súa mellora na información proporcionada ós posibles beneficiarios, co obxectivo de facilitar a elaboración dos proxectos e a tramitación.	4,20
FCE5	Impulsar a modernización e o desenvolvemento de actividades empresariais baseadas nos recursos existentes nas áreas de influencia (agrarias, gandeiras, forestais – madeira, pesqueiras, acuícolas e marisqueiras entre outras), potenciando a produción con criterios ecolóxicos e a innovación de produtos con maior valor engadido.	4,20
FCD11	Creación dunha imaxe común dos Parques de Galicia e realización de estudos da viabilidade da implantación dunha marca que facilite a comercialización dos produtos elaborados nas súas áreas de influencia.	4,20
FCS5	Realización de actividades de formación orientadas a incrementar os recursos e capacidades das áreas de influencia en Emprego Verde (agricultura e gandería ecolóxica, tratamento e depuración de augas ou produción e instalación de enerxías renovables entre outros) e o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.	4,19

Código	Factor Clave	Valor
FCP6	Deseño de liñas de apoio específicas de I+D+i orientadas ós Parques de Galicia e as súas áreas de influencia (similares ás existentes a nivel estatal para os Parques Nacionais), orientadas á investigación, seguimento e avaliación destes espazos.	4,17
FCS1	Potenciar ou implantar estruturas de coordinación e cooperación entre os Concellos das áreas de influencia dos Parques , para a realización de proxectos integrados de desenvolvemento sostible, optimizando os recursos e incrementando a eficacia e eficiencia na tramitación e no acceso ó financiamento público.	4,16
FCP7	Revisión e simplificación das medidas dos diferentes réximes de axudas existentes con incidencia no desenvolvemento das áreas (equidade, eficacia, eficiencia e indicadores de resultados), mellorando a súa divulgación e o asesoramento ós posibles beneficiarios.	4,13
FCD1	Adaptación e desenvolvemento do Consello da Rede de Parques de Galicia como instrumento de cooperación e dinamismo , de tal xeito que permita a coordinación das políticas públicas, a interacción entre os diferentes Parques de Galicia e o intercambio de experiencias entre os mesmos.	4,13
FCD10	Melloras na comunicación e promoción dos Parques de Galicia, con especial referencia á promoción a través de Internet (creación e mellora de páxinas web ou o emprego das redes sociais entre outras).	4,09
FCD9	Potenciación das campañas de formación e divulgación entre a poboación e os axentes relacionados pertencentes ás áreas de influencia dos Parques de Galicia , que incidan na potencialidade que presentan os Parques para o desenvolvemento de actividades empresarias sostibles nas súas áreas de influencia.	4,09
FCD5	Potenciación da implicación activa dos propietarios dos terreos nos que se sitúan os Parques , a través dunha maior cooperación cos mesmos.	4,08
FCD2	Dinamización das Xuntas Consultivas ou Reitoras, de cara a convertelas nun instrumento de cooperación entre o Parque e a súa área de influencia , que consiga implicar a todos os propietarios e axentes relacionados mediante a detección das principais necesidades e o desenvolvemento de proxectos para afrontalas.	4,08
FCI1	Impulso das inversións na creación ou mellora dos equipamentos dos servizos de educación, saúde e benestar nas áreas de influencia, que melloren a calidade de vida dos seus habitantes e sexan un factor de atracción para nova poboación.	4,05
FCP8	Procura de instrumentos innovadores de financiamento para proxectos de desenvolvemento nas áreas de influencia ou nos propios Parques con maior implicación do sector privado ante a redución dos fondos públicos (por exemplo, a través das inversións en RSC das empresas, Obra Sociocultural das Caixas de Aforro, ou a realización de proxectos específicos liderados por Fundacións Privadas sen ánimo de lucro).	4,05
MEDIA DOS 46 FACTORES CLAVE		4,05
FCE4	Identificar novas oportunidades de negocio, dende a perspectiva do desenvolvemento sostible , para potenciar a través do novo emprendemento a diversificación de actividades empresariais e xerar máis riqueza e emprego nas áreas de influencia.	4,04
FCD7	Desenvolvemento das actividades de investigación dos Parques e sobre os recursos e impactos socioeconómicos das áreas de influencia. Fomento da cooperación con universidades e entidades de I+D+i.	4,04
FCD4	Impulso da cooperación cos axentes socioeconómicos da área , para incrementar a súa implicación no desenvolvemento dos Parques (Concellos, asociacións culturais e empresariais, entre outros)	4,01
FCI3	Desenvolvemento de accións orientadas a maximizar a eficiencia enerxética e á xeneralización do uso de enerxías renovables nas áreas de influencia dos Parques (edificios públicos, empresas ou vivendas entre outras).	4,00
FCE7	Desenvolvemento e impulso do emprendemento relacionado coa artesanía que se basee fundamentalmente nos recursos existentes na área de influencia (madeira ou pedra entre outros), e ó mesmo tempo potenciar a recuperación de oficios tradicionais da zona.	4,00
FCD3	Desenvolvemento dunha estrutura de dirección e xestión dos Parques que facilite a súa función de dinamizadores socioeconómicos.	3,97
FCI7	Desenvolvemento de aparcadoiros nas proximidades dos Parques que faciliten o acceso a visitantes e minoren a presión sobre os recursos naturais existentes nos mesmos, especialmente nos casos dos Parques de Corrubedo, Eume e Monte Aloia.	3,96

Código	Factor Clave	Valor
FCE8	Modernización e desenvolvemento das actividades de comercio polo miúdo en rede nas áreas de influencia dos Parques , vinculándoas especialmente a produtos de calidade e con valores relacionados coa natureza, a ecoloxía, a saúde e o benestar.	3,96
FCS3	Impulso da creación, coordinación e participación de asociacións culturais e ambientais das áreas de influencia , coa finalidade da recuperación e posta en valor do patrimonio cultural e da sensibilización e divulgación dos valores medio ambientais.	3,93
FCS7	Impulsar nas áreas de influencia dos Parques a creación de redes de apoio conxuntas para información, asesoramento e tramitación de proxectos de desenvolvemento socioeconómico , en cooperación entre todos os axentes (Concello, Parque, asociacións culturais ou empresariais, Grupos de Desenvolvemento Rural, Grupos de Acción Costeira, entre outros).	3,92
FCE2	Impulsar a prestación de servizos de apoio ás empresas existentes e ó novo emprendemento , en cooperación cos axentes de desenvolvemento e as entidades financeiras presentes no territorio.	3,89
FCI6	Mellora da sinalización nas autoestradas e no resto da rede viaria para facilitar o acceso ós Parques e informar dos valores patrimoniais existentes nas súas áreas de influencia.	3,88
FCS6	Integración de actividades de información e promoción das áreas de influencia para optimizar custos e incrementar os impactos, a través da edición conxunta de folletos e o desenvolvemento compartido de páxinas web con información integrada de todos os recursos existentes.	3,88
FCE1	Potenciar o asociacionismo e a cooperación empresarial para desenvolver actividades e proxectos para a mellora da competitividade das empresas da área de influencia	3,86
FCI9	Aproveitamento do equipamento deportivo e cultural, así como das edificacións en desuso , existentes nas áreas de influencia, para a realización de actividades conxuntas cos Parques ou para a instalación de servizos relacionados cos mesmos.	3,82
FCE3	Desenvolver actividades de formación e divulgación relacionadas coa dirección e xestión empresarial, a internacionalización, a innovación, o uso das novas tecnoloxías; e a potenciar as iniciativas emprendedoras.	3,81
FCI8	Melloras nas infraestruturas de Televisión Dixital Terrestre (TDT) e Internet que faciliten o acceso das áreas de influencia ás novas tecnoloxías, impulsando o desenvolvemento socioeconómico das mesmas.	3,75
FCE9	Desenvolvemento de empresas relacionadas co equipamento e mantemento, suministros e coa prestación de servizos de apoio ás actividades empresariais das áreas de influencia.	3,64
FCI5	Desenvolvemento de estradas de alta capacidade que faciliten o acceso ás áreas de influencia dos Parques Naturais do interior, dende a cornixa cantábrica, a meseta e Portugal, fundamentalmente. Así como mellora na rede de estradas das áreas de influencia para facilitar o acceso ós Parques (trazado, ancho de vía, gabias...)	3,26
FCI4	Desenvolvemento e dotación de solo industrial para a implantación de actividades empresariais sostibles ou para o apoio de emprendementos nas áreas de influencia dos Parques de Galicia.	3,07

Fonte: Elaboración propia.

En canto ós **15 Factores Clave** que se sitúan entre os máis valorados polos participantes no Panel de Expertos (ver Figura 71), destacan varios factores referentes ó **ámbito de desenvolvemento empresarial** das áreas de influencia. O primeiro deles, o Factor Clave valorado como o de maior grao de importancia cunha valoración media de 4,51, é o relativo a impulsar a modernización e o desenvolvemento de actividades de turismo e ocio sostible (FCE6), que é tamén o Factor Clave máis valorado dos 46 considerados. Outros factores destacados deste ámbito teñen por obxectivo a consecución de selos de calidade para potenciar o valor dos produtos e servizos propios das diferentes áreas, e potenciar a produción a través de criterios ecolóxicos (FCE10 e FCE5), que ocupan o 5º e o 14º posto en importancia respectivamente.

Dentro deste primeiro bloque dos 15 factores máis relevantes, tamén se observa unha ampla representación do **universo público e lexislativo** con incidencia nas áreas de influencia coa presenza de 5 factores clave (FCP1, FCP5, FCP4, FCP2 e FCP3), todos eles con valores superiores a 4,22. O punto común destes factores, é a busca da integración e harmonización das diferentes actuacións sectoriais, é dicir, a realización de actuacións conxuntas e a creación de sinerxías en aras da optimización dos recursos e a protección dos mesmos.

Entre estes factores máis importantes para os expertos tamén se atopan dous factores do **ámbito do desenvolvemento sociocultural das áreas de influencia** (FCS2 e FCS4), e catro do **ámbito dos parques como axentes de dinamización** (FCD8, FCD6, FCD12 e FCD11). Estes factores clave relaciónanse por un lado coa reactivación do patrimonio cultural, e por outro cunha mellor coordinación das administracións públicas de cara ó desenvolvemento integral das áreas de influencia e a creación dunha imaxe común dos Parques de Galicia.


Por último, dentro deste grupo dos 15 Factores Clave valorados como de maior importancia, tan só figura un relativo ó **ámbito das infraestruturas e equipamentos**. Este fai referencia o impulso e planificación integrada das infraestruturas e equipamentos relacionados co saneamento nas áreas de influencia dos Parques de Galicia que lles permitan acadar un nivel de excelencia medioambiental en coherencia cos valores que proxectan estes espazos (FCI2), situado como o segundo Factor Clave máis valorado polos expertos.

Ademais, cabe destacar que os Factores Clave do universo público e lexislativo con incidencia nas áreas de influencia, teñen un promedio de valoración superior á media en todos os casos.

Directamente relacionado co anterior, débese destacar que a maior parte dos Factores Clave pertencentes ó ámbito dos parques como axentes de dinamización, sitúanse polo xeral en posicións superiores á media.

De forma gráfica, **na seguinte figura** (Figura 71) **recóllense os 15 Factores Clave máis importantes**, segundo o extraído das valoracións dos expertos, do total dos 46 Factores Clave considerados.

Figura 71 Factores Clave máis importantes.



Fonte: Elaboración propia.


Na **Figura 72**, ilústrase a valoración da importancia global de cada un dos cinco ámbitos temáticos considerados. Esta valoración obtívose mediante a media dos factores clave contemplados en cada un deles.

Como se pode apreciar, os axentes outorgan unha maior importancia ós Factores Clave do universo público e lexislativo (4,21), en busca de garantir ou asentar unhas bases para un correcto desenvolvemento social e económico baseado na sostibilidade. De tal xeito que en orde de importancia, séguenlle os factores relativos ós ámbitos dos Parques como axentes de dinamización (4,12) e o ámbito do desenvolvemento sociocultural (4,11). Por último, os Factores Clave pertencentes ó ámbito do desenvolvemento empresarial e ó ámbito das infraestruturas e equipamentos, teñen unha valoración de 4,03 e 3,81 respectivamente.

Esta valoración por ámbitos de Factores Clave reflicte que, en opinión dos axentes consultados, para garantir o desenvolvemento socioeconómico das áreas é necesario desenvolver un marco lexislativo e normativo que contemple a súa especificidade e o impulso dos propios Parques como elementos tractores para un desenvolvemento sostible.

Figura 72

Valoración da prioridade dos ámbitos temáticos de Factores Clave.



Fonte: Elaboración propia.

4.4.2.- Principais comentarios dos Factores Clave por áreas de influencia.

O máis destacado con respecto á media de valoración dos Factores Clave, que os axentes consultados outorgaron por área de influencia, é que son o **Parque Natural Monte Aloia** e o **Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés**, os que obtiveron unha media máis alta (**4,28 e 4,24 respectivamente**), mentres que no lado oposto atópanse o **Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (3,88)** e o **Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (3,83)**. Nun punto intermedio, e máis próximo á media global (4,05), atópanse as áreas de influencia dos **Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra**, cunha valoración por parte dos expertos do grao de importancia dos Factores Clave para ditas áreas de **4,01**. Estas valoracións son indicativo da existencia de distintas prioridades derivadas do grao de desenvolvemento no que se atopan as diferentes áreas, así, son especialmente significativas as diferenzas entre as valoracións pertencentes á costa atlántica e ás das áreas do interior de Galicia.

De acordo coa Táboa 85 e a Figura 73, os axentes consultados da área de influencia do **Parque Natural Monte Aloia** outorgaron as máis altas valoracións para a totalidade dos Factores Clave, e consecuentemente, este é o Parque Natural coa media de **valoración máis alta en tres dos cinco ámbitos** temáticos como se observa na Figura 73. Cómpre destacar que é nesta área de influencia onde se atopa o único Factor Clave valorado cun 5 sobre 5 (FCE10).

Os axentes consultados da área do **Parque Natural Fragas do Eume**, outorgáronlle unha maior importancia a aqueles Factores Clave máis estreitamente ligados co **uso e xestión do espazo protexido** (FCD6 e FCD8), e coa **promoción de cara ó desenvolvemento dos usos turísticos** (FCE6 e FCD10).

O **Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés** é o único Parque no que os axentes consultados na súa área de influencia outorgaron unha **media de valoración de 4 sobre 5 para todos os ámbitos**, como se observa na Figura 73. Así mesmo, a valoración global (ver Táboa 85) dos Factores Clave para dito Parque Natural, móvese

nun intervalo dun punto (entre 3,63 e 4,63), o que é indicativo de que os factores propostos contan cun amplo consenso.

Na outra banda atopamos que os expertos consultados na área de influencia do **Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán** e no **Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**, tan só consideraron que un dos ámbitos tiña un grao de importancia superior ó 4 sobre 5 (Universo público e lexislativo con incidencia nas áreas de influencia). Deste xeito, para o Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán cabe salientar a importancia que os expertos dan ó desenvolvemento de aparcadoiros (FCI7) así como que a maioría dos Factores Clave que superan o 4 sobre 5 están orientados a acadar o desenvolvemento sostible da área de acordo cos recursos endóxeos que esta posúe. Así mesmo, como se observa na Táboa 85, os expertos desta área de influencia valoran por riba da media global os Factores Clave do **Universo público e lexislativo**, así coma **do ámbito das infraestruturas e equipamentos** (FCP8, FCP1, FCI2, FCI3, entre outros).

Seguindo co Parque Nacional Marítimo – Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e pese as diferenzas que presenta con respecto ás outras áreas de influencia, os Factores Clave sinalados polos expertos como máis importantes para o conxunto global das áreas, coinciden.

Por último, os ámbitos de actuación dos Factores Clave nas áreas de influencia dos **Parques Naturais Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra**, situáronse no seu conxunto nunha valoración intermedia, moi próxima ó promedio de valoración do conxunto global dos Factores Clave, como se observa na Figura 73. Así mesmo, é importante coñecer que os Factores Clave máis valorados nestas áreas, son aqueles referentes ós **aproveitamentos empresariais sostibles, tradicionais e representativos destas áreas de influencia** (FCE6, FCP8 e FCE5).

Táboa 85
Priorización dos Factores Clave por Parque Natural.

Código	Promedio das Valoracións	P.N.C.	P.M.A.	P.F.E.	P.N.I.	P.I.L.	P.B.X.
FCE6	4,51	4,57	4,78	4,64	4,25	4,50	4,50
FCI2	4,48	4,64	4,60	4,55	4,33	4,13	4,56
FCS2	4,43	4,29	4,90	4,45	4,22	4,25	4,56
FCP1	4,37	4,36	4,33	4,45	4,28	4,25	4,50
FCE10	4,34	4,07	5,00	4,45	4,06	4,25	4,44
FCD8	4,31	3,93	4,50	4,82	4,00	4,38	4,44
FCP5	4,30	4,21	4,10	4,30	4,20	4,25	4,63
FCS4	4,27	4,07	4,70	4,55	4,00	4,13	4,38
FCD6	4,27	3,86	4,89	4,60	4,12	4,00	4,38
FCP4	4,24	4,07	4,70	4,27	4,38	3,25	4,44
FCP2	4,23	4,21	4,60	4,55	3,63	4,13	4,44
FCP3	4,22	4,14	4,44	4,30	4,24	4,00	4,19
FCD12	4,20	3,86	4,33	4,30	4,00	4,38	4,50
FCE5	4,20	3,79	4,40	4,45	3,76	4,50	4,56
FCD11	4,20	3,93	4,22	4,36	4,22	4,25	4,25
FCS5	4,19	4,36	4,70	4,18	3,78	3,63	4,50
FCP6	4,17	3,43	4,56	4,64	4,22	3,88	4,38
FCS1	4,16	4,00	4,11	4,45	3,83	4,00	4,56
FCP7	4,13	3,86	4,22	4,45	3,88	4,00	4,44
FCD1	4,13	3,64	4,56	4,27	4,24	4,13	4,13
FCD10	4,09	3,50	4,56	4,80	3,67	3,88	4,50
FCD9	4,09	3,79	4,60	4,50	3,67	4,00	4,31
FCD5	4,08	4,43	4,11	4,50	3,44	4,00	4,25
FCD2	4,08	3,64	4,67	4,36	3,89	4,00	4,19
FCI1	4,05	3,86	4,30	4,09	3,71	4,25	4,31
FCP8	4,05	4,43	4,20	3,64	3,89	4,50	3,88
FCE4	4,04	3,93	3,90	4,36	3,81	4,25	4,13
FCD7	4,04	3,71	4,70	4,00	3,88	3,63	4,31
FCD4	4,01	3,57	4,38	4,10	3,88	4,00	4,31
FCI3	4,00	4,21	4,00	4,18	3,83	3,71	4,00
FCE7	4,00	3,50	4,78	4,45	3,59	4,00	4,13
FCD3	3,97	3,36	4,33	3,80	4,06	4,00	4,31
FCI7	3,96	4,36	4,10	4,18	3,94	3,38	3,69
FCE8	3,96	3,64	4,30	4,00	3,76	4,13	4,13
FCS3	3,93	3,79	4,10	4,18	3,71	3,88	4,07
FCS7	3,92	3,50	4,11	4,27	3,78	3,88	4,13
FCE2	3,89	3,86	3,70	4,09	3,59	4,25	4,06
FCI6	3,88	3,29	4,44	4,09	3,61	3,88	4,25
FCS6	3,88	3,57	4,00	4,27	3,67	3,63	4,20
FCE1	3,86	3,79	4,00	4,09	3,65	3,88	3,88
FCI9	3,82	3,93	3,90	3,82	3,61	3,50	4,06
FCE3	3,81	3,86	3,70	3,82	3,65	3,86	4,00
FCI8	3,75	3,64	4,10	3,73	3,17	4,25	4,07
FCE9	3,64	3,07	3,56	4,00	3,53	4,13	3,81
FCI5	3,26	3,07	3,30	2,91	3,00	3,50	3,81
FCI4	3,07	3,71	2,30	2,64	2,41	3,75	3,63
Promedio	4,05	3,88	4,28	4,22	3,83	4,01	4,24


Media dos
46 FC: 4,05

0,30 sobre o promedio global – 0,30 baixo o promedio global

Fonte: Elaboración propia.

Figura 73

Valoración da prioridade dos ámbitos temáticos de Factores Clave por Parque.



Fonte: Elaboración propia.

PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA

CAPÍTULO 5. DESEÑO ESTRATÉGICO: PROGRAMAS DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES DE GALICIA.

ÍNDICE DE CONTIDO

5.1.-	METODOLOXÍA PARA O DESEÑO DE PROGRAMAS DE ACTUACIÓN.....	259
5.2.-	PROGRAMAS DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA.	261
5.2.1.-	<i>E.1. Valorización dos recursos naturais e culturais para a potenciación da identidade territorial.</i>	<i>265</i>
P.1.	Desenvolvemento da investigación e a sensibilización para un maior coñecemento sobre os recursos naturais e culturais do territorio.	266
P.2.	Dinamización da participación e cooperación para a posta en valor do patrimonio natural e cultural.	268
5.2.2.-	<i>E.2. Emprendemento e innovación empresarial para a xeración de emprego e un desenvolvemento sostible.</i>	<i>271</i>
P.3.	Impulso ó emprendemento e á formación para a diversificación competitiva das actividades empresariais e a xeración de emprego.	272
P.4.	Innovación e modernización para o desenvolvemento das actividades empresariais de produción e transformación e a xeración de máis valor engadido no territorio.	274
P.5.	Potenciación do turismo, o comercio e actividades relacionadas, para a valorización dos produtos e os recursos do territorio.	276
5.2.3.-	<i>E.3. Gobernanza e apoio institucional para a coordinación e optimización dos recursos públicos.</i>	<i>279</i>
P.6.	Impulso da coordinación institucional para a integración das políticas sectoriais e a mellora do financiamento público con criterios de eficiencia e sostibilidade.	280
P.7.	Mellora na dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos públicos para potenciar o atractivo dos Parques e as súas áreas de influencia.	282
P.8.	Desenvolvemento coordinado e integrado da comunicación para unha maior dispoñibilidade e calidade da información sobre os recursos e capacidades dos Parques e as súas áreas de influencia.	284

5.- CAPÍTULO 5.- DESEÑO ESTRATÉXICO: PROGRAMAS DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES DE GALICIA.

5.1.- METODOLOXÍA PARA O DESEÑO DE PROGRAMAS DE ACTUACIÓN.

Este epígrafe referente ós **Eixes estratéxicos, Programas e Actuacións Estratéxicas**, recolle os **8 Programas de Actuación do Plan Estratéxico Director para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia**, organizados en torno a **3 Eixes Estratéxicos**.

Neste epígrafe descríbese a **metodoloxía de traballo** para a obtención dos Programas Estratéxicos e, no epígrafe posterior, son detalladas as fichas dos 8 Programas coas súas respectivas actuacións.



Fonte: Elaboración propia

Na Figura 74 represéntase de forma resumida a metodoloxía empregada para o deseño de programas. Así, a partir dun proceso de análise da información obtida (información secundaria, informes de expertos, consulta a través das entrevistas, propostas aportadas durante as Mesas de Expertos para a Análise), realizouse unha síntese destas ideas recollida no **epígrafe 3.3** (PARQUES DE GALICIA E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO: VISIÓN DOS AXENTES RELACIONADOS DAS ÁREAS DE INFLUENCIA.).


Coa información recompilada realizouse o **Diagnóstico Estratéxico** e identificáronse os **46 Factores Clave para o Deseño e a súa priorización**, que se recollen no **Capítulo 4**.

Toda esta información, serviu de base para o deseño dos **8 Programas Estratéxicos**, que conteñen a concreción de **84 propostas de actuación**.

5.2.- PROGRAMAS DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA.

Figura 75

Proceso de identificación dos Eixes Estratéxicos e dos Programas de Actuación.



Fonte: Elaboración propia

A Táboa 86 presenta estes **8 Programas de Actuación** agrupados no seu correspondente Eixe Estratéxico.

Táboa 86
Eixes Estratéxicos e Programas de Actuación.

EIXES ESTRATÉXICOS	PROGRAMAS DE ACTUACIÓN
E.1. VALORIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS PARA A POTENCIACIÓN DA IDENTIDADE TERRITORIAL	P.1. Desenvolvemento da investigación e a sensibilización para un maior coñecemento sobre os recursos naturais e culturais do territorio.
	P.2. Dinamización da participación e cooperación para a posta en valor do patrimonio natural e cultural.
E.2. EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL PARA A XERACIÓN DE EMPREGO E UN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	P.3. Impulso ó emprendemento e á formación para a diversificación competitiva das actividades empresariais e a xeración de emprego.
	P.4. Innovación e modernización para o desenvolvemento das actividades empresariais de produción e transformación e a xeración de máis valor engadido no territorio.
	P.5. Potenciación do turismo, o comercio e actividades relacionadas, para a valorización dos produtos e os recursos do territorio.
E.3. GOBERNANZA E APOIO INSTITUCIONAL PARA A COORDINACIÓN E OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS PÚBLICOS	P.6. Impulso da coordinación institucional para a integración das políticas sectoriais e a mellora do financiamento público con criterios de eficiencia e sostibilidade.
	P.7. Mellora na dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos públicos para potenciar o atractivo dos Parques e as súas áreas de influencia.
	P.8. Desenvolvemento coordinado e integrado da comunicación para unha maior dispoñibilidade e calidade da información sobre os recursos e capacidades dos Parques e as súas áreas de influencia.

Na Figura 76 recollese de forma esquemática o **modelo de fichas de Programas**. Seguindo este modelo, nas seguintes páxinas amósanse para cada un dos **Programas de Actuación** definidos dentro do seu respectivo **Eixe Estratéxico**, unha **síntese descriptiva e xustificativa** de cada Programa, así como a súa **relación cos Factores Clave** que maior incidencia teñen. Así mesmo, aparecen tamén a relación das distintas **actuacións** dentro de cada un dos Programas.

Figura 76
Modelo de fichas dos programas.

PLAN ESTRATÉGICO DIRECTOR PARA A OPTIMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA							
<table border="1"> <tr> <th colspan="2">EIXE ESTRATÉGICO 3</th> </tr> <tr> <td>GOBERNANZA E APOIO INSTITUCIONAL</td> <td>IDENTIFICACIÓN DO EIXE ESTRATÉGICO</td> </tr> </table>		EIXE ESTRATÉGICO 3		GOBERNANZA E APOIO INSTITUCIONAL	IDENTIFICACIÓN DO EIXE ESTRATÉGICO		
EIXE ESTRATÉGICO 3							
GOBERNANZA E APOIO INSTITUCIONAL	IDENTIFICACIÓN DO EIXE ESTRATÉGICO						
IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA	<table border="1"> <tr> <th>PROGRAMA</th> <th>IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA</th> </tr> <tr> <td>P.B. Desenvolvemento da comunicación para unha maior dispoñibilidade e calidade da información sobre os recursos e capacidades dos Parques e as súas áreas de influencia dos ámbitos territoriais dos Parques de Galicia.</td> <td> XUSTIFICACIÓN E OBJECTIVOS A comunicación e a promoción son factores imprescindibles para poñer en valor os recursos e capacidades existentes no territorio. Unha ferramenta estratéxica para proxectar os Parques e as súas áreas de influencia, é incrementar o seu poder de atracción para fixar poboación, incentivar a inversión empresarial e a xeración de emprego. Así como, a captación dun maior número de visitantes e turistas, e reducir a estacionalidade da demanda. No conxunto dos Parques e as súas áreas de influencia, detectouse unha importante necesidade de incidir no ámbito da comunicación, pola existencia dunha información incompleta e fragmentada con dificultades de acceso por parte dos usuarios, que limita a eficacia e eficiencia do seu impacto. Existe unha opinión xeneralizada por parte dos aforres consultados, da necesidade de integrar e optimizar os esforzos que de feito individualizado se están a levar a cabo, especialmente a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Un dos problemas, que dificulta a comunicación e promoción, é a ausencia dunha imaxe común, con capacidade para transmitir os valores diferenciais do conxunto e de cada un dos Parques e as súas áreas de influencia. Aspecto necesario para construír, no seu caso, un selo ou marca que vincule e potencie os produtos e servizos elaborados ou prestados no territorio. Existe tamén, un amplo espazo de mellora no ámbito da promoción, a través da presenza activa en eventos, o establecemento de premios as mellores prácticas, o deseño de recordos ou "souvenirs" para a súa venda ós visitantes e turistas, entre outras actividades promocionais. O presente programa ten como obxectivo impulsar o atractivo do territorio a través da comunicación e a promoción. Así contéplanse actuacións relacionadas coa planificación integrada da comunicación e promoción, actuacións para potenciar a imaxe territorial e a posibilidade de implantar unha marca para apoiar a comercialización dos produtos e servizos da área. Tamén se inclúen, actuacións para facilitar unha información de maior calidade e de maior accesibilidade, así como actuacións para potenciar as actividades promocionais do territorio. </td> </tr> <tr> <td> XUSTIFICACIÓN E OBJECTIVOS DO PROGRAMA </td> <td> CÓDIGO DOS FACTORES CLAVE MÁIS RELACIONADOS FC03 - FC09 - FC10 - FC11 Equipo de + (Universidade de Vigo) </td> </tr> </table>	PROGRAMA	IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA	P.B. Desenvolvemento da comunicación para unha maior dispoñibilidade e calidade da información sobre os recursos e capacidades dos Parques e as súas áreas de influencia dos ámbitos territoriais dos Parques de Galicia.	XUSTIFICACIÓN E OBJECTIVOS A comunicación e a promoción son factores imprescindibles para poñer en valor os recursos e capacidades existentes no territorio. Unha ferramenta estratéxica para proxectar os Parques e as súas áreas de influencia, é incrementar o seu poder de atracción para fixar poboación, incentivar a inversión empresarial e a xeración de emprego. Así como, a captación dun maior número de visitantes e turistas, e reducir a estacionalidade da demanda. No conxunto dos Parques e as súas áreas de influencia, detectouse unha importante necesidade de incidir no ámbito da comunicación, pola existencia dunha información incompleta e fragmentada con dificultades de acceso por parte dos usuarios, que limita a eficacia e eficiencia do seu impacto. Existe unha opinión xeneralizada por parte dos aforres consultados, da necesidade de integrar e optimizar os esforzos que de feito individualizado se están a levar a cabo, especialmente a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Un dos problemas, que dificulta a comunicación e promoción, é a ausencia dunha imaxe común, con capacidade para transmitir os valores diferenciais do conxunto e de cada un dos Parques e as súas áreas de influencia. Aspecto necesario para construír, no seu caso, un selo ou marca que vincule e potencie os produtos e servizos elaborados ou prestados no territorio. Existe tamén, un amplo espazo de mellora no ámbito da promoción, a través da presenza activa en eventos, o establecemento de premios as mellores prácticas, o deseño de recordos ou "souvenirs" para a súa venda ós visitantes e turistas, entre outras actividades promocionais. O presente programa ten como obxectivo impulsar o atractivo do territorio a través da comunicación e a promoción. Así contéplanse actuacións relacionadas coa planificación integrada da comunicación e promoción, actuacións para potenciar a imaxe territorial e a posibilidade de implantar unha marca para apoiar a comercialización dos produtos e servizos da área. Tamén se inclúen, actuacións para facilitar unha información de maior calidade e de maior accesibilidade, así como actuacións para potenciar as actividades promocionais do territorio.	XUSTIFICACIÓN E OBJECTIVOS DO PROGRAMA	CÓDIGO DOS FACTORES CLAVE MÁIS RELACIONADOS FC03 - FC09 - FC10 - FC11 Equipo de + (Universidade de Vigo)
PROGRAMA	IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA						
P.B. Desenvolvemento da comunicación para unha maior dispoñibilidade e calidade da información sobre os recursos e capacidades dos Parques e as súas áreas de influencia dos ámbitos territoriais dos Parques de Galicia.	XUSTIFICACIÓN E OBJECTIVOS A comunicación e a promoción son factores imprescindibles para poñer en valor os recursos e capacidades existentes no territorio. Unha ferramenta estratéxica para proxectar os Parques e as súas áreas de influencia, é incrementar o seu poder de atracción para fixar poboación, incentivar a inversión empresarial e a xeración de emprego. Así como, a captación dun maior número de visitantes e turistas, e reducir a estacionalidade da demanda. No conxunto dos Parques e as súas áreas de influencia, detectouse unha importante necesidade de incidir no ámbito da comunicación, pola existencia dunha información incompleta e fragmentada con dificultades de acceso por parte dos usuarios, que limita a eficacia e eficiencia do seu impacto. Existe unha opinión xeneralizada por parte dos aforres consultados, da necesidade de integrar e optimizar os esforzos que de feito individualizado se están a levar a cabo, especialmente a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Un dos problemas, que dificulta a comunicación e promoción, é a ausencia dunha imaxe común, con capacidade para transmitir os valores diferenciais do conxunto e de cada un dos Parques e as súas áreas de influencia. Aspecto necesario para construír, no seu caso, un selo ou marca que vincule e potencie os produtos e servizos elaborados ou prestados no territorio. Existe tamén, un amplo espazo de mellora no ámbito da promoción, a través da presenza activa en eventos, o establecemento de premios as mellores prácticas, o deseño de recordos ou "souvenirs" para a súa venda ós visitantes e turistas, entre outras actividades promocionais. O presente programa ten como obxectivo impulsar o atractivo do territorio a través da comunicación e a promoción. Así contéplanse actuacións relacionadas coa planificación integrada da comunicación e promoción, actuacións para potenciar a imaxe territorial e a posibilidade de implantar unha marca para apoiar a comercialización dos produtos e servizos da área. Tamén se inclúen, actuacións para facilitar unha información de maior calidade e de maior accesibilidade, así como actuacións para potenciar as actividades promocionais do territorio.						
XUSTIFICACIÓN E OBJECTIVOS DO PROGRAMA	CÓDIGO DOS FACTORES CLAVE MÁIS RELACIONADOS FC03 - FC09 - FC10 - FC11 Equipo de + (Universidade de Vigo)						

Fonte: Elaboración propia

A continuación inclúense as 8 fichas dos Programas de Actuación para a optimización socioeconómica das áreas de influencia dos Parques Naturais de Galicia.

5.2.1.- E.1. Valorización dos recursos naturais e culturais para a potenciación da identidade territorial.

EIXE ESTRATÉGICO	PROGRAMAS
E.1. VALORIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS PARA A POTENCIACIÓN DA IDENTIDADE TERRITORIAL	P.1. Desenvolvemento da investigación e a sensibilización para un maior coñecemento sobre os recursos naturais e culturais do territorio.
	P.2. Dinamización da participación e cooperación para a posta en valor do patrimonio natural e cultural.

EIXE ESTRATÉGICO 1**VALORIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS PARA A
POTENCIACIÓN DA IDENTIDADE TERRITORIAL**

PROGRAMA	P.1. Desenvolvemento da investigación e a sensibilización para un maior coñecemento sobre os recursos naturais e culturais do territorio.
<u>XUSTIFICACIÓN E OBECTIVOS</u> O coñecemento dos recursos e capacidades do territorio é unha fonte de información fundamental para a toma de decisións dos axentes públicos e privados que interveñen no desenvolvemento territorial. É tamén, a base para conformar e transmitir unha identidade territorial diferenciada con capacidade para transformar as áreas de influencia dos Parques de Galicia en espazos atractivos para vivir, para producir e para disfrutar. No proceso de elaboración do presente Plan Director, detectáronse importantes necesidades no campo da investigación orientada a un maior coñecemento dos recursos naturais existentes nos Parques e nas súas áreas de influencia. De tal xeito, que se facilitase a constante avaliación destes recursos para optimizar as intervencións que preserven a integridade e diversidade dos ecosistemas, que constitúen uns dos activos diferenciadores destes territorios. Do mesmo xeito, existen necesidades dun maior coñecemento do patrimonio cultural, tanto material como inmaterial, que permita un adecuado aproveitamento e, no seu caso, a súa recuperación para sustentar unha identidade territorial diferenciada. Así, un maior coñecemento da historia, as tradicións, os oficios, o folclore, a gastronomía, entre outros aspectos, son un requisito básico para un desenvolvemento sostible. É relevante, tamén que a poboación local coñeza en maior medida a riqueza patrimonial existente no territorio e se sinta identificada cos valores que estes representan. En xeral, é fundamental incidir nunha maior sensibilización sobre o respecto polo medio, especialmente entre a xente mais nova. Existe unha opinión xeneralizada entre os axentes consultados, dunha falta de información sobre o territorio, que de xeito integrado faciliten a toma de decisións. En función das necesidades detectadas o obxectivo deste Programa é incrementar o coñecemento dos recursos presentes e potenciais e a súa divulgación para a súa posterior posta en valor, convertendo as áreas de influencia en espazos de innovación socioeconómica. As actuacións que se propoñen, xiran en torno á investigación e estudo dos recursos naturais e culturais existentes no territorio, e o desenvolvemento de sistemas de información que faciliten a toma de decisións. Inclúense tamén, actuacións orientadas á educación e sensibilización sobre o patrimonio existente e os valores que estes representan.	
FACTORES CLAVE MÁIS RELACIONADOS	FCP6 – FCS2 – FCS4 – FCD6 – FCD7

EIXE 1	E.1. Valorización dos recursos naturais e culturais para a potenciación da identidade territorial
PROGRAMA	P.1. DESENVOLVEMENTO DA INVESTIGACIÓN E A SENSIBILIZACIÓN PARA UN MAIOR COÑECEMENTO SOBRE OS RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS DO TERRITORIO.
P.1.1.	Impulsar a xestión do Patrimonio Natural e a biodiversidade de cara ó seu mantemento nun estado favorable de conservación , de tal xeito que sirva de base ó impulso do desenvolvemento sostible nas áreas de influencia dos Parques de Galicia.
P.1.2.	Profundar na investigación sobre os recursos naturais existentes nos Parques de Galicia , cuxos resultados permitan a través dun sistema rigoroso de indicadores , un seguimento e avaliación, que facilite a toma de decisións e a xestión adaptativa na protección e conservación destes espazos estratéxicos, para o desenvolvemento das súas respectivas áreas de influencia.
P.1.3.	Impulsar a realización de investigacións sobre os recursos naturais existentes nas áreas de influencia dos parques , que faciliten a identificación e o coñecemento do estado de situación dos mesmos, permitindo a súa recuperación, mantemento e posta en valor.
P.1.4.	Fomentar a realización de estudos e investigacións sobre o patrimonio cultural, material e inmaterial , existente no territorio que faciliten a identificación, recuperación, e potenciación dos factores diferenciais da identidade cultural e fomentar o atractivo territorial .
P.1.5.	Incentivar a realización de proxectos de investigación sobre o desenvolvemento socioeconómico sostible das áreas de influencia dos Parques. Especial referencia á realización de estudos sobre o impacto dos Parques nas súas respectivas áreas de influencia .
P.1.6.	Identificar e profundar no coñecemento das mellores prácticas de desenvolvemento sostible nas áreas de influencia dos Parques , tanto de Galicia como doutras Comunidades Autónomas, facilitando o intercambio de información e o aprendizaxe, coa finalidade de potenciar a realización de proxectos con maior impacto socioeconómico.
P.1.7.	Desenvolver un sistema de información integrado dos Parques e as súas áreas de influencia que constitúa unha clara referencia para orientar as actuacións de todos os axentes, públicos e privados, relacionados co territorio e o seu desenvolvemento sostible, no que se recollan as principais variables relacionadas coa situación actual e a evolución do medio, o patrimonio natural e cultural e a realidade socioeconómica, entre outros aspectos.
P.1.8.	Potenciar as relacións interxeracionais e facilitar a recuperación das tradicións e oficios , en risco de perda, e que conforman aspectos fundamentais da identidade dos diferentes territorios, propiciando o intercambio de coñecemento .
P.1.9.	Sensibilizar á poboación local sobre o patrimonio natural e cultural existente (Parque e área de influencia) , que facilite a todos os axentes presentes no territorio incrementar o seu sentido de pertenza, interiorizar os valores diferenciais da identidade territorial, e lles permita converterse en axentes proactivos na súa posta en valor.
P.1.10.	Impulsar a realización de actividades de educación ambiental orientadas a incrementar o coñecemento e sensibilización, especialmente da poboación local , sobre a importancia dos valores naturais e ambientais para o desenvolvemento sostible do territorio (biodiversidade ou cambio climático entre outros valores).
P.1.11.	Potenciar o desenvolvemento de programas específicos de educación orientados xuventude , a través de actividades lúdico-formativas, que fomenten o respecto polo medio e incrementen o coñecemento sobre os Parques de Galicia .

EIXE ESTRATÉGICO 1**VALORIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS PARA A
POTENCIACIÓN DA IDENTIDADE TERRITORIAL**

PROGRAMA	P.2. Dinamización da participación e cooperación para a posta en valor do patrimonio natural e cultural.
<u>XUSTIFICACIÓN E OBECTIVOS</u> Un dos piares do desenvolvemento sostible é a xeración de dinámicas de participación de todos os axentes presentes no territorio, a través do impulso ó movemento asociativo e o artellamento de estruturas de coordinación territorial que faciliten a concertación e integración de iniciativas de interese común. Así mesmo, é relevante a cooperación con todos aqueles axentes ou institucións públicas e privadas, que poden contribuír a acadar os obxectivos de desenvolvemento, e para os cales, os medios humanos e materiais específicos no territorio non son suficientes. No propio proceso de participación levado a cabo (entrevistas, mesas e paneis de expertos), os axentes consultados manifestaron a existencia de un déficit en canto á participación e coordinación dos axentes locais públicos e privados, especialmente no tocante á recuperación do patrimonio natural e cultural. Para a consolidación dunha identidade territorial diferenciada que favoreza o sentido de pertenza, a cohesión e a fixación da poboación no territorio. Tamén, se salientou a necesidade de incidir nunha maior interrelación do Parque cos diferentes axentes das súas respectivas áreas de influencia (Concellos, propietarios, asociacións, entre outros) para impulsar proxectos que propicien un maior desenvolvemento socioeconómico da súa área de influencia, especialmente naqueles aspectos relacionados coa natureza e o medio ambiente. Así mesmo, manifestouse a necesidade de incidir na cooperación cos centro de ensino (universidades, ensino primario e secundario) para potenciar o interese da xente mais nova, cara á investigación e ó desenvolvemento de competencias profesionais ligadas ó desenvolvemento sostible en xeral, e ós recursos naturais e culturais, en particular. Por todo elo, este Programa, cuxo obxectivo é potenciar a cooperación e a participación, recolle en primeiro lugar actuacións que inciden no impulso do movemento asociativo, e no establecemento de canles de participación e coordinación dos diferentes axentes presentes no territorio; e en segundo lugar, propóñense actuacións relacionadas coa cooperación dos Parque cos axentes locais. Por último, inclúense propostas para potenciar a cooperación coa Universidade e a Formación Profesional, especialmente.	
FACTORES CLAVE MÁIS RELACIONADOS	FCS1 – FCS2 – FCS3 – FCS4 – FCS5 – FCS7 – FCD4 – FCD5 – FCD6

EIXE 1	E.1. Valorización dos recursos naturais e culturais para a potenciación da identidade territorial
PROGRAMA	P.2. DINAMIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN E COOPERACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL.
P.2.1.	Fomentar a participación activa da poboación local no desenvolvemento sostible do territorio , a través do impulso e apoio ó movemento asociativo fundamentalmente relacionado cos recursos naturais e culturais (asociacións de propietarios, de recuperación do patrimonio, asociacións musicais, de defensa da natureza, gastronómicas, deportivas, entre outras).
P.2.2.	Impulsar a cooperación entre os concellos que conforman as áreas de influencia dos Parques de Galicia para a realización conxuntade de actuacións que permitan a optimización dos recursos, faciliten a realización de proxectos integrados para o desenvolvemento sostible, e posibiliten a relación do conxunto da área de influencia con outras organizacións públicas ou privadas con capacidade de incidir no territorio.
P.2.3.	Promover o desenvolvemento de redes de coordinación entre as asociacións con presenza no territorio (federacións ou outras figuras de cooperación) que faciliten o intercambio de experiencias, a realización de proxectos conxuntos relacionados coa recuperación, mantemento e divulgación do patrimonio natural e cultural, e a representación do movemento asociativo ante outras entidades ou organizacións públicas ou privadas (Parques, Concellos, Administración, Fundación, entre outras).
P.2.4.	Impulsar nas áreas de influencia dos Parques de Galicia o desenvolvemento de redes de apoio conxuntas para información, asesoramento e tramitación de proxectos de desenvolvemento , especialmente a través dos recursos fundamentalmente públicos existentes (concellos, Parques, axentes e grupos de desenvolvemento rural, grupos de acción costeira, por exemplo).
P.2.5.	Potenciar a cooperación dos Parques de Galicia cos propietarios , como un espazo de diálogo e coñecemento mutuo, e instrumento para acadar unha maior implicación e participación destes axentes no desenvolvemento dos Parques e as súas áreas de influencia.
P.2.6.	Promover a cooperación dos Parques de Galicia cos diferentes axentes presentes no territorio, especialmente cos relacionados co medio natural , para promover actuacións conxuntas orientadas fundamentalmente a dar a coñecer os recursos e actividades existentes nos propios Parques e fomentar a realización de accións de educación e formación para a sensibilización da poboación local nos valores de protección e conservación do medio.
P.2.7.	Fomentar a cooperación entre os Parques, Universidades e outras entidades de I+D+i , para coordinar o desenvolvemento de proxectos de investigación sobre os recursos naturais e culturais, e o desenvolvemento sostible relacionado cos Parques e as súas áreas de influencia. Importancia do apoio a becas e a realización de proxectos fin de grao e postgrao, e teses doutorais relacionados con estes ámbitos.
P.2.8.	Promover a cooperación con centros de Ensino Secundario e, máis especificamente cos Ciclos de Formación Profesional en xeral, e os relacionados co medio natural en particular para dar a coñecer os valores naturais e culturais dos territorios, e fomentar a especialización das xeracións mais novas en profesións vinculadas ó desenvolvemento sostible.
P.2.9.	Impulsar a cooperación cos centros de ensino primario e secundario para a realización de actividades conxuntas de sensibilización dos estudantes sobre os valores ambientais, e o coñecemento do patrimonio natural e cultural relacionado cos Parques e as súas áreas de influencia.
P.2.10.	Establecer cauces de cooperación formais con outras Comunidades Autónomas e países a nivel internacional (Norte de Portugal, a Unión Europea ou Iberoamérica entre outros), que favorezan o intercambio de experiencias e de información (irmandamento con outros Parques, programas de intercambio, publicacións conxuntas...).

5.2.2.- E.2. Emprendemento e innovación empresarial para a xeración de emprego e un desenvolvemento sostible.

EIXE ESTRATÉGICO	PROGRAMAS
E.2. EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL PARA A XERACIÓN DE EMPREGO E UN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	P.3. Impulso ó emprendemento e á formación para a diversificación competitiva das actividades empresariais e a xeración de emprego.
	P.4. Innovación e modernización para o desenvolvemento das actividades empresariais de produción e transformación e a xeración de máis valor engadido no territorio.
	P.5. Potenciación do turismo, o comercio e actividades relacionadas, para a valorización dos produtos e os recursos do territorio.

EIXE ESTRATÉGICO 2**EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL PARA A XERACIÓN DE EMPREGO E UN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE****PROGRAMA****P.3. Impulso ó emprendemento e á formación para a diversificación competitiva das actividades empresariais e a xeración de emprego.****XUSTIFICACIÓN E OBOECTIVOS**

O emprendemento e a formación son aspectos básicos para acadar a diversificación e a competitividade das actividades empresariais que garantan, baixo criterios de sostibilidade, a xeración de riqueza e de emprego no territorio.

Nas fases de análise e diagnóstico deste Plan Director detectouse, especialmente nos municipios e as áreas de influencia dos Parques do interior, unha perda importante da actividade e de novas iniciativas empresariais, que inciden negativamente nas posibilidades de emprego; así como, no atractivo do territorio para fixar ou atraer nova poboación, sobre todo entre a xente mais nova.

En opinión dos axentes consultados, non existe en xeral unha suficiente posta en valor dos recursos naturais e culturais existentes nas diferentes áreas de influencia, pese a que estas posúen un importante potencial para innovar nas actividades empresariais existentes ou para xerar novas empresas relacionadas cos Parques e outros recursos da área.

Así mesmo, existe un insuficiente coñecemento das oportunidades de negocio e nichos de emprego concretos existentes nas áreas de influencia, que facilite a súa divulgación e sexa un factor de atracción, ben para desenvolver novo emprendemento, ben para orientar as actividades de formación a perfiles con demanda real ou potencial, como pode ser o chamado “emprego verde”. Existen tamén, importantes necesidades de formación orientadas á innovación e á mellora da competitividade das empresas, que, pola xeneralizada pequena dimensión, teñen importantes limitacións de recursos e capacidades.

En resposta a estas necesidades detectadas, o presente Programa ten por obxectivo potenciar o emprendemento e a formación para o emprego. As actuacións incluídas neste programa oriéntanse: á detección de novas oportunidades de negocio e nichos de emprego, ó apoio o emprendemento e á sensibilización cara á calidade e o respecto ó medio ambiente, ó aproveitamento das novas tecnoloxías da información ou a biotecnoloxía, especialmente para o tratamento de residuos.

**FACTORES CLAVE
MÁIS
RELACIONADOS****FCE1 – FCE2 – FCE3 – FCE4 -- FCE9 – FCE10 – FCD9 - FCD11.**

EIXE 2	E.2. Emprendemento e innovación empresarial para a xeración de emprego e un desenvolvemento sostible
PROGRAMA	P.3. IMPULSO Ó EMPRENDEMENTO E Á FORMACIÓN PARA A DIVERSIFICACIÓN COMPETITIVA DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS E A XERACIÓN DE EMPREGO.
P.3.1.	Fomentar e apoiar a cooperación e o asociacionismo empresarial das áreas de influencia , cara o desenvolvemento de proxectos de interese común, orientados fundamentalmente á mellora competitiva do sistema empresarial e ó desenvolvemento sostible da área.
P.3.2.	Identificar e divulgar novas oportunidades de negocio nas área de influencia dos Parques de Galicia que orienten o novo emprendemento e detecten novos nichos de emprego, dende unha perspectiva de innovación e desenvolvemento sostible.
P.3.3.	Potenciar unha maior cultura de innovación e emprendemento a través da formación e a divulgación de casos de éxito noutros territorios. Importancia da sensibilización da xeración máis nova cara a creación de empresas e o autoemprego.
P.3.4.	Impulsar nas áreas de influencia a prestación de servizos de apoio ó emprendemento (xeración da idea, creación e consolidación) que incremente o atractivo do territorio para a implantación de novas iniciativas empresariais. Relevancia da cooperación coas entidades de desenvolvemento local presentes no territorio, e con outros axentes de apoio (BIC-Galicia, entidades financeiras e de capital risco, entre outras).
P.3.5.	Apoiar os novos emprendementos a través da creación de viveiros de empresas que faciliten a implantación de iniciativas empresariais e fagan atractivo o territorio ós novos emprendedores.
P.3.6.	Fomentar o cooperativismo para o emprendemento ou como fórmula para acadar unha maior dimensión nas explotacións e empresas do territorio e incrementar os seus recursos e capacidades que faciliten a súa viabilidade no mercado.
P.3.7.	Identificar as necesidades actuais e potenciais de emprego no territorio e implantar actividades de formación práctica , orientadas a proporcionar a capacitación necesaria para acceder a postos de traballo derivados deses novos nichos de emprego, especialmente aqueles relacionados co chamado emprego verde (enerxías renovables, agricultura e gandería ecolóxica e xestión e tratamento de residuos, entre outros).
P.3.8.	Desenvolvemento de actividades de formación e de acompañamento (titores e mentores), fundamentalmente orientadas ás pequenas e micro empresas das áreas de influencia, que faciliten o desenvolvemento dos seus propios modelos de negocio (clientes, canles, recursos, actividades clave, ingresos e custes), para mellorar a súa competitividade e a creación de valor.
P.3.9.	Apoiar a innovación e a información empresarial a través do uso xeneralizado das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) que permita incrementar as capacidades de información, mellora dos produtos e procesos, e a innovación comercial (comercio electrónico, por exemplo).
P.3.10.	Difundir o coñecemento e aplicación da biotecnoloxía para incorporar innovacións no eido da produción, transformación e comercialización que favorezan a competitividade empresarial. Especial referencia ás aplicacións biotecnolóxicas para o tratamento de residuos e subprodutos.
P.3.11.	Potenciar, especialmente entre as pequenas e microempresas, unha maior cultura de calidade e de sensibilización de cara ó medio ambiente , que incremente a súa capacidade competitiva e contribución ó desenvolvemento sostible da área de influencia.

EIXE ESTRATÉGICO 2

EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL PARA A XERACIÓN DE EMPREGO E UN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

PROGRAMA	P.4. Innovación e modernización para o desenvolvemento das actividades empresariais de produción e transformación e a xeración de máis valor engadido no territorio.
<u>XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS</u> A elevada intensidade competitiva existente nos mercados e os cambios permanentes nas tendencias dos consumidores, fan da innovación e da mellora continua unha necesidade para a competitividade das empresas. Especialmente nos casos nos que as estratexias de diferenciación de produtos e servizos se converte nun requisito básico para o desenvolvemento dos sistemas empresariais, tal e como ocorre nas áreas de influencia dos Parques de Galicia. O abandono e a falta de rendibilidade das producións e transformacións tradicionais, especialmente nos municipios e áreas do interior, teñen consecuencias non só nunha menor xeración de riqueza e emprego, senón tamén nunha perda de diversidade dos ecosistemas e de integridade medioambiental. Aspectos fundamentais para garantir o desenvolvemento sostible das áreas de influencia. Os axentes consultados puxeron de manifesto a existencia dun amplo potencial para o desenvolvemento empresarial no ámbito agrogandeiro, forestal-madeira, e dos produtos do mar. Potencial derivado da existencia de importantes recursos endóxeos no territorio, e da existencia dunha demanda e nichos de mercado cunha forte orientación á calidade e ó respecto ó medio; así como, a consumir produtos ou servizos vinculados coa natureza, a saúde e o benestar. Especificamente incidiuse na importancia da produción e comercialización de produtos ecolóxicos. Tamén, se salientou a existencia dunhas estruturas empresariais na maior parte das áreas de influencia, conformada por micro e pequenas empresas, con fortes limitacións de recursos e capacidades para incrementar o valor engadido e a comercialización dos seus produtos. En base ás necesidades detectadas e ós factores considerados clave para o desenvolvemento das áreas de influencia, por parte dos axentes, este Programa ten por obxectivo consolidar unha actividade empresarial enraizada no territorio que constitúa a base do seu desenvolvemento sostible, a través da recuperación, a modernización e a innovación da actividade produtiva ligada ós recursos endóxeos do territorio. Deste xeito, as actuacións céntranse na recuperación e desenvolvemento das actividades de produción e transformación vinculadas ós recursos naturais existentes nas áreas, así como na mellora dos procesos internos en xeral, e dos orientados á calidade e medio ambiente, en particular. Inclúense tamén, actuacións orientadas a incrementar o atractivo dos produtos para os consumidores, a través das Denominacións de Orixe ou de procedencia, e o establecemento de canles de comercialización especializados nestes produtos.	
FACTORES CLAVE MÁIS RELACIONADOS	FCP5 – FCS6 – FCE6 – FCE7 – FCE8 – FCE9 – FCD8

EIXE 2	E.2. Emprendemento e innovación empresarial para a xeración de emprego e un desenvolvemento sostible
PROGRAMA	P.4. INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DE PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN E A XERACIÓN DE MÁIS VALOR ENGADIDO NO TERRITORIO.
P.4.1.	Fomentar o desenvolvemento de actividades de producións agrogandeiras, ou a súa recuperación no seu caso , de acordo coas potencialidades de cada territorio, cunha forte orientación á calidade e baseadas en aspectos diferenciais como poden ser as variedades agrarias ou razas autóctonas en xeral, ou as producións ecolóxicas en particular.
P.4.2.	Potenciar os aproveitamentos forestais favorecendo especialmente a recuperación de especies arbóreas e ecosistemas tradicionais que faciliten tanto a modernización da actividade vinculada á madeira como a outros aproveitamentos forestais (castañas, cogomelos, froitos silvestres, plantas medicinais, mel, entre outros). Especial relevancia das comunidades de montes na potenciación destas actividades empresarias
P.4.3.	Impulsar as actividades empresariais relacionadas cos produtos do mar (pesca de baixura ou litoral, marisqueo, acuicultura, algas) que optimicen os recursos existentes no territorio cuns criterios estritos de sostibilidade dos ecosistemas mariños . Importancia da loita contra o furtivismo polas súas consecuencias de alteración do mercado e de risco de sobreexplotación, entre outros aspectos.
P.4.4.	Favorecer o desenvolvemento e a modernización das actividades de primeiras e segundas transformación das produción da área (agrogandeirías, forestais e derivadas do mar) para incrementar o valor engadido dos produtos, e xerar maior renda ós produtores, riqueza e emprego no territorio (conservas, precociñados, embutidos, carpintería e mobiliario, entre outros..).
P.4.5.	Valorizar os produtos da área a través do aproveitamento das denominacións de orixen (viño, queixos.) ou de procedencia, selos de calidade (Galicia Calidade) o outros atributos vinculados a ecoloxía e ó medio ambiente (agricultura ecolóxica, Reserva da Biosfera, FSC e PEFC). Relevancia de desenvolvemento dunha marca de procedencia vinculada os Parques de Galicia.
P.4.6.	Incentivar nas actividades empresariais das áreas de influencia a mellora dos procesos produtivos para a redución de custos, diferenciación de produtos e a incorporación progresiva de criterios esixibles para acadar os certificacións de calidade e medioambientais .
P.4.7.	Potenciar a valorización de residuos e subprodutos derivados da actividades produtivas para desenvolver novas actividades a través da biotecnoloxía (biocompostaxe, cosmética, novos materiais, entre outros).
